

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural




Núm. 21 [2018] • ISSN 1139-921X





# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 21 (2018)

2018

Fundación Cultural da Estrada  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

[miscelanea.aestrada.com](http://miscelanea.aestrada.com)

## **Director**

Juan Andrés Fernández Castro

## **Coordinador editorial**

Juan L. Blanco Valdés

## **Consello Consultivo**

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel Cabada Castro | Francisco Díaz-Fierros Viqueira | Víctor F. Freixanes | Xosé Manuel Núñez Seixas | Vicente Peña Saavedra | Augusto Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2018

## **Edición**

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

[www.museo.aestrada.com](http://www.museo.aestrada.com)

[www.miscelanea.aestrada.com](http://www.miscelanea.aestrada.com)

## **Tradución de abstracts**

Alexia Estraviz Loureiro

[alexiaestraviz@gmail.com](mailto:alexiaestraviz@gmail.com)

## **Ilustración de cuberta**

Petróglifo de Chan de Lamas.

Fotografía: Colectivo A Rula

## **Deseño de maqueta e maquetación**

Rosa Costas Román

## **Impresión**

Máis Deseño Silleda S.L.

[www.omeulibro.com](http://www.omeulibro.com)

Dep. Legal: PO 188-2016

# Índice

- 7 | Sarita, María e a súa augamariña  
*Eva M<sup>a</sup> García García*
- 21 | Infancias  
*Manuel Pereira Valcárcel*
- 31 | Os caseiros: unha clase social extinta no rural galego  
*Xoán Carlos García Porral*
- 57 | Casal de Vilancosta ou dos Valladares  
*José Manuel Bértolo Ballesteros*
- 81 | Manuel Porto Verdura  
*Luís Manuel Ferro Pego*
- 95 | Vías romanas XX y XIX  
*César M. González Crespán*
- 127 | Catálogo fotográfico dos muíños da parroquia de Santo André da Somoza  
*Toño Barbeito Sanmartín*
- 149 | Un ribeirense na Corte dos Austrias  
*Damián Porto Rico*
- 181 | Novos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre no concello da Estrada  
*Jorge Fernández Guerra*
- 219 | Pazo do Outeiro de Maíndo  
*José Manuel Bértolo Ballesteros e Luís Manuel Ferro Pego*
- 265 | A música nas festas no Val do Ulla de 1850 a 1900: visións desde a prensa  
*Henrique Neira Pereira*

- 287 | O arquivo de música da família Valladares. A guitarra  
*Isabel Rei-Samartim*
- 311 | A Estrada nos séculos XIII-XVI. Fontes para o estudo da  
economía e a sociedade  
*Javier García Gómez*
- 335 | Concelleiros na Guerra Civil 1936-1939  
*Gisèle Maïssa Rodrigo*
- 359 | NECROLÓXICA. Luis Ballesteros, o fotógrafo de Vilanova  
(1916-2018)  
*Henrique Neira Pereira*



# Sarita, María e a súa augamariña

Eva M<sup>a</sup> García García  
egargar1@gmail.com

**Resumo.** O relato céntrase nun episodio acontecido na Estrada nas primeiras semanas da Guerra Civil e do que aínda se fala hoxe: a Sarita Caramés Quinteiro rápanlle os cabelos como represalia por non desvelar o paradiro de seu pai. María Varela Agrelo recolle as súas longas guedellas para prendelas nun casquete que Sarita luciría ao día seguinte para sorpresa de moitos. Eu son neta de María. Ela contoume a historia da augamariña e a relación que mantiveran as nosas familias. Agradezo o testemuño de Guillermo Villoria Caramés, primoxénito de Sarita.

**Abstract.** The story is based on an event happened during the first weeks of the Civil War in A Estrada and it is still discussed nowadays: Sarita Caramés Quinteiro's hair is shaved in retaliation for not revealing his father's whereabouts. To many people's surprise, María Varela Agrelo cuts her long hair to attach it to a skullcap, which Sarita would wear the next day. I am María's granddaughter. She told me the story about the aquamarine and the relationship our families had. I am grateful to Guillermo Villoria Caramés, Sarita's firstborn, for his statement.

Aínda me parece que estou vendo a miña avoa do outro lado da ventá que se abría entre a cocíña e o comedor. Eu, sentada recortando vestidos das “mariquitas” sobre a mesa; ela, rematando de fregar a louza da comida; e miña nai, chegando de facer algún recado e pedíndolle por “enésima” vez que sacase o anel para fregar xa que ía acabar coa augamariña.

Para María o anel estaba ben onde estaba, no anular da súa man esquerda, e non o sacou ata que sentiu cerca a morte.

Comprender o porqué é duro de contar... como moito do acontecido naquel verán de 1936 na Estrada, despois do 18 de xullo.



Anel coa augamariña que compartiron Sarita e María..



Compañeiros de colexio, Sarita e Mario Blanco Fuentes. A foto está sacada na actual Praza da Farola. O edificio que vemos de fondo foi a administración da empresa *La Estradense*. Arquivo fotográfico do Museo Manuel Reimóndez Portela.

Os avós –María Varela Agrelo, de profesión peiteadora, e Juan García Briones, linotipista– vivían nunha das casas xemelgas que Ramón Quinteiro e José Caramés, casado con Florinda Quinteiro, construíran na Avenida de Fernando Conde. Indo da Porta do Sol ás Colonias, polo primeiro portal, o 42, subías á casa dos meus avós e polo seguinte, o 44, entrabas na casa de Caramés.

**Agrupación «Artística Estradense»**  
MÚSICA Y DECLAMACIÓN  
LA ESTRADA

**GRAN VELADA DECLAMATORIO-MUSICAL**  
A BENEFICIO DE LAS FIESTAS PATRONALES DE ESTA VILLA  
EN EL SALON NOVEDADES

Se celebrará el día 16 de Junio, a las 9 y media de la noche, con arreglo al siguiente programa:

El Cuadro de Declamación que dirige el inteligente y culto Catedrático del Instituto, D. Antonio Fraguas, pondrá en escena la graciosísima Comedia en tres actos, original y en prosa de Luis Manzano Mancebo, titulada:

**«TU Y YO, SOLOS»**

con el siguiente Reparto:

MARAVILLAS, Sarita Riobó; ROSARIO, Lolita Sánchez; SEBASTIANA, Sarita Caramés; MERCEDES, Isaura Calvo; ROSITA, Raimonita Soto; TOMASA, Encarnación Riobó; TANA, Paquita Soto; MILAGROS, Sinda Castro; PACIANO, Avelino Durán; RAFAEL, José Sueiro; D. AMÓS, Antonio Cela; CHAPARRO y RAMÍREZ, Gonzalo Varela; FELIPE y LOSA, Ramiro Sueiro; ANDRÉS y SEBAS, José Sanmartín.

Obra de teatro no Salón Novedades da Estrada. Xentileza de Xoán Carlos Garrido.

Este era marmolista e galeguista. O matrimonio Caramés Quinteiro tiña dous fillos, Sarita e Manolo. Ela, a maior, estudaba no recién estreado Colegio Subvencionado de Segunda Enseñanza de La Estrada, como consta nos listados publicados na Miscelánea<sup>1</sup>:

“Caramés Quinteiro, Sara La Estrada-Riobó F.N. 02/03/19”

Sarita, ademais de ser unha muller belísima a dicir de todos os que a coñeceron, participaba da vida cultural e política da vila. Pertencía ao grupo de música e declamación.

Do cartel cómpre sinalar a Sarita Caramés no papel de Sebastiana e a Gonzalo Varela (irmán de María) con dobre papel de Chaparro e Ramírez.

En canto á implicación política, é coñecido que Sarita abandonou na Estrada a manifestación na defensa do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936 a carón do seu profesor Antón Fraguas.

<sup>1</sup> A Estrada. *Miscelánea histórica e cultural*, vol. 12, páx. 123 (“La enseñanza media en A Estrada (1933-1938) a partir de una fuente inédita” por Margarita Figueiras Nodar. Vol. 12 (2009).

Os cambios que se produciron na segunda quincena do mes de xullo de 1936 quedan perfectamente reflectidos no Libro de Actas do Pleno do Concello da Estrada de 1936.

Segundo consta en dito Libro, en *Sesión supletoria del 14 de Julio de 1936... se lee comunicación del Comité Central de Autonomía de Galicia, encargando la asistencia de todos los Alcaldes de Municipios Gallegos, cualquiera que sea su ideología política, a la entrega al Presidente de las Cortes del proyecto de Estatuto de Galicia. Y la Corporación por unanimidad, acuerda que al terminar esta sesión salga para Madrid el Alcalde Presidente D. Jesús Puente Fontanes...*

No mesmo libro, días despois, reflíctese que en *Sesión ordinaria del 26 de Julio de 1936, y sucesivas. No se han celebrado la sesión ordinaria correspondiente al 26 de julio, porque detenidos y en ignorado paradero la mayoría de los componentes de la Comisión Gestora, por virtud del movimiento militar iniciado para la Salvación de España, se ha recibido en dicho día 26 oficio designando Delegado para encargarse de la Administración municipal...*

A José Caramés, pai de Sarita, fórono buscar membros da Garda Civil, pero quixo a providencia que primeiro entraran no portal equivocado. Chamaron no primeiro piso do número 42 e saíu á porta meu avó, Juan. Tras responderlles que alí non vivía a persoa pola que preguntaban, correu ao comedor que daba á parte de atrás da casa pillando polo camiño a vasoira. Co pau golpeou a fiestra dos veciños apremiando a José, pai de Sarita, para que fuxise. Así o fixo. Saíu pola porta de atrás cara ás hortas; de aí fuxiu a Vigo e logo embarcou camiño de América.

Así sucederon os feitos. Así o contaba María e así o relataban Caramés, a súa dona e a súa filla, Sarita, do outro lado do océano, e así o recorda seu fillo maior, Guillermo Villoria Caramés: *El abuelo se fue a Vigo cuando escapó y se quedó en casa de unos grandes amigos, los Painos, hasta que pudo irse en barco a Cuba. Como yo era el nieto mayor con mucha relación con mis abuelos, ellos hablaban, sin prestarle atención a un niño, un error frecuente porque oímos mucho y nos queda grabado. Sentía que mi abuela estaba muy amargada por la guerra y el tiempo que pasaron solas, a diferencia del abuelo, que daba la idea de resignación. También escuché algunos detalles no muy edificantes*



A porta de atrás da casa dos Caramés, anos máis tarde dos feitos relatados.

*como los paseos y que la Falange fue a la casa a reclamar cosas de valor para cooperar con el movimiento. Según mi mamá, mi abuela Florinda tuvo a alguien escondido en el fayado hasta que lo pudieron sacar para escaparse a Portugal.*

Efectivamente, despois de escapar José Caramés, na casa recibiron requerimento de presentarse no cuartel da Garda Civil para informar do seu paradiro. Alá foi Sarita, acompañada de María, que non a deixou ir soa.



Sarita Caramés Quinteiro.

Así o relataba a propia Sarita, como testemuña o seu fillo. Este recorda que tamén o comentaban no seo da familia e que era sabido tamén por amigos e ata por descoñecidos: *incluso en un viaxe del Coro Estradense a la Hermandad Gallega a Caracas le hicieron una entrevista que fue publicada en el periódico del club. No dijo nada que no se supiera, no hubo muchos detalles. Sí la valentía y el comentario de tu abuela María de acompañarla a la comisaría de la Falange.*

Por máis que gardas ou falanxistas alí presentes insistisen ou ameazasen, Sarita mantivo a súa declaración de descoñecer o paradiro de seu pai. En represalia, chamaron ao barbeiro da praza para que lle afeitase a cabeza.



María Varela Agrelo.

Ao tempo que o barbeiro, persoáronse no cuartel o párroco don Nicolás e o secretario do Concello, don Antonio Reino. Dáse a circunstancia de que este é o mesmo que firma as actas das sesión plenarias municipais anteriores e posteriores ao alzamento, ás que aludín con anterioridade.

María –veciña, amiga e peiteadora– xa estaba alí. Sarita choraba, o barbeiro rapaba pedíndolle perdón e María, mentres recollía as



Alejandro, Florinda, Sarita e Guillermo.

guedellas de rizos que caían, miraba cara ó Cristo crucificado que presidía a estancia dicindo: *e para ver isto téñente aí!*

María non correu a mesma sorte por estar Antonio Reino alí, persoa influínte e amigo dos irmáns Varela Agrelo.


Rematada a canallada, Sarita con pano na cabeza e María coas súas guedellas recollidas noutro percorreron o camiño do cuartel ás súas casas. E non ían soas.

Dese xeito o relata o fillo da represaliada, recordando o que a el lle contaron: *al conocerse la noticia algunas amigas fueron a la casa o comisaría con pañoletas y un sombrero de ala ancha y luego todas salieron agarradas del brazo por el medio de la calle principal a su casa en Fernando Conde.*

Toda a noite María pasouna chea de rabia prendendo as guedellas de Sarita a un casquete para que esta saíse ó día seguinte á rúa para asombro de moitos co seu cabelo na cabeza.

*Lo de la peluca, estoy casi seguro que una vez lo mencionó diciendo que gracias a que María era peluquera se la pudo hacer. Después que falleció encontré una peluca que todavía tengo, con un pelo todavía muy bonito, de color caoba que pensé en ese momento si esa no sería esa peluca,* sinala seu fillo Guillermo.

Sarita –precisamente por ser una moza fermosa, estudante e activa na vida social– chamaba a atención e era pretendida por moitos



mosos da vila. Entre eles había algún falanxista non correspondido que aproveitou as circunstancias para a vinganza persoal, para afeala e humillala. A beleza mantívose grazas á fortaleza destas dúas mulleres, que camiñaron por enriba da maldade.

José Caramés reiniciou a súa vida en Caracas, a onde viaxaron en marzo de 1941 no trasatlántico *Marqués de Comillas* a súa muller e os seus fillos. Así, Sarita non chegou a ser a madriña da filla pequena de María, que é miña nai. Pero non deixou de levar entre as súas pertenzas a fotografía de Gonzalo Varela Agrelo e o anel coa augamariña que este lle regalara.



Doble Nacionalidad:  
Gallega - venezolana,  
pero si le cauto, heneana,  
a la primera mitad -  
Caracas-Lar Gallego - 4. mayo - 1944  
Andrés Uozlano

Había na casa dos avós, María e Juan, unha caixa con fotografías, algunhas tiñan no reverso anotacións de Florinda, a nai de Sarita, porque ambas familias nunca perderían o contacto.

A vida continuou en Caracas e na Estrada. Guillermo explica que, *el primer Centro Gallego fue fundado aproximadamente en la segunda mitad de los 40, y se denominó Lar Gallego. Ella -Sarita- perte-*



*neció al coro y a la inauguración fue el entonces presidente de Venezuela y escritor, Rómulo Gallegos, y el poeta venezolano Andrés Eloy Blanco. El partido gobernante de centro izquierda, tenía mucha consideración con los refugiados españoles. La fotografía muestra a Don Rómulo Gallegos dando un discurso y mi mamá inmediatamente detrás. Un dato curioso es que Andrés Eloy Blanco, conocido picaflor, le firmó la foto y le hizo en el momento una estrofa –inédita, me imagino– que dice:*

Doble nacionalidad,  
gallega-venezolana,  
pero yo le canto, hermana,  
a la primera mitad.


Caracas. Lar Gallego, 4 de mayo de 1946.

En Caracas Sarita casaría o 24 de octubre de 1942 con Guillermo Tell Villoria Viloría. Ambos cos seus fillos maiores amais dos pais



dela, José e Florinda, e seu irmán Manolo Caramés Quinteiro, xa médico, regresarían nos anos 50, con fortuna feita, á que nos anos 30 fora a súa casa. O matrimonio cos fillos instaláronse no piso segundo enriba do que ocupaban María e Juan.

*Tu abuela era un gran personaje y sumamente cariñosa, yo cumplí 9 años en La Estrada en el 52 y ella me regaló mi primera novela, La Isla del Tesoro, recuerda Guillermo fillo.*



As dúas mulleres que compartiran tan traumática experiencia disfrutaron do tempo xuntas, que aproveitou Sarita para pechar unha etapa vital desprendéndose do anel coa augamariña e regalándollo a María, miña avoa. Con ela, o anel foi e voltou do exilio forzoso.

Posteriormente regresarían a Caracas, aínda que a relación se mantiña por correspondencia e polas fotos que enviaban pois os Caramés facían moitas e moi boas.

Queda así testemuño escrito dun acto contra unha muller—como outros con similar sentenza que para os executores non mereceron nin anotación— que fixo un dano inmerecido ás persoas que sufriron as consecuencias e que a vida se encargaría de compensar. Os primos



Katy Caramés Varela, Manuel Caramés Varela e Sara Villoria Caramés.

Caramés Varela chegaron porque os Caramés e Varela finalmente uníronse cando, anos despois, casaron Manolo e Clara. Chámalle Karma ou o poder da pedra augamariña.

María Varela Agrelo naceu o 23 de outubro de 1911 e morreu o 25 de xaneiro de 1999 na Estrada.

Sarita Caramés Quinteiro naceu o 2 de marzo de 1919, e morreu o 2 de xullo de 2013 en Caracas.



# Infancias

Manuel Pereira Valcárcel  
manuelpereiravalcarcel@gmail.com

Fotografías do fondo fotográfico do  
Museo Manuel Reimóndez Portela

O pasado sempre é unha interrogante. Unha sala de espera. Unha melodía, incongruente ou afinada, depende. Un roupeiro que doe ao abril.

A infancia é unha morea de secuencias ás que lle dar xeito, ás que buscar orde e sentido. A infancia é un caixón de xastre, un rebumbio de sensacións, cores e chamadas.

Custa poñer orde en todo ese mundo de dúbidas e pozos sen fondo. Custa atinar nas respostas, custa saber cando dar a man e cando soltala.





A infancia sempre é a periferia, sempre bordeando o núcleo central dos adultos.

As fotos que temos diante veñen dun tempo onde os adultos eran a única razón, a única referencia, o espello único.

Os nenos e as nenas, a maior parte das veces, eran satélites nun universo de constelacións fixas, herméticas e autoritarias.

Non só hai caricias e bicos, tenrura e boas noites, sorrisos e melindres. Hai infancias amasadas con mancaduras, ausencia e vento en contra.

Vellas fotos da infancia. Vellas fotos de infancias. Porcións de vida, anacos de incerteza e derivas.

O rigor do xesto imposto, da pose ríxida, da decoración ampulosa. Olladas que superan as coordenadas dos estudos pretensiosos e estandarizados. Nada quedaba para a espontaneidade, pero é imposible coutar a curiosidade, a galerna de fantasía, os planetas que insisten na súa órbita de inocencia.

Nos ollos infantís sempre hai unha ilusión de océanos, distancia e aventuras. Imprevisión e fugas. É despois cando veñen os cálculos, os mapas e as fronteiras.

Estas fotos estáticas, con poses e roupas de gala, son a antítese das imaxes dos nosos días. Unha sobredose de posturas efémeras,





unha enchente dixital que captura calquera acontecemento e que trata de escanear todo canto acontece. Non sei se deixaremos algún espazo libre para a lembranza nesta profusión de présas, banalidade e selfies.

As fotos que temos á vista supoñen historia, hipótese e pescuda. Aquí a memoria é unha mestura de sales de prata, melancolía e soños.

Estas olladas, aquela gama de grises. A vida, talmente.















# Os caseiros: unha clase social extinta no rural galego

Xoán Carlos García Porral  
xoancgp@gmail.com

**Resumo.** Os caseiros constitúen unha das variables socioeconómicas fundamentais dende a que analizar o traballo agropecuario da Galicia rural interior ata ben entrada a década de 1970. Das tres formas de cesión da terra, a parceria é a causante deste tipo de labregos. Para comprender a súa vida valémonos de testemuños orais de persoas que desenvolveron parte da súa vida como caseiros. Seguidamente reproducimos un contrato entre amo e caseiro, facilitado polo fillo dun “amo”, no que se aprecian as estritas condicións ás que eran sometidas estas familias pobres. Remataremos cunha análise dos posibles factores que incidiron na súa desaparición.

**Abstract.** Tenants are one of the fundamental socioeconomic variables in order to analyse the agricultural work in the rural interior of Galicia until well into the 1970s. There are three ways of land transfer and sharecropping is responsible for this type of farmer. We use statements of people who worked as a tenant to understand the life of these farmers. Next, we reproduce a contract, provided by a landowner's son, between a landowner and a tenant, which shows the strict terms for these poor families. Finally, we analyse the possible factors which contributed to their disappearance.

*Cando eu era rapaz, en calquera parroquia había tres tipos de labradores: os amos, que non traballaban e eran donos da gran maioría das terras; os labradores bos, que traballaban a súa propiedade e íanse defendendo; e os labradores cativos, que tiñan algunha miga de terra para sobrevivir. Despois de todos eles estabamos nós, os caseiros, que non tiñamos nada e, aínda por encima, tiñamos que traballar para o amo”*

Cita tirada do libro *O último caseiro* (Fervenza, 2017)

Os caseiros, familias pobres que estaban ao coidado dos *bens* e da *facenda* de persoas ricas ás que lles tiñan que pagar, segundo o contrato que estableceran, parte das colleitas realizadas (un medio, un terzo,...), constituíron unha das variables socioeconómicas fundamentais dende a que analizar o traballo agropecuario realizado na Galicia rural interior ata ben entrada a década de 1970<sup>1</sup>. Despois de

<sup>1</sup> A figura dos *caseiros* tivo especial pervivenza nas comarcas do interior de Galicia, tal como reflicten os estudos de Varela Regal (*Estudio económico del Ayuntamiento de Fe-*

40 anos en que a existencia de caseiros é minoritaria, cómpre buscar na memoria dos maiores as características definidoras do tipo de vida que levaban estas familias de labregos pobres. Posteriormente, como soporte escrito á tradición oral que existe sobre este tipo de labregos, reproduciremos un contrato de parcería entre amo e caseiro de 1950<sup>2</sup>. Remataremos cunha breve reflexión sobre as posibles variables que puxeron fin a este estilo de vida no rural galego.

En Galicia existían tres fórmulas de cesión de terra: foro, arrendamento e parcería. O **foro** era un contrato agrario a longo prazo, nado no seo do feudalismo. Nel dividíanse as terras en *dominium directum* e *dominium utile*, que tiñan como contraprestación unha renda, ben en especie, ben en diñeiro, ou en ambas modalidades. Tal como di Ramón Villares, “o réxime foral, como fórmula de cesión da terra, supoñía unha enorme estabilidade pola súa lonxevidade, e unha pluralidade de dominios e dereitos sobre a terra, sen que foreiros nin foristas se poidan catalogar de propietarios plenos”<sup>3</sup>. O **arrendamento** supoñía unha cesión temporal dun ben (terras, casa, dereitos) a cambio dunha renda determinada. Pero o rendeiro non adquiría xuridicamente dereitos sobre o ben arrendado e a titularidade da propiedade permanecía totalmente na cabeza do arrendador. A **parcería**, na que nace a figura social do caseiro, caracterizábase pola participación de propietario e caseiro na xestión da produción e no reparto dos produtos. Non existía translación de dominio nin cesión temporal da terra ao traballador da mesma.

Destes tres tipos de cesión da terra xurdiron tres figuras sociolóxicas que representaban modalidades moi distintas de cesión da explotación da terra e do gando: foreiros, rendeiros e caseiros<sup>4</sup>.

*rreira de Pantón*, R.E.G., 1960, nº. 15-16) e Río Barja (*Estudio económico del Valle de Mahía*, R.E.G., 1958, nº. 3-4).

Cfr.: FERREIRO PORTO, J. (1974): “Caseiro”, na *Gran Enciclopedia Galega* (T. V). Ed. Silverio Cañada. Santiago; 181.

2 A reprodución deste tipo de documentos, que non tiñan forma pública, axudaría a facilitar os traballos de investigación dos historiadores sobre a cuantificación das parcerías (tanto en terras como en gando). Desta idea tamén se fai eco Barreiro Fernández no tomo V da colección GALICIA titulado “A Sociedade Galega Contemporánea. Tradición e Modernidade” (Hércules de Ediciones, S.A. A Coruña 1991; 154).

3 Cfr. VILLARES PAZ, R. (1985): “Caseiros, rendeiros e foreiros. Sobre as formas de cesión da terra en Galicia”, *Encrucillada* 41; 6.

4 *Ibid. not.* 3; 7.

## A vida dos caseiros

Cando chegaba o mes de novembro e empezaban os traballos agropecuarios do outono, producíase un peculiar fenómeno migratorio rural inter e intra-parroquial no que os caseiros, xunto coas súas familias, eran os seus protagonistas<sup>5</sup>. Tralo remate da *seitura* (colleita do trigo e do centeo) no mes de xullo, os “pequenos amos” das aldeas tiñan que lles comunicar aos seus caseiros se contaban ou non con eles para o coidado da facenda e a realización dos traballos do ciclo agropecuario durante o ano seguinte. Se os traballos que fixeran dos bens non foran os axeitados a xuízo dos seus amos, estes estaban en disposición de pedirilles que *para o tempo* (mes de novembro) deixaran libres as propiedades, xa que daquela incorporaríanse uns novos caseiros coas súas familias<sup>6</sup>. De feito, estes últimos, trala *seitura*, anticipaban a súa chegada (aínda que non a súa residencia) ao viren para *agostar* as terras dos seus futuros amos: arar as leiras e rozar os toxos para estrar as cortes e facer os quinteiros.

Cando un caseiro se incorporaba á casa dun novo amo, e tras precisar as condicións de traballo dos bens e da facenda e de reparto dos produtos obtidos, cada un apuntaba nunha libreta o valor dos animais existentes<sup>7</sup>. As vacas, todas elas do país (rubia galega) e nunca máis de 7 ou 8, anotábanse polo nome, á carón do cal se facía constar o valor (en reais normalmente) que se consideraba posuía a vaca. O capital en que era taxada a vaca pertencía ao amo, e a partir del facíanse as operacións de ganancia ou de perda que o animal levara consigo. Se unha vaca taxada en 5.000 reais era vendida en 7.000, producíase unha ganancia de 2.000 reais, sendo dividida a partes iguais entre o amo e o caseiro (1.000 para cada un), pero tendo en conta que os 5.000 reais en que fora valorada a vaca ían parar integramente ás arcas do amo, propietario do animal. Pola contra, se esa mesma vaca era vendida en 4.000 reais, producíase unha perda

5 Ferreiro Porto define o *caseiro* como “un cabeza de familia, normalmente numerosa, sen casa propia e con instintos sedentarios”.  
Cfr.: *Ibid. not. 1*; 182.

6 O ano agrícola ía de *Santo André a Santo André* (dende o 30 de novembro dun ano ata o 30 de novembro do ano seguinte).

7 O normal era que os *amos* foran os que rexistrasen o valor das propiedades e o reparto dos bens e das perdas (morte dun animal, por exemplo), xa que a maioría dos caseiros non sabían ler nin escribir.

de 1.000 reais, tendo que aboarlle o caseiro ao amo a metade do capital perdido (500 reais)<sup>8</sup>.

O caseiro, ao ter que compartir co amo a metade das perdas e das ganancias xeradas arriba do prezo posto ás vacas na libreta, tiña que coidar os animais coma se fosen da súa propiedade, xa que era consciente de que o déficit no prezo dunha vaca á hora da súa venda repercutía de forma negativa no seu orzamento anual. Caso a parte era cando morría unha vaca, xa que entón había que criar unha becerra ata que acadara o valor (en cartos) que posuía a vaca finada nas libretas do amo e do caseiro. A crianza dunha becerra conlevaba implicitamente unha perda, xa que cando o amo vendía un becerro ou unha becerra, dáballle a metade do capital obtido ao caseiro. Así, se pola venda dun xato o amo ingresaba 6.000 reais, 3.000 eran para o caseiro, cantidade totalmente merecida se temos en conta que el fora o encargado de atender a vaca no parto e de coidar e criar o becerro.

Outro dos bens no que se producía o reparto era nas leiras e nos montes dos que se obtiñan os cereais. No tempo dos caseiros apenas se vendía leite (5 ou 6 litros diarios), centrándose os labores agropecuarios na obtención de trigo, centeo e millo, produtos que gozaban de maior importancia, non só pola maior porcentaxe de terreos de labradío ca de prados para o pastoreo (unhas 3/4 partes da extensión laborable eran leiras), senón porque co centeo e co millo facíase o pan, e co trigo, tras ser vendido, pagábase a contribución. Se a isto lle engadimos que hai 50 anos por un becerro pagábanse 1.000 ou

8 Sirva como exemplo a seguinte anotación tomada da *libreta dun amo* da primeira metade da década de 1950:

- Na folla 36 da libreta aparece:

*"Compra de la vaca Cachorra con cría el 23 de Julio de 1953 en 5.500 Pesetas"*

- Na folla 42 da mesma di:

*"Compra de una Ternera el día 4 de Enero de 1956 en el precio de Pesetas 4.485 esta es en lugar de la Cachorra que dio 1.500 pesetas de Pérdida"*

Segundo o dito arriba, a perda que supuxo a venda da vaca (1.500 pesetas) tiña que ser sufragada a medias entre amo e caseiro. E así se fai constar na folla 44 da libreta, cando o 13 de Marzo de 1957 se liquidan as contas (nas que se inclúen os gastos realizados en minerais e semente para patacas, que tamén eran costeados a medias):

1.500	<i>pérdida de vacas</i>
153	<i>de nitrato</i>
103	<i>de mineral</i>
300	<i>patatas para siembra</i>
<b>Total:</b>	<b>2.056</b>

A cantidade total de gastos dividiábase entre o amo e o caseiro, tendo que pagarlle o caseiro ao amo a metade dos gastos ocasionados (1.028 pesetas).



Os caseiros levantando a meda no Pazo de Filgueiroa (Lalín en 1916). Foto tomada por D. Ramón María Aller Ulloa (fotografía aportada por Cecilia Doporto do arquivo do Museo Aller Ulloa de Lalín).

1.500 pesetas, resulta comprensible que os esforzos dos campesiños se centrasen no cultivo dos cereais que, xunto coas patacas, conformaban a base da dieta alimenticia dos labregos.

Para que o caseiro puidese cultivar os cereais, o amo dáballe *a cavar* a extensión de monte que tivera, coa condición de que a colleita sería repartida a un terzo ( $1/3$ ), é dicir, que de cada tres mollos, dous eran para o caseiro (que era quen facía o traballo) e un para o amo (propietario do terreo). Había ocasións, dependendo do amo, en que esa fracción aumentaba ata un cuarto ( $1/4$ ), co cal saía algo máis beneficiado o caseiro. Cando se facía a malla, o caseiro e o amo pagaban o traballo da máquina e dos *maquinistas* ao 50 %, co que o caseiro, tras facer todo o traballo (cavada, sementeira e seitura) sen ningún tipo de axuda económica ou persoal por parte do amo, só obtiña un 33 % máis có seu amo no froito colleitado.

A maior curiosidade no exercicio dos traballos agropecuarios atopábase na *bota das patacas*, xa que os amos, desconfiando de que os caseiros estercasen máis a zona da leira na que estes ían sementar as patacas, esixían que se fixese a sementeira en sucos alternos: un rego para o amo, outro para o caseiro; un rego para o amo, outro para



Recollida de leña polos caseiros do Pazo de Filgueiroa (Lalín en 1916). Foto tomada por D. Ramón María Aller Ulloa (fotografía aportada por Cecilia Doporto do arquivo do Museo Aller Ulloa de Lalín).

o caseiro; ..., e así ata encher a leira destinada a este cultivo. Este reparto da terra e dos produtos obtidos tamén se estendía a legumes como as fabas e os chícharos (ao 50 %), feito que pon de manifesto ata onde chegaba o control que o amo facía sobre o traballo que realizaba o caseiro nas súas terras.

Para levar a cabo os traballos agropecuarios, o amo e o caseiro poñían un carro e unha grade, mentres que as ferramentas miúdas (sachas, gadañas, fouciños,...) eran todas propiedade do caseiro.

A maior inxustiza atopábase no pago anual do *Recibo das carnes salgadas* a Facenda ou ao Concello por cada porco que se mataba. Dende a xustiza distributiva, o normal sería que o amo e o caseiro pagaran tantos recibos coma porcos mataban cada un deles. Pero esa proporcionalidade non existía, xa que o caseiro, ademais de ter que facer fronte á contribución do seu porco, tiña que pagar a metade do *Recibo* do porco (ou porcos) do amo.

A división social entre amos (propietarios dos bens) e caseiros (traballadores dos bens), púñase de manifesto nas relacións cotiás que ámbalas dúas partes mantiñan. Os caseiros adoitaban compartir

a eira cos seus amos, pero non a vivenda, que resultaba estar sempre en peores condicións. A dependencia fronte ao amo era absoluta, ata o extremo de que os caseiros non podían mover unha pedra da súa propia casa sen permiso daqueles. O trato que os caseiros lles dispensaban aos seus amos era o de “*señor amo*” – “*señora ama*”, expresións cargadas de respecto e de xenreira que servían para trazar unha fronteira entre os *labregos ricos* e os *labregos pobres*, situación exemplificada na ausencia total de relación comensal.

Esta situación de “explotación” na que se sentían moitos caseiros, agudizábase cando o amo era “pequeno”, xa que incluso chegaba a reclamar a metade das patacas da *rebusca* (patacas que, sen querer, quedaban na terra das leiras despois de facer a colleita). Esta actitude avarenta dalgúns amos chocaba coa actitude humilde dos caseiros, ata o punto de que estes, cando recollían a leña para o inverno, tiñan que lle pedir aos seus amos o *pau para os zocos*, que soían levar a madeira de bido, xa que aos caseiros só lles daban un carro de pólas para queimar nas súas lareiras.

### Un exemplo de contrato entre amo e caseiro

A diferenza do foro, que conta con abundante tradición historiográfica de reputados escritores, o arrendamento e a parcería quedaron algo no esquecemento. A xuízo de Ramón Villares, “non é que a historiografía se despreocupara destas modalidades de contratos agrarios, senón que a súa mesma natureza impuxo evidentes limitacións para a súa análise: non tiveron a importancia obxectiva que acadou o foro e, por outra banda, deixaron pouco rastro documental, ao se rexeren, polo regular, mediante acordos verbais ou papeis de índole privada”<sup>9</sup>.

Eses *contratos de parcería* entre propietarios e caseiros son a principal fonte documental para o coñecemento dos tipos de reparto que os amos lles aplicaban aos bens obtidos polos caseiros ao longo do ano en cada unha das colleitas, á par que reflicten aspectos da vida dos caseiros e da relación destes cos seus amos. Nós tivemos a sorte de poder acceder a un deses contratos, datado a 30 de nov-

9 *Ibid. not. 3; 7.*



Ilustración tomada do libro *De Balbino a hoxe* (de Xoán Carlos García Porral, Lóstrego, 2012).

embro de 1950 no lugar d'O Souto (pertencente á actual parroquia de Xaxán, Concello de Lalín). Ao mesmo tempo que realizamos a súa transcripción, iremos dividindo o contrato en partes, método que nos axudará a ter unha mellor comprensión das variables recollidas neste tipo de documentos<sup>10</sup>.

#### A) Lugar e data do contrato. Datos do propietario e do caseiro

En el lugar De Souto en la parroquia de La Pena en el municipio de Lalin, a treinta de noviembre de mil novecientos cincuenta, ante los testigos que al final se expresan, comparecen: D. ---, propietario, mayor de edad y vecino de La Pena; y D. ---, casado, mayor de edad, labrador y vecino de la parroquia, digo, de Golada.

<sup>10</sup> Na transcripción omitiremos os nomes do propietario e do caseiro en aras do anonimato.

Aparece como data de inicio do contrato o mes de novembro (no día de *San Andrés*), mes no que, como xa referimos antes, empezaban a traballar os caseiros nas casas dos amos que os acolleran.

## B) Relación dos prados e das leiras obxecto de parcería

“Manifiesta el D. ---, que es propietario de un lugar acasurado integrado de las siguientes fincas ubicadas en términos de la mencionada parroquia de La Pena y en la de Goyás:

Prado DE CAZOME de unos cinco ferrados.

Prado DE CURTIÑAS de cuatro ferrados.

Prado DO PIÑEIRO de ferrado y medio.

Prado DO CAMPO de ferrado y medio.

Prado DA REGUEIRA PEQUENA, a verde, de dieciocho cuartillos.

Prado DA REGUEIRA GRANDE, a verde, de unos dos ferrados.

Prado DAS CEBOLAS de medio ferrado, a verde.

Prado DE XAXÁN de medio ferrado, a verde.

Prado DAS AVIEIRAS de un ferrado.

Labradío CIMA DO AGRO DO SOUTO de veintidós cuartillos.

Labradío RIBADA GRANDE, en el Agro do Souto, de tres ferrados.

Labradío CASTRO DE ARRIBA, en Agro do Souto, de dos ferrados.

Labradío CASTRO DE ABAJO, en Agro do Souto, de un ferrado.

Labradío TARREO DE VAL, en el mismo Agro de Val, de doce ferrados.

Labradío ESTIVADIO, en Agro de Souto, de seis ferrados con algún monte.

Labradío AGRO DA RIGUEIRA, de un ferrado.

Labradío AGRO DO CASTRO, llamado LEIRA PEQUENA, de dieciocho cuartillos.

Labradío RIVA DA RIBADA, en el Agro do Castro, de un ferrado.

Labradío SABUGUEIRO en el Agro do Castro, de dos ferrados.

Labradío LEIRA DA CONGOSTRA en el Agro do Castro, de treinta y ocho cuartillos.

Labradío LEIRA DA CURUXEIRA, de cinco ferrados, en el Agro do Castro.

Labradío CIMA DA CANCEIRA, de un ferrado.

Labradío, TRAS DAS MACEIRAS en el A. de Abajo, de dos ferrados.

Labradío FONTA RAMILA de ferrado y medio, en A. de Abajo.

Labradío FORMIGUEIRA, en A. de Abajo, de cinco ferrados”.

## C) Estipulación do *tipo de reparto* entre propietario e caseiro dos bens obtidos

Y conviene con el otro compareciente en establecer una parcería sobre las relacionadas fincas, las cuales trabajará el mencionado ---, como casero de a medias, en las siguientes condiciones:

## D) Cláusulas do contrato (casa, fincas, abonos, gando,...)

- a) El propietario da al casero para que la habite como tal, una casa sita en el lugar Do Souto, conocida por Casa de Abaixo, siendo de cuenta del casero la conservación de la casa y cuadras, y la reteja por cuenta del propietario, a quien avisará el casero en caso de necesidad de retejar, siendo responsable de los daños que se ocasionen por falta de tal aviso.
- b) Entrégale también al casero las relacionadas fincas para que las cultive según uso y costumbre de buen labrador de la tierra, no pudiendo cambiar ninguna de ellas de cultivo o destino sin permiso escrito del propietario y quedando con la obligación de conservar las cerraduras de las fincas y los hitos o mojones de sus lindes, de cuya existencia responderá y en caso de desaparición avisará inmediatamente al propietario.
- c) Para cama de los ganados y abono de las fincas labrantías, el propietario dará al casero todos los estrumes necesarios, que éste recogerá y cortará en la finca y sitio que le marque el propietario.
- d) Los abonos minerales que se empleen en las fincas objeto de aparcería, serán siempre fijados en sus cantidad y calidad por el propietario y pagados de por mitad entre el propietario y el casero. Se exceptúan las que se emplear en el año de mil novecientos cincuenta y uno, los cuales pagará totalmente el propietario. En caso de que el propietario estime necesario y conveniente cambiar el cultivo de alguna finca, tendrá que así hacerlo el casero a la indicación de aquel.
- e) Todos los frutos que se cosechen en las fincas serán partidos por mitad entre propietario y casero, y también serán partidas de por mitad la cosecha de castañas que se recoja en las fincas que el propietario tiene en el lugar Do Souto, castañas que serán cogidas por el casero en su cosecha total y después de “deseurizadas” y preparadas, se partirán a la mitad conforme anteriormente se dice.
- f) La Partija de la cosecha de centeno se hará en el día de la maja o trilla después de aventado y limpio, recogiendo primero del montón común la semilla para el próximo año, la cual quedará depositada en poder del propietario, repartiendo el resto de por mitad. El maíz se partirá después de deshojado y limpio, haciendo con las espigas o mazorcas dos montones iguales en uno de los cuales escogerá el propietario. La semilla de maíz será proporcionada por el propietario, teniendo que abonarle la mitad el colono, abono que hará en especie. Las patatas se partirán sobre el terreno al ser arrancadas. El trigo se parte como el centeno, y las habas después de majadas y limpias.
- g) El casero tiene la obligación de trasladar los medios frutos que le correspondan al propietario, con el carro y yunta, hasta el lugar que dicho propietario le indique.
- h) Las semillas serán entregadas todas de por mitad entre casero y propietario: excepto en los anovados de montes en los cuales será como luego se dirá. Las roturaciones o anovados no podrán ser hechas por el casero sin permiso



Sega da herba polos caseiros do Pazo de Filgueiroa (Lalín en 1916). Foto tomada por D. Ramón María Aller Ulloa (fotografía aportada por Cecilia Doporto do arquivo do Museo Aller Ulloa de Lalín).

escrito del propietario y en aquellas fincas que éste le señale, limitándole también la extensión del trozo o trozos a roturar. Todos los trabajos que dichas roturaciones requieran las realizará totalmente el casero y también será de su cuenta la recolección y siembra de pinos en el terreno anovado, si así lo deseara el propietario, y la cosecha obtenida se dividirá de por mitad, siendo del pago exclusivo del propietario los abonos minerales y las semillas.

- i) Los ganados que sostenga y cuide el casero, serán comprados siempre con capital del amo, en el número, clase y calidad que éste estime por conveniente, no pudiendo el casero vender ni comprar sin permiso escrito del propietario y teniendo que hacerlo siempre que este le ordene vender o comprar alguna res. Siendo de por mitad para casero y propietario las pérdidas y ganancias que existan con el ganado y sus crías. En caso de muerte de alguna res, se entenderá inevitable si fuere asistida por Veterinario y se le administrasen los remedios y diesen las medicinas prescritas; y en caso contrario, se entenderá que ha fallecido por abandono del casero. Y si la muerte fuere por accidente, también se entenderá natural a menos de que fuere provocada por el colono o por él no evitada pudiendo hacerlo. Si la muerte fuere inevitable conforme a las anteriores normas, la pérdida será de por mitad entre propietario y casero, tomando como capital perdido el en que estuviera puesta la res ya fuera mayor o menor del que realmente valiere, cuyo capital será cubierto criando una ternera de las nacidas en la casa hasta que valga el mismo capital, para de esta forma, pague el casero la mitad de la pérdida con su mitad de ganancia en al cría. Los honorarios

de Veterinario y gastos de medicinas serán pagados por el casero, quien le prestará al ganado enfermo los cuidados que necesiten según prescripción, y en compensación disfrutará de la leche que produzcan las vacas y se le pueda sacar, pues en primer término ha de atenderse a la alimentación de los terneros.

- k) El casero podrá pastorear los ganados de la aparcería en las fincas nominadas y en los montes que el propietario tiene en el lugar Do Souto y Goyás, con la obligación de pastorear y guardar en los mismos montes y fincas, los ganados que de su propiedad exclusiva tenga el propietario, cuyos llevará al pasto y guardará y traerá con los de aparcería, el colono. El propietario se reserva el derecho de cortar en el prado que le parezca la yerba verde necesaria a la alimentación de una vaca y su cría cuando la tuviere, así como el tomar para tales animales la yerba seca necesaria de la que henifique el colono en los prados de aparcería y ponga en almiares o “palleiras”, pudiendo también dicho propietario y para tales reses propias, tomar los forrajes que necesitare en el sitio y finca que le pareciere de las de aparcería.
- l) El casero, siempre que tenga en régimen de aparcería una caballería, y este será cuando el propietario lo estime conveniente, la tendrá a disposición de tal propietario siempre que éste se la pida, sea para el servicio que fuere. También tendrá que asistir el colono con yunta y carro, gratis, pero mantenido, a todos los carretos que tenga el propietario; y no podrá asistir a ningún carreto de vecinos o extraños sin permiso escrito del propietario. Siendo de por mitad entre casero y propietario los aperos de labor y carros. El propietario dará al casero un trozo de terreno, en sitio y finca que tal propietario designará, de un ferrado de superficie, para que el casero aproveche exclusivamente en siembras tempranas; y para aprovechamiento exclusivo de tal casero, como huertas, las dos porciones de huerta que existen a la parte de arriba de la era majadía; la huerta Do Prado de Xaxán; y ocho cuartillos en el fondo del Nabal de Abajo.
- m) El casero pagará de por mitad todos los impuestos, tanto nacionales, como provinciales o municipales, que graven los bienes, tanto existentes como en lo sucesivo puedan establecerse, recogiendo los recibos el propietario y abonándole la mitad el casero dentro de los quince días siguientes a aquel pago.

## E) Puntualizacións finais

Entran también en este contrato de aparcería, las siguientes fincas sitas en el lugar de Cotarelo: El labradío NABAL DA HORTA, de un ferrado: Labradío NABAL DA CARREIRA de medio ferrado: y el NABAL DE ABAJO, de ferrado y medio. En cambio, se reserva el propietario el sembrar patatas y forrajes para su exclusivo aprovechamiento, en la LEIRA DO CASTRO DE ABAIXO y, a la otra o turno, un ferrado de tierra en la finca que estime conveniente: entendiéndose que en esta Leira y ferrado de tierra, el colono sembrará el centeno cuando le corresponda y ejecutará las labores preparatorias y de siembra de las patatas y forrajes cuya producción se reserva el propietario, el que pondrá las semillas.

Como excepción, en retribución de labores y trabajos que exclusivamente hizo el propietario, y solamente en este año agrícola, el casero percibirá la cuarta parte del centeno y trigo que se coseche en la fincas.

El propietario tomará la paja que necesite, de los pajares que existan como resultado de la parceria. Y el colono no podrá trabajar otras tierras distintas de las objeto de contrato, ya sean propias o arrendadas.

#### F) Duración do contrato

Se establece como duración de este contrato de parceria, el de un año, prorrogable por tácita reconducción por otro, y así sucesivamente, si en los meses de julio o agosto no se diere a saber, el propietario al casero, o el casero al propietario, que se terminaba el contrato al finalizar el año agrícola, o sea en treinta de noviembre del año en que tal requerimiento se haga.

#### G) Se o caseiro abandona, ten que deixar sementados aqueles sitios que el recibiu sementados (sobre todo en canto a forraxes)

El casero, al entrar, halló sembradas de nabos y forrajes o alcacén, todas las fincas de una “mano”, que así les pertenecía, para alimento del ganado, por lo tanto cuando cese en la parceria deberá dejar sembrado de forraje, poniendo él la totalidad de las semillas para la mentada siembra, las mismas fincas o las de la otra “mano” si así les correspondiese.

#### H) O amo era o encargado de levar a *libreta de contas*

La relación de ganados y sus precios, se llevará en libreta aparte, que firmará el propietario que retendrá dicha libreta, y persona por orden del casero que no sabe firmar.

Podé servir como exemplo unha libreta creada no 1917 polo emérito crego e astrónomo lalinense D. Ramón María Aller Ulloa. Nese caderno, que leva por título *Libro general de los foros y caseros que pertenecen a la Sra. D<sup>a</sup> Camila Ulloa Madriñán*, aparecen unhas anotacións moi sinxelas sobre dous caseiros que esta familia tiña no lugar de Filgueiroa, os señores Manuel Rial e Gabino Porral. Os datos recollidos, do ano 1922, fan referencia ás vacas que posuía cada caseiro e ás porcentaxes que os amos tiñan nelas; e á casa, ás terras e aos apeiros dos que facía uso o primeiro deles.

Chama a atención a anotación que fai don Ramón ao final da páxina 99. Nela di o seguinte: “No existe contrato alguno escrito que señale las obligaciones del casero, se guían por costumbre alterándolas cuando se cree oportuno”. Esta nota vai en consonancia

coa cita de Ramón Villares coa que abrimos este segundo apartado: a escasa existencia de contratos por escrito entre amos e caseiros, xa que moitas veces os acordos establecíanse verbalmente.

No canto de copiar as anotacións realizadas por don Ramón na libreta sobre este particular, decidimos colocar as imaxes desas páxinas. Así tamén poderemos observar a extraordinaria caligrafía e a estética dos apuntamentos. A libreta chegou a nós grazas á Dra. Cecilia Doporto, á que, na procura de información para a tese que realizou sobre don Ramón María Aller Ulloa, lle foi facilitada por Ángel Aller Rodríguez, sobriño do astrónomo.

#### I) Firma do contrato ante dúas testemuñas


“Conformes ambos comparecientes, con lo anteriormente estipulado, así lo otorgan ante los testigos D. ---, vecino de Goyás; y D. ---, vecino de La Pena, que firman con los contratantes, haciéndolo el primero también en nombre y a ruego del casero ---, que no sabe firmar”.


### Posibles variables que contribuíron á desaparición dos caseiros

Sen dúbida, a situación de pobreza na que vivían moitas familias, incrementada no tempo de posguerra (1940-1960), foi un dos motivos que provocou a permanencia dos caseiros ata o segundo terzo do século XX, onde os *labregos pobres* vendían a súa forza de traballo a cambio dun lugar no que vivir e dunhas terras nas que traballar para poder comer. De forma xeneralizada, a desaparición deste tipo de familias foi transcorrendo ao longo da década de 1970, onde o *xiro copernicano* xurdido no eido agropecuario por mor dunha orientación mercantil de tipo capitalista, acabou por cambiar as estruturas socioeconómicas do rural e puxo fin a un fenómeno humano clave para entender o pasado recente das aldeas do interior rural galego: os caseiros<sup>11</sup>.

As variables conducentes á desaparición deste tipo de familias labregas atópanse interconectadas baixo un mesmo obxectivo: a

11 En Escuadro (Silleda) o sistema de caseiros mantívose ata 1973-1974 (xusto antes de que nesa parroquia se acometera a concentración parcelaria); en Fiestras (Silleda), ata 1965; en Madriñán (Lalín, ata 1959; no Sisto (Dozón), ata 1973-1974; en Goiás (Lalín), ata 1973; Fafián (Rodeiro), ata 1974;...





98

Casa. Habita una casa nueva en el conal de Felguera, y tien para utilizar en la labranza y para el ganado la mitad de un ciento y varias cuerdas.

Fincas rústicas. - Tratará las fincas rústicas siguientes:


Prado. Tien tres fevados de prado para huerta verde para el ganado - Cultiva en común con el Conal 'gabano' el prado de la punta de uno veinte fevados partiendo con nosotros la huerta seca. - Cultiva la mitad del prado de Botz, dividido la mitad de la huerta seca.

Huertas. Tien para su uso esclusivo una huerta junto la casa a que habita, la cual llevará medio fevado, y otra huerta junto el prado de la punta de otro medio fevado. - Cultiva la mitad las huertas, llamadas fantin, y Huerta de caur, proporcionándose los verduras, y legumbres y panhuello por mitad las habices y patatas.

Lavadero. Tratará la mitad de los lavaderos siguientes: Lo mayor llamado Lerra de uno treinta fevados y Gravia de uno diez y seis fevados. - La mitad de las fincas del caur del agua de Curita y del agua de abajo de Felguera, que son de uno treinta y dos fevados en cada agua. - Utiliza para para sembrar patatas para su uso en retales en la hem.

Robleda. Utiliza para pasto del ganado y para hacer abono de la hoja una robleda y natural llamada Porteira de uno cincuenta veinte fevados.

Monte. Utiliza para leña y para hacer abono y pasto del ganado uno cincuenta fevados de monte entendiéndose la leña en los



Careo Gabino Porral.

Vacas.

En 18 de Marzo de 1923 tiene el careo Gabino Porral, las vacas:

Gallarda de 14 años en la que tienen 30 duros a mayores.

Castaña de 3 años por mitad con Luparosa.

Jarocua de 9 años por mitad.

Bachorra de 5 años por mitad.

Tres becerros una de 2 años, otra de ocho meses y otra de cuatro meses,  
y los tres por mitad.

*mellora do sistema agropecuario tradicional galego*. Estas ansias de mellora tomaron forma a finais da década de 1960 ante a necesidade imperiosa de ampliar un dos recursos que, ata de aquela, limitaba a evolución do censo gandeiro. Esta ampliación non era outra que a da Superficie Agrícola Útil (S.A.U.), na que o número de hectáreas de pradaría se empezou a incrementar a partir da cava dos montes cubertos por toxos, carpazas, uces, xestas e fentos. Sirva como exemplo o acontecido en Lalín no outono de 1960, cando se iniciaron as primeiras transformacións dos toxais en pradeiras, sendo protagonizadas, fundamentalmente, polo Servicio Agropecuario Nestlé (persoal técnico de ILEP-SA) en colaboración con profesionais de recoñecido prestixio no tema. Estas experiencias establecéronse por vez primeira en Galicia en zonas como o monte Faro, Trasulfe (Fafián) e Álceme no Concello de Rodeiro, e o monte de Rodelas (Maceira) en Lalín nos anos 1958 e 1959. Estes campos de recente creación fóronse abandonando (agás en Rodelas), continuando posteriormente en Goiás e Albarellos (Lalín). Con estes programas de desenvolvemento, nas terras de Deza, no período que comprende os anos 1964 e 1969, transformáronse directamente de monte a pasto un total estimativo de máis de 267 hectáreas en máis de 600 parcelas. Paralelamente a estas cavas iniciouse en Galicia a concentración parcelaria. Esta, a 31 de decembro de 1967, afectoulles aos concellos de Silleda (10 zonas, cun total de 2.347 hectáreas), Lalín (4 zonas, con 1.217 hectáreas), e Vila de Cruces (1 zona, con 116 hectáreas)<sup>12</sup>. Comezaba así unha loita das administracións públicas contra o minifundismo en aras de potenciar unha profesionalización do labor agropecuario galego, intención que iría fraguando a crise e posterior desaparición dos caseiros<sup>13</sup>.

12 HERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, L. (1999): "O desenvolvemento agrario na Comarca de Deza nas tres últimas décadas", *Anuario de Estudos e Investigación Descubrindo Deza* (1). Seminario de Estudos de Deza. Lalín; 286-287.

13 Outra das medidas que tomou a Administración para lograr a profesionalización do traballo agrícola, foi a instauración da Axencia de Extensión Agraria en Lalín en outubro de 1962 que, dotada de medios humanos, técnicos e económicos, empezou a prestar servizos de asesoramento e xestión para atender as necesidades que se produciran entre os campesiños desta área xeográfica.  
Cfr.: RIAL LÓPEZ, P. (1969): *Pontevedra Agrícola*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Vigo; 223.

A cava dos montes e a concentración das terras trouxeron consigo o cultivo da “herba nova” que veu a favorecer o incremento do número de cabezas de gando vacún, no que empezaron a sobresaír as razas alóctonas (as “vacas pintas”) de clara orientación produtiva leiteira, que, pouco a pouco, foron arrecantando a raza rubia galega, outrora forza motora do traballo agrícola tradicional. A intensificación da produción láctea na Comarca deu lugar ao establecemento de plantas de recollida e de transformación deste produto (Nestlé, Hoxe,...), e a unha nova concepción e orientación dos traballos agropecuarios. Ante esta situación resulta lóxica a desaparición dos caseiros, xa que agora aos “amos” que quixeran adaptarse ás novas circunstancias socioeconómicas impostas polo mercado capitalista, non lles resultaba produtiva a cesión de terras e facenda en contrato de parcería. Se querían progresar agropecuariamente tiñan que facerse cargo do total do terreo laborable, feito que provocaría ao mesmo tempo o ocaso dos caseiros.

Outras dúas variables que influíron na desaparición dos caseiros foron o incremento da mecanización e a mellora das infraestruturas pecuarias. Ámbalas dúas provocaron unha menor necesidade de man de obra e, polo tanto, unha diminución das axudas recíprocas na realización dos traballos agrícolas, feito que se enmarca baixo o individualismo laboral que caracteriza á época de modernidade actual. O traballo manual que realizaban os caseiros deixou de ser imprescindible nunha época na que, pola contra, a emigración fixo estragos entre a poboación rural desta Comarca<sup>14</sup>. A que foi debida esta migratoria do rural? Unha das posibles respostas a esta cuestión apórtanola Raúl Iturra nun estudo da parroquia de Vilatuxe (Lalín) que fixo na década de 1970<sup>15</sup>. A súa análise parte dos modos de *ac-*

14 De 1960 a 1970 no Concello de Lalín rexistrouse un saldo migratorio negativo de -2.664 persoas. Esta cifra incrementouse ata os -3.470 na etapa que vai dende 1970 a 1980. Os movementos migratorios destes anos realizáronse tanto a nivel internacional (Illas Británicas, Centroeuropa e Estados Unidos) como a nivel nacional (Cataluña, Madrid e País Vasco). Nestes países, debido á súa maior industrialización, a oferta de emprego existente satisfacía as ansias de mellora económico-laboral que os emigrados non podían atopar aquí.

Cfr.: RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1995): *Lalín, un proceso de urbanización e desenvolvemento 1960-1990*. Servicio de Publicacións da Excm. Deputación de Pontevedra. Pontevedra; 41.

15 ITURRA, R. (1989): “Racionalidade tradicional, racionalidade individual: reciprocidade e optimización nas estratexias productivas duma paróquia rural galega”, *Actas do II Colo-*

*ceso á propiedade privada da terra* que, naquela época en Vilatuxe, se podía conseguir a través de herdanza, compra, doazón, arrendamento ou/e *contrato de meias (caseiro)*. A orixe do problema remóntase á abolición do sistema foral en 1926. Daquela en Vilatuxe existían tres categorías diferentes de posuír a terra: 1) *grandes propietarios de 80 a 200 hectáreas*: as terras eran cultivadas mediante contratos, sendo os máis usuais o de medias (caseiro) e o de foro; 2) *propiedades de 10 a 20 hectáreas*: terras cultivadas polos propios donos, coa axuda de xornaleiros; e 3) *propiedades de menos dunha hectárea*.

Coa desaparición do sistema de foros, os grandes señoríos foron forzados a vender todas aquelas terras que tiñan baixo contrato; pero os potenciais compradores, pequenos propietarios e labregos sen terra, non tiñan medios de compra polo que comezaron a emigrar, sobre todo xente nova, co fin de gañar diñeiro para mercar as fincas<sup>16</sup>. A dispoñibilidade de traballo migratorio provocou que tamén emigrara xente pobre (entre ela os caseiros) interesada en adquirir algunhas das terras desaforadas, feito que trouxo consigo unha falta considerable de man de obra nova que, xuntamente co retorno dos emigrantes con diñeiro para adquirir fincas en propiedade, mesmo levou ás casas grandes a vender gradualmente o remanente das súas terras. De aí que o sistema de posesión da terra, baseado predominantemente en propiedades de gran e medio tamaño, cultivadas mediante contratos a medias (caseiros), foros e traballo asalariado, se transformara nun sistema de posesión individual de pequenas fincas dispersas. Este proceso foise consolidando ao longo da década de 1960, tendo en conta que o xurdimento deste sistema de pequena propiedade foi resultado non só dunha mudanza na lei, senón tamén do modo como

*quio de Antropoloxía*. Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública – Xunta de Galicia. Santiago de Compostela; 165-188.

16 Tintxu, nun artigo publicado en 1985 no que analizaba a vida dos caseiros na provincia da Coruña (concretamente nos concellos de Vimianzo, Cesuras/Oza, e Boimorto), dicía que “se a emigración de América lle deu o golpe de morte aos foros, xa que permitiu dispoñer do capital necesario para redimilos, a emigración interior ás grandes cidades españolas ou a diferentes países de Europa está supoñendo a desaparición dos caseiros: os fillos non queren herdar a miserenta condición dos seus pais e prefiren marchar da casa, aínda que sexa para desenvolver na emigración oficios que outras moitas persoas non queren facer”.

Cfr.: TINTXU (1985): “Os caseiros, especie en vía de desaparición”, *Encrucillada* 41, 19.

os produtores manipularon as súas condicións sociais e económicas para facer un mellor uso dos seus recursos limitados.

Esta mudanza tivo varias consecuencias importantes:

1. Unha vez abolido o foro, o único modo de obter terra permanentemente era comprándoa ou herdándoa. Como o diñeiro era escaso (tanto en Vilatuxe como na Galicia rural), a xente pobre emigrou para xuntar as contías necesarias para adquirir terras en propiedade. Entre estes emigrantes atopábanse algúns dos fillos dos caseiros.
2. Debido á compra de terras, a xente que retornara da emigración viu achicadas as súas arcas, polo que se atopou imposibilitada para adquirir equipamento mecánico. De aí que os instrumentos de labranza tradicionais pervivisen ata comezos da década de 1970, sendo acompañados no tempo pola cesión de terras en parcería aos últimos caseiros.
3. Pero as novas propiedades non eran suficientemente grandes para sustentar a familias moitas veces numerosas, polo que a emigración continuou na década de 1970 afectándolle directamente ás familias de caseiros, xa que os máis novos viron nela o único modo de obter diñeiro.

Esta falta de man de obra xove, provocada polo fenómeno migratorio do período que vai de 1960 a 1980, viuse compensada polo incremento da mecanización das tarefas agrícolas coa compra dos tractores e os seus apeiros.

Por outra parte, a realización tradicional dos traballos agropecuarios tamén atopou no progreso industrial da Comarca, especialmente en Lalín, outra das variables que explican o abandono da prioridade ancestral de ter terras en propiedade para seren traballadas, aínda que este desexo acadara o seu cumprimento a través de contratos de parcería. A potenciación do sector secundario en Deza a partir de finais da década de 1970<sup>17</sup>, asociado á industrialización da agricultura

<sup>17</sup> Segundo un estudo realizado por Rodríguez González, a sequía fabril en Lalín rachouse a finais da década de 1970 coa instalación da planta láctea de NESTLÉ e do matadoiro de UTECO e da fábrica de pedra artificial Ladeira no Polígono de Botos. A xuízo deste autor, a partir deste momento experimentouse un interesante aumento da capacidade industrial que se explica por varias causas. En primeiro lugar, a interesante *localización de Lalín* e as súas boas comunicacións coas áreas urbanas, algo que permitiu obter unha serie de beneficios locacionais en aforro de tempo e desprazamentos nas relacións productivas. En segundo, *os emigrantes*, que xogaron un dobre papel: por unha parte

e da gandaría, permitiu que os mozos e mozas desta Comarca viran realizada unha das aspiracións seculares do campesiñado galego: o *traballo urbano*, realidade da que tamén participaron, sobre todo, os fillos dos últimos caseiros<sup>18</sup>. O cambio social que aconteceu nesa época posibilitou o xurdimento dun novo modelo de conduta: o urbano. A partir de entón, o ter un emprego na vila, tanto no sector secundario coma no terciario, foi valorado como algo de prestixio polo resto da comunidade.

Chegados a este punto, de cara a clarear a finalidade argumentativa deste último apartado, convén facer unha síntese das variables analizadas que, dende a óptica dunha orientación mercantil agropecuaria de tipo capitalista, puideron contribuír á desaparición dos caseiros na Comarca de Deza entre 1960 e 1980:

- 1ª variable: a ampliación da Superficie Agrícola Útil, a través da cava dos montes e o inicio da concentración parcelaria.
- 2ª variable: o incremento da cabana gandeira.
- 3ª variable: a intensificación da produción láctea coa chegada de razas alóctonas e a erección de plantas de recollida e transformación deste produto.
- 4ª variable: o incremento da mecanización e a mellora das infraestruturas pecuarias, coa conseguinte diminución da necesidade de man de obra (potenciación do individualismo laboral agropecuario).
- 5ª variable: a emigración, sobre todo de xente nova e sen posibles, que trouxo consigo un descenso da man de obra co fin de conseguir un diñeiro co que mercar terras en propiedade.

---

os seus aforros investíronse, de forma directa ou non, en pequenas empresas locais que, coa inxección monetaria que tal feito lle supuxo, aumentaron as súas dimensións; por outra, na canalización das remesas, onde a construción foi o sector máis beneficiado. Este, ademais de medrar directamente, arrastrou consigo outras actividades accesorias: fábricas de ladrillo, carpintería de aluminio,... que nos seus primeiros momentos se dedicaban ao abastecemento da man de obra. Xunto á construción tamén destacou no proceso industrial deza o sector téxtil e o desenvolvemento do agro co xurdimento de empresas dedicadas á transformación dos seus produtos.  
Cfr.: *Ibid. not. 14*; 144-145.

- 18 Desta idea tamén se fai eco Susana de la Gala nun estudo que realizou na comarca de Xallas (A Coruña) e en Viana do Bolo (Ourense).  
Cfr.: GALA GONZÁLEZ, S. de la (1999): "Trabajo y prestigio de las mujeres en dos parroquias rurales gallegas. Tradición y cambio social en los albores del nuevo milenio", *Actas del VIII Congreso de Antropología (Antropología del género, tomo 2)*. Federación de Asociaciones de Antropología del Estado Español y Asociación Galega de Antropoloxía. Santiago de Compostela; 41.

- 6ª variable: a potenciación da industria, que xerou un modelo de conduta urbano prestixiado e anhelado polas comunidades rurais.

## Bibliografía

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1991): “A Sociedade Galega Contemporánea. Tradición e Modernidade” (T. V), colección *Galicia*. Hércules de Ediciones, S.A. A Coruña.
- FERREIRO PORTO, J. (1974): “Caseiro”, *Gran Enciclopedia Galega* (T. V). Ed. Silverio Cañada. Santiago.
- GALA GONZÁLEZ, S. de la (1999): “Trabajo y prestigio de las mujeres en dos parroquias rurales gallegas. Tradición y cambio social en los albores del nuevo milenio”, *Actas del VIII Congreso de Antropología (Antropología del género, tomo 2)*. Federación de Asociaciones de Antropología del Estado Español y Asociación Galega de Antropoloxía. Santiago de Compostela.
- HERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, L. (1999): “O desenvolvemento agrario na Comarca de Deza nas tres últimas décadas”, *Anuario de Estudos e Investigación Descubriendo Deza* (1). Seminario de Estudos de Deza. Lalín.
- ITURRA, R. (1989): “Racionalidade tradicional, racionalidade individual: reciprocidade e optimización nas estratexias productivas duma paróquia rural gallega”, *Actas do II Coloquio de Antropoloxía*. Servicio Central de Publicacións da Consellería da Presidencia e Administración Pública – Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- RIAL LÓPEZ, P. (1969): *Pontevedra Agrícola*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Vigo.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R. (1995): *Lalín, un proceso de urbanización e desenvolvemento 1960-1990*. Servicio de Publicacións da Excm. Deputación de Pontevedra. Pontevedra.
- TINTXU (1985): “Os caseiros, especie en vía de desaparición”, *Encrucillada* 41, 19-24.
- VILLARES PAZ, R. (1985): “Caseiros, rendeiros e foreiros. Sobre as formas de cesión da terra en Galicia”, *Encrucillada* 41, 5-18.





# Casal de Vilancosta ou dos Valladares

José Manuel Bértolo Ballesteros  
joberba4@hotmail.com

**Resumo.** O casal de Vilancosta é coñecido sobre todo por ser a casa de Marcial e Avelina Valladares Núñez. Preséntanse aquí as súas raíces xenealóxicas desde o século XVI, reparando en moitos detalles dos seus antecesoros, como son os Gómez de Ribadulla, os Valladares, os Núñez, etc., así como da súa posterior descendencia ata chegar aos Ferreirós.

**Abstract.** Vilancosta village is known mainly for being the house of Marcial and Avelina Valladares Núñez. Their genealogical roots from the 16th century are presented here, with many details of their ancestors, such as Gómez de Ribadulla, Valladares, Núñez, etc, as well as their descendants until Ferreirós.

A 13 km da Estrada no lugar de Vilancosta (Berres) atópase a casa señorial que foi morada de Marcial Valladares Núñez. A actual casa, construída en 1751 con perpiaños e cachotería, foi mellorada a mediados do XIX por José Dioniso Valladares facendo unha galería da solaina e construíndo un hórreo de catro claros entre outras cousas. A casa actualmente consta de 545 m<sup>2</sup> construídos nun semisoto e dúas plantas, e ten unha parcela contigua de 10.000 m<sup>2</sup> con árbores ornamentais, viñas e froiteiros, e entre outras cousas ten ademais piscina, hórreo e un estanque rodeado de buxos. Atópase en perfecto estado de habitabilidade.

A casa primitiva pertencía a finais do século XVII aos **Gómez Ribadulla**, en concreto ao avogado Francisco Gómez Ribadulla (finado o 27 de xullo de 1729) e á súa esposa Ana Besteiro<sup>1</sup> (sepultada

1 O que usa ou fabrica bestas ou "ballestas" chámase besteiro, e en castelán Balletero. Así se afirma nun documento de 1725 de Francisco Besteiro de Castro, no que se di que o apelido Besteiro e Ballesteros son o mesmo. Nos documentos da arbitrase dos arcebispos Tabera e Fonseca dos anos 1526-27 aparece unha testemuña chamada Juan Besteiro de máis de 70 anos e natural de Arnois do lugar de *Ribadulla de los Ballesteros*. Se temos en conta que é a partir dos Reis Católicos cando os documentos se escriben en castelán e se castellanizan moitos nomes, é posible que ese lugar, que no século XVIII aparece como *Ribadulla de los Caballeros* fose coñecido como Ribadulla dos Besteiros, berce do apelido Besteiro.



Casal de Vilancosta.

Escudo dos  
Gómez Rivadulla.

o 17 de decembro de 1728), *señores da casa de Vilancosta en Berres*. Porén a casa actual foi construída en 1751 por unha neta de dito Francisco Gómez Ribadulla, chamada *María Gómez Besteiro*, casada en 1734 con Manuel Jacinto Núñez Miranda.

Na información de fidalguía, realizada en 1725, de Ignacio Besteiro de Castro e Pión Gómez de Ribadulla, bautizado en Berres o 31 de xullo de 1696 e que marchou solteiro no ano 1720 para Granada, dise que os Gómez de Ribadulla eran de familia fidalga castelá<sup>2</sup> e tiñan por armas: 1º, unha cruz da encomenda de San Xoán, 2º, tres flores de lis postas en pau e 3º, cinco cabezas de lobos negros sobre campo de prata.

Porén os donos de Vilancosta foron mudando de apelidos a través dos tempos. Ese transcurso é o que se presenta a continuación. Veremos pois como tanto os Valladares como os Núñez son familias con fondas raíces en terras de Tabeirós e mesmo ligadas ao lugar de Vilancosta.

2 Hai que tomar isto con cautela. Consta que en 1592 xa vivía en Arnois *Domingo Gómez Ribadulla*, pai de Pedro, que de neno foi estudar a Santiago para facerse zapateiro. Arquivo Catedralicio de Santiago (ACS) P 110, fol 371r-371v.

## Os Valladares

Os Valladares arrancan do lugar de Valadares na parroquia forcaricense de Meabía. Desde alí na primeira metade do século XVII pasou á casa da Somoza de Olives, onde **Jácome Valladares**, fillo de **Andrés de Valladares** veciño de Meabía, casou “a troco” con *Inés da Somoza*. (Cfr. *Pazo da Nugalla*<sup>3</sup>). Tiveron varios fillos:

1. Pablo Valladares, que foi cura.
2. *Isabel Valladares*, que casou con *Francisco Louzao*,
3. *Alonso Valladares*, señor da *casa da Nugalla* ou de *Recarei* en Curantes, pois foi o avó de Benita Pazos Valladares, que casou con José *Recarei Bérnudez*.
4. **Fernando Valladares**, (*que segue*)

**Fernando Valladares**, uniuse en matrimonio con *Froilana del Río e Rozas*, filla de Pedro de Rozas del Río e de Inés Fernández Sanjurjo, e neta de Bartolomé de Rozas e de Inés del Río, pertencentes á casa de Cela e Tirabá en terras de Lugo.

Froilana tiña un tío cura, chamado Juan, que exercía en Graba, unha tía casada en Cascaxide e unha irmá, Águeda, que casou en San Tirso de Deza. Eles viviron en Olives, onde finou Fernando o 19 de xuño de 1709, ofrecendo no seu enterro seis ferrados de pan, un canado de viño e un carneiro. Foron pais de:

- a) *Alejandra Valladares*, que casou co escribán Peñalta.
- b) *Constantino Micael*, bautizado en Olives o 21 de xullo de 1698, tendo por padriños a Alonso Valladares e Inés Louzao, veciños de Curantes. Foi presbítero.
- c) *Juan Valladares*, presbítero.
- d) **Pascual Valladares** (*que segue*)

**Pascual Valladares** casou en Olives o 24 de novembro de 1732 con *Manuela Gómez*, filla de Baltasar Gómez de Castro e de Teresa Jacinta Torrente e Torres, donos do *pazo de Xerliz*<sup>4</sup>.

3 BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M.- FERRO PEGO, L. M. “Pazo A Nugalla en Pousada. Curantes”, *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, 2017.

4 FERRO PEGO, L.M.-BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. “Pazo de Xerliz y Casa Badía en Guimarei”, *Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, nº. 10, Pontevedra, 2012.

Foron os pais de *Pascual* que casou con Micaela Fernández, de *Alonso* que foi presbítero, de *Antonio*, de *Josefa*, casada con Andrés González, de *Rosa* e de **Bernardo Valladares Gómez** (*que segue*)

**Bernardo Valladares** casou o 7 de outubro de 1748 con *María Gómez Fernández* (ou *Gil*, nalgún documento), filla de José e Dominga Fernández Quintero e Gil, con raíces en Deza e en Trasdeza.

Foron os pais de *Benita*, que casou con Juan Costoya, de *Josefa*, que casou con José Troitiño, de *Ángela*, que casou con Manuel Ramos, e de *José Dionisio Valladares Gómez* que foi o pai do escritor *Marcial Valladares Núñez*.

## Os Núñez

Na primeira metade do século XVI vivía en Santiago un escribán chamado **García Núñez**, que casou primeiro con *María Núñez*. Nos anos 1530 este matrimonio mercou diversos terras e rendas nas parroquias de santa Mariña de Ribeira, Santeles, Ribadulla, Teo, Vedra, Riobó e Berres.

Logo casou con *Constanza Gómez*, coa que mercou en 1544-5 bens en Vedra, Frades, Ribeira, Carcacia e Ribadulla, e o 6 de outubro de 1545 mercaron a cuarta parte do lugar e aldea de **Vilancosta** por 50 reais de prata<sup>5</sup>.


En 1558 estaba casado en terceiras nupcias con *Beatriz Núñez*. García e Beatriz, veciños de Santiago, fixeron un **vínculo**<sup>6</sup> cos seus bens que tiñan en Sarandón, Crujeira, Constela, Sestelo, Vilancosta, Mouteira e outros, que lle deixaron ao seu fillo primoxénito. Fixo testamento en 1563.

En 1566 xa estaba casado, por cuarta vez, con *María Siso Bermúdez de Castro*, filla de Juan González Figueroa e de Inés Álvarez Bermúdez, señores da *casa grande dos Bermúdez de Castro*<sup>7</sup> en san Paio de Figueroa, da que tivo dous fillos: Inés, que casou en 1593 con

5 ACS P 20/1 fol 266r-266v.

6 Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia (ARG.RA) 2879/94.

7 BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M. - FERRO PEGO, L. M. "Casa Grande Bermúdez de Castro", rev. *NALGURES*, Asociación. C. de Estudios Históricos de Galicia, A Coruña. Nº. VIII, 2012.



Sinatura de García Núñez, fillo de Pedro Núñez. 1598.

Feliciano Salgado e Novoa, capitán da terra de Ribadulla e alcalde ordinario de Santiago, e Diego, que foi cardeal.

Pero García Núñez, que finou en 1567-68, tivo outros fillos:

1. **Jácome Núñez** (*que segue*)

2. *Pedro Núñez*, fillo de García Núñez e de María Núñez, casou con *Isabel Rodríguez*, que foi dotada<sup>8</sup> o 31 de decembro de 1558, polos seus pais, o escribán Pedro de Prado e María Criada, se ben parece que en realidade Isabel era filla do cóengo de Lugo don Gabriel Rodríguez de Casal de Raros, do pazo de Preguecido.

Pedro e Isabel Rodríguez tiveron por fillos a *Juana Rodríguez* e a *García Núñez Monteagudo*.

Pedro logo casou sobre 1579 con *Julia de Castro* viúva do escribán de Terra de Quinta don Bartolomé de Rivas, posiblemente filla do cóengo Tomás de Castro, de quen toma o apelido<sup>9</sup>, aínda que figura como filla de Juan Ballesteros del Mazo.

Pedro e Julia tiveron tres fillos: Ana de Castro, Andrés e María. (Cfr. *Casa de Araújo*<sup>10</sup>). Pedro Núñez faleceu en Santiago a finais do verán de 1584, tendo nomeado testamentario ao cóengo Juan de Castro, parente, quizais sobriño, do xa citado cóengo Tomás de Castro.

8 ACS P 026 fol 242.

9 Descendente de Julia é a poetisa Rosalía de Castro, que aínda conserva dito apelido.

10 FERRO P. L – BÉRTOLO B., J. M., “Casa dos Araújo”, rev. *NALGURES*, Asociación. C. de Estudios Históricos de Galicia, A Coruña. Nº. IX, 2013 <http://www.estudioshistoricos.com/>

2. *María*, filla de María Núñez, que foi dotada o 30 de decembro de 1561 para casar con Alonso Varela. En 1574 xa estaba viúva<sup>11</sup>. Tiveron unha filla chamada Catalina Varela, que se opuxo a que Ana de Castro, filla de seu irmán Pedro, herdase os bens de seus tíos, pero logo apartouse xa que as débedas eran tantas como os bens que deixaba.

3. *Diego*. Sen descendencia.

4. *Frutuoso*. Sen descendencia.

5. *Catalina*, que vivía na rúa do Villar. Como sobreviviu aos seus irmáns *Diego* e *Frutuoso*, foi a herdeira destes e logo fixo testamento en 1603 a favor de Ana de Castro, a súa sobriña.

6. *Bartolomé*, que tivo como titor a seu irmán Pedro, quen vendeu diversos bens en 1573. Se era menor de idade en 1573, quere dicir que non era fillo de María Núñez, senón de Constanza Gómez.

Tendo herdado de seu pai uns terreos no lugar de Barcia en san Martiño de Riobó, en 1602 vendeunos por 38 ducados ante o escribán Juan Rodríguez da Costa a Gonzalo de Neira e Luaces e a María Mendoza, os donos do *pazo de Oca*<sup>12</sup>. Os nomes das herdades eran: Badoucos, Viñavella, Suacasa, Cardeña, Revolta, Barcia de Cima, Cerdeira, Cañoteiro, Amoreira, Suafonte e o monte Malpique.

Bartolomé foi denunciado pola súa sobriña Ana de Castro, filla de seu irmán Pedro e de Julia de Castro, quen logo casou con Luís Bermúdez de Castro e Aldao, da *casa grande dos Bermúdez de Castro* en San Paio de Figueroa, tamén viúvo. O 9 de agosto de 1595 Diego Bermúdez, fillo de dito Luís, di que *habiendo el dho Luis Bermudez ynbiado a Ana de Castro hixa de Julia de Castro su mujer al su lugar de la Puente Sarandón a coger y beneficiar el pan que tenía y en su compañía a Dominga das Carballas su criada [...] es venido a mi la noticia que Bartolomé Núñez, vecino de dho lugar de la Puente de Sarandón [...] a la sobredha con una espada que llevaba en la mano le dio una gran herida en la cabeza muy peligrosa...*<sup>13</sup>, polo que pediu ao xuíz investigar dita agresión contra a criada.

**Jácome Núñez**, que foi o sucesor no vínculo e que, casado con *Juana Rodríguez*, foi pai de:

11 ARG.RA 11428/79.

12 ARG. RA 1285/47.

13 AHUS Protocolos de Diego de Castro.

**Juan Núñez Monteagudo**, o fillo maior e polo tanto sucesor no vínculo e morgado, casou con **María da Rigueira Maceda** e eran veciños de Sarandón.

Foi escribán, como os seus ascendentes, pero litigou pola escribanía de Ribadulla contra Miguel de Latorre Neira.

En 1617 arrendaron a Domingo González de Trabada, prateiro, veciño de Santiago, e á súa muller, María de Castro (outra das fillas de Julia de Castro e Pedro Núñez, o seu bisavó), unha casa e outros bens sitos en Santa Mariña de Ribeira, durante trinta anos por nove ferrados de centeo<sup>14</sup>.


Precisamente foi María da Rigueira, estando viúva, quen en 1634 puxo no cuberto da súa casa e durante seis anos unha escola para nenos que dirixía un mestre chamado Domingo Rodríguez, que cando comezou a dar clase tiña 16 anos e que en 1670 seguía exercendo nesta parroquia, e que pola súa sinatura podemos ver que estaba ben preparado. Nestes momentos e nesta zona calcúlase que só un sete por cento dos homes sabían ler ou polo menos asinar. No documento de onde se sacaron os datos sobre esta escola, que data de 1670, aparecen 12 testemuñas, a maioría duns cincuenta anos, que son veciños de santa Mariña de Ribeira, e tamén algún de Ribadulla ou Barbude, dos que só sabe asinar malamente un deles, ademais do mestre. Entre as mulleres, nestes tempos, só algunha de familia nobre ou monxa sabía ler e escribir, e así, María da Rigueira, aínda que muller de escribán, non sabía nin asinar.

Juan, falecido sobre 1625, e María, que finou sobre 1648, tiveron entre outros a:

1. *Magdalena*, que casou con Santiago Núñez no lugar de Antequera, xurisdición de Quintas (xunto a Padrón).

2. **Francisco Núñez Monteagudo** (*que segue*)

**Francisco Núñez Monteagudo**, escribán, que casou primeiro con **María Núñez Vallo** (ou Bermúdez<sup>15</sup>), de Padrón e tamén de familia



Sinatura de Juan Núñez e Domingo González de Trabada.

<sup>14</sup> ACS P 154 fols 222r-223v.

<sup>15</sup> ARG.RA 2879/94.

de escribáns, e logo con *Isabel Nieto Sanjurjo*<sup>16</sup>, que recibiu o 19 de agosto de 1673 un dote de 42 ducados da memoria e obra pía do cardeal Tavera<sup>17</sup>.

Francisco tiña bens en Sarandón, Cruxeira, Constela, Sestelo, Vilancosta, Mouteira e outros, que eran do vínculo fundado polos seus bisavós. Ao parecer non tiña bens libres e desfíxose dalgúns bens que eran de vínculo.

En 1670 preiteou<sup>18</sup> contra seus parentes e veciños Jacinto Campelo e Mariana Ballesteros del Mazo por mor dunha solaina en Ponte Sarandón, que servía de entrada e serventía ás dúas casas, así como pola auga que viña de Curuxeira ata Ponte Sarandón e que Jacinto non lla deixaba recoller. A auga pasaba polas herdades de Jacinto por haber no medio o camiño francés que vai desde Ponte Sarandón ata Soutelo de Montes e saía canalizada por unha cana de carballo e agora de pedra e Francisco regaba as súas herdades excepto os sábados e domingos.

Faleceu sobre 1684 e foi o pai xunto coa súa primeira muller de:

1. **Benito Núñez** (*que segue*)
2. *Juan Núñez Monteagudo*, veciño de Santa Baia de Vedra.
3. *Lucía*, que vivía co seu pai en 1670.

**Benito Núñez** o herdeiro do morgado e veciño de Ribeira, disputou co seu irmán Juan en 1686 polos bens libres que puido deixar seu pai. Casou con María Arias Varela das Seixas, e tiveron por descendencia a:

**Benito Andrés Núñez Monteagudo** que casou o 4 de xaneiro de 1712 con **Benita Rosalía Miranda Campelo**, filla de Ana María Jacoba Campelo de Castro e de Pedro Salvador Miranda Valcarce. (Cfr. *Casa de Araujo*<sup>19</sup>).

Foron pais de **Manuel Jacinto** (*que segue*) e de outros oito fillos.

**Manuel Jacinto Núñez Miranda** casou en Barbude o 7 de febreiro de 1734 con *Manuela Gómez de Pazos*, que como xa vimos era filla de *Tomás de Pazos* e de *María Gómez Besteiro*, neta por liña materna

16 ARG. RA 2879/94.

17 ACS P 210 fols. 375r-376r.

18 ARG. RA 24078/63 e 24831/79.

19 *Casa dos Araujo*, o.c.



Lintel da casa de Vilancosta.

do avogado Francisco Gómez Ribadulla e de Ana Besteiro, *señores da casa de Vilancosta en Berres*.

Foron eles quen refixeron a casa de Vilancosta en 1751, segundo consta nunha inscrición da porta de entrada: “ESTA CASA LA MANDO HAZER DON MANUEL JAZINTO NUÑEZ BALCARCER I MIRANDA I SU MUGER DA. MANUELA DE PAZOS AÑO DE 1751”.

Pouco despois Manuel, xa viúvo, tivo de Josefa Porto, solteira, unha filla que recoñeceu, bautizada co nome de Manuela Francisca o 26 de xaneiro de 1754.

Casou de segundas o 27 de decembro de 1756 con *Eufemia Arén*, veciña de Castrelo, filla de José Arén Losada<sup>20</sup> e Mariana Gómez Gundín.

Manuel, como herdeiro do vínculo fundado por García Núñez e a súa esposa Beatriz Núñez, en 1762 aforou<sup>21</sup> a *Manuel Piñeiro Reimóndez*, veciño de Ribeira, unhas terras situadas en Vilancosta

Cando era *de crecida edad y con sordera que le imposibilita el trato con las gentes*, cedulle en vida a seu fillo Miguel ante Ángel de la Fuente as rendas que tiña en Sestelo, San Miguel de Moreira, Santeles, Ribela e outras, así como a casa de Ponte Sarandón *que la mitad es de mayorazgo, se lo cede por razón de alimentos como su hijo mayor y sucesor*. Unha das testemuñas era o seu cuñado Pedro Arén e Losada, veciño de Barbude, casado con Agustina Gómez de Castro, do *pazo de Xerliz*. Advírtelle ademais que estea atento pois Pedro Miranda,

20 José era fillo de Pedro de Arén. Cfr. BÉRTOLO, J. M. “Pedro de Arén, arquitecto de Terra de Montes (C.1635-1699), e a súa descendencia”, *A Estrada. Miscelánea H.C.*, 2016.

21 ARG. Protocolos de Pedro Antonio Domínguez.

do pazo de San Bieito (ou *casa de Araújo*), *se intrusó en un prado que se nombra Trasadafonte... con el agua de dicha fuente.*

Manuel morreu o 3 de maio e 1783 en Berres. Manuel e Manuela foron pais de:

1. **Miguel Núñez Pazos.** (*que segue*)
2. *Nicolasa Núñez Pazos.*
3. *Cristóbal Núñez Pazos*, que faleceu en Berres 4 de setembro de 1813 tendo feito testamento ante Bonifacio Paseiro.

**Miguel Núñez Pazos** casou o 27 de decembro de 1756 con *Francisca Arén e Losada e Cadórniga* (irmá da súa madrastra), bautizada o 7 de agosto de 1720, filla de José Arén e Mariana Gómez Gundín, da casa de Castrelos en Terra de Montes, neta por liña paterna do *mes-tre Pedro de Arén* e de *Manuela Losada Cadórniga*, e por liña materna de *Francisco Gómez Gundín*, un dos dous escribíans da xurisdición de Montes, casado con *Jacinta Reigosa*.

Francisca Arén faleceu sen testamento en Berres o 28 de marzo de 1798. Miguel, que foi sepultado o 7 de outubro de 1820, e Francisca foron os pais de **José Núñez Arén** (*que segue*)

**José Diego Manuel Núñez Arén**, foi bautizado en Castrelo (Forcarei) o 22 de xuño de 1761, tendo por padriños a Diego de Castro, veciño de Castrelo e a Bernarda Arén Losada, veciña de Folgoso.

Casou o 8 de decembro de 1783 con *Teresa Ignacia Morciego Población*<sup>22</sup>, bautizada en Berres o 1 de agosto de 1757 filla de José Morciego e de Teresa Población<sup>23</sup>.

Teresa foi sepultada o 30 de decembro de 1834 e José aos 85 anos o 9 de xaneiro de 1846. Ambos vivían no lugar da Igrexa onde tiveron a seus fillos:

1. **M<sup>a</sup> Concepción Núñez Morciego**, (*que segue*)
2. *Vicenta María Ignacia Núñez Morciego*, bautizada o 29 de febreiro de 1788, tendo por padriño a seu tío-avó cura Ignacio Arén.

22 Teresa era a terceira de varios irmáns nados en Berres: Manuel Joaquín (13-12-1753) que foi capelán e administrador do pazo de Oca, Gabriel Ambrosio (13-3-55), M<sup>a</sup> Vicenta (4-1-60), Joaquín Vicente (28-11-63), Pedro, que foi cura de San Cristovo de Merín e de san Mamede de Ribadulla, e Francisco que foi avogado e casou o 13 de setembro de 1779 con María Pazos, viúva de Gregorio Gómez.

23 Teresa Población, falecida o 4/10/74, era irmá do cura de Berres don Gabriel Población, que foi sepultado o 19/9/1790 con testamento ante Pedro Antonio Carbón, escribán de Tabeirós.



Lareira da casa de Vilancosta.

Casou co escribán Lázaro Noya. Finou en Vilancosta o 22 de agosto de 1869.

3. *Gabriela Antonia María Ramona Núñez Morciego*, bautizada por Gabriel Población, cura de Berres, o 28 de abril de 1789, tendo por padriño a Gabriel Morciego capelán en Santiago. Solteira e xunto coa súa irmá Manuela outorgou testamento ante Francisco de Oca o 2 de outubro de 1853. Finou en Vilancosta o 2 de setembro de 1868.

4. *Josefa Ignacia María Núñez Morciego*, bautizada 5 de xaneiro de 1791, que casou co médico Juan López.

5. *Vicente María Pedro Ramón Antonio Núñez Morciego*, bautizado o 19 de xuño de 1792 e falecido o 5 de agosto dese mesmo ano.

6. *Manuela Juana Núñez Morciego*, bautizada o 19 de xaneiro de 1794, solteira.

7. *Juana Neopomucena Núñez Morciego*, bautizada o 20 de xaneiro de 1796.

**M<sup>a</sup> Concepción Núñez Morciego**, bautizada en Berres o 21 de marzo de 1786 tivo por padriños a seu tío-avó Gabriel Población e á súa avoa Francisca Arén.

Casou con *José Dionisio Valladares Gómez* en Sarandón na capela de don Pedro María Cisneros, conde de Ximonde, o 14 de outubro de 1817 oficiando a cerimonia don Pedro Morciego Población, tío da noiva. José Dionisio, de quen xa vimos a súa ascendencia, nacera o 23 de xuño de 1787 en Santa María de Graba (Silleda).

José Dionisio distinguiuse na guerra da Independencia chegando a ser capitán e conseguindo nove medallas. Foi avogado e ao casar asentouse en Vilancosta. Foi membro da Comisión de Estadística de Galicia a partir de 1818, xuíz de 1<sup>a</sup> Instancia no Barco de Valdeorras

en 1820-23, tamén foi comisionado pola Deputación Provincial de Galicia e a Audiencia para o arranxo dos partidos xudiciais. Foi o correspondente de Pascual Madoz en Lalín e Tabeirós para a elaboración do *Diccionario Geográfico-Histórico-Estadístico de España* (coñecido como *Diccionario de Madoz*). Logo foi deputado a Cortes por dúas veces e mesmo chegou a ser gobernador de Ourense.

M<sup>a</sup> Concepción Núñez xunto coas súas irmás solteiras Gabriela e Manuela e o seu marido José Dionisio outorgaron testamento<sup>24</sup> o 2 de outubro de 1853. As irmás deixáronlle a seu sobriño Marcial a metade vincular<sup>25</sup> que lle correspondía por vínculo fundado polo licenciado Juan del Río y Rozas e do padroado fundado en Vilancosta, ademais da casa principal de Vilancosta cos seus anexos, gandos, etc. A cambio Marcial debía auxiliar ás súas tías e irmás mentres estivesen solteiras ou viúvas, debía pagar os enterros dos membros da casa e as misas fundadas na parroquia compostelá de Santo André por García Núñez.

Porén o 13 de maio de 1861, José Dionisio quixo deixar feitas as partillas dos seus bens, os da súa muller que xa finara e os das súas cuñadas Gabriela e Manuela Núñez entre seus fillos para que non houbera problemas entre eles e ademais quedase reunida a casa e bens do lugar de Vilancosta, que había de quedar para o primoxénito Marcial. Estaban presentes todos os interesados, é dicir, os fillos de José Dionisio e as fillas de Jacoba, Socorro e M<sup>a</sup> del Carmen xunto co seu tío e curador Francisco Javier Blanco, cura de Sarandón. Xuntáronse todos os bens, que foron avaliados por un taxador e logo repartidos en quiñóns, tendo en conta a mellora de Marcial, que José Dionisio herdara os bens do seu neto Cándido José, e que as netas non entraban na parte das súas tías, pois non tiñan dereito. Os bens estaban taxados en 541.414 reais, dos que 70.595 correspondían a Socorro e M<sup>a</sup> del Carmen. E aínda que todos asinaron conformes, despois en 1870 estas irmás pediron a anulación das partillas, cousa que conseguiron na Audiencia de A Coruña por sentenza<sup>26</sup> o 15 de outubro de 1870.

24 AHPPo. Protocolos de Francisco de Oca.

25 De acordo coas leis desvinculadoras que databan de 1839.

26 ARG. A.T 47/5.

A morte de M<sup>a</sup> Concepción tivo lugar o 27 de maio de 1854 e a de José Dionisio o 24 de marzo de 1864.

Os seus fillos foron:

1. *Petra Agustina Jacoba María Valladares Núñez*, bautizada en Berres polo seu tío-avó Pedro Morciego Población o 17 de setembro de 1818, sendo a madriña dona Agustina de Puga, esposa do conde de Ximonde Pedro María Cisneros. Finou o 2 de xaneiro de 1821.

2. *Jacoba Valladares Núñez*, nacida seguramente en 1819.

De súas tías Gabriela e Manuela recibiu 6.000 reais, que tamén lle deixaron en herdanza o foro de Teo e os tres de Santeles.

Casou en Berres o 2 de xaneiro de 1837 con *Antonio Blanco Vázquez*, fillo de Pedro Blanco Peiteado e de M<sup>a</sup> Josefa Vázquez, veciños de Santa Cruz de Ribadulla, e tendo por testemuña ao presbítero Francisco Blanco.

Jacoba finou o 4 de novembro de 1853 e o seu marido, que era alcalde Vedra, poucos días despois.

Foron veciños de Santa Cruz de Ribadulla, sendo pais de:

a. *María Esperanza Blanco Valladares*, bautizada en Berres o 28 de outubro de 1837, sendo os padriños Francisco Javier Blanco e Gabriela Núñez. Morreu de nena.


b. *Socorro Blanco Valladares*, bautizada o 22 de febreiro de 1839, casou con *Ricardo Luces Miranda*, enlazando así outra vez coa *casa de Araújo* en Ribeira. Tiveron numerosa prole: Herminia, Jaime cura de Paradela, Laura, Isaac, Ricardo, Francisco Javier que casou con Ceferina Gil Bañas (pais de Javier, que casou con Paulina Velasco, con descendencia), M<sup>a</sup> Nieves, M<sup>a</sup> Carmen, José e Victorino.

Socorro faleceu o 12 de xuño de 1880 en Folgoso (Cerdedo), onde estaba o seu marido como escribán.

c. *Cándido José Blanco Valladares*, nacido o 16 de xuño de 1842, finou en xuño de 1855 en Santiago e foi enterrado en Santa Cruz de Ribadulla.

d. *María del Carmen Blanco Valladares*, bautizada o 3 de abril de 1844, casou primeiro con Jacobo Freire Abad, e despois co seu cuñado Ricardo Luces Miranda.

As irmás Socorro e M<sup>a</sup> del Carmen, ao quedar orfas viviron en Sarandón co seu tío cura Francisco Javier Blanco. En 1870 alenta-



Defunción de Socorro Blanco V.


das polo seu tío impugnaron<sup>27</sup> as partillas feitas polo seu avó José Dioniso e os seus tíos o 15 de xuño de 1861, alegando entre outras cousas, que eran menores de idade e que non tiñan curador cando se fixeron –aínda que nas escrituras figuraba como curador o seu tío cura, este logo negábo-. A Audiencia de A Coruña deulles a razón e as partillas foron declaradas nulas.

2. *Marcial Valladares Núñez*, nacido e bautizado en Berres o 14 de xuño de 1821 cos nomes de *Marcial Ramón José M<sup>a</sup> del Pilar*, tendo por padriños aos seus avós maternos. Foi licenciado en Dereito en Santiago, exerceu en moitos cargos públicos (Vicepresidente do Consello Administrativo de Pontevedra, gobernador civil interino de Pontevedra ata en oito ocasións, etc.), pero sobre todo foi poeta, novelista e lexicógrafo, un dos precursores do Rexurdimento da literatura galega. Escribiu poesía en castelán a partir de 1839 e en galego a partir de 1843. Foi autor dun *Diccionario Gallego-Castellano*, dun *Cantigueiro popular* e da primeira novela moderna en galego, *Maxina, ou a filla espúrea*. Outras novelas: *Páginas contemporáneas*. *Flora*, *Ánxela*. As súas poesías apareceron na *Gramática Gallega* de Saco y Arce, nas revistas *El eco de Galicia*, *La ilustración Gallega y Asturiana*, e *Galicia*. Escribiu tamén *Memorias de Familia*, que están fotocopiadas no Museo da Estrada. Todo isto levou a que fose nomeado correspondente da Real Academia Española en 1880.

Faleceu o 19 de maio de 1903.

3. *Sergio Valladares Núñez*, nacido en O Barco de Valdeorras o 15 de outubro de 1823. Foi avogado e conselleiro provincial de

27 ARG. A.T. 47/5.



Pontevedra. Escribiu poesía, a comedia *El reverso de don Frutos*, relatos curtos, e sobre socio-política e xurisprudencia. Recibiu en herdanza a casa e gandos de Mollarrabo, ademais da casa e horta de Sarandón.

Casou con *Manuela Santos Fontán*, sobriña da condesa de Pallares<sup>28</sup>. En Sta. Mariña de Ribeira tiveron unha filla o 25 de marzo de 1853, pero finou o mesmo día de nacer recibindo as augas bautismais de necesidade de José Seijas, veciño de Santiago.

Sergio faleceu o 21 (sepultado o día 24) de marzo de 1855 en San Xoán de Laia (Palas de Rei), onde se atopaba por cuestións da administración do conde de Pallares.

Manuela logo casou en 1862 co farmacéutico Francisco Pereira García (10 anos máis novo), e foron veciños de San Lourenzo de Ouzande. Tamén sen sucesión.

4. *Andrea Avelina María Teresa Gabriela Valladares Núñez*, nacida o 23 de outubro de 1825 e bautizada ao día seguinte, tendo por padriños a seu avó materno José e á súa tía materna Gabriela.

28 BERTOLO BALLESTEROS, J.M.-FERRO PEGO, L.M. "Un conde de Pallares en Santa Mariña de Ribeira. A Estrada". *A Estrada. Miscelánea Histórico Cultural*, nº 12, 2009.

Viviou sempre en Vilancosta, excepto entre os 19 e 25 anos que vivía en Zamora cos seus pais. Ao regresar fíxose cargo do goberno da casa por mor da enfermidade da súa nai e posterior morte. Puido casar pero declinou polo que foi sempre a “tía Avelina” non só para seus sobriños, senón para todos os que a coñecían<sup>29</sup>.

Aínda que por ser muller case non tivo escola, formouse nun fogar ilustrado, polo que pronto comezou a escribir poesía. Foi unha inspirada poetisa en castelán e galego e unha das primeiras mulleres que publicou artigos de opinión na prensa escrita. Tamén escribiu algún relato como *Diálogo entre un peregrino que se dirige a Santiago y un labriego*, onde combina castelán e galego.

Fixo testamento en 1876 a favor do seu afillado Laurentino e deixando unhas mandas para as súas afilladas Amparo Velón (que morreu antes que ela) e Avelina Velón. Faleceu o 17 de marzo de 1902.

5. **Luisa Victoria Juana Benita** (*que segue*)

6. *Prima María de Las Mercedes*, xemela nacida primeira, que foi bautizada o 24 de setembro de 1830. Padriños o avó materno e Jacoba, irmá da bautizada.

7. *Gregoria Segunda Mercedes*, segunda xemela, bautizada cando a súa irmá, sendo os padriños o seu irmán Marcial e a súa tía Manuela Núñez. Foi monxa ingresando na Ensinanza de Santiago de Compostela en 1864, pero o ano seguinte pediu que a sacaran de alí, retirándose a Vilancosta onde viviu practicamente o resto da súa vida.

8. *Isabel Vicenta Andrea*, que foi bautizada en Berres o 11 de novembro de 1831, tendo por madriña a Vicenta Núñez, casada con Lázaro de Noya e veciña de Santa Cristina de Veá.

O 26 de xullo de 1864 recibiu autorización eclesiástica para casar sen proclamas con *Ángel Velón Taboada*<sup>30</sup>, do pazo de Santiso (Lalín), fillo de José María Velón, cabaleiro maestrante da Real de

29 Era normal, ata tempos recentes, chamar de “tía”, “tío”, á xente maior e respetable. En Francia había un uso semellante, como vemos no título da novela *Le père Goriot*.

30 Tiña un irmán, Ramón Matías, que en 1851 foi proposto para o curato de san Miguel de Bendoiro por José Moreno Daíz, coronel retirado da Mariña, e pola súa esposa Sofía Moscoso Taboada de Moreno, veciños de A Coruña, pois pertencía aos morgados dela.

Ronda, e de Manuela Taboada, esta de san Paio de Figueroa. Ángel Velón estaba viúvo de dona Josefa MosqueraVázquez Bazán.

Isabel finou en Santiago o 28 de maio de 1921 na súa casa com-postelá na praza da Universidade, tendo feito testamento ante Jesús Fernández Suárez, e deixando só tres fillos: Plácido, José e Avelina, pois tivera a:

a. M<sup>a</sup> *Amparo*, fora bautizada en Berres o 30 de xullo de 1865 cos nomes de M<sup>ea</sup> Amparo Florentina Avelina Ángela Isabel Josefa Manuela e tivo por padriños a seu tío cura de Moalde don José María Belón e á súa tía Andrea Avelina Valladares. Casou en Santiago (S. Fiz) o 8 de setembro de 1886 con Vicente Vázquez Rubio, natural de Ordes, e foi sepultada en Santiago o 1 de xaneiro de 1893. Sen testamento.

b. *Plácido Velón Valladares*.

c. *José Velón Valladares*.

d. *Ángel Velón Valladares*. Naceu en San Román de Santiso (Lalín) e sendo un mociño finou en Santiago o 25 de maio de 1889.

e. *Avelina Velón Valladares*.

f. *Ramón Velón Valladares*, que, casado con Rita Campa Iglesias, finou aos 34 anos o 11 de xullo de 1911 en Santiago (parroquia de san Fiz).

g. *Rita Velón Valladares*, que solteira finou o 3 de xuño de 1899 en Santiago.

**Luisa Victoria Juana Benita Valladares Núñez**, nacida o 29 de decembro de 1827 e bautizada ao día seguinte, tendo por padriños a Juan Costoya e a Benita Valladares, veciña de San Mamede de Moalde, diocese de Lugo.

Casou en Berres o 16 de abril de 1860 con *Bernardo Prudencio Espinosa Salgado*<sup>31</sup>, nacido en Escuadro o 28 de abril de 1829, fillo de Benito Fernández Espinosa do *pazo de Cascaxide* e de María Salgado Vaamonde, do *pazo de Soutolongo* (Lalín), neto por liña paterna de José Fernández Espinosa e Josefa Varela e Vereá de Aguiar, e por vía materna de Benito Salgado, veciño de Soutolongo, e Juana

31 Eran trece irmáns, algún citados xa noutras casas como Jesusa, que casou con José García Centeno (Cfr. BERTOLO BALLESTEROS, J.M., "Pazo da Mota A Estrada". *Miscelánea Hª.e Cultural*, nº 15, 2012.



Vilancosta.

Vaamonde, de Brántega, que casou en segundas nupcias con José M<sup>a</sup> Rivas Taboada, veciño de Siador. Luisa finou en Vilancosta en outubro de 1911.

Fillo de Luisa e Bernardo foi **Laurentino Espinosa Valladares** (*que segue*).

**Laurentino Espinosa Valladares.** Bautizado o 5 de febreiro de 1861, pasou os primeiros anos en Vilancosta ao coidado da súa tía e madriña Avelina.

En 1882 graduouse en dereito e ao ano seguinte, o 26 de xullo de 1883, casou en Callobre con *Concepción Cervela Malvar*, do *pazo de Valiñas*<sup>32</sup>, nacida en Santiago o 6 de xaneiro de 1859.

Aos 42 anos herdou o casal de Vilancosta, pois foi o único neto varón de José Dioniso Valladares. Alcalde da Estrada e ademais agrarista, participou en distintos mitins ao igual que o seu xenro Antón Losada Diéguez, impulsando o asociacionismo labrego.

En xaneiro de 1914 pasou a vivir coa súa familia a Domaio, onde tiña a casa de Montealegre por parte da súa esposa. Alí foi nomeado xuíz municipal de Moaña.

Laurentino finou o 7 de febreiro de 1936 e a súa muller Concepción o 4 de xuño de 1937. Laurentino fixera testamento o 31 de xaneiro de 1936 deixando os bens repartidos entre os fillos. A

32 FERRO PEGO, L., BÉRTOLO BALLESTEROS, J.M., "Pazo de Preguecido e casa de Valiñas", *Estudios de Genealogía Heráldica e Nobiliaria de Galicia*, Pontevedra, nº 11, 2013.

meirande parte dos bens de Vilancosta tralas partillas quedaron para Rafael e José.

Tiveron sete fillos nados en Moalde, excepto o primeiro:

a. *Avelino Espinosa Cervela*, nacido en Vilancosta o 12 de xullo de 1884, se ben foi bautizado cos nomes de Juan Gualberto Avelino Ramón María Germán. Estudou Dereito en Santiago e foi xuíz en Verín, en Becerreá, Padrón,... e fiscal da Audiencia de Ourense.

b. *Germán Rafael Álvaro Luis Jesús María Jose Espinosa Cervela*, nacido o 13 de agosto de 1886. Foi perito mecánico-electricista en Vigo. Casou en xuño de 1933 con *Purificación Otero García*, indo vivir á *casa da Mota* en Riobó, onde morreu Rafael. Foron pais de Rafael e de María Dolores, quen casada vivía en Santiago.

c. *María del Carmen Micaela Felisa de los Sagrados Corazones Espinosa Cervela*, nacida o 11 de xuño de 1888. Casou o 8 de decembro de 1913 co avogado *Manuel Ferreirós Oca*, fillo de Manuel Ferreirós Batallán e de Lucía Oca e Vila.

Manuel publicou en 1908 un folleto titulado *Abonos*, nos que daba información das distintas clases de fertilizantes aos labregos. En 1917 pediu permiso para plantar tabaco nos seus terreos de Poio, Moaña e Berres. En 1916 foi nomeado decano do Ilustre Colexio de Procuradores.

Manuel morreu o 26 de novembro de 1931 na súa casa de Poio. A viúva tivo que traballar arreo nun estanco de Pontevedra para sacar adiante á súa numerosa prole. Aínda que morreron de nenos dous dos seus fillos, cando morreu seu pai vivían: Manuel, María, Carlos, Luís, Albina, Antonio, Concepción, Mercedes e Jesús (que foi médico e casou en 1960 con Josefina Conde Montero-Ríos). O maior chamado Manuel, avogado, finou durante a Guerra Civil, polo que **Carlos Ferreirós Espinosa** quedou como primoxénito.

d. *Julián José Severo de los Sagrados Corazones*, nacido en 1892, morreu de neno.

e. **José Ramón Valentín Victor Espinosa Cervela**, (que segue)

f. *Albina Mercedes Plácida Sara*, nacida 16 de xaneiro de 1894. Casou en Domaio en 1914 con *Antón Losada Diéguez*, que naceu en Moldes o 7 de xaneiro de 1884, fillo do notario Miguel Losada e Carmen Diéguez Arias. Antón estudou Filosofía e Letras en Deusto



Interior da casa.

cos xesuítas. A partir de 1907 desde o agrarismo defende as súas ideas políticas escribindo en “El Estradense”. En 1914 exerce como catedrático en Ourense e casa con Albina, sendo pais de Antón que naceu en Moldes ao ano seguinte. Pero Albina morreu en Ourense, onde exercía o seu marido, o 17 de decembro de 1916 de febre tifoidea, polo que se fillo Antón foi criado pola súa tía Mercedes. Antón ao ano seguinte trasládase a Pontevedra, onde será deputado provincial, logo ingresa no Seminario de Estudos Galegos e en 1928 entra como membro na Real Academia Galega. A súa morte ten lugar o 15 de outubro de 1929.

g. *María Mercedes Luisa*, nacida o 14 de marzo de 1897. Casou co seu cuñado Antón Losada Diéguez o 20 de decembro de 1920 en Vilancosta. Seus seis fillos chamábanse Antonio, Miguel, Mercedes, Albina, Joaquín e Luís.

**José Ramón Valentín Víctor Espinosa Cervela**, nacido o 20 de xullo de 1892. De mozo, estando enfermo do pulmón, estivo en Soutelo de Montes facendo unha cura de montaña e sobrealimentado, ata que curou.

En xullo de 1938 prendéronlle lume con líquido inflamable ao portalón de castaño da súa casa de Vilancosta, pero afortunadamente non ardeu a casa. O culpable era un veciño da parroquia de Ribeira. En 1940 o “jefe provincial del Movimiento” nomeouno xefe local da Estrada,

José casou o 14 de decembro de 1946 con *Gumersinda Rial Requeijo*, natural de Cesantes (Redondela). Foi industrial traballando en Domaio, Santiago e A Estrada. Foi nomeado deputado provin-

cial. Recibiu en herdanza a casa de Vilancosta. Finou o 15 de abril de 1971 en A Estrada.

Pero mortos ambos sen sucesión, Gumersinda deixou a casa de Vilancosta ao que lle tocase en sorte entre catro dos seus sobriños José Luis Espinosa, Antón Losada, Carlos Ferreirós e José Luis Rial. A sorte caeu en **Carlos Ferreirós Espinosa**, que tiña daquela 54 anos.

**Carlos Ferreirós Espinosa**, naceu o 1 de febreiro de 1918 en Poio (Pontevedra). Por mor da Guerra Civil tivo que deixar os seus estudos de medicina ao ser mobilizado en 1937. Trala guerra continuou un tempo no exército chegando a capitán de infantería. Ao pasar a reserva, continuou os estudos e en 1945 xa era médico. Foi catedrático na facultade de medicina en Santiago e xefe do Departamento de Radioloxía do Hospital Clínico Universitario de Santiago.


Casou en Cee o 5 de xullo de 1951 con *M<sup>a</sup> del Carmen Domínguez del Campo*, nacida o 18 de xullo de 1926, filla de Joaquín Domínguez Nemiña, natural de Cee, e de Teresa del Campo Martín, natural da provincia de Logroño.

Cando Carlos herdou a casa de Vilancosta, rehabilitouna durante os anos 70, de aí que a casona se conserve en bo estado.


Finou en Vigo o 22 abril de 1996 e repousa en Berres, onde tamén foi enterrada *M<sup>a</sup> del Carmen*, que finou en Santiago o 27 de agosto de 2007.

Os seus fillos naceron entre 1952 e 1964:


1. *Joaquín María Carlos Manuel Alejandro Ferreirós Domínguez*.
2. *Carlos Ferreirós Domínguez*, biólogo, casou o 17 de setembro de 1981 en Bayona con *M<sup>a</sup> Teresa Criado Álvarez*, nacida en Vigo, filla de Andrés e *M<sup>a</sup> Victoria*.
3. *M<sup>a</sup> del Carmen Ferreirós Domínguez*, farmacéutica, casou o 7 de agosto de 1982 co médico Moisés Hernández Blanco, nacido en Valladolid, fillo de Moisés e *M<sup>a</sup> del Carmen*.
4. José Manuel *Ferreirós Domínguez*, casou en Gandía o 14 de marzo de 1992 con *M<sup>a</sup> Dolores Orihuel Iranzo*, nacida en Gandía, filla de Benito e Silvia.



Árbore xenealóxica de Marcial Valladares.



Árbore genealógica de Marcial Valladares.



Detalle da árbore xenealóxica dos Valladares Núñez.



# Manuel Porto Verdura

Luís Manuel Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es

**Resumo.** Este artigo achéganos á admirable peripecia vital do “Escobeiro”, emprendedor e destacado persoeiro estradense; á súa estadía cubana, onde fixo fortuna; á súa popularidade e constante iniciativa, que o levou a efectuar inversións en construción e industria, sen esquecer diversa información sobre a súa familia. Proponse tamén que a rúa “Manuel Porto Verdura” volte de novo ao rueiro estradense.

**Abstract.** This article approaches the admirable life of adventure of Escobeiro, an enterprising man and important figure in A Estrada. It gets us closer to his stay in Cuba, where he made fortune, and to his popularity and constant initiative, which led him to make several investments in construction and industry, without forgetting some information about his family. It is also proposed that Rúa de Manuel Porto return again to A Estrada street map.

Dos esposais contraídos na igrexa parroquial de San Miguel de Arca o día 26 de febreiro do ano de 1876 entre Benito Porto Constenla, “O Capelle”, labrador, natural e veciño de Parafita na parroquia de Santa María de Nigoi (fillo de Manuel Porto Rodríguez e de Benita Constenla), e Manuela Verdura Iglesias, labradora, natural do lugar de Carballa na parroquia de San Miguel de Arca, (filla de Francisco Verdura e de Juana Iglesias) veu ao mundo no lugar de Parafita de Nigoi, na casa coñecida co nome de “Capelle”, un meniño que se chamou Manuel Porto Verdura, nado ás 13 horas do día 21 de decembro de 1876. Foi bautizado na igrexa parroquial de Santa María de Nigoi o día 19 de decembro de 1876, tendo por padriños ao seu tío Benito Porto e á súa avoa Benita Constenla.

Vemos unha contradición na data do nacemento; non puido nacer o 21 de decembro de 1876 e ser bautizado o día 19 do mesmo mes e ano. Debemos deducir que a data de nacemento real sexa a da igrexa, pois naqueles tempos bautizábase o mesmo día de nacer ou ao día seguinte (pois as criaturas sen bautizar non gañaban o ceo, segundo afirmaba a igrexa católica), mentres que a data que apor-



Manuel Porto Verdura.

ta o seu certificado de nacemento do Rexistro Civil da Estrada dinos que naceu o día 21, posiblemente ao anotar fóra de prazo e para non ter unha sanción variaron a data de nacemento, pois daquela non se precisaba certificado médico que constataste a chegada ao mundo do neonato.

Foron fillos deste matrimonio, ademais do referido Manuel, Francisco, nado o día 27 de setembro 1880 e José que naceu o día 26 de novembro de 1883. Tras finir súa nai o 20 de novembro de 1889, seu pai contraeu novos esposais na igrexa parroquial de Santa María

de Nigoi o día 3 de decembro de 1892 con María Rosende Porto, da que tivo catro fillos, Manuela, Manuel, Dolores e Benito. Benito Porto Constenla finou o 28 de xaneiro de 1928 en Nigoi, cando seu fillo Manuel era xa un rico propietario.

Ante a miseria que asediaba ao mundo rural en España e dun xeito moi especial en Galicia, onde a falta de industria, o caciquismo e o minifundio afogaban os labregos, Manuel Porto Verdura, practicamente sen escola, aos 16 anos, toma a firme decisión de emprender viaxe para Cuba a onde emigra a finais do século XIX. Aínda que hai outra razón, quizais máis poderosa, que ameazaba a todos os mozos, pois pronto ía ser chamado para facer o servizo militar e iso significaba ir a unha guerra, neste caso á de Cuba ou á de Filipinas, polo que, para librarse deste destino, os pobres emigraban e os ricos pagaban para que fose outro mozo no seu lugar.

Naqueles tempos, para embarcar e facer a viaxe a ultramar, podía pagar o billete de embarque deixando a familia empeñada ao ter que pedir o diñeiro, ou tratar de ir como mozo de servizo traballando no barco a cambio da pasaxe, ou ben de polisón, o que era moi arriscado nunha travesía tan longa.

Manuel chega a Cuba cunha man diante e outra detrás. O primeiro traballo que realiza é a venda de xornais polas rúas; para iso empeña a chaqueta que tiña a cambio dos xornais, e ao remate do día retira a chaqueta pagando cos poucos cartos que gañara nas vendas dos xornais. E para reducir gastos, come o xusto e retírase a durmir no parque.

Co paso do tempo Manuel atopa emprego nunha fábrica de escobas, onde traballa varios anos, aforrando todo o diñeiro que gaña, ata que por conta propia monta unha pequena fábrica. Rapidamente, como gran emprendedor que era, en plena Primeira Guerra Mundial, aproveita que atraca en Cuba un barco cargado con palla de escobas, para facerse con todo o material, ampliando así o negocio aos e cepillos. Non esquece as súas orixes e ponlle ao seu negocio o nome de *El Águila de Nigoi* (representado por unha aguiá negra). E ¡por fin! comeza a facer fortuna na emigración.

Manuel Porto Verdura axiña será coñecido polo alcume de “O Escobeiro” por ser o propietario dunha importante fábrica de escobas e cepillos na Habana.

No escrito editado en Cuba, *Sociedad Hijos del Ayuntamiento de La Estrada. Memoria Correspondiente al año 1916-1917. Leída y aprobada en la Junta General de Socios del 14 de julio del corriente año. Socios fundadores el día de la Constitución de la Sociedad*, atópase co número 53 a Manuel Porto Verdura, pertencente á parroquia de Nigoi.

Véndose desbordado polo moito traballo que produce a dirección da fábrica, decide traer a Cuba aos seus irmáns José e Francisco. Francisco contraerá matrimonio con María Dolores Pazos Baliño, nada en Nigoi o día 29 de xaneiro de 1881, filla de José Pazos Iglesias e de Josefa Baliño Valcárcel. O matrimonio trasládase á Habana, onde teñen un fillo que nace o día 1 de outubro de 1922, ao que poñen por nome Manuel (Porto Pazos), en honor do seu tío.

E José contrae esponsais en maio de 1933 con Luzdivina Daparte Porto, natural de Nigoi, nacida o día 18 de agosto de 1896, filla de José Daparte Rivas e de Manuela Porto Constenla naturais de Nigoi. Foron pais dun fillo chamado José Porto Daparte, nacido o día 8 de maio de 1934 e finado en Oleiros-A Coruña o 19 de xullo de



Palmira coa súa filla Manuela.

1989. Finou Luzdivina en A Estrada o 13 de xuño de 1950 e José o 3 de xuño de 1960, sendo enterrado en Nigoí.

Francisco pasa a ser a man dereita de seu irmán Manuel, exercendo labores de xerente, desenvolvendo un magnífico traballo e chegando a manter relacións comerciais cos Estados Unidos, mentres que Manuel se dedica a investir a pequena fortuna, que `medra día a día, e a pasar tempadas na súa terra da Estrada.

Cando Francisco e María Dolores se trasladan a Cuba, acompañaos unha sobriña de María Dolores, chamada Palmira Filomena Pazos Baliño, nada na parroquia de Nigoí o día 12 de setembro de 1906, filla de María Josefa Pazos Baliño.

Palmira Filomena tivo relacións con Manuel Porto Verdura, facilitadas porque ambos vivían na casa de Francisco, irmán e tío respectivamente. Deste amor entre Manuel e Palmira naceu unha filla, chamada Manuela Pazos Baliño, na Habana o día 2 de marzo de 1928, non sendo recoñecida polo seu pai, descoñecéndose os motivos. Cando falece Manuel Porto, tiña esta nena tan só nove anos de idade.



Manuela Pazos Baliño.



Pasaporte de Manuela Pazos Baliño.

En efecto, Manuel Porto Verdura, finou na rúa *Agua Dulce*, número 12, da Habana, o día 23 de marzo de 1937, cando contaba 60 anos; seguía solteiro e exercía a profesión do comercio. O seus restos mortais foron soterrados no cemiterio de Colón.

A fortuna de Manuel Porto foi repartida, a metade entre os seus irmáns José e Francisco (que finou na Estrada o 4 de decembro de 1958), e a outra metade para os catro medio-irmáns que tiña, actuando como apoderado do Administrador Xudicial don Maximino Sanmartín.

Pouco tempo despois de morrer Manuel, Palmira Filomena xunto coa súa filla Manuela Pazos Valiño, retorna á Estrada, onde vivirán na súa casa na rúa Calvo Sotelo (que durante un tempo levou o nome de Manuel Porto Verdura), enriba do sanatorio de Campos, ata que ten lugar a súa morte o día 10 de abril de 1950.

Como Manuel non quixo recoñecer a súa relación con Palmira, tanto esta como a súa filla Manuela non quixeron saber nada de Manuel e nunca trataron de que se recoñecese a paternidade de Manuel. Por iso, aínda que Manuel tiña moitas propiedades, non lle quedou nada á súa filla. Porén, a súa fortuna reverteu nunha neta chamada María Dolores, do seguinte xeito:

Manuela Pazos Valiño, a filla de Manuel e Palmira contraeu esponsais na Estrada o día 11 de decembro de 1947 con Jesús Valcárcel

A close-up photograph of a handwritten signature in dark ink on a light-colored, textured paper. The signature reads 'Manuel Porto' in a cursive script. Above the signature, the date '14 de abril 1978' is written in a similar cursive hand. The text is slightly slanted and appears to be part of a larger document.

Sinatura.

Rodríguez, fillo de don Avelino Valcárcel Porto e de dona Virginia Rodríguez Sangiao. Deste matrimonio quedaron dous fillos, ambos os dous nacidos na Estrada: María Dolores Valcárcel

Pazos o día 8 de setembro de 1948, sendo os seus padriños de bautizo Francisco Porto Verdura e a súa dona María Dolores Pazos Baliño, e José Manuel Valcárcel Pazos o día 13 de marzo de 1951 sendo os padriños seus tíos José Porto Verdura e e Luzdivina Daparte.

Manuela mantíña unha amizade de irmáns co seu curmán Manuel Porto Pazos, o fillo dos seus tíos Francisco e Dolores, pois aínda que este era seis anos maior ca ela, os dous se criaran xuntos en Cuba. Dito Manuel estudou dereito na Habana, onde contraeu matrimonio coa cubana Magdalena Sofía Mariño Duro, e veu á Estrada a mediados dos anos corenta coa súa muller.

Jesús Valcárcel Rodríguez emigra a Venezuela e reclama anos máis tarde á súa dona, permanecendo en Venezuela practicamente o resto da súa vida. Ao marchar deixan aos cativos María Dolores e a José Manuel Valcárcel ao coidado de Manuel Porto Pazos e da súa dona Magdalena-Sofía, que viven na Estrada uns anos, ata 1966, en que tras vender *La nueva Electra* a FENOSA, trasladan a súa residencia para A Coruña.

Co paso dos anos María Dolores Valcárcel Pazos, que vive na Coruña xunto a Manuel Porto e Magdalena Sofía Mariño, toma os apelidos Pazos Mariño. Nesta capital contrae matrimonio canónico na capela do colexio coruñés dos Salesianos o día 2 de febreiro de 1974, con Emilio Julio Jesús Suárez Mosquera. Deste matrimonio quedan dous fillos chamados Francisco e Emilio Suárez Porto.

Manuel Porto Pazos finou o día 16 de novembro de 1981 e a súa dona Magdalena Sofía o 17 de novembro de 1969, ambos na cidade da Coruña, sendo a súa herdeira María Dolores Pazos Mariño, polo que parte da fortuna de Manuel Porto Verdura acaba revertendo na súa neta.

## Actividades económicas de Manuel Porto Verdura

Manuel Porto Verdura vai ser un referente na evolución urbanística da Estrada, pois os seus magníficos e suntuosos edificios transformaron a vila nos anos anteriores á Guerra Civil.

En 1921, aproveitando que pasaba unha tempada en terras estradenses, solicita licenza para construír dúas casas, unha na Praza Ramiro Ciorraga (hoxe Praza de Galicia) e outra na rúa Peregrina.

Logo merca a dona Emilia Álvarez e familia unhas casas que había na rúa Ries-

tra, esquina con Justo Martínez, para levantar un novo edificio de dúas plantas (que logo modificou), emprazando o edificio de xeito que quedase unha rúa de 12 metros de ancho. Tamén axusta co Concello o terreo municipal na esquina de Ramiro Ciorraga con rúa Peregrina na que ía levantar outro edificio.

O edificio da Farola, tamén coñecido como *casa do Capón* por lucir no cataventos un galo metálico, e promovido por Manuel Porto Verdura foi obra do arquitecto Juan Argenti Navajas. A pedra con que son edificadas tanto a casa da Farola como a da Esquina, procede da canteira de Xustín da parroquia de Arca.

O edificio representou un atractivo na vila, que é loado na prensa en multitude de ocasións. Así, a finais de 1927 coméntase que na *fachada del grandioso edificio del Sr. Porto Verdura, junto al surtidor de gasolina de José María Pena* instalouse un buzón de correos que recollía a correspondencia ás 20'30 horas. E noutra ocasión dise:



Planos edificio Farola.



Edificio La Farola.

Cuando nuestro espíritu se deleita contemplando el continuo embellecimiento de nuestras calles y plazas de La Estrada; cuando al ver alzarse una y otra y un sin fin de elegantes casas de edificación fastuosa, nuestro optimismo crece y cree lograda la labor impuesta a si mismo por un grupo de hombres de ideas y por otro de hombres de acción.[...] Ese hombre al que La Estrada debe mucho y deberá más, pues sus ideas que se transforman en trabajo, son inagotables, ese hombre (“nada menos que todo un hombre”, que diría Unamuno) es D. Manuel Porto Verdura, digno de figurar, por derecho propio, en nuestro Ayuntamiento, y en él destacarse entre sus figuras activísimas<sup>1</sup>

En 1926 tamén comeza a refacer a súa vivenda vilega e o cerramento da súa casa natal de de Parafita, na parroquia de Nigoi.

En 1926-27 contribuíu coa súa xestión para que o Estado fíxese varios camiños veciñais no concello de A Estrada, en especial o que saíndo da estrada de Codeseda ao Campo acaba en termos da parroquia de Nigoi na estrada de Vilapouca a Ponte Veá.

En 1929 constrúe unha casa na Travesía do Marqués de la Vega de Armijo.

1 *El Emigrado*. Periódico Galleguista. Órgano de las Sociedades de emigrados y de agricultores. 16/08/1927



Placa conmemorativa.

Todas estas obras significaron moitos postos de traballo, polo que os obreiros agradecidos puxeron unha placa no alto do edificio *La Esquina* que pon: *Los obreros, a don Manuel Porto Verdura, año 1931*.

Mercou tamén en 1933 a antiga igrexa parroquial por 34.100 pts., para construír un hotel, se ben non se fixo por falecer en 1937. A igrexa xa sen a torre-campanario foi durante anos utilizada como garaxe e almacén, ata que no solar se ergueu un edificio novo.

Edificaba nos sitios máis céntricos e con máis perspectivas de revalorización. Outras veces non edificaba persoalmente, senón que mercaba o edificio ou a casa xa construída, e non só na Estrada, pois mercou inmobles na zona de expansión da Coruña (rúa Rubine, rúa Juan Flórez e San Andrés), en Vigo, etc. Tamén invertía en solares e leiras. As propiedades que tiña en Cuba eran tan ou máis importantes cás que tiña en Galicia.

A súa actividade económica tamén se estende á industria. Chus Fernández Bascuas<sup>2</sup> dinos que,

2 FERNÁNDEZ BASCUAS, M.J. "Unha aproximación o estudo da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada (1900-1950)". *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, ed. Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela Núm. 1, ano 1998, pp.151-167.

Tamén no 1928 se dissolve a sociedade propietaria da empresa “La Nueva Electra de La Estrada”, sendo adquirida a metade dela por D. Manuel Porto Verdura e quedándose coa outra parte D. Manuel Saborido [...] Neste mesmo ano contactan con “La Sociedad Gallega de Electricidad” a quen lle mercaban enerxía procedente do Tambre a través da central de Segade en Caldas de Reis.

A central eléctrica “La nueva Electra” estaba situada na marxe dereita do río Liñares no límite das parroquias de Moreira e Aguións e fronte á aba do vello castro desta última parroquia. Tiña unha turbina que fornecía de fluído eléctrico á vila da Estrada. Logo, en 1930, Porto Verdura e Saborido conseguiron unir a súa rede ao salto do Tambre, co cal tiñan a posibilidade de dar fluído eléctrico a todas as parroquias estradenses. Esta medida é aplaudida por todos os estradenses, pois non só vai facilitar a vida das persoas do rural, senón que tamén vai permitir instalar pequenas industrias nas diferentes parroquias,

que ocupen tanta gente como la que hasta ahora ha tenido que emigrar por falta de ocupación adecuada, entre nosotros, en que ganar el sustento<sup>3</sup>.

[...] A partires de 1934 será o Sr. Porto Verdura o propietario de tódalas empresas que viñan prestando servizo na Estrada e parroquias do seu entorno (agás Codeseda), adquirindo a outra metade de La Nueva Electra ó Sr. Saborido e mercando a central a D. Camilo Pardo Feijoo<sup>4</sup>.

A nova empresa, con oficinas enriba do *Café Regional*, pasa a chamarse desde ese momento *La Eléctrica*, sen embargo esta denominación non tivo éxito e seguiuase a chamar *La Nueva Electra*.

Trala morte de Manuel, serán os seus herdeiros os que leven a electricidade en 1938 ás parroquias de Guimarei, Cereixo, Vinseiro e Moreira<sup>5</sup>. Máis tarde en 1949-50 instalan unha liña de transporte de enerxía eléctrica de alta e baixa tensión para o subministro das parroquias de S. Andrés, S. Xiao, S. Xurxo e Sta. Cristina de Veá, Valoira, Cora e Couso, así como ás parroquias cuntienses de Portela e Couselo<sup>6</sup>. A finais de 1950 levan unha liña eléctrica desde Penalba ata san Pedro de Ancorados para dar servizo aos distintos lugares

3 *El Emigrado*. 31/10/1929.

4 FERNÁNDEZ BASCUAS, M.J. o.c.

5 *El Pueblo Gallego*, 4/3/1938.

6 *El Pueblo Gallego*, 16/3/1949.



Edificio A esquina. Foto Bernabé.

desta parroquia E en 1951 dan servizo ao pazo de Maíndo e tamén estenden a liña eléctrica ata diversas aldeas do concello de Cruces.

En 1931 algúns veciños propoñen a Manuel Porto para que entre como concelleiro no Concello da Estrada, pero declina esa oferta pois di que xa está facendo política electrificando as aldeas e contribuíndo cos seus edificios ao engrandecemento e ornato da vila.

Na sesión ordinaria do 24 de outubro de 1931 do concello de A Estrada acórdase, segundo lemos no libro de actas, o seguinte:

Así mesmo se acuerda dar el nombre de “M. Porto Verdura” a la calle que hasta aquí se denominó de Riestra; en consideración a los múltiples beneficios que esta Villa y Municipio, viene recibiendo del Sr. D. Manuel Porto Verdura, quien llevado principalmente de su altruismo ejemplar, construye magníficos edificios, instala industrias, y es finalmente el más intenso y activo popular del progreso de este país”.

O acto de colocación da placa que dá nome de Manuel Porto Verdura á antiga rúa Riestra, presidida polo alcalde estradense Juan Manuel Rodríguez Seijo, efectuouse o día 1 de xaneiro de 1932. O alcalde ponderou o labor de Manuel no seu discurso:

No se trata de rendir homenaje al político relevante ni tampoco al héroe con marchamo o aureola de tal, y menos al linajudo que busca y ansía la manera de perpetuar su nombre. Se trata del laborioso vecino que ha luchado fuerte y tenazmente dando de lado a muchas exigencias sociales que pudieran interponerse al éxito de la empresa que lo embargaba, orientando su vida y talento en el sentido de lograr una sólida y bien cimentada posición económica, que en

vez de destinarla al plácido tijerazo del cupón y a otros negocios de positivo y cómodo rendimiento, viene dedicándola a la construcción y a la industria, haciendo que los beneficios de estos progresos alcancen al obrero, industriales y otras clases sociales, [...] Las obras ejecutadas y las que en proyecto tiene D. Manuel Porto Verdura no le pertenecen en la totalidad, en consideración a que el mismo propietario no puede privarnos del embellecimiento que prestan a la Villa y menos de que los vecinos y hasta los forasteros puedan admirarlas y contemplarlas al igual que solemos hacerlo ante el edificio que, saliéndose de los moldes corrientes, representa grandeza, en cualquiera de sus aspectos. [...]”<sup>7</sup>

Pero o nome da rúa de Manuel Porto Verdura foi cambiado axiña, pois durante a guerra civil o patriotismo imposto fixo que o seu nome se substituíra polo de Calvo Sotelo, quedando o antigo nome no esquecemento.

Tiveron que pasar moitos anos, ata que no 2003 unha comisión proposta polo concello de A Estrada, formada por Olimpio Arca, David Otero, Juan Carlos Garrido, José Luna e Valentín García, propón cambiar o nome de Calvo Sotelo polo antigo nome de M. Porto Verdura. E aínda que nos anos seguintes trataron o tema no concello, aínda está sen materializar esta loable iniciativa.

Non se pode chegar ao termo deste artigo sen apoiar a loita destes intelectuais cargados de sensibilidade, bos coñecedores da nosa historia e fartos de ver asoballar a un fillo emprendedor e carismático do noso concello, sen pregar aos responsables políticos de todos os partidos e cores a que fagan un esforzo xeneroso para que a rúa que hoxe en día leva o nome de Calvo Sotelo (do que ningunha pegada hai nesta vila ) retorne ao seu antigo nome de *Manuel Porto Verdura* que por motivos máis que de sobra recoñecidos é merecente dela.

## Bibliografía e fontes documentais

- ARCA CALDAS, Olimpio, *Callejero histórico de la Villa de A Estrada*. A Estrada 1996.
- ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO COMPOSTELA, libros sacramentais de Santa María de Nigoi.
- ARQUIVO MUNICIPAL CONCELLO DA ESTRADA. Libros actas do concello, expedientes licencias de obras.
- ARQUIVO FAMILIAR PORTO MARIÑO. Documentación gráfica, escrita e testemuña oral.

<sup>7</sup> *El Emigrado*. 16/1/1932.

ARQUIVO FAMILIAR VALCÁRCEL PAZOS. Documentación gráfica, escrita e testemuña oral.

FERNÁNDEZ BASCUAS, C., *Aproximación a xénese urbanística da Vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901-1926)*. A ESTRADA, Miscelánea Histórica e Cultural, ed. Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela. N.º. 3, 2000.

FERNÁNDEZ BASCUAS, C., “Unha aproximación ao estudo da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada (1900-1950)”. *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, ed. Museo do Pobo Estradense M. Reimóndez Portela, n.º 1, 1998.

GALICIANA. Biblioteca Dixital de Galicia

LA VOZ DE GALICIA. Hemeroteca.

MUSEO DO POBO ESTRADENSE, Manuel Reimóndez Portela. Revista Sociedad de Hijos del Ayuntamiento de La Estrada en la Habana. Memoria correspondiente al año 1916-1917.x

REXISTRO CIVIL DA ESTRADA. Libros de nacementos, casados e finados.





# Vías romanas XX y XIX

César M. González Crespán  
cgcrespan@gmail.com

**Resumen.** Se resuelven los trazados de las vías romanas números XX (numeración de Saavedra) y XIX, por medio de un análisis de las mediciones realizadas, encajando matemáticamente las distancias con los lugares adecuados, con topónimos persistentes, y de acuerdo con las características geográficas y topográficas del norte de Portugal, Galicia y León, así como de las Rías Bajas gallegas. Se han cotejado los códices medievales digitalizados de las *Bibliotecas Nacional de Francia, Florentina Laurenciana Medicea y Vaticana*, la *Geographia* de Claudio Ptolomeo, la *Tábula de barro II de Astorga*, la compilación de Wesseling del *Itinerario Antonino*, etc.

**Abstract.** The routes of the Roman roads number XX (Saavedra's numerals) and XIX are settled through a measurement analysis, in which distances were mathematically tallied with the right places and current toponyms, according to the geographical and topographical characteristics from the north of Portugal, Galicia and León, as well as the Rías Bajas (southern coast of Galicia). Digital medieval codices have been checked in the *National Library of France, the Florentine Laurentian Library, the Vatican Library*, the *Geographia* by Claudio Ptolomeo, the *Astorga Clay Itinerary*, the Wesseling collection from the *Antonine Itinerary*, etc.

## Vía romana nº XX

*Iter (Item) per loca marítima a Bracara Asturicam (usque) mpm CCVII*, que significa *camino (también) por lugares marítimos desde Braga hasta Astorga mpm 207*.

En algunos códices dice *Iter*-camino, aunque en otros dice *Item*-también.

*Usque* aparece en algunos códices, pero en otros no. Sería *hasta* ó incluso *a continuación*.

mpm son las unidades *milia passuum*-mil pasos dobles romanos ó millas terrestres romanas. Por la época del *Itinerario Antonino* tienen un valor de 1.481 metros.

$$\text{mpm CCVII} = \text{XXII} + \text{XXX} + \text{XVIII} + \text{XVII} + \text{XXII} + \text{XII} \\ + \text{XX} + \text{XVI} + \text{L} = 22 + 30 + 18 + 17 + 22 + 12 + 20 + 16 +$$

**VÍA ROMANA n<sup>o</sup> XX**

*iter per loca maritima a bracara asturicam mpm CC*  
(CAMINO POR LUGARES MARÍTIMOS DESDE BRAGA HASTA ASTORGA)

<i>limia</i>	<i>mpm</i> XIX	19	28,1 k
<i>tudae</i>	<i>mpm</i> XXIII	24	35,5 k
<i>aquis celanis</i>	<i>stadia</i> CLXV	165	30,5 k
<i>vicos caporum</i> ( <i>vico spaciurum</i> )	<i>stadia</i> CXC	195	36,1 *
<i>ad duos pontes</i>	<i>stadia</i> CL	150	27,8 *
<i>grandimiro</i>	<i>stadia</i> CLXXX	180	33,3 *
<i>trigundo</i>	<i>mpm</i> XXII	22	32,6 *
<i>brigaetium</i> ( <i>brigantium</i> )	<i>mpm</i> XXX	30	44,4 *
<i>caranico</i>	<i>mpm</i> XVIII	18	28,7 *
<i>luco augusti</i>	<i>mpm</i> XVII	17	25,2 *
<i>timalino</i>	<i>mpm</i> XXII	22	32,6 *
<i>ponte neviae</i>	<i>mpm</i> XII	12	17,8 *
<i>uttaris</i>	<i>mpm</i> XX	20	29,6 *
<i>bergido</i>	<i>mpm</i> XVI	16	23,7 *
<i>asturica</i>	<i>mpm</i> L	50	74,0 *

Fig. 1. Vía romana N<sup>o</sup> XX.

**Vía romana n<sup>o</sup> XIX**  
(Distancias en milia passuum)

*Iter a Bracara Asturicam CCXCVIII (299) Sic*  
(Camino desde Braga hasta Astorga)

<b>Limia</b>	<b>XVIII (19)</b>	<b>28,1 Km</b>
<b>Tudae</b>	<b>XXIII (24)</b>	<b>35,5 "</b>
<b>Burbida</b>	<b>XVI (16)</b>	<b>23,7 "</b>
<b>Turoqua</b>	<b>XVI (16)</b>	<b>23,7 "</b>
<b>Aquis Celinis</b>	<b>XXIII (24)</b>	<b>35,5 "</b>
<b>Pria</b>	<b>XII (12)</b>	<b>17,8 "</b>
<b>Asseconia</b>	<b>XXIII (23)</b>	<b>34,1 "</b>
<b>Brevis</b>	<b>XII (12)</b>	<b>17,8 "</b>
<b>Marciae</b>	<b>XX (20)</b>	<b>29,6 "</b>
<b>Luco Augusti</b>	<b>XIII (13)</b>	<b>19,3 "</b>
<b>Timalino</b>	<b>XXII (22)</b>	<b>32,6 "</b>
<b>Ponte Neviae</b>	<b>XII (12)</b>	<b>17,8 "</b>
<b>Uttaris</b>	<b>XX (20)</b>	<b>29,6 "</b>
<b>Bergido</b>	<b>XVI (16)</b>	<b>23,7 "</b>
<b>Interamnio Flavio</b>	<b>XX (20)</b>	<b>29,6 "</b>
<b>Asturica</b>	<b>XXX (30)</b>	<b>44,4 "</b>

Fig. 2. Vía romana N<sup>o</sup> XIX.

50 = 207, que es la suma de las distancias que están en *milia passuum* en los códigos, sólo estas, excluye las distancias que están medidas en estadios.

Las unidades de medición *stadia* ó estadios eran unidades utilizadas en navegación, topografía, geodesia y astronomía, lo que sugiere que los cuatro primeros tramos de la vía, medidos en estas unidades, eran por mar, realizados por triangulación topográfica. Su valor por esta época era de 185 metros, equivalente a 1/8 de milla terrestre.

## Vía romana n<sup>o</sup> XIX

*Iter (Item) a Bracara Asturicam mpm CCXCVIII Sic*, que significa camino (también) desde Braga hasta Astorga mpm 299 Así.

En algunos códigos dice *Iter*-camino, aunque en otros dice *Item*-también.

*mpm* son las unidades *milia passuum*-mil pasos dobles romanos ó millas terrestres romanas.

$mpm\ CCXCVIII = XVIII + XXIII + XVI + XVI + XXIII + XII + XXIII + XII + XX + XIII + XXII + XII + XX + XVI + XX + XXX = 19 + 24 + 16 + 16 + 24 + 12 + 23 + 12 + 20 + 13 + 22 + 12 + 20 + 16 + 20 + 30 = 299$ , que es la suma de las distancias que están en los códigos, en mpm.



## Vías romanas nº XX y nº XIX

El origen, *Braga*, y destino, *Asturica*, de las vías romanas nº XIX y nº XX son los mismos. Los dos primeros tramos desde *Bracara* (Braga), hasta *Limia* (Ponte de Lima), y *Tude* (Tui), por coherencia con lo anterior, tienen que ser compartidos por las dos vías, aunque faltan en la nº XX, habiendo sido omitidos por algún error de transcripción de los códices.

Los tramos entre *Tudae* y *Luco Augusti* de la vía nº XIX tienen mansios con nombres que no coinciden con los nombres de ninguna mansio para los tramos entre las mismas ciudades de la vía nº XX, luego los trazados de ambas vías en estas zonas tienen que ser distintos, sin entrecruzarse.

Una vez resuelta la vía romana nº XX como una vía con cuatro tramos por el mar, es posible desdoblar la vía romana nº XIX como una unidad independiente de la misma. Los cálculos permiten obtener la traza ó línea maestra de las vías, con las evidencias arqueológicas conocidas, sujeta su delimitación exacta a rectificaciones posteriores consecuencia de nuevas evidencias arqueológicas.

Las características geográficas de la provincia de *Pontevedra*, así como lo recortado de las *Rías Bajas* gallegas, sólo admiten el trazado a lo largo de tierra firme de una vía terrestre, no de dos.

### Limia

*Ponte de Lima*, a la distancia fijada de XIX mpm (28,1 km). El camino desde Braga hasta aquí está plagado de miliarios puestos por distintos emperadores romanos.

### Tudae

*Tui*, a la distancia fijada de XXIII mpm (35,5 km). En la cercana *Valença do Minho* (Portugal), enfrente, en la otra ribera del río *Miño*, un miliario del emperador *Claudio* indicaba la distancia hasta *Braga*, XLII M.P. (42 millas romanas). Entre esta localidad y la anterior mansio, *Limia*, los miliarios son abundantes, indicando el paso de la vía.

## Navegación costera por las Rías Bajas gallegas

La complicada geografía gallega, en particular de la provincia de *Pontevedra*, con montes por todas partes y casi total ausencia de llanuras, hacía que las comunicaciones, transporte de grupos humanos y mercancías por la zona costera, las *Rías Bajas*, fuera frecuentemente de necesidad hacerla en embarcaciones por mar, dada la dificultad de las vías de comunicación terrestre, que sólo ha mejorado en tiempos recientes, con la construcción de costosas infraestructuras. La existencia de una vía de comunicación por mar registrada en tiempos antiguos era, por tanto, algo característico de la zona que nos ocupa. A consecuencia de lo anterior no es extraño que los siguientes tramos de la vía, medidos en unidades de navegación, los *estadios*, ó *stadia*, fueran marinos. Para ver la resolución detallada consultar la bibliografía (\*).

### Aquis Celanis

*Ínsua Nova* de la desembocadura del *Río Miño*, a la distancia fijada, medida a lo largo del canal fluvial navegable para pequeñas embarcaciones, de CLXV stadia (30,5 km).

### Vicos Caporum

*Cabo de Vicos*, isla sur de las *Cíes*, a la distancia fijada de CXCIV stadia (36,1 km), tras la navegación oceánica frente a las costas de *A Guarda* y *Oia*.

La persistencia del topónimo *Vicos (Cabo de)*, en la *Isla Sur* de las *Cíes*, y el encaje matemático de las distancias hacia el sur y hacia el norte, desde aquí, son pruebas que permiten identificar este lugar, punto más al norte del canal sur de la entrada a la *Ría de Vigo*.

### Ad Duos Pontes

Castro junto a la península de la *Nuestra Señora de A Lanzada*, a la distancia fijada, a través de las *Rías Bajas de Galicia*, de CL stadia (27,8 km), al sur de esta playa. En ese lugar están los restos de un puertecito romano. Es el lugar de partida *Hacia los dos Pontes*, *Pontes*, a dos kilómetros de distancia y *Pontevedra*, a veinticinco.

## Grandimiro

El paso de la vía romana nº XX entre la antigua isla de O Grove y la costa de Noalla, más allá del asentamiento romano del castro de A Lanzada, encaja con el paso por ese lugar de la barca con los restos del Apóstol Santiago. Que O Grove era una isla lo prueban los textos de las donaciones reales a la mitra Compostelana, en los que se cita la *Insula Ogoure*, así como dos mapas del siglo XVII, en los que aparece *Grobe ysla*, como se puede ver en la bibliografía citada. La playa de A Lanzada no existía en su extensión actual, habiendo entre O Grove y Noalla un canal de paso navegable para pequeñas embarcaciones. En la isla de A Toxa, hacia el canal, se encuentra la *Capilla de las Conchas* de San Caralampio y San Sebastián, aunque construida hace sólo 150 años, en sus cercanías había un templo anterior, saqueado por los piratas, hoy desaparecido. Se mantiene el símbolo de las conchas. Después de pasar por el canal entre las Islas de A Toxa y A Toxa Pequena, el siguiente paso de la vía romana nº XX era entre la isla de Arosa y la costa de Vilanova, por donde también se realizó el paso de la barca con los restos del Apóstol.

*Grandimiro* estaba en las *Torres del Oeste de Catoira*, a la distancia fijada de CLXXX stadia (33,3 km), subiendo por la desembocadura del *Río Ulla*.



Fig. 4. Torres de Catoira-Lugo. Vía XX. 129 Km.  
De acuerdo con los códigos: 128,9 km.

## Tramo de la Vía nº XX desde las Torres de Catoira a Lugo

Grandimiro	
Trigundo	32,6
Brigaetium	44,4
Caranico	26,7
Luco Augusti	25,2

**128,9**

	Vía XX Tramo Grandimiro - Luco Augusti (Catoira - Lugo)	Medida mapa	Acumulado	Mansión	M.P.	Km
<b>Torres de Oeste Catoira</b>	Torres de Oeste, EP-8001, 58, 8001 Catoira, Pontevedra			<i>Grandimiro</i>		
Pontecesures	Pontecesures, Pontevedra		9			
Padrón	Padrón, La Coruña		11,5			
Iria Flavia	Iria Flavia, La Coruña		12,5			
Escravitude	Escravitude, 15980, La Coruña		16,8			
Milladoiro	O Milladoiro, La Coruña		26,5			
<b>Santiago de Compostela</b>	Praza das Praterías, 6, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña	<b>31,8</b>	<b>31,8</b>	<i>Trigundo</i>	XXII	<b>32,6</b>
Boente	N-547, 6, 15826 Arzúa, La Coruña	<b>44,4</b>	<b>77,6</b>	<i>Brigaetium</i>	XXX	<b>44,4</b>
Melide	Mellid, La Coruña		82,5			
<b>Concello Palas de Rei</b>	LU-P-2901, 6, 27206 Palas de Rey, Lugo	<b>26,9</b>	<b>104,1</b>	<i>Caranico</i>	XVIII	<b>26,7</b>
San Romao de Retorta	CP 16-11, 5, 27234 Guntín, Lugo		111			
Bacurín	Bacurín, 27232, Lugo		115,8			
<b>Lugo</b>	Muralla Romana de Lugo, 27001 Lugo	<b>25,2</b>	128,8	<i>Luco Augusti</i>	XVII	<b>25,2</b>
		<b>128,3</b>				

## Trigundo (Atricondo)

*Catedral de Santiago de Compostela*, a la distancia fijada por tierra de XXII mpm (32,6 km).

Estos cálculos justifican el trazado de las vías romanas XIX y XX, que son la base sobre la que se asienta el Camino de Santiago. El trazado del *Camino de Santiago* se explica con la vía romana nº XX “per loca marítima”. La vía romana nº XIX no pasa por *Santiago de Compostela*.

El *Codex Calixtinus* establece el viaje en barca de los restos del Apóstol Santiago, *Traslatio Sancti Jacobi*, desde *Jaffa*, *Tierra Santa*, que recorre en su última parte las costas occidentales de la *Península Ibérica*, en dirección sur-norte, en su tramo final, frente a las costas de *A Guarda* y *Oia*, y además por las *Rías Bajas gallegas*, pasando junto a las *Islas Cíes*, *Cabo de Vicos*, que cierran la ría de *Vigo*, para llegar al puerto de *Iria*, en el río *Ulla*. También establece una peregrinación a Santiago de Compostela desde Europa, en los tiempos de Carlomagno, siglo VIII, en dirección este-oeste pasando por *As-torga* y *Lugo*.

El miliario de *San Fins de Sales* en *A Gándara*, entre *Vedra* y *Boqueixón* está situado algo al sureste, pudiera ser indicador de un trazado de la Vía nº XX alternativo al paso por *Santiago de Compostela*. El Imperio Romano se extiende en un período de tiempo muy largo, entre los siglos I a.C. y V d.C. Los miliarios fueron puestos en tiempos muy distintos, correspondientes a emperadores distintos. El *Itinerario Antonino* puede ser del siglo II d.C. o posterior. En este espacio de tiempo tan largo los tramos de vía han podido sufrir cambios, luego los miliarios pueden indicar cambios viarios, tramos de vía que han ido cambiando de un emperador a otro.

## Brigaetium

Se encontraría en un castro hoy desaparecido bajo la tierra, en la zona hay varios castros sin excavar, a la distancia fijada, de XXX mpm (44,4 km), por Boente (Arzúa). No se trata del “*Callaicorum lucensium in magno portu Flauium Brigantium*” (“Gran puerto de los gallegos lucenses en Flavio Bergondo-Betanzos”), como se extrae

del mapa de la *Geographia* de Claudio Ptolomeo confeccionado por el autor a partir de las coordenadas geográficas ptolemaicas, que se expone al final, sino de un lugar más al sureste llamado así.

### Caranico

Ubicable, a la distancia fijada, de XVIII mpm (26,7 km), en un castro, hoy bajo la tierra, del municipio de *Palas de Rei*, al norte, o en el municipio contiguo de *Friol*.

### Luco Augusti

*Lugo*, a la distancia fijada de XVII mpm (25,2 km).

En las cercanías de *Lugo*, los miliarios romanos situados más al norte, *San Román de Retorta*, *Bacurín* y *Santa Olaia de Bóveda*, parecen discurrir por el antiguo camino real entre *Santiago de Compostela* y *Lugo*, que sería la línea de trazado de la vía nº XX, más hacia el norte.

Los miliarios de *Seteigrexas* y *Entrambasaugas*, en las cercanías de *Lugo*, están situados hacia el sur, se ajustan en la línea de trazado de la Vía nº XIX.

### Timalino, Ponte Neuliae, Uttaris, Bergido, Asturica

mpm XXII + mpm XII + mpm XX + mpm XVI + mpm L = 32,6 km + 17,8 km + 29,6 km + 23,7 km + 74 km = 177,72 km, siendo la distancia natural a pie entre *Lugo* y *Astorga* de 176 km.

Los tramos entre *Luco Augusti* y *Asturica* de ambas vías, XIX y XX, tienen nombres de mansios que son coincidentes, luego las dos vías discurren en esta zona por el mismo trazado.

### Burbida

Se ubica, por cuadro de distancias, XVI mpm (23,7 km), en *Vigo*, correspondiendo el nombre del lugar con el topónimo actual *Berbés* (*Vigo*), coincidente en el lugar adecuado.

El tramo del camino partía desde *Santa Eufemia de Tui*, donde había un miliario romano, atravesaba las *Gándaras de Budiño* para



Fig. 5. Tui-O Berbés (Vigo). 24,5 km. de acuerdo con los códigos: 23,7 km.



Fig. 6. La calle Romil, en dirección de O Berbés (Vigo).

llegar, subiendo las cuestas, a *Herville*, cerca del *Alto da Cruz*, para después ir por *Marcosende*, cruzando el monte por *O Porto*, llegando a *Beade* y dirigiéndose por el valle del *Fragoso* abajo hacia *Sárdoma* y *A Salgueira*, pasando la variante por la ladera oeste del monte do *Castro*, y llegando a la *Falperra*, donde está la fuente, a las puertas mismas de *O Berbés*.

*Burbida* no es ubicable, como se ha hecho frecuentemente, en *Borbén (Pazos de)*, siendo esta una localidad serrana, que está alejada de la línea maestra por donde discurre la ruta, llamada “Depresión Meridiana”, a una distancia de unos siete km. La distancia a pie entre *Pazos de Borbén* y *Tui* es de 31,8 km, muy superior a los 23,7 Km (XVI M.P.) fijados en el Itinerario. La interposición del imponente macizo del *Galleiro*, de 600 m de altura, entre *Tui* y *Pazos de Borbén*, con sus fuertes pendientes y roquedales, hace imposible el trazado de ningún tipo de vía transitable por carros tirados por bueyes, si no es dando un gran rodeo, que impide realizar el cuadro de distancias. En *Pazos de Borbén* no se han encontrado restos de la época romana, mientras que en *Vigo* si, y abundantes.

En la imagen se observa el cálculo con el medidor de distancias entre *Tui* y *Vigo*. Se obtiene una distancia de cálculo aproximada a la de los códices.

Como un fósil viviente, la *calle Romil*, larga y estrecha, en la dirección correcta, demora casi hacia el norte, hacia el *Berbés*, cuyo topónimo, modificado por el paso del tiempo, se corresponde con el de la antigua *Burbida*, y se encuentra un poco más allá de la *calle de la Falperra*, en el *Paseo de Alfonso XII*, discurriendo por la ladera occidental del *monte del Castro*, entre calles abiertas en tiempos modernos, con trazados más anchos, realizados con tiralíneas, *Pi* y *Margall*, *Conde de Torrecedeira*, *Avenida de las Camelias*, por la que es cortada, y *Avenida de la Hispanidad*. Por su extremo sur, enlaza con la *calle Regueiro*, cruzando después, en dirección sur, a otras calles modernas, *Zamora*, *Barcelona* y *Gran Vía*, para llegar en esta dirección a la *Salgueira (Sárdoma)*, y de aquí dirigir el camino hacia *Beade*. La traza maestra de esta calle se mantiene casi invariado desde tiempos de los romanos, e incluso anteriores. Bajo el asfalto moderno se encuentra la vía romana.

Es muy posible que exista un vínculo entre el poblado castreño excavado en los años 1980, en la ladera occidental del *monte del Castro*, por Hidalgo Cuñarro, y el trazado y el basamento de la *calle Romil*, que discurre por sus proximidades. También habría un vínculo con las numerosas cuevas que había en esta zona.



Fig. 7. O Berbés (Vigo)-Iglesia de Santa María do Viso. 23,8 Km. de acuerdo con los códigos: 23,7 Km.

## Turoqua

O muíño de Arriba, xa situado cando o val se abre, tamén parece ser dos máis antigos, aínda que é posterior ao da Firga, pois a cachotería xa está algo traballada. Hoxe é unha ruína que asoma no medio das silveiras.



O muíño de Abaixo, xa situado nunha zona ben remansada, parece pola estrutura moi similar ao anterior (se ben o recibado de cando foi restaurado non deixa ver ben a cachotería), polo que serían obra da mesma época. Este conta cunha pontella de lousas, ancha, longa e alta que permitía o paso ao muíño.



O muíño da Picota ten todas as trazas de ser o máis moderno, o que contaba cunha tecnoloxía punteira, e é o último do rego Pego Negro do que facían uso os veciños da Somoza. Máis abaixo xa nos atopamos co primeiro muíño de Tabeirós. É un muíño moi coidado, ben aparelhado, amplo e con todo o necesario in situ para o seu mantemento, pois incluso conta cun guindastre manual para levantar a capa e “picala”.



O muíño de Ramón é o único do outro regueiro, denominado Rego da Granxa de Gómez, ubicado a un lado da parroquia de Castro Ramiro e no curso alto. Pola canteiría deducimos que tamén é ancestral, se ben moeu até os anos 80 do pasado século. Presenta unhas gravuras curiosas, das que máis adiante falaremos, e ten inscrito o nome do dono ou do canteiro, co ano.



O interior muíño de Abaixo xa foi moi reformado nos últimos tempos da súa vida, como lles pasou a moitos outros. Cambiáraselle o vello teito de fortes vigas e ripas de madeira por unha lousa de formigón, e recibáranse as paredes con cemento, co que presentaba un aspecto moito máis hixiénico. Púxoselle ademáis un volante para subir o rodicio, en lugar do sistema de cuñas que tiña anteriormente, polo que era máis rápido e preciso poñelo en marcha. Contaba cos elementos típicos: o pé ou mesa enriba da quel xira a moa, moendo o gran que cae da caixa (chamada moega ou moxega) que está encolgada na parte superior sustentada por unha viga. Arredor do pé, un armazón de madeira para recoller a fariña por un porteliño e evitar que se ciscase polo chan. Contaba tamén cun banco no que poder sentarse e pousar os sacos de gran ou fariña.

nos tempos previos á concentración parcelaría, nos primeiros anos setenta. Se o muíño da Firga parece o máis vello, este é sen dubida o máis moderno. Grande e amplo, alto e con maquinaria de última xeneración, precisa e de ferro toda ela. Contaba cunha pontella dun home para acceder a él, moi elevada sobre o río para que non lle afectasen as enchentas, se ben a levou unha delas nos oitenta. Puido construírse nas primeiras décadas do século XX, e moeu ben até mediados dos anos oitenta do século pasado.



O inferno: así se lle chamou ao lugar onde a auga accionaba o mecanismo para poñer en movemento a capa, a pedra que fai que se moa o gran. O inferno é o motor do muíño. Nel estaba o rodicio, horizontal, coa súa transmisión (o varón), xirando nos primeiros tempos enriba de dous seixos: a agulla e a ran. O inferno do muíño da Picota xa contaba con materiais moi modernos, que aínda hoxe, despois do seu longo período de abandono, podemos observar.



Cruces, cruces, máis cruces. É raro non atopar un muíño que non as teña polo menos nunha nas xambas da porta; e canto máis vellos, polo xeral, máis cruces. Fálase de que estas cruces servían para escorrentar e manter alonxados os malos espíritos, meigas, trasnos e outros seres. Hai que darse conta dos lugares en que están ubicados os muíños, xeneralmente bastante apartados dos núcleos de poboación, cun acceso difícil. E tamén sería unha maneira de cristianizalo. Sen dúbida estas cruces apaguaban moitas almas inqedas no momento de acudir á moenda. Neste caso vemos unha das cruces do deteriorado muíño da Firga.



Nalgunhas ocasións, ademais das cruces, tamén aparecían outro tipo de marcas, como ano de construción ou dunha importante remodelación, o nome do propietario e mesmo debuxos. Un dos debuxos máis chamativos atópase nunha xamba da porta do muíño da Ramón, onde figura un cáliz co seu pan. Este muíño tamén ten marcado o nome do seu propietario e a data 1887: probablemente indiquen a data dunha remodelación, pois o tipo de canteiría fai presumir una construción máis tardía.

## Os muíños hoxe

A realidade destas pequenas industrias na actualidade é de esquecemento e abandono xeralizado. Deixaron de cumprir a súa función coa chegada de novas e máis eficientes enerxías que –como xa salientamos máis arriba– trouxeron consigo cambios profundos na sociedade. Así pois, atopámonos con paisaxes de muíños completamente descontextualizados: hoxe, cando os contemplamos, parécenos que están en lugares remotos, inaccesibles e no medio dunha espesa fronde... e nada máis alonxado da realidade. Cando estaban en pleno uso, o máis normal é que arredor deles apenas houbera árbores algunhas; máis ben estarían rodeados de herbeiras e zonas de pasto para o gando, cando non no medio de terras de labor se o terreo era axeitado para traballar. Ós muíños chegábase por diferentes

camiños ou carreiros que a na actualidade apenas se perciben, mais que eran daquela verdadeiros canles de tránsito veciñal, rutina do día a día. Nada ten que ver aquela paisaxe coa de hoxe, na que a carballeira e o monte lle foron gañando espazo ó terreo que durante séculos traballaron centos de labregos que loitaban por sobrevivir nun ambiente hostil e difícil. Tan abandonados están os muíños como aquel modo de vida, que xa moi poucos acordan.

### Os novos habitantes

Mais aínda hai quen fai uso deles. E non falamos de xente, senón de fauna salvaxe. Os moitos recunchos dos muros serven para que varias especies de pequenas aves os escollan para aniñar ano tras ano (o paporroibo, o carrizo, a lavandeira, o merlo rieiro e, ás veces, algún que outro párido, a curuxa ou a avelaiona); a xeneta utiliza os seus muros como fito territorial: estas pedras son súas. Mais os verdadeiros donos dos muíños, se están pechados e tiveron a sorte de acometerlle un teito de formigón, son os morcegos, que os utilizan como durmideiros e paritorios nos que se poden xuntar verdadeiras colonias deles. Son un preciado e cómodo refuxio para estes animais protexidos, pois ofrecen escuridade, temperatura estable e seguridade contra os depredadores. Dúas son as especies máis frecuentes, e tamén as máis coloniais: o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposideros*). E a ambos atoparémolos pendurados do teito suxeitos polas fortes unllas dos seus cuartos traseiros. Outros, de costumes menos gregarias, agacharanse en fisuras: como o pequeno morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), os morcegos orelludos do xénero *Plecotus*, algún do xénero *Myotis*... Así pois, se vemos algún muíño pechado, ou se entramos nel e vemos algúns destes animais no teito, non nos debemos asustar: demos media volta e deixémolos na súa paz. Ó fin e o cabo, eles xa son os novos donos. Nós, agora, somos os intrusos.

## Bibliografía e fontes arquivísticas

- ABRAIRA PÉREZ, Miguel A., *Muíños das terras de Redondela. Estudo etnolóxico dos muíños de auga*. Servicio de publicacións da Deputación de Pontevedra, 2002.
- CASTELLS, Álvaro e MAYO, Manuel. *Guía de los mamíferos en libertad de España y Portugal*. Pirámide, 1993.
- LORES ROSAL, Xabier. “Os muíños de auga no Concello de A Estrada”, en *Revista de Estudos Provinciais*, 2002.
- MARTÍNEZ-ABRAÍN, A. “Ríos vivos”, en *Quercus* n° 378.
- PALOMO PALOMO, Juan e FERNÁNDEZ URIAL, María Pilar. “Los molinos hidráulicos en la Antigüedad”, en *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie II, t. 19-20, 2006-2007.
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel. *A Estrada rural*. Servizo de publicacións da Deputación de Pontevedra. 2007.
- PORTO RICO Damián. “Guía dos recursos faunísticos, extinguidos e por extinguir, das terras da Estrada”, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, n° 20, 2017.
- VARELA CASTRO, Pedro. *A Estrada*. 1923.
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo do Priorato de Sar





# Un ribeirense na Corte dos Austrias

Damián Porto Rico

damian.portorico@hotmail.com

**Resumo.** Preséntanse aquí unhas notas sobre a vida de Juan Vermúdez de Castro, que foi porteiro da Cabalariza da Raíña no Madrid do chamado Século de Ouro até a súa morte en 1628. Do seu testamento xorden a maioría das poucas novas que del nos quedan para rastrexar o pasado cortesán dun veciño das beiras do Ulla que procurou ca emigración á vila de Madrid unha mellor vida agochando -mais non esquecendo- as súas orixes.

**Abstract.** We present here some notes about the life of Juan Vermúdez Castro, a caretaker from the Queen Stables in Madrid during the Golden Age until his death in 1628. Most of the few news that remains about him comes from his will, which allow us to track the court past of a man from the banks of the Ulla who emigrated to Madrid to find a better life, hiding but not forgetting his roots.

## De Juan Sarandón a Juan Vermúdez de Castro: o apelido como medio de ascenso social

A parroquia de Santa Mariña de Ribeira conta(ba) na súa xeografía con casas grandes coma a dos condes de Pallares, a de Cobián, a de San Bieito ou a do Piñeiro; ademais das que se erguen, moi próximas, na beira coruñesa do río Ulla: no concello de Vedra o cercano pazo de Guimaráns, por exemplo. Son toda unha constelación de apelidos como Abrales, Andrade, Araúxo, Ballesteros, Berbetoros, Campelo, Casal de Raros, Cisneros, Cobián, Fontán, Miranda, Mondragón, Montenegro, Outeiro, Pimentel, Reimóndez, Silva, Tovar, Ulloa, Valcárcel... os que tiveron asento e ás veces soar nesta zona privilexiada, que unía a súa proximidade a Compostela cun clima idóneo suavizado polo caudal do río do Apóstolo.

A maioría destas xenealoxías foron xa obxecto de estudos por menorizados, mais a personaxe á que adicaremos as vindeiras páxinas, polo que semella, non contaba de seu con casa grande, pedras armeiras, patrimonio, vínculos nin morgados; de feito, nin sequera



Campo de escudo baleiro nunha casa de Santa Mariña de Ribeira.

contaba con algo tan relevante naqueles tempos como eran uns bos apelidos. Malia estas eivas, foi un dos emigrantes que medraron na Corte, no Madrid barroco do chamado Século de Ouro, ao servizo da Casa de Austria como porteiro da Cabalariza da Raíña. Fixo certa fortuna e investíuna de vivo e de morto, tratando de perpetuar a súa memoria mediante a fundación dunha capelanía ou memoria de misas que instituíu postumamente na antiga igrexa de Ribeira, na que recibira as augas do bautismo.

Por desgraza son moi escasas as novas deste home cas que

contamos; e todas debedoras da súa morte: os rexistros sacramentais conservados da parroquia de Ribeira non chegan alén do 1614 e inferimos que Juan Vermúdez debeu nacer na segunda metade do século XVI. Polo seu testamento, outorgado na vila de Madrid en outubro de 1628 e que ocupa 46 follas, sabemos que veu ao mundo no lugar de Vilar, “a tres leguas de la Ciudad de Santiago, junto a la Puente Sarandón”, confesándose fillo lexítimo de Rodrigo de Sarandón e de María Festa. Morreu en Madrid anoitecendo o 17 de decembro de 1628.

Podemos dicir que, en certo modo, acadou as súas pretensións de memoria perpetua, xa que as misas e os capeláns da súa fundación sucedéronse até o século XIX: case douscentos anos de sufraxios pola súa ánima e polas dos seus parentes conforme a unhas derradeiras vontades xa esquecidas. E hoxe, case catrocentos anos despois do seu pasamento, voltamos a recordalo —e a reivindicalo— como veciño emigrado digno de figurar, aínda que sexa modestamente, na nosa historia local.

Consta que unha sobriña súa, Dominga de Soto (ou Souto), filla de María Festa e Domingos de Soto casou o 21 de xaneiro de 1626 en Ribeira con Gregorio de Alfonsín, natural de San Martiño de Barbude. E que a súa irmán, María Festa, faleceu viúva tamén en Ribeira o 8 de marzo de 1645, deixando por herdeiro ao seu fillo Miguel de Soto<sup>1</sup>. E pouco máis...

Ignoramos o momento da intrahistoria no que aconteceu a metamorfose que fixo que o veciño do lugar de Vilar de Santa Mariña de Ribeira Juan Sarandón Festa pasase a chamarse Juan Vermúdez de Castro: pode que esta mudanza fose froito do anxeio por facer fortuna na Corte ou que o cambio se xestase con anterioridade a esa etapa da súa vida.

Posiblemente a mutación dos apelidos orixinais Sarandón Festa nos máis eufónicos e aparentes Vermúdez de Castro se deba a adopción dos dunha póla colateral da familia, intentando entroncar cunha liña que lle procurase maior consideración nunha época na que o parentesco e a familia eran piares fundamentais do ascenso social. Nos séculos XVI e XVII o primoxénito ou sucesor nos bens adoitaba empregar os apelidos do pai; os demais irmáns non era raro que utilizasen os da nai, os da avoa ou mesmo os do padriño de pía se estes gozaban de superior prestixio. E tampouco era raro que unha mesma persoa –sobre todo se pertencía á fidalguía ou aos grupos mesocráticos– usara apelidos diferentes ao longo da súa vida, dependendo do contexto ou das herdanzas que poidera chegar a obter: moitos vínculos e morgados levaban aparelada a imposición de preservar a memoria dos fundadores e portar o seu apelido.

Os mesmos coetáneos non se facían demasiados problemas sobre este particular: temos, por exemplo, o caso do xoven Antón Beiro, natural de San Xoán de Cerdedo e fillo do escribán Melchor Gamallo Balboa. Nas información efectuadas tendentes á súa ordenación sacerdotal en 1706 afirmase sobre os apelidos do aspirante que “no hay que hacer reparo porque dicho Melchor Beiro tiene los dos apellidos y antes de ser escribano unas veces se firmaba Gamallo y otras Beiro y otras Balboa y otras todos juntos”. Ou o caso, entre moitos outros, dos fillos do escribán de San Xurxo de Codeseda Domingos

1 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, P018558.

Vázquez Vaamonde e da súa esposa Ana Castro: Fernando Vázquez Castro e Xosé Vaamonde Montenegro, que empregaban os distintos apelidos familiares.

Entraríamos así de cheo no tema da falta de definición na transmisión de apelidos, xa que até a segunda metade do século XIX non houbo regras concretas legais que fixasen a orde exacta na sucesión dos mesmos: con anterioridade, malia as normas establecidas polo costume, existía un baleiro que daba marxe mesmo a improvisacións esaxeradas, sendo esta unha das causas máis importantes de mobilidade social no Antigo Réxime, orixinando estratexias usurpatorias para asimilarse a liñaxes de probada xenealoxía.<sup>2</sup> Así foi como moitos Córdoba pasaron a ser Fernández de Córdoba, ou gran copia de desabridos Álvarez tornáronse en Álvarez de Toledo.

Ao anterior debemos engadir a mudanza nas grafías e formas empregadas na escrita, que variaron de xeito ostensible en consonancia con gostos, preferencias e inclinacións, dependendo do período histórico: aínda que nós optamos pola variante Vermúdez, é habitual a forma Bermúdez.

Cómpre termos presente tamén que a lingua non é só sinal de identidade étnica e medio de comunicación dun determinado colectivo; funciona ademais como marca simbólica de clase ou de pertenza a un determinado grupo social. E o cambio de grupo social comporta con frecuencia o cambio –ou conato do mesmo– de idioma ou de forma de falar: constatámolo de xeito reiterado nos séculos XVII e XVIII en casos coma os de “Domingos de Galiñáns”, segundo a súa partida de bautismo, que pasou a chamarse “Domingo de Galiñanes” nun expediente de apenas vinte anos máis tarde. Os “da Naia” mudaron ao castelanizado “Anaya”. Os “Laceiras” da zona de Barcala e Veá pasaron por diversas variantes chegando a ser “de las Eras” e a figurar no mesmo expediente un deles co apelido “Eiras” sendo fillo dun “Laceiras”. Tal acontece cos “Ermo”, que pretende-

2 Soria Mesa, E. *La nobleza en la España Moderna. Cambio y continuidad*. Madrid, 2007. Deste autor son moi interesantes ao respecto: “Genealogía y poder. Invención del pasado y ascenso social en la España Moderna”. En *Estudis: Revista de historia moderna*, nº 30 (2004). Páxs. 21-55. E “Tomando nombres ajenos. La usurpación de apellidos como estrategia de ascenso social en el seno de la élite granadina durante la época moderna”. En Soria Mesa, E., Caro Bravo, J. y Delgado Barrado, J. M. (Eds.) *Las élites en la época moderna: la monarquía española*. T. I. Córdoba, 2009. Páxs- 9-27.

ron en Galicia ás veces pasar a chamarse “Yermo”; e das dúas formas (e tamén como “Hiermo”) figuran a cotío nuns mesmos documentos. Ese pode ser o motivo polo que algúns “Louzán” nas partidas de bautismo aparecen anos despois como “Lozano”... Os exemplos darían para outra publicación.

O caso é que durante o chamado Antigo Réxime ser era parecer. E, polo tanto, parecer viña a ser, ser: a aparencia constituíuse como unha excelente forma de asimilación ao universo social dos grupos dirixentes; e aconteceu unha “pasión falsificadora” no Século de Ouro que dou lugar a moreas de xenealoxías apócrifas, conformadoras dun país imaxinario que soportaba detrás o drama moral dun tempo no que os prexuízos étnicos e de limpeza de sangue fortaleceiron a extravagancia e a fabulación<sup>3</sup>. Xa daquela Pedro de Urdamalas denominou “ganealoxía” a este fenómeno; e na *Gatomaquia*, Lope de Vega mófase das liñaxes épicas e da heráldica parodiando a ascendencia de Micifuz, descendente de Zaporón, pai de todos os gatos despois do Diluvio:

Yo soy Marramaquiz, yo noble al doble  
de todo gato de ascendiente noble:  
si tú de Zaporón, yo de Malandro,  
gato del macedón Magno Alejandro,  
desciendo, como tengo en pergamino  
pintado de colores y oro fino  
por armas un morcón y un pie de puerco  
de Zamora ganados en el cerco,  
todo en campo de golas,  
sangriento más que rojas amapolas,  
con un cuartel de quesos asaderos,  
róeles en Castilla los primeros

Tendo en conta o lugar (o Madrid da Corte dos Austrias), o tempo no que se desenvolve a vida adulta deste ribeirense (comenzos do século XVII) e a súa ocupación (porteiro da Cabalariza da Raíña), resulta máis que probable que Juan Vermúdez chegase a coincidir –senón coñecer– a algunhas das personaxes máis sobranceiras do momento: obvia dicir que un porteiro da monarquía franquearía o paso ás dependencias rexias aos artistas que traballaron para a Real

3 Caro Baroja, J. *Las falsificaciones de la Historia (en relación con la de España)*. Barcelona, 1992. Páxs. 104-163.

Casa; pintores de cámara como foron Rodrigo de Villandrando ou Diego de Silva e Velázquez. E que os xenios das letras da época, que escribían para a Corte e a rondaban: Góngora (capelán do rei desde 1617), Lope de Vega, Tirso de Molina, Ruiz de Alarcón, Calderón, Quevedo..., tamén pasarían nalgunha ocasión pola entrada das cabalarizas e carruaxes.

A implantación dos Vermúdez na zona de Santa Mariña de Ribeira viña de moi atrás: xa recién inaugurado o ano 1400 o mosteiro de San Martiño Pinarío outorgou en encomenda o couto de Ribeira e outros máis a Pedro Vermúdez de Montaos<sup>4</sup>. E rematando o século un Fernán Vermúdez exercía como xuíz meiriño de Montesacro, entremeténdose en xurisdición allea a derrubar a forza e a picota da Ponte Ulla:

En 4 de abril de 1476, el Reverendo Señor Don Jácome Álvarez, Arzobispo de Tarso y Prior del Real Priorato de Santa María de Sar, otorgó poder por ante Gonzalo de Cobos, escribano de S. Alteza y testigos, a favor de su criado Alonso de Lorenzana, para que en su nombre pudiese notificar e intimar una sentencia y Carta Ejecutoria dada en su favor por los Señores Gobernadores y Alcaldes Mayores que por sus Altezas residían en este Reino de Galicia contra Fernán Bermúdez, Merino de Montesacro, Alonso Crespo, Juan Crespiño, Gonzalo de Fornelos y otros (...), sobre haber éstos derribado una Horca y una Picota que dicho señor Prior tenía en el Puente Ulla (...).

E desde cando menos o século XVI érguese nas inmediacións da actual vila da Estrada, noutrora parroquia de San Paio de Figueiroa, a Casa dos Vermúdez de Castro (ou dos Sangro), que acumularon os señoríos de Figueiroa, Callobre, Dorrón, Gondar e Vilasuso<sup>5</sup>. Con esta liñaxe podería estar emparentado o noso Juan Vermúdez; en concreto co escribán Xoán González de Figueiroa, que mesmo tivo varios fillos fóra do matrimonio. De feito, unha súa neta de nome Berenguela Henríquez (ou Vermúdez) de Noboa estivo en Madrid ao servizo da raíña e casou con don Bernardino Sarmiento Soutomaior, natural de Feardos (Ourense), Señor de Gomesende e Comendador da Orde de Santiago, que foi Cabalarizo Primeiro da raíña. Non es-

4 A. H. D. S. Fondo San Martiño Pinarío, u. i. nº 11: "Libro de notas de Fernán Eáns...". Fol. 144.

5 Vid. sobre esta Casa e a súa xenealoxía entre os séculos XVI e XX Bértolo Ballesteros, Xosé M. e Ferro Pego, L. "Casa grande Bermúdez de Castro". En *Nalgures*, T. VIII, 2012. Páxs. 45-74.

taría fóra de lugar a suposición de que foi a relación con este suxeito e o parentesco o que lle procuraría ao noso protagonista o seu posto na Corte, ao servizo de Margarita de Austria e de Isabel de Borbón. Máxime se consideramos que este don Bernardino figura como albacea no propio testamento de Juan Vermúdez en 1628.

Ignoramos se desenvolveu outros cargos o noso ribeirense na vila de Madrid con anterioridade á portería da cabalariza rexia e as datas exactas nas que o fixo, aínda que consta que un Juan Vermúdez de Castro foi “salsier” da raíña Margarita (encargado dos prebes e da limpeza do servizo de prata<sup>6</sup>), que fixo ostentosa entrada na Corte o 24 de outubro de 1599 mesturando todos os recursos intelectuais e artísticos da época para amosar un Estado sobranceiro gobernado pola monarquía máis poderosa do mundo coñecido. Continuaría Juan Vermúdez os seus servizos ca primeira esposa de Filipe IV, a francesa Isabel de Borbón, que morrería en 1644.

Malia que o recurso aos criados e ao servizo doméstico é utilizado a cotío como medida de prestixio social polas elites políticas e económicas, as súas labores non cadran –para a época á que nos referimos– co que sería un “traballo” no sentido contemporáneo do termo, xa que a maiores da relación salarial (ou a pesares dela) existían outros vínculos –aceptados por ambas partes– relacionados ca lealdade, o clientelismo ou a dependencia; netamente distintos dos que hai entre empregados e patróns nas sociedades industrializadas: formaban parte da “familia extensa” da “casa”, non entendida esta só como edificio residencial. Así, nas diferentes edicións dos dicionarios da Real Academia Española da Lingua, baixo a voz “criado” sucedéronse acepcións que van desde “doméstico, familiar ou servinte dunha casa” até “persoa baixo a protección doutra”. E era o máis común que os monarcas empregasen deste xeito á alta nobreza dos reinos, sen que por iso poidamos colexir que un duque ou un conde fosen considerados criados; mais si servintes doutro nobre coma o rei mesmo. Non entraremos no estudo da servidume na Época Moderna, mais debemos concretar que nos atopamos cunha realidade histórica cambiante; sobre todo neses momentos do XVII.

6 Varela Merino, E. *Los galicismos en el español de los siglos XVI y XVII*. Vol. I. Páxs. 1904 e ss. Ou Válgoma y Díaz-Varela, Dalmiro. *Norma y ceremonias de las reinas de la Casa de Austria*. Madrid, 1958. Páxs. 76 e ss.



A rainha Margarita de Austria a caballo, por Diego de Silva e Velázquez.

Unicamente mencionar que os servizos prestados polas persoas que se encadran neste numeroso colectivo engloban relacións laborais e tamén comprenden un vínculo case de familia: lazos de índole persoal que alonxan ao grupo dos criados da mera consideración de

traballadores asalariados que terían a día de hoxe, incorporándoos ao entorno máis próximo das familias.

Así, o propio Juan Vermúdez imbricouse fundamentalmente nos lazos do clientelismo, xa que se encontraba vencellado á máis grande rede de poder: reflíctese no seu testamento (vid. anexo), no que, por exemplo, deixa mandas en metálico á súa sobriña Xeroma de Castro “hija de Bartolomé Rodríguez, Portero que fue de la Casa de los Pajes de su Majestad”<sup>7</sup>, declara débedas con el contraídas por cabaleiros da Corte cos que facía negocios, cita a unha das súas criadas e mesmo lle cede á súa muller unha escrava bautizada como Mariana de Meneses “para que sea suya y haga de ella lo que quisiere”. Por que cómpre lembrar que moitas cidades da Península foron centros escravistas de primeira liña (comercio do que Galicia se mantivo á marxe polas súas peculiares condicións socio-económicas) e nos escalóns da catedral de Sevilla poxábase por homes e mulleres de raza negra capturados en África e conducidos por milleiros ás cidades da Coroa Española para ledicia e deleite de quen os poidese mercar, chegando a constituir o 10% da poboación nalgunhas delas. Uns poucos, co devalar dos anos, foron liberados polos seus donos, coma o afroandaluz Juan de Pareja, escravo que foi de Velázquez, protagonista dun dos seus cadros e recoñecido pintor. Clara mostra do falseamento de boa parte da historia, que nos postula herdeiros de tres culturas relixiosas ancestrais, esquecendo outras como a negroafricana: Sevilla era coñecida naquela época coma “o taboleiro de xadrez”, pola mestura de blancos e negros nas súas rúas.

O 12 de novembro de 1598, víspera da grandiosa voda que tería lugar na cidade de Ferrara, o conselleiro de Estado don Juan de Idiáquez xurou o cargo de cabalarizo maior da futura raíña Margarita. Nos días seguintes sucedéronse os nomeamentos da Real Casa e, malia que poidera ser que a presenza de Juan Vermúdez na Corte tivera a súa orixe no de don Lope Osorio Moscoso, VI conde de Altamira, como mordomo da raíña (cinco anos despois pasou a ser, mercé ao duque de Lerma, cabalarizo maior, permanecendo ca soberana até o seu pasamento en 1611 e, con posterioridade –e até 1621– ao

7 De novo encontramos aquí a frecuente adopción doutro apelido distinto ao paterno: o Castro substituíu ou primou sobre o Rodríguez.



Juan de Pareja, por Diego de Silva y Velázquez.

servizo da princesa Isabel de Borbón. Sucedeuno o seu fillo Gaspar, VII conde da casa de Altamira, xentilhome da Cámara de Filipe IV e cabalarizo maior de Isabel de Borbón), non podemos ser taxativos: de feito xa mencionamos as relacións familiares con don Bernardino Sarmiento Souto maior, cabalarizo primeiro da raíña. E, se ben os oficios das cabalarizas rexias nos seus niveis superiores era prerrogativa dos monarcas, o cargo de cabalarizo maior (de designación real e sempre

ocupado por un “Grande de España de primeira clase”) podía escoller e nomear o resto dos oficios como gobernador e director da institución que era<sup>8</sup>. E resultaba o máis frecuente que as prazas se outorgasen a xeito de gratificación ou pago de servizos prestados por antepasados ou familiares: en 1680 concederon a praza a José Tapia en consideración a que a súa esposa Jacinta Vermúdez fora camareira da raíña e “a lo que representó ser hija y nieta de criados de la Casa Real de más de ciento treinta años”<sup>9</sup>.

## As cabalarizas reais

Con acerto foi definida a cabalariza real como a imaxe externa da realeza hispana<sup>10</sup>, máxime a partir a asunción dun servizo “á borgoñona” pola monarquía hispana, chegando a ser considerado o

8 A. G. P. Administrativa. Emplegos. Atado 627.

9 A. G. P. Carlos II. Cabalarizas. Atado 16.

10 López Álvarez, A. “La Caballeriza Real: la imagen externa de la realeza hispana”. En Hortal Muñoz, J. E. y Labrador Arroyo, F. (Dirs.): *La Casa de Borgoña: la Casa del rey en España*. Leuven University Press. Leuven, 2014. Páxs. 371-404. Tamén Mayoral López, R. *La Casa Real de Felipe III (1598-1621). Ordenanzas y etiquetas*. Tesis doctoral. Madrid, 2007. Este último adica un capítulo por enteiro á Cabalariza da Raíña e aos seus oficios.

cabalarizo maior como un “cuarto estado” desde finais da decimoquinta centuria. A corte de España nos séculos XVI e XVII orbitaba sobre tres criados principais, encargados de atender ás necesidades e caprichos dun monarca absoluto: o mordomo maior (ao que lle correspondía o relativo á súa alimentación e diversión), o sumiller de corps (organizador do seu servizo persoal) e o cabalarizo maior (encargado do transporte e coidado das cabalarizas). Tres cargos ambicionados por ser fontes de clientelismo, poder e influencias debido á súa proximidade á Coroa.

Xa os Reis Católicos foran conscientes da necesidade de desenvolver a cría cabalar: así, tanto as bestas de carga e tiro coma os cabalos sufriron seleccións encamiñadas a conseguir un abaratamento da forza motriz e unhas aptitudes idóneas para o novo estilo de monta dos exércitos, denominado “á xeneta”, moi lixeiro e que prescindía das anteriores armaduras pesadas. Anos despois, Filipe II preocupouse por establecer o animal que lle parecía idóneo: quixo crear un cabalo para a nobreza<sup>11</sup> e para a batalla, mesomorfo (de proporcións medias, correspondéndose a alzada á lonxitude corporal), harmonioso como resultado da combinación óptima de superficie e masa... Este tipo de montura convertíuse na imaxe da monarquía hispana, sendo utilizada como agasallo diplomático preferente da Coroa para príncipes estranxeiros e nobres<sup>12</sup>. Son os cabalos por excelencia da arte barroca, pintados por Rubens, Tiziano, Velázquez ou van Dyck encabalgados polos reis, o duque de Lerma, o conde-duque de Olivares... ou formando parte de escenas como a da rendición de Breda.

11 Idea que se desenvolvía noutras partes de Europa: Fernando I fundara en 1562 a egoada de Kladrub na Bohemia con sementais procedentes de Andalucía e o archiduque Carlos a de Lipizza en 1580, cruzando animais napolitanos e andaluces e dando orixe á coñecida raza lipizzana.

12 Ilustrativas da gran estima que tiñan estes presentes na figuración barroca son diversas pasaxes referidas nunha de tantas obras anónimas do período: no ano 1623 e aludindo aos regalos recibidos polo príncipe de Gales na súa visita á Corte, dise: “Hizo también el Rey otro presente al Príncipe de Gales; y fue que, habiendo mostrado gusto de caminar en coches de mulas le envió veinte y cuatro mulas, las mejores que se habían visto en Madrid y más iguales tiros. También le envió dos machos, regalados para su persona; seis acémilas, dos carrozas, una española y otra inglesa”; e do 4 de agosto de 1626, “habíéndose despedido el Cardenal Legado de todos los Señores y Señoras de la Corte [...] no quiso recibir joyas, que si hubiera alargado la mano, llevara gran suma. Presentole el Rey un coche riquísimo y doce mulas; y el Conde de Olivares ocho caballos”. En *Noticias de Madrid 1621-1627*. Artes Gráficas Municipales. Madrid, 1942.



Retrato ecuestre de Filipe III, por Velázquez.

O maior desenvolvemento da institución da cabalariza chegou nos séculos XVII e XVIII, e del dá idea a entrada da *Encyclopedia metodica* de Baltasar de Irurzun:



Retrato ecuestre do duque de Lerma, por Pedro Rubens.

Caballeriza Real (la). Se divide en quatro quarteles ó departamentos, todos baxo la direccion, cuidado y mando de un mismo Gefee superior, y de unos mismos Oficios de cuenta y razon; bien que cada uno de estos quarteles tiene sus Gefes inmediatos, para el zelo del cumplimiento de la obligacion de sus subalternos, y del mecanismo de cada ramo. El empleo de Caballerizo Mayor y Ballestero Mayor, que de inmemorial están unidos y los sirve una misma persona, es uno de los mas distinguidos del Reyno, y el que le obtiene debe ser precisamente Grande de España. Goza de muchas prerrogativas, como servirse

del tren del Rey; ir por dentro de la Corte con tiro de mulas ó caballos, con Correo delante, Caballerizo de Campo al estribo, &c. servir el estoque en las Juras de los Príncipes; dar en Campaña las órdenes al Ejército; mandar la plaza delante de los Reyes en las fiestas de toros, y otras varias que se pueden ver en autores regnicolas y extrangeros. Hay tambien un Primer Caballerizo, para suplir ausencias y enfermedades del principal superior, que regularmente lo es un segundo de Casa Grande, con veinte Caballerizos de campo que son Títulos ó Caballeros distinguidos, y sirven á caballo al estribo del coche, repartiendo la servidumbre por turno, y por quarteles de á diez individuos cada seis meses. Para el gobierno de la caballeriza y despacho de los asuntos que ocurren, tiene el Caballerizo Mayor una Oficina compuesta de un Secretario y un Oficial nombrados por el Rey á proposicion suya, y para la mejor cuenta y razon de los caudales que se libran para los gastos de estos ramos, hay un Veedor general con quatro Oficiales y un Portero, y un Contador con seis Oficiales y otro Portero, El primer quartel, que es el de los caballos de regala da ó de montar, se compone de un Palafrenero, de un Teniente Palafrenero, de seis Ayudantes, de un Herrador de caminos, de dos Ayudas de este, de cinco Músicos, uno de timbal y quatro de clarin y trompa, de tres Picadores, de tres Ayudas de Picador, de diez y ocho Domadores, y de trescientos treinta y dos Palafreneros ó Mozos de caballos y dos Porteros. El segundo quartel es el de caballos de coche, y se compone de un Gefe, de un Ayudante, de un Herrador, de catorce Cocheros de arquilla ó Tronquistas y Delanteros ó Postillones, y de noventa y seis Mancebos ó Mozos de caballos para su cuidado y limpieza, y para la de los coches y guarniciones. El tercero es el quartel de mulas ó de coches, el qual consta de un Sobrestante de coches, de un Teniente, de ocho Correos, de seis Ayudantes, de tres Mariscales ó Herradores de número, de qua renta y siete Lacayos, de seis Volantes, de diez y ocho Mozos de silla, de dos Guarda coches, de ciento diez y siete Cocheros tronquistas y delanteros, de trescientos treinta y cinco Mancebos ó Mozos de mulas, que sirven para su limpieza y cuidado, para lavar los coches y guarniciones, y para conducir los caxones de las escopetas del Rey en mulas de carga, y de un Portero. El último y quarto quartel, ó departamento, es el de la Ballesteria, que comprehende un Ballestero principal, trece Ballesteros de número, ocho Ballesteros agregados, un Médico, un Cirujano, quatro Arca-buceros, un Portero, diez y seis Mozos de trailla, un Halconero, seis Huroneros, ocho Ayudas de Huroneros, un Paxarero, un Pescador y tres Cazadores. Hay tambien tres Yeguas, una de caballos de silla ó de montar, otra de caballos de coche, y otra al contrario, ó de mulas, que se componen de tres Mayoriales, de tres Ayudas de estos, de dos Herradores, de veinte y seis Yegueros de número con librea del Rey, y del número competente de Pastores ó Temporeros para su cuidado [...].<sup>13</sup>

Isto é, unha caterva de servintes que se reproducía na cabalariza da Casa da Raíña (sobre todo desde o reinado de Filipe IV) ca finali-

13 Irurzun, Baltasar de. *Encyclopedia metódica, dispuesta por orden de Materias: Artes académicos, Traducidos del Francés al Castellano: a saber, el arte de la equitación por Don Baltasar de Irurzun [...]*. Imp. de Sancha. Madrid, 1791. Páx. 399.

dade de asegurar a mobilidade da soberana e dos seus acompañantes e de transmitir a mensaxe visual barroca dunha monarquía<sup>14</sup> que pasaba por ser a máis poderosa do mundo coñecido.

Juan Vermúdez non ocupaba un oficio dos que poderían considerarse de primeira liña (detentados en exclusiva pola alta nobreza): cabalarizo maior, primeiro cabalarizo, palafreñeiro maior...; mais tampouco un dos denominados “oficios de mans”: xastres, armeiros, freñeiros, talabarteiros, ferradores, arcabuceiros, espadeiros, cordoneiros, zapateiros, lanceiros... Como porteiro da cabaleriza tiña entre as súas funcións abrir e pechar as portas de acceso á institución, na que debía asistir de continuo para permitir o paso de monturas, criados e carruaxes. Cómpre sinalar que carecía dunhas instrucións precisas, o que abría claramente o paso á discrecionalidade e ao trato de favor.

Tocoulle ademais desenvolver o seu cargo nunha época de especial relevancia para as cabalarizas reais: a raíz da inspección de 1608 o aparato administrativo delas renovouse ca finalidade de reconducir certos vicios e prácticas e reducir o excesivo número de criados. Así, un memorial de febreiro de 1610 refería que non eran de servizo os cinco cocheiros alemáns que había, que “se cargaban demasiado de vino” e os duques de Lerma e Uceda rexeitaban andar con eles, e que bastaban 20 cocheiros para servizo do rei... .

Porque Juan Vermúdez viviu tamén o momento no que a introdución dos coches de cabalos nas Cortes europeas levou a unha novedosa organización das cabalarizas reais e das solemnidades públicas, modificando a cultura cortesá: apareceron novas etiquetas, novo persoal e novos oficios antes descoñecidos cando as carruaxes reemplazaron aos cabalos como elementos paradigmáticos das Cortes do Barroco, pasando a ser –tal que hoxe en día– símbolos de status social, fetiches de prestixio e de rango estamental.<sup>15</sup> Modi-

14 No 1620 a Casa da Raíña contaba con 396 empregados ou servintes. Deles 257 eran propiamente da Casa, 27 da Cabalariza e 112 da Cámara, según datos de Jurado Sánchez, J.: *La economía de la Corte. El gasto de la Casa Real en la Edad Moderna (1561-1808)*. Instituto de Estudios Fiscales. Madrid, 2005. En 1667 o número de empregados da Cabalariza da Raíña pasou a 95 e no 1696 a 201.

15 Novamente a obra de R. Mayoral López (páxs. 730 e ss.) é fundamental para situarnos en contexto, na mesma medida que o Arquivo Xeral do Pazo Real na súa sección administrativa (atados 624 e ss.).

ficáronse pois a composición das Cabalarizas e as cerimoniais máis significativas e regulamentáronse a posesión de coches de cabalos e o seu acceso ao pazo rexio (xestionada polos chamados “*porteiros de cadea*”), sendo mesmo necesaria a construción dunhas cocheiras no Bo Retiro en tempos de Filipe IV.

Estes procesos tiveron lugar nas Casas das raíñas Margarita de Austria (1584-1611) e Isabel de Borbón (1621-1665), facéndose comúns as luxosas entradas urbanas en carruaxes para promoción da monarquía: para a que fixo na cidade de Milán a raíña Margarita mandouse construír unha *nunca vista, porque estaba hecha de la forma y riqueza siguiente: como fue que, en lugar de madera, toda la caja y pilares della con la cubierta y cielo della estava hecha de plata massisa muy bien labrada a las mil maravillas y guarnecida de brocado de tres altos por ensima della recamado y broslado de perlas finas y diamantes y rubíes y en lo más alto de la cubierta en el mismo paño de brocado estaban bordados el escudo y armas del Rey don Phelipe tercero de España y Duque de Milán, hechos con puntas de diamantes y perlas con muchas esmeraldas de grandísimo prescio y valor, y detrás de la popa de dicha carroza avía otro escudo y armas, como las de arriba bordadas, de la magestad de la Reyna y Duquessa de Milán, y las quatro ruedas de la dicha carroza con todo lo demás della hera de madera incorruptible toda sobredora[da]. y muy bien labrada a las mil maravillas, a la qual tiravan dotze cavallos de hun mismo color estraño con sus gualdrapas y guarniciones de terciopelo negro, todas bordadas de horo y plata fina, y cada cavallo destes trayan su banda de tela de horo y plata, todas recamadas de perlas y joyas de gran valor, con sus guirlandas en las cabezas de lo mismo y todas las testeras de los cavallos de plata massisa asta las gravaduras dellas, a los quales regían seys cocheros con los vestidos de brocado, diferentes unos de otros, todos llenos de perlas, y los sombreros también de los mesmo, recamados con perlas y plumas de diversos colores.*<sup>16</sup>

Ostentación e luxo extremos que pasaron a formar parte consustancial da imaxen da monarquía, completada cun séquito de damas e cortesáns e cun exército de criados, dos que un bo número desenvolvían as súas tarefas na cabalariza da raíña, na que a renova-

16 Gauna, F. *Relación de las fiestas celebradas en Valencia con motivo del casamiento de Felipe III*. T. I. Páx. 70. Hijo de F. Vives Mora. Valencia, 1926.

ción da “flota de coches” era constante: arrancaba aquí a historia do vehículo representativo no sentido moderno; neste caso ao servizo da expresión maiestática dos gobernantes e clases privilexiadas nas rúas públicas. A cabalariza da raíña Margarita foi significativa neste universo barroco, desenvolvendo modelos anteriores de raigame medieval e substituíndo paseniñamente as aparicións públicas a caballo por outras máis axeitadas para amosar a imaxe dunha “Señora”, efectuadas en carruaxes ou cadeiras de mans e chegando a contar con máis de medio cento de oficios diferenciados (cantidade aínda así moi inferior á da cabalariza do rei), que enumeran Labrador Arroyo e López Álvarez:

*Cabalarizo Maior*  
*Primeiro cabalarizo*  
*Cabalarizos*  
*Paxes (entre 12 e 30)*  
*Mestre de danzar*

#### **Oficiais**

---

<i>Veedor e contador</i>	<i>Palafreireiro</i>
<i>Furrier</i>	<i>Encargado dos coches e liteiras</i>
<i>Presentador das táboas</i>	<i>Tenentes dos oficiais maiores</i>
<i>Librador</i>	<i>Axuda de furrier</i>
<i>Gardarnés</i>	

#### **Oficiais de mans**

---

<i>Calceteiro</i>	<i>Pintor</i>
<i>Cerralleiro</i>	<i>Xastre</i>
<i>Cordoneiro</i>	<i>Silleiro e talabarteiro</i>
<i>Dorador</i>	<i>Zapateiro</i>
<i>Freneiro</i>	<i>Entallador</i>
<i>Ferrador</i>	<i>Carpinteiro</i>
<i>Mestre de facer coches</i>	<i>Palafreireiro</i>
<i>Manteiro</i>	<i>Cabalarizo dos cuartagos</i>

#### **Tenentes dos oficiais maiores**

---

<i>Axuda do encargado dos coches e liteiras</i>	<i>Axuda do gardarnés</i>
<i>Axudas do furrier da cabalariza</i>	<i>Axudante do palafreireiro</i>

#### **Oficiais de mans**

---

<i>Bordador Manteiro</i>	
<i>Cabestreiro</i>	<i>Pintor</i>
<i>Caixoneiro</i>	<i>Plumeiro</i>
<i>Calceteiro</i>	<i>Xastre</i>

<i>Cerralleiro</i>	<i>Silleiro e talabarteiro</i>
<i>Cordoneiro</i>	<i>Zapateiro</i>
<i>Dorador</i>	<i>Augador</i>
<i>Espadeiro</i>	<i>Cocheiros</i>
<i>Esparteiro e estereiro</i>	<i>Correos</i>
<i>Freneiro</i>	<i>Escudeiros de a pé</i>
<i>Guanteiro</i>	<i>Lacaios e mozos de esporas</i>
<i>Ferrador</i>	<i>Mozos de liteira e coches</i>
<i>Mestre de facer coches</i>	<i>Mozos de cabalos</i>
<i>Mestre de facer encerados dos coches</i>	<i>Fiambreiro</i>
<i>Mestre de guarnecer os coches</i>	

### **Músicos**

*Músicos de vihuela e tañedor de «muzete»*

### **Criados**

<i>Augador</i>	<i>Mozos de cabalos de coches</i>
<i>Carreteiro</i>	<i>Mozos de cadeira</i>
<i>Cocheiros</i>	<i>Mozos dos carros</i>
<i>Correos</i>	<i>Mozos dos cuartagos</i>
<i>Corrier</i>	<i>Mozo do gardarnés</i>
<i>Escudeiros de a pé</i>	<i>Mozos de literas</i>
<i>Lacaios e mozos de esporas</i>	<i>Mozo dos machos da fiambreira</i>
<i>Litereiros</i>	<i>Porteiro</i>

### **Músicos**

*Violóns<sup>17</sup>*

Outro dos instantes significativos da historia de España e do Barroco que presenciou de primeira man Juan Vermúdez foi o desenvolvemento dos espectáculos taurinos ecuestres: no reinado de Filipe IV o toureo a cabalo acadou o seu apoxeo<sup>18</sup> e os grandes da Corte alardeaban ante o rei –ao tempo que facían ver a súa capacidade como xinetes– dun modelo de comportamento específico de clase que se admiraba e pretendía imitar. Campos Cañizares afirma que era o expoñente da sociedade estamental do Antigo Réxime, a sociedade do privilexio que reservaba este exercicio aos nobres, constituíndo as corridas de touros a cabalo un dos elementos pro-

17 Os datos da táboa corresponden ao ano 1611, tomados de Labrador Arroyo, F. y López Álvarez, A. "Las Caballerizas de las Reinas en la Monarquía de los Austria: cambios institucionales y evolución de las etiquetas, 1559-1611". En *Studia Historica: Historia Moderna*. Vol. 28, 2006. Páxs. 87-140.

18 López Álvarez, A. "Las Caballerizas Reales y las fiestas de toros en el siglo XVII: protagonistas, organización y decadencia durante el reinado de Carlos II". En *Revista de Estudios Taurinos*, nº 38. Sevilla, 2015. Páxs. 25-134.

pagandísticos dunha monarquía e dun tipo concreto de sociedade estamental, no que se escenificaban as diferenzas sociais e xerárquicas do Antigo Réxime, os ritos de sumisión, os usos sociais coma o galanteo cas damas, etc. De aí a súa celebración en prazas maiores: lugares abertos, públicos e epicentro da vida cidadá.<sup>19</sup> Nas actas do concello de Compostela desde comezos do século XVI<sup>20</sup> figuran referencias á construción de tablados para corridas taurinas e xogos de canas na praza do Obradoiro con motivo da festividade do Apóstolo e doutras efemérides. A gandeiría sacrificada procedía, até finais do século XVIII, da vacada brava que se pastoreaba nos montes da cercana parroquia de Santa Cristina de Fecha. Tamén nas mesmas datas A Coruña artellaba as festas do Rosario e de San Xoán por medio de corridas de touros. E no 1567 dise da vila de Salvaterra que *para el lugar que es tiene harta plaza donde se corren toros y juegan cañas*<sup>21</sup>.

O toureo era daquela un exercicio nobiliario, un xogo de moda que en tempos de Filipe IV<sup>22</sup> xa desplazara aos torneos medievais: formaba parte da educación das elites xunto á caza e a outros “pasatempos ecuestres” que permitían aos cabaleiros afondar no dominio das armas e das monturas e contribuía á creación dun modelo social específico que, en boa parte, perdura hoxe nos festexos taurinos. E, obviamente, os monarcas gostaban destes espectáculos que orbitaban arredor do cabalo; e con eles eran recibidos e festexados nas súas viaxes. Espectáculos sangrientos nos que adoitaban acontecer desgrazas que despertaban a morbosidade dos asistentes e que enchen os “noticiarios” daquela época:

Noviembre. Año de 1622. A 28 hubo toros y cañas en la Plaza Mayor con muchas galas y libreas; y por ser los días pequeños, comieron los Reyes en la plaza. Fue muy lucida fiesta; sólo tuvo por azar una gran caída que dio del caballo Don Luis de Mendoza, sobrino del Duque del Infantado, de que murió al quinto día.

19 Campos Cañizares, J. *El toreo caballeresco en la época de Felipe IV: técnicas y significado socio-cultural*. Universidad de Sevilla, Real Maestranza de Caballería de Sevilla, Fundación de Estudios Taurinos Sevilla, 2007.

20 A. H. U. S. Fondo Municipal de Santiago. Serie Consistorios. Parece que a primeira corrida constatada aconteceu en 1506, para celebrar a visita do rei Filipe “o Fermoso”.

21 A. H. D. S. Fondo Provisorato, PR25610.

22 Unicamente no seu reinado se escribiron, polo menos, dezaseis tratados teóricos sobre este asunto.

E nos que a nobreza lucía os seus mellores atavíos, lacaios e monturas:

Mayo. Año de 1623. A 4 hubo toros en la Plaza Mayor. Hizo, a ratos, buena tarde. Entró la Reina en coche y a su lado la Señora Infanta, y a la proa los Señores Infantes Carlos y Fernando, a quienes seguían los coches de las Damas con muchas galas; y después de haber tomado los balcones, hizo su entrada el Rey nuestro Señor a caballo vestido de noguerado, penacho grande del mismo color con muchos diamantes. A su lado derecho, el Príncipe de Gales, en un caballo andaluz muy hermoso, vestido de negro, plumas blancas y ricos diamantes, con mucho acompañamiento; delante iban los Alcaldes de Casa y Corte, las Guardas, en cuerpo, muy lucidas, con sus Capitanes a caballo, con bastones; detrás del Rey iba el Conde de Olivares y el de Boquingan a caballo [...]. A las cuatro entraron por la puerta de Toledo muchos Señores con rejonos. El Duque de Cea con cincuenta lacayos vestido a lo Tudesco. El de Maqueda con cien lacayos, a lo Espanol, sayos de tela de oro y plumas blancas. Acompañábanle el Conde de Tendilla y el de Cantillana. Don Pedro Motezuma; Don Juan de Uceta; Don Diego de Zárate; Don Hernando de Medinilla; Don Juan de Meneses; Don José de Samano; Don Antonio de Moscoso. Fue muy de ver, así por las libreas y caballos, que con los plumajes de diferentes colores hacía una hermosa primavera. Después entraron por diferentes puertas, habiendo hecho los primeros su paseo y cortesías al balcón de los Reyes. Entró el Marques de Velada con veinte y cuatro lacayos de azul y plata, plumas azules y blancas. Entró el Conde de Villamor con cincuenta lacayos. Don Cristóbal de Ávila con ocho lacayos; Don Gaspar Bonifaz, con seis; que fueron en todos doscientos y treinta y ocho. Hubo muy lindas suertes, ninguna desgracia, aunque algunos caballos salieron heridos y lacayos estropeados. Duró la fiesta casi dos horas, porque llovió dos veces. Mataron veinte y dos toros. Sus Majestades volvieron a Palacio en coches<sup>23</sup>.

Presenciaría Juan Vermúdez moitas veces estas celebracións, como a do primeiro de xuño de 1623, á que asistiu a Corte en pleno e o marqués de Almazán, cabalarizo maior da raíña desde 1621:

Junio. Año de 1623. A 1, hubo toros en la Plaza Mayor; hiciéronse gallardas suertes, particularmente el Conde de Cantillana. Halláronse los Reyes y los Señores Infantes y el Príncipe de Gales. Le Reina nuestra Señora entró en silla de manos por su preñado, acompañándola todos los Gentiles-hombres de la Cámara del Rey y caballerizos y mayordomos y el Conde de Olivares: todos a pie; y a los lados de la silla, a la mano derecha el Conde Benavente, como Mayordomo mayor de la Reina; y a la mano izquierda, el Marqués de Almazán, como Caballerizo mayor [...].

23 *Noticias de Madrid 1621-1627*. Artes Gráficas Municipales. Madrid, 1942.

Este aristócrata aparece como debedor de 8000 reais dos salarios de dez anos no testamento de Juan Vermúdez: e é que os cobros dos criados da Real Casa –e doutras– demorábanse até o impensable, véndose obrigados a cotío para subsistir a recurrir a outras “empresas” coma o tráfico de diversas mercancías (en especial viño), o alugueiro de inmobles (ao que parece se dedicaba o noso conveciño, según se desprende das súas derradeiras vontades) ou a consabida picaresca. Porque Madrid era sobre todo a capital dun imperio que institucionalizara a violencia: non había día no que non acontecesen na Corte crimes e feitos de extrema crueldade:

Agosto. Año de 1622. A 8, [...] Este día, después de media noche, en la calle que baja de la plazuela de la Cebada a San Pedro, mataron de una estocada a Don Fernando Pimentel, hijo del Conde de Benavente, sin darle lugar a meter mano a la espada. Iba pidiendo confesion a voces, y llegando a las gradas de la puerta de San Pedro, frontero de las Casas del Marques de Xavalquinto, oyo el Marques el ruido y se asomo a la ventana en camisa; y como oyo quien era, bajo con un ferreruero y chinelas y su espada [...]. A 21, a boca de noche, que serian las ocho, iba el Conde de Villamediana con Don Luis Mendez de Haro, hijo del Marques del Carpio en un coche por la calle Mayor; y enfrente de la callejuela que va a San Gines, se lleo un hombre embozado y dio tal herida al Conde con una arma, como ballesta, que le rompio dos costillas y el brazo, y le abrio el pecho; cayo luego muerto por el estribo del coche sin poder sacar la espada, diciendo: esto es hecho.

Octubre. Año de 1627. A 3, mataron, sin poderse confesar, en la calle del Mesón de Paredes, a Don Cristóbal de Bustamante. A 5, hallaron muerto de una estocada a Juan Baños, hijo del Contador Baños.

Violencia da que o pobo desfrutaba dunha forma parecida a como o facía das touradas<sup>24</sup>:

Diciembre. Año de 1622. A 5, quemaron por el pecado nefando a cinco mozos. El primero fue Mendocilla, un bufon. El segundo, un mozo de Camara del Conde de Villamediana. El tercero, un esclavillo mulato. El cuarto, otro criado de Villamediana. El ultimo fue Don Gaspar de Terrazas, page del Duque de Alba. Fue una justicia que hizo mucho ruido en la Corte.

Enero. Año de 1627. A 15, ahorcaron tres hombres por ladrones famosos y escaladores de casas; el uno era Sebastián Sánchez, maestro de armas, y muy querido de todos los grandes; era hijo de un zapatero de viejo; probáronle muchas muertes y asesinatos; y que no hacia vida con su mujer; y tenía consigo

24 Castellano, Juan Luis: “La violencia estructural en el Barroco”. En Castellano, Juan Luis (coord.) *Violencia y conflictividad en el universo barroco*. Granada, 2010, páxs. 1-12.

una mujer casada y en ella hijos, sin atreverse ella a apartarse ni el marido a dar cuenta a la Justicia de miedo que no le matase; y el día que le metieron en la Capilla envió a llamar al Conde de Puñoenrostro, Gentilhombre de la Cámara del Sr. Infante Cardenal, y le dixo: “He suplicado a V. S. se sirva de llegarse aquí para decirle que si dos días tardaran en prenderme fuera muerto V. S. de mi mano; para lo cual ya había recibido dinero y me lo pagaban muy bien; y de esta intención mía le suplico de rodillas me perdone; y le advierto ande con cuidado y mire por sí, porque [fol. 145 v,] pudiera ser hacerlo otro; y no me pregunte mas, que no le diré aunque me maten a tormentos.” El Conde le perdono y salió admirado. El otro ladrón era un estudiante muy grave, galán y valiente; llamábase Don Juan de Lucena, gran ladrón. Quedo tan estropeado del tormento que le subieron en brazos a la horca; y al subir, expiro, y después de muerto le colgaron de la horca. Hubo en la plaza gran concurso de gente y gritería, y algunos hurtos con la confusión de la gente<sup>25</sup>.

E cuns espectáculos escenificados e codificados por fidalgos e cabaleiros, convertida a tauromaquia no festexo maioritario arredor do que orbitaban o ocio e os espazos públicos das vilas e cidades (lugares de xerarquización e estruturación social), recaía nas Cabalerizas Reais a responsabilidade da imaxe dos monarcas fóra do pazo real; máxime nas corridas de touros, coidando ante o público tanto das persoas e imaxes dos reis como dos animais e vehículos nos que eran transportados, da etiqueta establecida nas ordeanzas, etc.

E non foron poucos os que empregaron como forma de ascenso na Corte esta afición aos touros e aos chamados xogos de canas, acadando postos coma o de Cabalarizo Real: Diego Sandín desenvolveu o cargo de picador da Real Cabalariza entre 1600 e 1641, ascendendo nesta data a axuda do palafreireiro maior. O afamado picador napolitano Francisco María Mariconda non tivo máis que ese mérito para acadar o posto de cabalarizo en 1624...

### **Postrimerías da memoria de Juan Vermúdez**

Poucos anos despois do pasamento de Juan Vermúdez de Castro, na visita pastoral á parroquia de Santa Mariña de Ribeira de 1640, dise: *Y así mismo fue su merced informado que Juan Bermúdez de Castro criado de la Reyna nuestra Señora y portero de su real Caballeriça fundó en esta Yglesia una capilla con obligación de setenta y una misas reçadas en cada un año [...] y para decir dichas misas halló su merced por*

25 *Noticias de Madrid 1621-1627*. Op. cit.

*capellán [...] a Pedro Soto clérigo. Pero facía polo menos oito anos que non se celebraban as misas, e o reitor comunicoulle o mandato de facelo ao licenciado Pedro de Souto, o cal no respondió cosa alguna.*

Na visita de 1647 actuaba como capelán encargado das 71 misas anuais o clérigo de menores natural de Santa María de Paradelas Xacobe García, quen as tiña cumpridas. Detentaba entón a capelanía un censo de 17.200 reais de principal e estipulouse que as actas das visitas desta obra pía se puxesen en diante noutro libro que non o fose da fábrica parroquial. Semella que ao longo do século XVII se mantivo a fundación estable: aínda en 1654 contaba cunha capela dentro da propia igrexa e exercía o padroado Miguel Souto, nomeado polo fundador; consérvanse certificados do cumprimento das misas até o ano 1797, aínda que desde as sucesivas baixadas dos réditos de censos que fixera a Coroa (en 1704 e 1715, por exemplo) a obra pía fora perdendo pulo económico.<sup>26</sup> Por eso o de 18 de febreiro de 1733, María Gómez (viúva de Alberte do Souto) e o seu fillo e padroeiro do aniversario, don Miguel Souto e Vermúdez, redactaron no lugar de Vilar escritura de agregación de bens ante o notario Manuel Valverde considerando que as rendas non eran suficientes para soste-lo capelán: *el chouso o cerradura llamada de la Presa sita en este lugar de Villar y según se halla cerrada y circundada de sobresí, y puesta parte de castaños, y lo demás en yerba de siega, de 10 ferrados de centeo de sembradura; a herdade de Pedra Aguda (tamén en Vilar); e a do Bacelo, en Santa María de Barbude, no lugar das Carballas*<sup>27</sup>.

Cómpre aquí un breve inciso para clarexar que a capela orixinal adicada ás misas da fundación non se conserva, xa que o antigo templo parroquial de Ribeira foi derrubado e substituído por outro novo que supervisou frei Manuel dos Mártires pasado o ecuador do século XVIII: en 1780 había unha igrexa *hermosa, fabricada de nuevo con su Pórtico de columnas toda ella a expensas de don Felipe de la Vega y Calo Canónigo Cardenal Dignidad de la Santa Apostólica Yglesia del*

26 Por exemplo, don Fernando Antón Marque Arias, presbítero de Ribeira, certifica “que de orden de don Juan de Otero presbítero vecino de [...] Riobó Capellán de la capellanía y aniversario de misas que fundó Juan Bermúdez de Castro, he celebrado setenta y una misas correspondientes al 1773”, datada o 14 de marzo de 1775. As dos anos entre 1780 e 1797 continuaron baixo o cumprimento de don Xoán de Outeiro, reitor de San Salvador de Cervaña (diocese de Lugo).

27 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, P018571.

*Señor Santiago, Patrono de este Curato a excepción de los carretos que hicieron los vecinos, pero faltosa del preciso adorno de Retablos. No lugar da vella igrexa levantouse unha capela con la advocación de las Benditas Ánimas: necesita retocar la efigie del Santísimo Christo [...] y asegurar el lintel [sic] de la puerta y poner vidrios en el tragaluz*<sup>28</sup>.

Aínda así, na visita pastoral dese ano, o deputado do Arcebispo Halló [...] *que Juan Vermudez de Castro fundó en la Iglesia de esta Parroquia una Capilla Aniversario, con la pensión de setenta y una misas rezadas en días señalados, cuyo cumplimiento consta [...]: mandó S. I. que dicho Capellán [...] continúe en hacer constar al Cura por recibos el cumplimiento de las misas*<sup>29</sup>. E cinco anos despois, rematada a igrexa nova, maniféstase que *“igualmente se visitaron la Capilla de Ánimas, que está frente a la Iglesia, el Aniversario fundado por Juan Bermúdez de Castro, la Hermita de S. Vizente, Capilla de San Benito y Hermita de San Antonio Abad, sobre las que manda S. I. que el Cura ponga en execución lo que se le advirtió en la anterior Visita*<sup>30</sup>.

E en 1764 o aniversario xa producira varios ordeados “in sacris” que forneceran á Igrexa de cregos, algúns deles da Casa dos Outeiro de Riobó. Nese ano o cura de Ribeira presentou memorial da renda que cobraba a fundación: *Paga don Joseph Aguilera vecino y Regidor perpetuo de la villa de Madrid doscientos y diez reales de vellón. 90 reais pagaban os herdeiros de Domingos Balseiros, veciño do lugar de Mamuela de San Pedro de Ancorados. Silvestre Maravexáns e consortes, do lugar do Pereiro de Berres, 63 reais. Rosendo de Silva e consortes, veciños de Santo Amedio de Ribadulla, 45 reais. Domingos e Gregorio Fares, de Santa Mariña de Ribeira, 84 reais. Francisco de Ribadavia, de San Miguel de Moreira, 235 reais... E posteriormente o convento de relixiosos calzados da Santísima Trindade de Madrid e o colexio da mesma orde de Alcalá de Henares fundaron censo al redimir y quitar en favor del patronato y capellanía de misas que fundó el dicho Juan Vermúdez de Castro de diecisiete mil y doscientos reales de principal para la dicha capellanía y se obligaron a pagar sus réditos al capellán*” a razón de 860 reais cada ano en dous pagamentos.

28 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, P018570 e P018600.

29 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, P018571.

30 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, P018572.

Aínda así esmoreceu o aniversario de misas, e no século XIX desaparecen as referencias ao mesmo nos libros do arquivo parroquial: no 1799 o reitor informa de que *hay un patronazgo o capellanía lega que fundó un tal Juan Vermúdez de Castro, vecino que fue de la villa y Corte de Madrid y natural de esta feligresía [...] a título de que se ordenaron algunos [...], cuya renta consiste en los réditos de dos mil y cien ducados, y la de otros ciento pertenece al Patrono [...], que se llama Manuel de Souto residente en la ciudad de Cádiz; parte de dicho principal o el todo se impuso en dicha villa de Madrid a censo que parece se redimió, y se volvió a imponer en este Reino, de cuyos documentos podrán dar razón tanto el expresado Patrono como el Capellán.*<sup>31</sup>

31 A. H. D. S. Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, P018582.

## Anexo

Copia (extractada) dos actos de apertura do *Testamento de Don Juan Bermúdez de Castro, Portero que fue de la Caballeriza de la Reina nuestra Señora otorgado ante Juan Gómez escribano que fue de esta villa de Madrid sacado en virtud de auto por Juan Arroyo de Arellano [...]*<sup>32</sup>

“En la villa de Madrid a diez y ocho días del mes de Diciembre de mil seiscientos y veintiocho años ante el señor licenciado Alonso Bravo de Pantoja, teniente de Corregidor de esta villa y su tierra por su Magestad y ante mí el escribano pareció presente Vicente Palomino el mozo, vecino de esta villa, y dijo que Juan Bermúdez de Castro, Portero de la Caballeriza de la Reina nuestra señora, estando en la cama enfermo y en todo su entero juicio, en veintinueve días del mes de octubre próximo que pasó de este año, hizo y otorgó su testamento [...]; y el dicho Juan Bermúdez de Castro es muerto y pasado de esta presente vida, y murió anoche a hora de las siete de ella debajo de la disposición del dicho testamento cerrado [...].

In Dei nomine amen; sepan cuantos esta carta de testamento, última y postrimera voluntad vieren como yo Juan Bermúdez de Castro, Criado de la Reina nuestra Señora, Portero en su Real Caballeriza, natural del lugar de Vilar, tres leguas de la Ciudad de Santiago, junto a la Puente Sarandón, hijo legítimo de Rodrigo de Sarandón y Antonia Festa su mujer, vecino de esta villa de Madrid, estando como estoy en la cama en todo mi seso, juicio y entendimiento natural, creyendo como verdaderamente creo el Misterio de la Santísima Trinidad, Padre, Hijo y Espíritu Santo, tres Personas y un solo Dios verdadero, y en todo lo que tiene, cree y confiesa la Santa Madre Iglesia de Roma [...], y considerando que el morir es natural a toda criatura viviente, y la hora de ello es incierta, y que muchas personas han fallecido sin disponer su voluntad y hacienda [...], ordeno y establezco mi testamento [...] en la forma y manera siguiente.

Primeramente encomiendo mi Ánima a nuestro Señor Jesucristo que la creó y redimió con su preciosa sangre, y el cuerpo a la tierra.

Iten mando que mi cuerpo sea sepultado en el Convento de la Victoria de esta Villa en una sepultura que pareciere a mis testamentarios y sea enfrente de Nuestra Señora de la Salud y se pague por el rompimiento de ella lo acostumbrado.

Iten mando que mi cuerpo vaya metido en el hábito de Señor San Francisco y acompañe la cruz de la parroquia y veinticuatro clérigos, doce frailes de la Victoria, doce de San Francisco y doce de Nuestra Señora del

32 O testamento soa outorgado o 29 de outubro de 1628 ante o escribán do número da vila de Madrid Xoán Gómez.

Carmen y los niños de la Doctrina, y lleven mi cuerpo cuatro hermanos de Antón Martín<sup>33</sup> y se pague lo acostumbrado.

Iten mando que me acompañe la cofradía del Santísimo Sacramento de la iglesia parroquial de San Martín donde soy cofrade y trayendo doce hachas y el paño bueno para dicho acompañamiento se les den doscientos reales de limosna por ello.

Iten mando me acompañe la hermandad de los Mozos de Coches de la Caballeriza de la Reina nuestra Señora donde soy hermano y dénese de limosna cien reales.

Iten si fuere hora me entierren con misa cantada y su vigilia con diácono y subdiácono, u sino se diga el día siguiente y se digan veinte misas rezadas de cuerpo presente si fuere hora; y sino el otro día, y se pague por la limosna de ellas a dos reales.

Iten mando se digan treinta misas del Alma en altares privilegiados con la mayor brevedad que se pueda y se pague de limosna por cada una dos reales.

Iten mando se digan por mi Alma cuatrocientas misas rezadas, las más de ellas en altares privilegiados, y se dé la cuarta a la parroquia y las otras se digan en las iglesias, conventos y partes que a mis testamentarios pareciere y se pague la limosna de a dos reales cada una.

Iten mando se digan por las Almas de mi padre y madre también en altares privilegiados donde pareciere a mis testamentarios veinte misas rezadas y se pague la limosna de ellas a dos reales.

Iten mando se me haga cabo de año de misa cantada al fin de los nueve días de mi fallecimiento.

Iten mando al Santo Sepulcro de Jerusalén veinticuatro reales por una vez. Y a las mandas forzosas y redención de cautivos a cada una un real viniendo por ello.

33 O Hospital de Antón Martín ou Hospital de San Xoán de Deus foi unha das fundacións benéficas a prol de enfermos incurables realizada por Antón Martín en 1552, na rúa de Atocha. Lope de Vega deixou unha comedia de Antón Martín referida ás orixes desta institución. E noutra das súas obras enumera as doenzas nas que esa casa estaba especializada, incluídas as venéreas:

*Tiña, lepra, lamparones,  
peste, tabardillo y los  
demás achaques que curan  
los hermanitos de Antón  
Martín, y no es maravilla  
ni te cause admiración  
que los celos me pegase  
quien el amor me pegó.  
Porque se pegan los celos  
como sarna, sarampión*

(“*Enmendar un daño a otro*”, act, III. Ed. Cotarelo. T. V, páx. 319).

Iten mando a Antonia de Soto mi sobrina, hija de María Festa mi hermana y de Domingo de Soto su marido cien ducados por una vez para ayuda de su remedio.

Iten mando a otra hermana de la dicha Antonia de Soto que es mayor en días que no ella, que no me acuerdo de su nombre, que también al presente está soltera, otros cien ducados para su remedio.

Iten mando a otra hermana de las dichas dos mis sobrinas, que es la mayor, que ya está casada, cincuenta ducados por una vez, y no me acuerdo cómo se llama.

Iten mando a Jerónima de Castro mi sobrina, hija de Bartolomé Rodríguez, Portero que fue de la Casa de los Pajes de su Magestad, cien ducados por una vez.

Iten mando a Alonso de Sanmartín, primo hermano de Ana de Sanmartín mi mujer, cien ducados por una vez. Y éstos no entren en su poder ni se le entreguen hasta que tenga edad de veinticinco años [...].

Iten mando a la dicha María Festa mi hermana, mujer del dicho Domingo de Soto, vecina de Vilar, cincuenta ducados por una vez.

Iten mando a Ana de Sanmartín mi mujer trescientos ducados por una vez y la esclava que tengo que se llama Mariana de Meneses para que sea suya propia y haga de ella lo que quisiere, y le pido me perdone.

Iten mando a María Asenjo, muchacha que está en mi servicio, trescientos reales por una vez para ayuda de su remedio y quiero que cumpla el tiempo que faltare de la escritura que se me hizo al tiempo que entré en mi servicio y sirva a la dicha mi mujer; y acabado se le den los dichos trescientos reales y demás de ello se le pague lo que estoy obligado por la dicha escritura de asiento.

Iten digo y declaro que todos los bienes y hacienda que tengo son bienes comunes míos y de la dicha Ana de Sanmartín mi mujer, ganados y adquiridos por ambos durante nuestro matrimonio; y así ella ha de haber la mitad de ellos y yo la otra mitad, porque ni ella trujo dote ni yo capital, y así lo digo y declaro, y para que conste los bienes y hacienda que tengo y Dios nos ha dados los declaro aquí que son los siguientes:

Primeramente unas casas en esta Villa en la Corredera de San Pablo, que compramos del Contador Juan de Mendieta en precio de dieciocho mil y seiscientos reales y hoy valen más, que son libres de aposento con ocho ducados de incómoda partición.

Iten dos mil y doscientos ducados que valen veinticuatro mil y doscientos reales, que están en poder del señor Juan de Salcedo Aranguren, de que me tiene hecha cédula, su fecha en Madrid a veintidós de marzo del año de mil seiscientos y veintisiete, cuyo plazo cumple a veintidós de marzo del año de seiscientos y veintinueve.

Iten cuatrocientos ducados que valen cuatro mil y cuatrocientos reales, que asimismo están en poder del dicho señor Juan de Salcedo Aranguren, de que hizo cédula al pie de la de arriba [...].

Iten otros cuatrocientos ducados que asimismo están en poder del dicho señor Juan de Salcedo Aranguren, de que me tiene hecha cédula firmada de su nombre, fecha en Madrid a dieciocho de enero de mil seiscientos y veintiocho y el plazo de ella es a fin de enero que viene de mil seiscientos y veintinueve.

Iten dos mil setecientos y setenta y cinco reales que me debe el Juan de Salcedo Aranguren por otra cédula firmada de su nombre fecha en Madrid a veintiocho de marzo del año de mil seiscientos y veintisiete, a pagar en dos plazos, que el postrero es a fin del año que viene [...] y no he cobrado el primer plazo, y así se me debe todo.

Iten seis mil y seiscientos reales que están en poder del dicho señor Juan de Salcedo Aranguren, de que me tiene hecha cédula firmada de su nombre [...].

Los cuales dichos débitos entiendo que el señor Juan de Salcedo Aranguren tiene asentados en sus libros que yo he visto [...].

Iten tres mil quinientos y veintidós reales en vellón que me debe Bartolomé Paserón, cajero del señor Juan de Salcedo Aranguren [...].

Iten cuatro mil reales en vellón que me debe Martín Fernández de las Ribas, mercader vecino de esta Villa por cédula firmada de su nombre fecha a treinta de junio de este año de mil y seiscientos veintiocho, a pagar cuando yo los pida, que ordenó se entregasen a Bartolomé Fernández de las Ribas su sobrino, a quien los entregué y al pie de la dicha cédula está su recibo.

Iten tres mil reales que me debe el dicho Martín Fernández de las Ribas [...].

Iten declaro que en mi casa hay en dineros y en piezas de plata y en doce vueltas de cadenas de otro hasta cantidad de seis mil reales.

Iten hay más alhajas, el ajuar, ropa blanca, vestidos de hombre y más, que de todo se haga inventario.

Iten digo y mando que dos gargantillas y las sortijas de oro y Agnus Deies y Verónicas guarnecidas que tiene la dicha Ana de Sanmartín mi mujer, éstas sean suyas y no se inventarían.

Iten digo y declaro que el Marqués de Almazán mi señor me debe hasta en cantidad de ocho mil reales de diez años de servicio a razón de doce mil maravedís de salario cada año y del alquiler de casa de aposento para mi vivienda en ellos y de alquileres de camas que he dado para sus criados. Suplico a su Señoría pague hasta en cantidad de cinco mil reales a Ana de Sanmartín mi mujer con la comodidad que su Señoría fueses servido y pudiere [...].

Iten digo que algunas personas me deben algunas cantidades [...].

Iten digo que en mi poder está empeñado un jarro de plata blanco pequeño que es de D<sup>a</sup> Melchora de Sampedro, y el empeño de él son ciento y treinta y dos reales, los ciento en vellón y los treinta y dos en plata; pagándolos se le entregue el dicho jarro de plata.

Iten a honra y gloria de Nuestros Señor y de su Bendita Madre, yo el dicho Juan Bermúdez de Castro fundo e instituyo patronazgo y capellanía de legos, Iure Patronatus, y en ella no quiero que se entrometa ni pueda entrometer juez eclesiástico alguno, porque la fundo de bienes míos seculares, de setenta y una misas rezadas en cada un año perpetuamente; las cincuenta y una de ellas se digan los lunes de cada semana de cada un año y una día de Señor San Juan Bautista y otra día de Señor San Juan Evangelista [...]. Todas las cuales se han de decir y digan precisamente cada año en la iglesia parroquial de Santa Marina de Ribeira, que es en el Arzobispado de Santiago junto el lugar de Vilar donde yo nací, y el que fuere nombrado capellán de esta dicha capellanía diga o haga decir las dichas misas rezadas [...]; y mando que luego que yo fallezca o lo más presto que se pueda, se tomen de mis bienes dos mil y cien ducados y compre juro sobre las alcabalas en las ciudades de Santiago, Orense, Lugo, Tui o Mondoñedo [...], y si dentro de cuatro meses después de mi fallecimiento no se hallare empleo de juro en cualquiera de las alcabalas de las dichas ciudades, mando que los dichos dos mil y cien ducados se empleen y den a censo en esta Villa de Madrid a personas seguras y abonadas con buenas hipotecas de bienes raíces, y pido y encargo a Juan Gómez, escribano del número de esta Villa mi amigo intervenga en la dicha fundación para que sea segura y que ante él se haga porque creo conocerá las personas que no lo fueren; y esto lo hago porque si el dinero se llevase a Galicia para dar a censo y emplear, como la tierra es flaca será fuerza se pierda presto; y esta tierra es grasa y estará más seguro y bien fundado [...]; el capellán que ha de decir las dichas misas ha de cobrar y llevar la renta de los dos mil ducados si se empleare en juro en Galicia; y si se empleare y fundare censo o censos en esta Villa lleve y cobre la renta de los dos mil y cien ducados porque tenga para las costas que se hicieren en la cobranza [...]; y a título de ella se pueda ordenar y ordene el tal capellán [...]; y quiero y es mi voluntad que el capellán que fuere nombrado, aunque sea de poca edad, goce esta capellanía e renta de ella estudiando para ser clérigo y en el ínterin haga decir las dichas misas y pague dos reales de pitanza de cada una al clérigo que las dijere, y en llegando a la edad de veinticuatro años y medio ha de estar éste ordenado de misa [...]; y desde luego nombro por primer capellán de la dicha capellanía de misas a Pedro Bermúdez de Soto, mi sobrino, hijo legítimo de María Festa, mi hermana, y de Domingo de Soto, su marido; y nombro por primero patrono de la dicha capellanía a la dicha María Festa, mi hermana; y después de ella a Gregorio de Soto, su hijo mayor, mi sobrino, y a sus hijos y descendientes [...].

Y para cumplir y ejecutar este dicho mi testamento [...] deyo y nombro por mis albaceas y testamentarios al señor don Bernardino Sarmiento de Sotomayor, Comendador de la Orden de Santiago, y a Benito Campelo<sup>34</sup>, y al señor Vicente Palomino el mozo, y a Juan Ortiz de Tamayo, ayuda de Guadarnés de la Caballeriza de la Reina nuestra Señora, y a Ana de Sanmartín mi mujer [...].”

## Bibliografía

- Anónimo. *Noticias de Madrid 1621-1627*. Artes Gráficas Municipales. Madrid, 1942.
- BÉRTOLO BALLESTEROS, Xosé M. e FERRO PEGO, L. “Casa grande Bermúdez de Castro”. En *Nalgures*, T. VIII, 2012. Páxs. 45-74.
- CAMPOS CAÑIZARES, J. *El toreo caballeresco en la época de Felipe IV: técnicas y significado socio-cultural*. Universidad de Sevilla, Real Maestranza de Caballería de Sevilla, Fundación de Estudios Taurinos. Sevilla, 2007.
- CARO BAROJA, J. *Las falsificaciones de la Historia (en relación con la de España)*. Seix Barral. Barcelona, 1992.
- CASTELLANO, Juan Luis: “La violencia estructural en el Barroco”. En *Violencia y conflictividad en el universo barroco*. Granada, 2010. Páxs. 1-12.
- GAUNA, F. *Relación de las fiestas celebradas en Valencia con motivo del casamiento de Felipe III*. T. I. Hijo de F. Vives Mora. Valencia, 1926.
- IRURZUN, Baltasar de. *Encyclopedia metódica, dispuesta por orden de Materias: Artes académicos, Traducidos del Francés al Castellano: a saber, el arte de la equitación por Don Baltasar de Irurzun [...]*. Imp. de Sancha. Madrid, 1791.
- JURADO SÁNCHEZ, J. *La economía de la Corte. El gasto de la Casa Real en la Edad Moderna (1561-1808)*. Instituto de Estudios Fiscales. Madrid, 2005.
- LABRADOR ARROYO, F. e LÓPEZ ÁLVAREZ, A. “Las Caballerizas de las Reinas en la Monarquía de los Austria: cambios institucionales y evolución de las etiquetas, 1559-1611”. En *Studia Historica: Historia Moderna*. Vol. 28, 2006. Páxs. 87-140.
- LÓPEZ ÁLVAREZ, A. “La Caballeriza Real: la imagen externa de la realeza hispana”. En Hortal Muñoz, J. E. y Labrador Arroyo, F. (Dir.): *La Casa de Borgoña: la Casa del rey en España*. Leuven University Press. Leuven, 2014. Páxs. 371-404.
- LÓPEZ ÁLVAREZ, A. “Las Caballerizas Reales y las fiestas de toros en el siglo XVII: protagonistas, organización y decadencia durante el reinado de Carlos II”. En *Revista de Estudios Taurinos*, nº 38. Sevilla, 2015. Páxs. 25-134.
- MAYORAL LÓPEZ, R. *La Casa Real de Felipe III (1598-1621). Ordenanzas y etiquetas*. Tesis doctoral. Madrid, 2007.
- ODRIOZOLA y RICO AVELLO, C. de. “Los Aldao, Bermúdez de Aldao y Bermúdez de Castro, Señores de la Fortaleza de Gondar”. En *Anales de la Real*

34 Posiblemente se trate do boticario Bieito Campelo, que tiña tamén residencia en Compostela.

- Academia Matritense de Heráldica y Genealogía*, vol. IX. Madrid, 2005-2006. Páxs. 125-135.
- SANMARTÍN MÍGUEZ, José María S. “Corridas de toros en la plaza del Obradoiro de Santiago de Compostela”. En *Revista de Estudios Taurinos*, nº 30, Sevilla, 2011. Páxs. 143-171.
- SORIA MESA, E. *La nobleza en la España Moderna. Cambio y continuidad*. Madrid. Marcial Pons, 2007.
- SORIA MESA, E. “Genealogía y poder. Invención del pasado y ascenso social en la España Moderna”. En *Estudis: Revista de historia moderna*, nº 30. Universitat de València, 2004. Páxs. 21-55.
- VÁLGOMA y DÍAZ-VARELA, Dalmiro de la. *Norma y ceremonias de las reinas de la Casa de Austria*. Real Academia de la Historia. Madrid, 1958.
- VARELA MERINO, E. *Los galicismos en el español de los siglos XVI y XVII*. Vol. I. CSIC. Madrid, 2009.

## Fontes documentais

- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela* (A. H. D. S.): Fondo parroquial de Santa Mariña de Ribeira, serie: Libros da Fábrica; Fondo do Provisorato (sen catalogar) e Fondo do Mosteiro de San Martiño Pinario, serie: Libros de notas.
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela* (A. H. U. S.): Fondo Municipal de Santiago. Serie: Consistorios.
- Arquivo Xeral do Pazo Real* (A. G. P.): Series “Administrativa. Empregos” e “Carlos II. Cabalarizas”.



# Novos petróglifos do grupo galaico da arte rupestre no concello da Estrada

Jorge Fernández Guerra

jfguerra@edu.xunta.es

Coa colaboración da Asociación Cultural

*Colectivo A Rula*

**Resumo.** Presentación de 40 novos petróglifos atopados na zona sur do concello da Estrada e outros 19 no límite cos concellos de Cuntis, Campo Lameiro, Forcarei e Cerdedo-Cotobade. Os gravados do primeiro grupo estarían situados nas parroquias de Codeseda, Sabucedo e Souto, no val que delimita a Terra de Montes coa ribeira do Umia. Este espazo, no que ata o de agora non se tiñan rexistrados gravados, supón un claro exemplo do potencial, aínda por descubrir, que posúe o Concello da Estrada no que á arte rupestre se refire.

**Abstract.** Presentation of 40 new petroglyphs found in the south of A Estrada city council and another 19 in the bordering city councils of Cuntis, Campo Lameiro, Forcarei and Cerdedo-Cotobade. The engravings of the first group would be located in the parishes of Codeseda, Sabucedo and Souto, in the valley which demarcates Terra de Montes and the banks of the Umia. This area, without recorded engravings until now, is a clear example of the potential of A Estrada city council regarding rock art.

*In memoriam* doutor D. Ramón Sobrino Buhígas e o seu fillo, o arqueólogo D. Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza, inxustamente apartados e esquecidos pioneiros na investigación e catalogación dos petróglifos de Galicia, e a tódolos afeccionados á arte rupestre que dende o respecto e o coidado contribúen, con infatigable devoción, a recuperar, defender e divulgar as máis antigas representacións de arte ó aire libre de Galicia.

En todos os continentes, a excepción da Antártida, existen importantes mostras de arte rupestre. Hai focos de arte rupestre europea distribuídos en zonas concretas, de grande relevancia e nalgúns casos recoñecidas coma Patrimonio da Humanidade. Son os casos destes nove sitios arqueolóxicos: Alta (Noruega), Tanum (Suecia), Bru na Boinne (Irlanda), Valcamonica (Italia), as covas do val de La Vézère (Francia), Altamira e outras covas da rexión cantábrica (España), os abrigos con arte levantina do arco mediterráneo (España), os xacementos de Foz Côa e Siega Verde (Portugal-España)

e a cova de Pont d'Arc, denominada Chauvet (Francia). Asemade hai outras zonas que aínda non contan con este recoñecemento como a arte rupestre na rexión Galloway (Escocia), as zonas de Northumberland-Yorkshire (Inglaterra) e por suposto, o noroeste da península Ibérica (Galicia, norte de Portugal e norte da provincia de León), co denominado “*grupo galaico da arte rupestre*”, tamén incluído no grupo de arte rupestre atlántica pola súa semellanza formal e temática abstracta os gravados da fachada atlántica europea dende o norte de Portugal ata as illas Británicas. Estamos diante do principal foco de arte rupestre da Idade do Bronce europeo tanto polo número de estacións rexistradas como pola súa grande riqueza temática, con gravados de tipoloxía xeométrica/abstracta e tamén figurativa/naturalista (os máis característicos da arte rupestre galaica pola súa orixinalidade, que nos diferencia doutras zonas atlánticas, a pesar de ser menos abondosos ca os xeométricos/abstractos). Só no territorio galego están catalogadas unhas 3.500 estacións pero pénsase que esta cifra podería acadar os 6.000 nuns 15 ou 20 anos, dada a accidentada orografía e abondosa vexetación que dificulta o proceso de busca.

### **Orixes da arte rupestre estradense**

Foi no ano 1938 cando Xesús Romar Castro, veciño das Quintas (Codeseda), rescata dunha vella construción da aldea o que sería o primeiro petróglifo achado dentro do Concello da Estrada, atopado anos antes no castro das Cercas de Codeseda e que hoxe podemos contemplar no Museo de Pontevedra.

Terían que pasar 50 anos (1988) ata que Xoán Andrés Fernández Castro, director desta *Miscelánea*, e o seu fillo Andrés descubrisen o que son as dúas primeiras estacións de arte rupestre do concello da Estrada, que se poden contemplar *in situ* e convenientemente catalogadas pola Dirección Xeral de Patrimonio.

Pasado un tempo, despois de moitos e infrutuosos intentos por localizar novamente a laxa cos gravados (xa coñecemos os problemas que presenta o mato que medra nos nosos montes), foi no ano 2008 (nada menos que 20 anos despois) cando os descubridores sitúan

novamente estes 4 paneis insculturados da “Costa dos Cabalos”, gravados con figuras xeométricas prehistóricas e algunha, as menos, probablemente históricas. O feliz redescubremento destas dúas estacións na parroquia de San Xurxo de Veá supuxo, para quen escribe este artigo, todo un referente e un bo punto de partida. Máis cómpre ter en conta as recentes achegas publicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio que, ademáis dos petróglifos da Costa dos Cabalos, recollen outros 2 catalogados na Estrada: Alto da Porteliña en Frades (GA36056020) e Porcate en A Portela-Codeseda (GA36017160), elevando así a 4 os petróglifos do noso concello.

Como podemos comprobar, ata o de agora os números situábanos nun contexto cando menos atípico: concello da Estrada, máis de 100 xacementos catalogados e... ¿tan só 4 petróglifos? Parecía evidente que nun dos maiores concellos de Galicia en canto a extensión se refire (9ª posición), esta cifra non se correspondía coa lóxica e resultaba carente de significado no contexto da arte rupestre de Galicia. Foron varios os arqueólogos que se fixeron eco desta notable ausencia de gravados, nun vasto territorio situado entre dous ríos con grande significación na xeografía galega, Ulla e Umia. Téñase en conta que este territorio marca o linde natural co Concello de Campo Lameiro que atesoura un dos focos máis importantes de petróglifos, a denominada “capital da arte rupestre” e onde hoxe fica o PAAR –Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre–, que representa o centro de referencia da investigación, conservación e difusión dos petróglifos de Galiza.

A presente recompilación de achados, que haberá que estudar polo miúdo no seu conxunto para contextualizalos dentro do marco xeral da Arte Rupestre de Galicia, viría a confirmar que nesta zona sur da comarca estradense hai unha realidade agochada que cómpre sacar á luz.

O concello da Estrada, formado por 51 parroquias, e o feito que en tan só 3 delas (Codeseda, Sabucedo e Souto) existan nada menos que 40 petróglifos inéditos, supón un importante avance. Aínda que a cifra poida parecer relevante de por si, hai que seguir traballando para confirmar que quizais non só na ribeira do Lérez houbo unha zona de asentamento prehistórico de grande relevancia. Este marco

situaría ó concello da Estrada e, concretamente á zona do val do Umia, coma un enclave de alto potencial na Arte Rupestre que de seguro dará moito que falar nun futuro próximo.

## Qué é un petróglifo?

O vocábulo provén dos termos gregos *petra* (pedra) e *glyphos* (tallado) para denominar as inscricións feitas en pedra. Son tamén coñecidos coma gravados rupestres ou mesmo insculturas. Os petróglifos son, por tanto, un tipo específico de arte rupestre consistente en gravados sobre laxes ó ar libre.

Son unha serie de marcas ou gravados, máis ou menos complexos, feitos xeralmente sobre soporte granítico, relativamente doado de traballar, perdurando o resultado no tempo. Tendo en conta a climatoloxía galega e o feito de que algúns destes petróglifos poidan posuír máis de 5.000 anos de antigüidade, a súa intención de permanecer no tempo foi acadada.

Xeralmente foron gravados polos métodos de percusión e/ou fricción do granito coa axuda doutra rocha máis dura. Probablemente o seixo sería o máis empregado pola súa dureza e quizais, xa no Bronce Final, estaría formando parte dun instrumento con mango de madeira co que a execución do gravado sería de maior precisión.

## Cronoloxía

Os petróglifos prehistóricos presentan moitos problemas de datación e a súa cronoloxía segue a ser discutida polos investigadores. Poden pertencer a diferentes épocas prehistóricas e históricas, desde finais do Neolítico, pasando pola Idade de Bronce e do Ferro, ata a época medieval. Tradicionalmente a maioría dos gravados do grupo galaico da arte rupestre son encadrados na Idade do Bronce, mais é probable que durante a Idade do Ferro e incluso en tempos históricos se seguiran a “regravar” e “reinterpretar” petróglifos de etapas anteriores.

O grupo galaico representa unha das manifestacións culturais máis importantes da prehistoria na península Ibérica, e figura incluído dentro da arte rupestre peninsular post-paleolítica.

É probable que esta tradición gravadora dera comezo coa revolución neolítica que marca a orixe dos primeiros asentamentos permanentes na contorna dos principais vales fluviais e a práctica dunha gandería extensiva e dunha agricultura de rozas.

Neste contexto, do que non se coñece ningún tipo de escritura, non existiría outro método máis que a representación simbólica de conceptos gravados nas rochas en lugares estratéxicos, por medio de imaxes (petróglifos) para transmitir ideas, pensamentos, mensaxes, etc.

Os petróglifos constitúen, por tanto, un xeito de “humanizar” a paisaxe destas primeiras comunidades que habitaron o noso país.

### **Contexto espacial**

Ata o de agora, na conca do río Umia había algúns bos exemplos desta arte rupestre en Cuntis, Moraña, Caldas de Reis, non rexistrándose no Concello da Estrada máis que 2 petróglifos descubertos na parroquia de San Xurxo de Veá, moi lonxe do val que conforma o río Umia.

Á vista está que, o grande número de petróglifos que aquí presentamos, están situados nas terras máis ó sur do concello da Estrada, concretamente nas parroquias de Codeseda, Sabucedo e Souto e nos actuais límites cos concellos de Forcarei, Cerdedo-Cotobade, Campo Lameiro e Cuntis. Estarían maiormente gravados ó pé das terras altas da bacía do Umia do que se pode concluír que a auga foi dinamizadora de vida e que a ribeira do Umia se perfila coma unha zona de grande potencial arqueolóxico, feito que se pensaba ocorría ata o de agora case exclusivamente no curso medio e baixo do río Lérez.

A situación dalgúns deles, nos actuais lindes entre parroquias e concellos, fainos pensar que entre outras funcións, quizais tiveran a de delimitar territorios de caza, gandería, agricultura, etc. Cómpre observar como, dada a situación de moitos deles na zona sur do concello da Estrada, foron tidos en conta a modo de marcos ou fitos á hora de delimitar as actuais fronteiras parroquiais e con posterioridade dos propios lindes municipais. Quizais por mor deste feito hoxe conservemos moitos deles.

Débase ter en conta a altitude á que foron representados tratándose de petróglifos, pois é a cota comprendida entre os 600 e 700 m de altitude onde atoparemos o 60% dos gravados que figuran nesta memoria. Parece entón que na Terra de Montes a altitude media cobra unha especial significación se temos en conta outras zonas de Galicia ricas en arte rupestre, onde os gravados aparecen en cotas medias situadas a nunha altitude que oscila entre os 200 e 350 m.

### **Autores e función dos petróglifos**

Resulta difícil sinalar a función que tiveron estes gravados, pero considérase evidente que foi un xeito de transmitir e comunicar conceptos, ideas, mensaxes, etc., por medio de sinais das que non se ten constancia dunha transmisión escrita coma acontecería no presente. Unha linguaxe conceptual que os membros das comunidades prehistóricas identificarían á perfección para se desenvolveren no medio.

Aquelas xentes da Idade do Bronce dedicaríanse á agricultura, ó pastoreo, á minería, á caza e á guerra, por iso que o territorio, máis que nunca, suporía o ben máis prezado. Un territorio que estaría sempre situado na contorna de nacentes e correntes de auga sexan ríos, fontes, lagoas, etc., porque a auga era vida e segue a proporcionar vida, líquido elemento esencial para os seres vivos, humanos e animais. Elementos naturais que non eran quen de controlar coma a auga, o vento, a choiva, o sol e a lúa, as estrelas e algúns animais salvaxes coma os cervos e cabalos e que aglutinan a súa cosmovisión e forma de estar no mundo, serían obxecto de adoración. Gravados que reflicten o seu modo de artellar o territorio seguindo unha clave simbólica hoxe descoñecida. Quizais centro de ofrendas e rituais máxicos “propiciadores” da fecundidade, do alimento necesario para os membros da comunidade, da auga, da defensa contra os inimigos proporcionando a estabilidade no territorio, da curación de doenzas... Isto nos fai sospeitar que constitúen marcas de territorialidade, guías ou sinais nas vellas rutas entre poboados, identificación de zonas de caza, parte de ofrendas ou rituais máxicos de curación e invocación, localización de enterramentos dos seus devanceiros, mes-

mo nalgúns deles se poden adiviñar mapas estelares, que de seguro coñecían máis do que poidamos pensar a día de hoxe. A presenza do cervo e as escenas de caza con este animal coma protagonista, acompañado de homes a pé ou a cabalo, pertencerían a un ritual de iniciación con grande significación para a comunidade.

O labor do gravado dos petróglifos estaría reservado a uns poucos, quizais sería exclusivo dunha casta relixiosa, pois non eran un reflexo da vida cotiá senón de forte carga simbólica. Este “bruxo” ou “chamán” sería a persoa encargada da elaboración destas mensaxes. Nun recente estudo –según indica Antonio de la Peña Santos– ofrécese o resultado da análise dalgúns petroglifos nos que se detectaron restos de cogomelos alucinóxicos, circunstancia que nos leva a pensar que os gravados rupestres servirían de “escenario” para oficiar rituais máxico-relixiosos.

Os petróglifos constitúen os derradeiros nexos de unión con esas sociedades que dificilmente podemos chegar a interpretar dende o presente pois simbolizan un xeito de concibir o mundo diametralmente oposto ó actual. Porén, son unha valiosa mostra de construción cultural da paisaxe e elos entre este legado arqueolóxico e a súa interpretación polas comunidades actuais que xeraron un proceso de creación oral e lendaria para tentar dar unha explicación ó descoñecido.


### **Características e tipoloxía dos petróglifos da zona**

O conxunto de petróglifos do grupo galaico da arte rupestre é, sen dúbida, un dos máis importantes de Europa polo número e pola riqueza temática representada.

Como xa citamos anteriormente, están xeralmente emprazados en cotas medias dos terreos, moi cerca de ríos, regatos, brañas e fontes, xeralmente gravados en granito ou coma no caso dos atopados na aldea da Mámoa (Forcarei), de xeito excepcional, sobre xistos.

Podémoslos clasificarlos en dous tipos de deseños:

- Xeométricos e abstractos: é o grupo máis abondoso e repartido por toda a xeografía galega. Figuras xeométricas das que se descoñece o seu verdadeiro significado, pero de grande carga



simbólica: punteados, cazoletas, espirais, circulares, labirintos, reticulados, lineais, rectangulares...

- Naturalistas e figurativos: menos abundosos e xeralmente concentrados en áreas moi concretas, zonas de caza, guerra, pastoreo... Serían fundamentalmente os zoomorfos, antropomorfos, armas, escutiformes e ídolos.

Antropomorfos: un tipo de gravado que abrangue distintas épocas tanto prehistóricas coma históricas. Como veremos son moi numerosos no petróglifo de Fonte Limpa II (Cequeril) onde podemos contar ata 5, mesmo distinguindo entre home e muller. No caso dos rupestres aparecen maiormente escenificando a caza, a guerra ou a equitación, actividades de certo “prestixio social”.

Cazoletas: o grupo máis numeroso en Galicia, ó igual que ocorre na nosa comarca. A simplicidade deste motivo xeométrico, aparecendo en composicións máis ou menos complexas, fainos pensar que é o gravado máis empregado dende os primeiros tempos da arte rupestre ata época histórica. Na nosa contorna existen centos de cazoletas illadas ou en formacións de 2 ou 3, quizais sinais ou puntos dun “antigo mapa” de difícil interpretación.

Circulares: un motivo xeométrico presente en varias das estacións, propio da arte rupestre atlántica, xeralmente composto de 3 ou máis aneis con covaña central, ás veces con apéndices radiais.

Circulares con cruz inserida: composto de círculo simple dun único anel con cruz inserida no interior. Para algúns autores esta cruz sería de factura histórica coa intención de cristianizar un lugar considerado pagán.

Circular simple: compostos dun anel, ás veces rematado cunha cazoleta ou coviña no interior. A aparición nun mesmo petróglifo de circulares simples e circulares con cruz inserida, faríanos reformular a teoría anterior.

Cruciformes: grupo pouco habitual na arte rupestre prehistórica pero moi numeroso no grupo de gravados históricos. Algúns empregados coma “marcas de termo” e o máis numeroso, as “cruces de canteiro”. Estes “obreiros” da pedra tiveron como costume gravar cruces naqueles lugares que consideraban pagáns, “cristianizando” os soportes graníticos nos que posiblemente houbera petróglifos prehistóricos. Gravados moi comúns nos “marcos” ou pedras a modo de fitos delimitadores. Sirva coma exemplo que no “Campo das Cruces” (Vilar de Mato/Cequeril-Cuntis) hai polo menos 70 cruces gravadas na subida ó monte Cádavo.

Históricos: grupo bastante numeroso que se estende por todo este territorio, composto de cruciformes, simples ou con peaña, antropomorfos e algún outro motivo xeométrico. Foron gravados moi posiblemente para delimitar terras de cultivo, gando, posesións territoriais (tanto civís como relixiosas), etc.

Lineais: enigmáticos onde os haxa, temos algúns exemplos aparecendo en formación asociados con cazoletas e/ou antropomorfos (Monte de Abaixo II-Souto) e outro en forma de zig-zag asociado a punteados finos (Entrecastro I-Castro de Entrecastro).

Muíño navicular: de presenza excepcional, son pequenas cavidades xeralmente rectangulares máis ou menos grandes e fondas (6-8 cm), perfectamente labradas e posiblemente asociados a ritos ou cerimoniais. Hai un exemplo excelente no petróglifo de Fonte Limpia II (Cequeril-Cuntis) aínda que a abundancia de toxos ó carón desta estación non nos permita visualizalo con facilidade.

Rectangulares / reticulados: motivo xeométrico rectangular cos vértices redondeados e retícula interior que, ás veces, se acompañan con pequenas cazoletas dentro dos cadrados. Presentes en varias estacións galegas, podemos contemplalos no petróglifo de Fonte Limpia I (Cequeril-Cuntis).

Ventás: a diferenza dos anteriores, serían motivos xeométricos cuadrangulares tamén con retícula interior, propios de épocas históricas (posiblemente medievais).



Chan de Lamas I no solpor (Foto: Colectivo A Rula).

Zoomorfos: os motivos naturalistas, de moi escasa presenza na nosa comarca, son relativamente numerosos en zonas concretas coma Campo Lameiro. Son exemplo claro e propio da arte rupestre galaica, onde atopamos a serpe, o cabalo e sobre todo o cervo (90% dos motivos naturalistas). Este último se presenta como animal totemico para os poboadores da Idade do Bronce, un animal que daría acceso ó “inframundo”, representado en forma de greas, escenas de caza ou mesmo illados (Chan de Lamas I-Souto / Codeseda).

### **Visualización dos petróglifos**

A saída do sol (Orto) e o solpor (Ocaso) son as mellores horas para a observación destes gravados de singular beleza. A incidencia lateral dos raios do sol, posibilitan e melloran sensiblemente a visión dos petróglifos, resaltando as liñas e amosando moitas veces matices e detalles que, en horas centrais, non serían de doada visión.

Sen dúbida, unha das mellores técnicas para a observación, sen depender do astro rei para poder visualizalos, é a visita nocturna. Claro está, que dada a situación de moitos deles, trataríase de toda unha aventura que se aconsella facer sempre en grupo.

Esta excelente técnica para a que só se precisa dunha boa fonte de iluminación con varias lanternas, consiste en iluminar os petróglifos con focos de luz indirectos, a ras de pedra e cambiando os ángulos de incidencia nos gravados para visualizar con detalle a composición das diferentes figuras. Técnica posta en valor polos membros do Colectivo A Rula que organizan diversas visitas ós gravados dos concellos de Teo, Santiago, Vimianzo, Ponteceso, etc.

Outro dos momentos recomendables para unha mellor visualización son os días de choiva, non excesiva, sendo o orballo o mellor aliado. Ben certo é, que coa pedra mollada moitos dos gravados melloran a súa visión aínda que non sempre resulte tan idóneo coma as solucións anteriores.

### **Potencial do concello da Estrada e defensa do patrimonio**

A relación que a continuación enumeramos, con 40 petróglifos inéditos dentro do Concello da Estrada e outros 19 máis na contorna, conforma un dossier que se rexistrará en breve na Dirección Xeral de Patrimonio. Solicitarase a catalogación de todas as estacións para iniciar un proceso relativamente longo, que pode durar meses, debido ó grande número e á distancia existente entre os gravados.

Unha vez catalogados, remitirase ós concellos correspondentes o inventario para que así o recollan nos respectivos PXOUs e comuniquen á súa vez a súa presenza ós propietarios dos terreos para a súa protección.

Xa definitivamente catalogados os gravados e segundo establece a Lei de Patrimonio Cultural de Galiza (Lei 5/2016, de 4 de maio), serán automaticamente recoñecidos coma B.I.C. (*Ben de Interese Cultural*) feito que obriga ós respectivos concellos á limpeza, sinalización, conservación e posta en valor. En todo caso, deberase solicitar a publicación dunha resolución no D.O.G. da listaxe completa dos gravados rupestres para que sexan recoñecidos a efectos prácticos.

Agardemos que as autoridades fagan a súa parte poñendo en valor estas representacións rupestres, algunha delas con 5000 anos de antigüidade, para que todos poidamos desfrutalas dende o respecto e a admiración polos nosos devanceiros.

Cómpre dicir que en Galicia son centos as persoas que traballan arreo tentando descubrir e protexer estas pequenas obras de arte rupestre. Malia o duro, pero gratificante traballo, a actual Lei do Patrimonio de Galicia, prohíbe a descuberta, rexistro gráfico e difusión de gravados rupestres!!! Noutras palabras, é unha lei anacrónica á realidade actual. Entendemos ben que os petróglifos non se deben limpar, tocar, pisar e moito menos marcar, pero non se pode prohibir algo tan esencial coma defender o noso pasado, a nosa historia e o noso patrimonio.

O concello da Estrada posuía ata o de agora máis de 100 xacementos arqueolóxicos e tñán só 4 petróglifos. En breve esperemos que se fale de *case douscentos xacementos arqueolóxicos* con, polo menos, 44 petróglifos que haberá que protexer, sinalizar e estudar no contexto xeral da arte rupestre. Con 51 parroquias e xa máis de corenta petróglifos localizados en tan só 5 delas (Frades, San Xurxo de Veá, Codeseda, Sabucedo e Souto) o futuro albíscase prometedor tendo en conta o potencial de moitas das históricas e estratéxicas parroquias estradenses.

Rematamos facéndonos eco da triste nova que os compañeiros do Colectivo A Rula publicaban recentemente no seu blog: a destrución parcial dunha das estacións descuberta por Xoán Andrés Fernández Castro (Petróglifo de Costa dos Cabalos 2) a finais do 2016 durante uns labores de roza da parcela. Que ocorra isto cun gravado deste Concello da Estrada (con tratamento de B.I.C. e, por tanto, posuíndo o máximo nivel de protección establecido na actual lei para os bens culturais) deixa patente o desinterese cara o noso patrimonio.

Un resumo do que debería ser a protección do patrimonio estradense, queda reflectido nesta nova:

#### Esta gestión del patrimonio es insostenible

Marco Antonio Rivas, presidente del que puede considerarse el primer colegio de arqueólogos de Galicia, aunque técnicamente el nombre sea Sección de

Arqueología del Colegio de Licenciados en Filosofía y Letras. Desde su constitución, antes del verano, los responsables de este colectivo se han reunido con representantes de los partidos políticos para trasladarles su situación y la de la arqueología en Galicia.

Rivas argumenta: «En la administración local no hay técnicos en la protección del patrimonio arqueológico y eso redundaría en que en muchos ayuntamientos este patrimonio, que es invisible, está en una situación de desamparo. Por ejemplo, un ayuntamiento como el de A Coruña que tiene 22 yacimientos tiene un arqueólogo municipal y otros como... A Estrada, que tiene más de cien yacimientos catalogados, no tiene arqueólogo municipal». Sostiene que es una situación «muy grave» y apunta como solución el acuerdo entre varios municipios para contratar arqueólogos y tratar de frenar así el deterioro de yacimientos en los que, además, se hizo un gasto importante en su día.

*La Voz de Galicia*, 06/11/2017

## Inventario sucinto dos novos petróglifos



<b>1 Chan de Lamas I</b>	<b>Parroquia:</b> Codeseda - Souto	<b>Coordenadas UTM 29:</b> 544284 - 4714682
<b>Altitude:</b> 665 m	<b>Estado:</b> Moi bo	<b>Catalogación:</b> Solicítase

Situado na extrema entre as parroquias de Souto e Codeseda e o concello de Cerdedo-Cotobade, dende o panel granítico orientado cara o leste, domínase unha ampla visión deste alto chan da zona de Montes que de seguro foi zona de cría, pasto e caza de animais salvaxes en épocas prehistóricas.

Trátase dun gravado de temática naturalista composto unicamente por un cervo de grandes dimensións (89 x 40 cm), pequena cornamenta, sen presenza de falo, moi posiblemente un exemplar novo ou unha femia.

Este petróglifo é excepcional polas seguintes características:

- É o primeiro petróglifo de temática naturalista do concello da Estrada.
- Representa un animal de grande porte insculturado segundo o *canon do Lérez medio* (Vázquez Rozas, 1997) ou *estilizado curvo* (Santos Estévez, 2008).
- Pasaría a formar parte das representacións de grandes cérvidos do Grupo Galaico de Arte Rupestre, ata o de agora, inéditos na ribeira do río Umia.
- Está representado unicamente un cervo de grande tamaño cando o habitual nestes gravados, é estar acompañados doutros zoomorfos, antropomorfos, etc., formando parte dunha escena.
- Non está representado coma o resto de grandes cérvidos, con grande e esaxerada cornamenta e tampouco sería un "animal cazado" (Non presenta lanzas ou frechas cravadas no lombo).
- Do grupo de grandes cérvidos representados en Galicia, sería o situado a maior altitude (665 m.s.n.m.).

Texto completo e análise do Colectivo A Rula:

<https://colectivoarula.wordpress.com/2018/07/08/chan-de-lamas-o-primeiro-gran-cervo-da-estrada/>



**2 Chan de Lamas I | Parroquia:** Codeseda - Souto **Coordenadas UTM 29:** 544284 - 4714682  
**Altitude:** 665 m **Estado:** Moi bo **Catalogación:** Solicítase

No panel superior da laxa anteriormente citada aparece gravado un motivo circular, de tipo xeométrico e propio da arte atlántica, duns 39 cm de diámetro, formado por 3 aneis e covaña central. Ó carón deste circular e separado por unha diáclase da rocha, unha formación de 18 cazoletas de entre 4 e 7 cm de diámetro e de 1 a 3 de profundidade. A disposición das mesmas en ángulo de 45º semella a posición natural dos cornos dun cérvido ou mesmo unha punta de frecha. Outras 5 covañas ó carón, illadas, completan o gravado.

Este petróglifo circular do panel superior, con suco gravado en forma de "U", comparte o exterior granítico coa estación de Chan de Lamas 1, aínda que figura nunha zona e disposición diferente ó gravado principal, con motivos de diferente tipoloxía polo que nos fai pensar que puideran pertencen a períodos e autorías diferentes.

Sería este un bo exemplo de dous gravados diferentes, en canto ó seu significado, autoría e cronoloxía, que non foron reinterpretados ou solapados entre si co paso do tempo e que a comunidade coñecía moi ben e respectaron pola súa connotación.

Texto completo e análise do Colectivo A Rula:

<https://colectivoarula.wordpress.com/2018/07/08/chan-de-lamas-o-primeiro-gran-cervo-da-estrada/>



**3 O Guerreiro**    **Parroquia:** Codeseda (As Quintas)    **Coordenadas UTM 29:** 545876 - 4716265  
**Altitude:** 645 m    **Estado:** Erosionado    **Catalogación:** Solicítase

No Alto das Quintas, en tempos coñecido coma "Alto de Valiñas", atopamos un imponente conxunto granítico dividido en 3 grandes zonas. Na situada máis ó sur, atopamos 4 petróglifos de 1, 2 e 5 cazoletas e o gravado do Guerreiro, así bautizado pola semellanza da imaxe representada no mesmo.

Na última rocha situada máis ó sur, que remata en parede vertical e dende a que divisamos un pequeno campo a modo de eira, hai representado un antropomorfo con brazos abertos, localizado sobre unha especie de soporte circular ou quizais pedestal, que ben poderíamos interpretar coma un cruciforme de non ser porque na man dereita porta o que semella ser un pau ou mesmo unha espada e na man esquerda parece levar outro obxecto. Pódese observar que tanto á dereita coma á esquerda, a pedra está lixeiramente descunchada e presenta restos doutras posibles figuras. Na parte superior desta pequena laxa apréciase un cruciforme e un pequeno símbolo triangular moi irregular. Á vista da fotografía parece claramente un petróglifo histórico, con trazos moi marcados pero sorprende, supoñendo que sexa un gravado histórico, que a súa visión nas horas centrais do día sexa tan complicada.

É preciso remarcar, aínda que se fará referencia na listaxe final deste artigo, que a uns 10 metros en dirección NO se atopa unha pía arrincada do seu emprazamento orixinal, moi posiblemente de carácter máxico - ritual que, de seguro, daría moito que falar se algún experto arqueólogo tivera a ben efectuar o seu estudo.



**4 Marcenlos I** **Parroquia:** Codeseda (Marcenlos) **Coordenadas UTM 29:** 546651 - 4720313  
**Altitude:** 483 m **Estado:** Moi erosionado **Catalogación:** Solicítase

Este petróglifo atópase nun pequeno outeiro, a modo de chan dende o que se pode divisar o lugar de Marcenlos e o castro de Entrecastrelo, poboado que Femín Bouza-Brey investigou a comezos do s. XX. Con evidentes restos do labor de cantaría na parte máis elevada, vestixios de posibles muros, un pozo natural e outros 2 petróglifos (Cruciforme histórico e cazoletas), nunha lomba granítica na parte sur-leste.

O panel está insculturado cun único motivo, moi desgastado, case imperceptible a simple vista e que pode dar lugar a diversas interpretacións: zoomorfo, antropomorfo, reticulado, cruciforme..? As novas tecnoloxías aplicadas á arqueoloxía (3D-Fotogrametría) posiblemente poidan aportar en breve máis información para obter unha interpretación e datación máis precisas.



**5 Entrecastro I** **Parroquia:** Codeseda-Parada **Coordenadas UTM 29:** 546486 - 4721112  
**Altitude:** 502 m **Estado:** Bo **Catalogación:** Solicítase

No imponente cumio do castro que domina a vista sobre a ribeira do Umia, val de Codeseda e terras baixas da Estrada, coñecido por uns coma "d' Entrecastro", "Trocastelo" para outros e de "Parada" para os máis vellos, atópase esta laxa granítica na cara oeste. Recollida xa no primeiro terzo do s. XX por Fermín Bouza-Brey da que asegurou "presenta caracteres alfabéticos" en varias zonas.

De granito moi compacto, forte e pouco doado de traballar, presenta varias cazoletas de profundidade a ter en conta, máis de 80 diminutas coviñas (que máis ben semellan un "punteado" quizais querendo transmitir unha mensaxe), un antropomorfo para uns e cruciforme para outros e diversos trazos lonxitudinais dos que debemos destacar unhas liñas, en zig-zag con punteado intermedio.

Se engadimos que ademais das impresionantes vistas desde este emprazamento con dobre parapeto defensivo, albíscanse uns 5-6 petróglifos e que a día de hoxe aínda se poden apreciar os restos dos muros das antigas vivendas, debería constituir un aliciente máis que xustificado para a posta en valor por parte das autoridades da Xunta, Deputación e Concello.



**6 Coto Alto I**    **Parroquia:** Codeseda-Sabucedo    **Coordenadas UTM 29:** 546877 - 4716020  
**Altitude:** 614 m    **Estado:** Bo    **Catalogación:** Solicítase

Laxa situada no alto dun pequeno outeiro, no límite entre as parroquias de Codeseda e Sabucedo, a tan só 10 m do histórico marco que así o certifica.

Fica a rentes do chan e coa orientación N-S case perfecta, a pedra ten gravadas polo menos 21 cazoletas de entre 3 e 6 cm de diámetro e 2-3 cm de profundidade, sen orde aparente.

Complétase o conxunto cun trazo lonxitudinal e outro xeométrico – abstracto situado na parte inferior e nun lateral do panel.

A poucos metros en dirección norte atoparemos dous emprazamentos arqueolóxicos catalogados pola Xunta: o “Túmulo de Couto Alto” (GA36017154) e o “Petróglifo de Porcate” (GA36017160).



**7 Trono da Moura** Parroquia: Sabucedo

**Coordenadas UTM 29:** 548489 - 4715514

**Altitude:** 595 m **Estado:** Bo

**Catalogación:** Solicitase

Peneda situada no alto dos montes de Sabucedo, entro O Curuto e o Campo do Diñeiro, dominio histórico dos "fillos do vento", bestas dun deus que quixo velos medrar e perpetuarse no tempo polos montes da contorna.

Esta curiosa formación que semella unha cadeira, a modo de trono, dende a que se pode contemplar o val de Sabucedo, altos da Conla e Cádavo..., faina posuidora dun pasado mítico quizais relacionado coa observación de animais salvaxes, gando, ou mesmo vixilancia dos movementos de vellas tribos prehistóricas.

O panel central a modo de "banqueta" componse de máis de 20 cazoletas de diámetro variable aínda que a maioría estarían nos 7 cm e uns 4-5 cm de profundidade. No parámetro vertical deste "trono" pódese albiscar un cruciforme moi desgastado e na parte superior da rocha outras 6 cazoletas repartidas en dirección N-S de diámetro variable.

Cómpre dicir que nas pedras máis próximas, apéndices do Trono da Moura, hai gravadas varias cazoletas e diversas marcas que tomarán sentido coa debida limpeza.




Fotografía: Pablo Sanmartín (Colectivo A Rula)

**8 Monte de Abaixo I** **Parroquia:** Souto **Coordenadas UTM 29:** 543736 - 4718617  
**Altitude:** 375 m **Estado:** Bo **Catalogación:** Solicítase

A pouco mais de 200 metros do río Umia, no alto dun pequeno outeiro situado ó N, este é un gravado de boa factura que seguramente tivera máis gravados pois pódese apreciar que a rocha está esnaquizada logo de antigos traballos de extracción de pedra.

O conxunto está composto dunha pequena canle en dirección N-S ó redor da cal se xuntan un circular de 3 aneis e cazoleta ou coviña central, un circular con cruz inserida e na parte superior un gravado que, aproveitando a feitura da pedra, puidera querer representar un serpentiforme. Complétase con 5-6 cazoletas espalladas pola superficie do panel.

Este é un petróglifo representativo da tipoloxía xeométrica da Arte Atlántica propia do Calcolítico ou da Idade do Bronce.



**9 Monte de Abaixo II** Parroquia: Souto **Coordenadas UTM 29:** 543615 - 4718457  
**Altitude:** 357 m **Estado:** Eorsionado **Catalogación:** Solicítase

Grande penedo na marxe dereita do río Umia con 4 cazoletas aliñadas E-O na parte superior.

No panel inferior do afloramento granítico, varias liñas case paralelas franqueando a representación dun posible antropomorfo situado no centro da composición e presenza de 3 cazoletas ó carón dunha das liñas. De certificarse coma petróglifo prehistórico, trataríase dunha das poucas representacións de arte rupestre xusto á beira dun río na comarca da Estrada.



**10 A Mámoa I**      **Parroquia:** Castrelo (Forcarei)      **Coordenadas UTM 29:** 550546 - 4715148  
**Altitude:** 721 m      **Estado:** Moi bo      **Catalogación:** Solicítase

Primeiro gravado dun total de 7 existentes no afloramento rochoso de xisto que coroa a aldea de A Mámoa.

Está situado na parte máis ó norte, a tan só 30 m da estrada que atravesa o Alto da Cheira dos Aguadeiros, terreo ben coñecido pola localización dunha importante necrópole megalítica, con decenas de enterramentos prehistóricos (Mámoas) dispersas en dirección S-N cara a Serra de Cabanelas, A Grela e Liripio.

Gravado sobre un soporte de xisto-gneis de moi boa compactación, lémbraos o mesmo tipo de soporte e feitura dalgúns petróglifos propios da zona do Bierzo (León). Está composto de 22 cazoletas de diámetro variable, entre os 4 e 8 cm, moi profundos (4 cm) e perfectamente traballados.



<b>11</b>	<b>Pena Cebreal I</b>	<b>Parroquia:</b> Codeseda	<b>Coordenadas UTM 29:</b> 544848 - 4714857
	<b>Altitude:</b> 662 m	<b>Estado:</b> Moi bo	<b>Catalogación:</b> Solicítase

No interior deste pequeno abrigo natural formado polas laxes dun enorme tor granítico, situado na extrema de Codeseda con Cerdedo, atopamos 5 cazoletas aliñadas no interior. Son cazoletas de 4 cm diámetro e 2 cm de profundidade, orientadas E-O, que coa saída e posta do sol pronúnciase a súa presenza.

Non cabe dúbida algunha que foi un espazo de agocho e protección, para cazadores e pastores de épocas prehistóricas. Nas paredes interiores da cova non se aprecian trazos, gravados ou restos de policromía.

É un bo exemplo de que un petróglifo composto por tan só 5 cazoletas poden ter un significado ou protagonismo moi relevante segundo o contexto no que aparecen representadas.



Fotografía: Pablo Sanmartín (Colectivo A Rula)

**12 Chan da Armada** **Parroquia:** Cequeril (Cuntis) **Coordenadas UTM 29:** 539472 - 4715956  
**Altitude:** 360 m **Estado:** Moi bo **Catalogación:** GA36015097 (01/10/2016)

Situado a 900 m da extrema co concello de A Estrada, na cota baixa do monte Cádavo, e a 200 m da estrada comarcal PO-222.

“Sobre unha rocha de configuración oblonga, de 2,20 m por 1,30 m, e distribuídas a partir dunha longa fisura natural da rocha, se atopan máis de 60 cazoletas, de dimensións variables, que oscilan entre 4 e 12 cm de diámetro. Unha delas, ten un círculo ao seu arredor.

A uns 8 metros ao sur da anterior se localiza unha rocha de considerables dimensións, actualmente cuberta por vexetación, que amosa na súa parte máis alta unha agrupación dunhas 7 cazoletas, pouco profundas”.

Texto orixinal do inventariado realizado por Xosé Manuel Rey García, arqueólogo e Director do P.A.A.R. de Campo Lameiro.



Fotografía: Pablo Sanmartín (Colectivo A Rula)

**13 Fonte Limpa I**    **Parroquia:** Cequeril (Cuntis)    **Coordenadas UTM 29:** 539963 - 4715430  
**Altitude:** 535 m    **Estado:** Bo    **Catalogación:** GA36015095 (01/10/2016)

Situado a 700 m da extrema co concello de A Estrada, na cota media do monte Cádavo.

“A escasos 5 metros ao leste dun gran bloque pétreo, ou tor, e á beira do camiño se localiza unha rocha alongada, de 3,40 m no seu eixo N/S por 1,50 m no eixo L/O. A rocha, que ten un barreno relacionado cos traballos de cantería tradicional na súa parte central, presenta un bo número de motivos, entre os que destacan rectángulos con retícula interior, círculos con cruz inscrita, cruciformes e antropomorfos.

Á beira desta rocha se ve outra que ten un rebaixe artificial lonxitudinal de 1,80 x 0,50 metros, e na base do tor se poden observar, cando menos, dous cruciformes”.

Texto orixinal do inventariado realizado por Xosé Manuel Rey García, arqueólogo e Director do P.A.A.R. de Campo Lameiro.



Fotografía: Pablo Sanmartín (Colectivo A Rula)

**14 Fonte Limpa II**      **Parroquia:** Cequeril (Cuntis)      **Coordenadas UTM 29:** 540029 - 4715352  
**Altitude:** 565 m      **Estado:** Bo      **Catalogación:** GA36015096 (01/10/2016)

Situado a 700 m da extrema co concello de A Estrada, na cota media do monte Cádavo.

“A uns 8 metros ao leste do camiño, sobre unha rocha de considerables dimensións, afectada por traballos tradicionais de extracción de pedra e cun cartel de coto privado de caza cravado sobre a mesma, se atopa o petróglifo, dividido en dous paneis diferentes. No primeiro podemos recoñecer o que no seu día debeu ser un gran motivo ovalado segmentado por una longa liña, hoxe parcialmente destruído, ata acadar a súa aparencia actual de tridente, un par de cruciformes e un antropomorfo dentro de un círculo; no segundo panel pódense identificar varios antropomorfos e cruciformes, así como algunha pequena cazoleta.

A rocha parece estenderse cara ao camiño, e nalgún punto no que aflora a mesma pode recoñecerse a presenza doutros cruciformes.

Por referencias do noso informante, Jorge Fernández Guerra, nas inmediacións deste petróglifo atópanse outras dúas rochas con gravados, unha delas con varias cazoletas e a outra cun deseño navicular. A densa vexetación que cubre a zona impediunos localizar as mesmas”.

Texto orixinal do inventariado realizado por Xosé Manuel Rey García, arqueólogo e Director do P.A.A.R. de Campo Lameiro.



Fotografía: X. Manuel Rey García

**15 Campo das Cruces** Parroquia: Cequeril (Cuntis) **Coordenadas UTM 29:** 540074 - 4716049  
**Altitude:** 515 m **Estado:** Bo **Catalogación:** GA36015094 (01/10/2016)

Situado a 600 m da extrema co concello de A Estrada e no medio dunha recente repoboación de eucaliptos.

“Na parte alta dun gran afloramento granítico que se dispón a rentes de solo, se localiza un cadrado con cruz inscrita (ventaniña), de 44 cm de lado, así como varios sucos lineais”.

Texto orixinal do inventariado realizado por Xosé Manuel Rey García, arqueólogo e Director do P.A.A.R. de Campo Lameiro.



Fotografía: Pablo Sanmartín (Colectivo A Rula)

**15 Outeiro Casal I**    **Parroquia:** Cequeril (Cuntis)    **Coordenadas UTM 29:** 538203 - 4715428  
**Altitude:** 381 m    **Estado:** Moi erosionado    **Catalogación:** Solicítase

Excepcional petroglifo situado nun outeiro granítico composto de polo menos 3 circulares de 3 aneis cada un con cazoleta central, 4 cazoletas sen orden aparente e unha pía de 60 cm de diámetro con canle de saída cara o sur e contornada por unha fina liña. Na superficie do penedo se poden albiscar máis trazos circulares, pequenos ocos e rebaixes que puideran complementar o gravado. O estado de conservación dificulta a visión dos circulares

Está situado en Cequeril a 250 m. da casa familiar do arqueólogo D. Ramón Sobrino Buhígas, quen fai alusión ós gravados a comezos do S. XX. Deste mesmo outeiro figura no seu "Corpus Petrogliphorum Gallaeciae", outro petroglifo composto de varios circulares complexos do que a día descoñecemos a súa localización exacta.

### 43 petróglifos máis atopados na zona

Relación doutros 43 gravados atopados nas parroquias de Codeseda, Souto, Sabucedo e concellos de Cuntis, Forcarei e Cervedo-Cotobade. No caso dos petróglifos emprazados fóra do límite do Concello da Estrada só sinalamos aqueles atopados nun radio de proximidade inferior a 1 km.

Non se fai referencia a gravados compostos por 1 ou 2 cazoletas por seren moi numerosos (30 aprox.), ás chamadas “cruces de canteiro” (90 aprox.) nin ós gravados históricos alfabetiformes (10). Non obstante, aínda que poidan parecer de menor relevancia, non deixan de ser relevantes e tratarémolos noutro artigo.

#### CODESEDA

- 17 Pena Cebreal II**      Coord. UTM 29: 544853 - 4714835    Alt: 664 m    Bo estado  
Gravadas nunha pequena peneda a ras do chan, dúas cazoletañas aliñadas Leste-Oeste xusto diante da Pena Cebreal.  
Solicítase a catalogación
- 18 Pena Cebreal III**      Coord. UTM 29: 544839 - 4714859    Alt: 671 m    Bo estado  
Situado a uns 10 m de altura, na cima da Pena Cebreal, presenta unha pía duns 40 cm de diámetro con dúas cazoletas, unha delas ó carón, e unha canle superior ramificada. Aconséllase non visitar dado o perigo que supón a subida e baixada da pena.  
Solicítase a catalogación
- 19 Coto de Pereiro**      Coord. UTM 29: 544687 - 4715039    Alt: 655 m    Bo estado  
Composto por unha pía de 40 cm de circunferencia con cazoleta asociada de 8 cm de diámetro e 5 de fondo. Cóntanse outras 6 cazoletas de 10 a 12 cm de diámetro e 5 de profundidade e outras dúas de 6 e 4 cm de diámetro.  
Solicítase a catalogación
- 20 Campo Verde**      Coord. UTM 29: 544670 - 4715659    Alt: 640 m    Desgastado  
A localización desta pequena pedra cúbica, duns 60x60x60 con veta central de seixo, é aproximada dado que non fun quen de atopar novamente entre tanto toxo. Gravada cunhas 14 cazoletas de diámetro variable a ámbolos dous lados da cara orientada cara ó solpor. Sítúase aproximadamente a uns 30 metros ó norte da cruz de pedra cravada no lugar de “Campo Verde”, na honra dun finado veciño de Sabucedo.  
Solicítase a catalogación

- 21 Currelos** Coord. UTM 29: 547282 - 4719481 Alt: 546 m Desgastado  
Un “petróglypho de termo” composto por dúas figuras: un antropomorfo máis unha cruz.  
Solicítase a catalogación
- 22 Xubrei / Capela S. Brais** Coord. UTM 29: 545078 - 4717433 Alt: 463 m Bo  
Na base leste da ermida, situada nun pequeno outeiro rochoso, componse de 4 cazoletas en liña N-S cunha desviación de 15°. Ademais hai marcas espalladas pola contorna. De limpar esta rocha grande, de seguro, aparecerían máis petróglyphos.  
Solicítase a catalogación
- 23 Monteagudo I** Coord. UTM 29: 545026 - 4715881 Alt: 658 m Bo  
Laxa a ras de chan situada no punto máis alto do monte que presenta unha cruz histórica.  
Solicítase a catalogación
- 24 Monteagudo II** Coord. UTM 29: 545037 - 4715889 Alt: 658 m Desgastado  
Duns 60 cm de altura, é un dos 5 marcos do histórico “Coto de Codeseda” (S. XII) que ten gravado o que semella unha cruz patada na superficie orientada ó oeste.  
Solicítase a catalogación
- 25 Monteagudo III** Coord. UTM 29: 545169 - 4715474 Alt: 629 m Desgastado  
Nunha rocha situada no chan que antepón a cima do monte presenta na parte superior 6 cazoletas de 6 cm de diámetro e 3-4 de profundidade. Facilmente identificable por teren gravado un sinal da ruta de sendeirismo “Reto Codeseda – Sabucedo”.  
Solicítase a catalogación
- 26 Monteagudo IV** Coord. UTM 29: 545176 - 4715949 Alt: 633 m Desgastado  
Laxa granítica a ras de chan con 8 microcazoletas ou punteado e cruciforme no centro do panel.  
Solicítase a catalogación
- 27 Monteagudo V** Coord. UTM 29: 544824 - 4716531 Alt: 540 m Desgastado  
Enigmático petróglypho composto de dúas grandes pías de 50 cm de diámetro acompañadas de varios trazos verticais.  
Solicítase a catalogación
- 28 Outeiro de Carvelo** Coord. UTM 29: 545453 - 4715151 Alt: 682 m Bo estado  
Na extrema entre os concellos de A Estrada e Cerdedo-Cotobade presenta unhas 5 microcazoletas ou punteados, un símbolo alfabético con cazoleta moi profunda asociada e un trazo sinuoso de difícil interpretación (Histórico).  
Solicítase a catalogación

- 29 A Pía das Quintas** Coord. UTM 29: 545862 - 4716275 Alt: 643 m Bo estado  
Nunha rocha que foi arrincada do seu emprazamento orixinal, unha pía de 50 cm de diámetro minuciosamente traballada con lixeira pendente cara un receptáculo central de 12 cm de diámetro e 15 de profundidade. Podería tratarse dunha pía ritual.  
Solicítase a catalogación
- 30 Outeiro das Quintas I** Coord. UTM 29: 545850 - 4716271 Alt: 642 m Desgastado  
2 cazoletas pegadas de 8 e 3 cm de diámetro a 2 metros da pía anteriormente citada.  
Solicítase a catalogación
- 31 Outeiro das Quintas II** Coord. UTM 29: 545912 - 4716219 Alt: 641 m Bo estado  
5 cazoletas duns 6 cm de diámetro gravadas nunha rocha situada no camiño que percorre a cima deste outeiro granítico.  
Solicítase a catalogación
- 32 As Quintas (A Revolta)** Coord. UTM 29: 545744 - 4716823 Alt: 551 m Bo estado  
Tres cazoletas de 10 cm de diámetro na parte superior dun afloramento granítico de escasa altura.  
Solicítase a catalogación
- 33 As Birtas** Coord. UTM 29: 546734 - 4716259 Alt: 602 m Bo estado  
Cruciforme ben apreciable con apéndice nun dos brazos e rodeado de 8 cazoletas de entre 2 e 5 cm de diámetro.  
Solicítase a catalogación

## SABUCEDO

- 34 O Curuto I** Coord. UTM 29: 548481 - 4715265 Alt: 614 m Bo estado  
Na cima do mítico Curuto de Sabucedo, nunha laxa a ras do chan orientada en suave pendente cara o sur, presenta 11 cazoletas duns 3-4 cm de diámetro.  
Solicítase a catalogación
- 35 O Curuto II** Coord. UTM 29: 548509 - 4715209 Alt: 606 m Desgastado  
Pequena peneda situado cara o sur na parte baixa deste monte, 5 microcazoletas ou punteado formando un pentágono. (Coord. aproximadas)  
Solicítase a catalogación

- 36 **Coto Alto II (Marco)** Coord. UTM 29: 548521 - 4715182 Alt: 605 m Bo estado  
Un marco histórico de separación entre as parroquias de Codeseda e Sabucedo que ten gravados os caracteres “C” e “S”.  
Solicítase a catalogación
- 37 **Coto Alto III** Coord. UTM 29: 546887 - 4715999 Alt: 601 m Bo estado  
Punteados espallados polas rochas da contorna e varias inscricións históricas, algunhas delas con caracteres alfabéticos. (Histórico).  
Solicítase a catalogación

## SOUTO

---

- 38 **Marco de Carracedo I** Coord. UTM 29: 543828 - 4714235 Alt: 706 m Bo estado  
Marco histórico de separación entre as parroquias de Souto e Codeseda e dos concellos de A Estrada e Cerdedo–Cotobade. Ten gravadas dúas cruces nas caras N-S e a letra “C” no parámetro norte (¿Codeseda, Carracedo, Cerdedo?).
- 39 **Marco de Carracedo II** Coord. UTM 29: 543832 - 4714237 Alt: 706 m Bo estado  
Laxa situada a carón do marco con 4 cazoletas duns 3 cm de diámetro.  
Solicítase a catalogación
- 40 **Marco de Carracedo III** Coord. UTM 29: 543829 - 4714236 Alt: 706 m Bo estado  
Pegada á anterior, soporte granítico con 6 microcazoletas ou punteado en formación.  
Solicítase a catalogación
- 41 **Marco de Carracedo IV** Coord. UTM 29: 543831 - 4714237 Alt: 706 m Bo estado  
Pedrón que ten gravados no panel vertical 4 cazoletas de 2 cm de diámetro e 3 liñas dispostas en abano.  
Solicítase a catalogación
- 42 **Marco do Rei** Coord. UTM 29: 543971 - 4714307 Alt: 690 m Bo estado  
A 200 m do marco de Carracedo seguindo a pista forestal cara o norte. Presenta na parte superior un “R” de 12 x 6 cm e 4 cazoletas pequenas. Puidera sinalizar unha antiga “Carballeira do Rei” ou plantío real, posesións forestais pertencentes á coroa.  
Solicítase a catalogación

- 43 Souto II (A Ponte)** Coord. UTM 29: 543764 - 4718487 Alt: 348 m Desgastado  
Situado na marxe dereita da ponte de Souto, petróglifo composto dun gravado histórico que representa unha cruz patada con peaña, 6 cazoletas aliñadas e zoomorfo ou cruciforme? na parte superior da rocha. Estas dúas últimas de factura posiblemente prehistórica.  
Solicítase a catalogación
- 44 Monte Ladróns** Coord. UTM 29: 544408 - 4716532 Alt: 566 m Desgastado  
Situado na cima deste monte, presenta 8-9 cazoletas desgastadas no cumio dun penedo de difícil acceso a modo de "tor". Nunha rocha situada a 2 metros en dirección leste, varios gravados lineais de difícil interpretación.  
Solicítase a catalogación
- 45 O Peón** Coord. UTM 29: 543427 - 4714269 Alt: 678 m Bo estado  
Nunha laxa granítica a ras do chan, representase unha cazoleta de 12 cm de diámetro e 5 de profundidade con punteado diverso espallado pola superficie da rocha.  
Solicítase a catalogación
- 46 Fonte Ciega** Coord. UTM 29: 540993 - 4715035 Alt: 763 m Bo estado  
Na cima do Cádavo, nunha pequena rocha vertical duns 50 cm de alto a modo de marco, petróglifo histórico con representación de caracteres alfabéticos moi posiblemente relacionados coa extrema que separa os concellos de Cuntis, Campo Lameiro e A Estrada.  
Solicítase a catalogación
- 47 Cregos** Coord. UTM 29: 540866 - 4715201 Alt: 804 m Bo estado  
Colección de cruciformes históricos no punto máis alto do monte Cádavo, sobre o que se divisan a Terra de Montes, o Val de Souto-Codeseda e o mar de Arousa.  
Solicítase a catalogación
- 48 A Lomba I** Coord. UTM 29: 543740 - 4716023 Alt: 624 m Bo estado  
Colección de 8 microcoviñas punteadas no NE do antropomorfo sen disposición aparente.  
Solicítase a catalogación
- 49 A Lomba II** Coord. UTM 29: 543701 - 4716023 Alt: 616 m Bo estado  
Antropomorfo histórico de 40 x 20 cm, orientado Leste-Oeste de factura moi traballada e profunda. Aínda que puidera semellar unha cruz, presenta extremidades ben diferenciadas e cabeza, quizais coa intención de representar o dominio ou posesión sobre o alto val de Souto.  
Situado ó sur, a 230 m, da "Mámoa de Chan das Lamas" (GA36017204).  
Solicítase a catalogación

## FORCAREI

---

- 50 **A Mámoa II** Coord. UTM 29: 550490 - 4714684 Alt: 709 m Bo  
Formación de 22 cazoletas aliñadas N-S nun soporte de xisto que acompañan outras 8 cazoletas espalladas ó longo desta veta.  
Solicítase a catalogación
- 51 **A Mámoa III** Coord. UTM 29: 550493 - 4714681 Alt: 709 m Desgastado  
Nun panel case vertical de xisto están gravados 3 cruciformes de difícil visualización asociados a 1 cazoleta e outro cruciforme con 5 cazoletas na parte inferior da parede. Outras 2 + 3 cazoletas na veta pétreas que continúa cara o sur.  
Solicítase a catalogación
- 52 **A Mámoa IV** Coord. UTM 29: 550520 - 4714145 Alt: 716 m Bo  
Formación en ringleira de 9 cazoletas de 4 cm de diámetro e 2 a 3 de profundidade aliñadas N-S cunha desviación de 10° cara o O.  
Gravadas nun soporte de xisto moi pouco habitual. Solicítase a catalogación  
Outros 2 petróglifos no "Coto das Cruces" da parroquia de San Nicolao de Ventoso, non se recollen dada a distancia do límite co concello da Estrada.  
Solicítase a catalogación

## CERCEDO-COTOBADÉ

---

- 53 **Couto Mosqueiro I** Coord. UTM 29: 544587 - 4714416 Alt: 695 m Bo estado  
No linde da parroquia de Codeseda (A Estrada) está situado no extremo sur da primeira pena, a ras do chan, formado por 4 cazoletas en forma de aspa.  
Solicítase a catalogación
- 54 **Couto Mosqueiro II** Coord. UTM 29: 544581 - 4714409 Alt: 695 m Bo estado  
A 2 m en dirección norte, na seguinte rocha, formación de 14 cazoletas espalladas sen lóxica aparente polos distintos niveis que forma o penedo a excepción de 4 (coma no anterior) en forma de aspa. Unha das cazoletas está exenta, gravada no parámetro vertical dunha rocha anexa que semella unha cadeira.  
Solicítase a catalogación
- 55 **Outeiro da Pena Cebreal** Coord. UTM 29: 544988 - 4714719 Alt: 681 m Erosionado  
Situado nun pequeno bloque granítico virado uns 45° posiblemente polos traballos de extracción de pedra, está composto por 3 cazoletas de 10 cm de diámetro e 2-3 cm de profundidade.  
Solicítase a catalogación

- 56 Outeiro da Pena** Coord. UTM 29: 549714 - 4715991 Alt: 701 m Moi bo estado  
 Petróglifo Histórico – Trataríase dunha “cruz de termo” duns 20 x 20 cm Situada a  
 100 m en dirección leste do actual marco de separación dos concellos de A Estrada,  
 Forcarei e Cerdedo-Cotobade. Solicítase a catalogación  
 Outros 9 petróglifos en Santa María de Folgoso non se recollen dada a distancia co  
 límite co concello da Estrada (Parroquia na que non se tiña atopado ningún gravado  
 ata o momento).  
 Solicítase a catalogación

## CUNTIS

- 57 Outeiro de Pereiro** Coord. UTM 29: 539771 - 4719578 Alt: 537 Moi erosionado  
 No lugar de Folgoso, a uns 80 metros do linde ca parroquia de Cequeril e a uns 500  
 da divisoria co concello da Estrada, nun bloque granítico do cumio deste pronunciado  
 outeiro, están representados na cara leste polo menos dous cuadrangulares con  
 retícula interior.  
 O estado de conservación dificulta moito a visión.  
 Solicítase a catalogación
- 58 Fonte Limpa III** Coord. UTM 29: 539526 - 4715368 Alt: 424 Moi erosionado  
 No regato de Fonte Limpa, uns metros máis abaixo de “Fonte Limpa I”, e a 230 m do  
 linde co concello de Campo Lameiro, un pequeno bloque granítico situado ó borde do  
 regato presenta gravados na parte superior circulares simples e cadrados, ámbolos  
 dous con retícula interior. Nalgún sobresa e unha liña inferior a modo de varal.  
 Solicítase a catalogación
- 59 Outeiro do Casal II** Coord. UTM 29: 538416 - 4715463 Alt: 412 Moi erosionado  
 Na parte fronto-lateral dunha rocha e orientado cara o S, gravado composto por  
 unhas 8 cazoletas de 4 a 6 cm de diámetro.  
 Solicítase a catalogación

## Agradecementos

A Ángel Núñez Sobrino e familia (Descendentes e valedores do legado e da casa-  
 museo de D. Ramón Sobrino Buhígas e Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza), Xosé Ma-  
 nuel Rey García (Arqueólogo e Director do PAAR - Parque Arqueolóxico da Arte  
 Rupestre de Campo Lameiro), Pablo Sanmartín López e membros do Colectivo A  
 Rula (Investigadores e divulgadores da Arte Rupestre), Fran Ameixeiras Sánchez  
 (Investigador, divulgador e guía da Arte Rupestre no P.A.A.R.), Silvia Pampín Ote-  
 ro (Xornalista), Faro de Vigo – Deza/Tabeirós, Xoán Andrés Fernández Castro (Di-  
 rector do Museo da Estrada e da MISCELÁNEA H. e C.) e Carlos da Barreira (Pre-  
 sidente e fundador da Asociación Codeseda Viva), polo voso apoio incondicional.

## Documentación e bibliografía

- APARICIO CASADO, Buenaventura; CARRERA RAMÍREZ, Fernando; DE LA PEÑA SANTOS, Antonio. *Arte Rupestre en Galicia*, (Ed. Cumio). Ponte Caldelas, 2013
- BOUZA-BREY TRILLO, Fermín. “Los petroglifos de Monte Penide y los estudios sobre arte rupestre gallego-portugués”. Separata del *Anuario del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos*. Madrid 1934-35
- COLECTIVO A RULA, “Chan de Lamas. O primeiro gran cervo da Estrada”. Blog, 08/08/2018.  
<https://colectivoarula.wordpress.com/2018/07/08/chan-de-lamas-o-primeiro-gran-cervo-da-estrada/>
- COTA, Rodrigo. “Prohibido buscar”. *Diario de Pontevedra*, 25/06/2017.  
<https://www.diariodepontevedra.es/blog/rodrigo-cota-estoy-pensando/prohibido-buscar/20170625152128350119.html>
- DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; GIL, Xulio. *Petroglifos de Galicia*. Edicións A Nosa Terra, 2009
- DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; REY GARCÍA, José Manuel. “El espacio de la representación: el arte rupestre galaico desde una perspectiva territorial”. *Pontevedra*, nº 10, Pontevedra, 1993
- DE LA PEÑA SANTOS, Antonio; VÁZQUEZ VARELA, J.M. *Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. Edicións do Castro, 1992
- FÁBREGAS VALCARCE, Ramón. *Los petroglifos y su contexto, un ejemplo de la Galicia Meridional*. Vigo, 2001
- FERNÁNDEZ CASTRO, Juan Andrés. “Gravados rupestres na Estrada: da Idade do Bronce aos nosos días”. *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Nº 11. A Estrada, 2008
- GARCÍA, Rodri. “Esta gestión del patrimonio es insostenible”. *La Voz de Galicia*, 06/11/2017.  
[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/cultura/2017/11/06/gestion-patrimonio-insostenible/0003\\_201711G6P27991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/cultura/2017/11/06/gestion-patrimonio-insostenible/0003_201711G6P27991.htm)
- LACALLE RODRÍGUEZ, Raquel. *Los símbolos de la Prehistoria. Mitos y creencias de Paleolítico Superior y del Megalitismo europeo*. Ed. Almuzara, 2011
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel. *A Estrada descoñecida - Caderno I: As pedras*. Xunta de Galicia, 2016
- REGUEIRA, Susana. “Antonio de la Peña: Creemos que los chamanes grababan los petroglifos tras consumir alucinógenos”. *Faro de Vigo*, 23/04/2016  
<https://www.farodevigo.es/noticias-suscriptor/portada-pontevedra/2016/04/23/antonio-pena-creemos-chamanes-grababan/1447335.html>
- REY GARCÍA, José Manuel; FÁBREGAS VALCARCE, Ramón. “Petroglifos en Galicia”. Radio galega, “Galicia por diante”, 03/07/2018.  
<http://www.radiogalega.gal/rg/destacados/galicia-por-diante-galicia-por-diante-do-dia-03-07-2018-3824307?t=553>
- SANTOS ESTÉVEZ, Manuel. “Curros na Idade do Ferro? Unha proposta etnoarqueolóxica”. *Rev. Fol de veneno*, 2014.

SANTOS ESTÉVEZ, Manuel; TRONCOSO MELÉNDEZ, Andrés. *Reflexiones sobre arte rupestre: paisaje, forma y contenido*. Santiago, 2005.

SOBRINO BUHÍGAS, Ramón. *Corpus Petroglyforum Gallaeciae*. Ed. do Castro - Facsímil, Sada, 2000.

VÁZQUEZ ROZAS, Roberto. “Los petroglifos gallegos, selección de su emplazamiento y selección de las rocas grabadas”. *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología* (pp. 69-76). Vigo, 1993.



# Pazo do Outeiro de Maíndo

José Manuel Bértolo Ballesteros

joberba4@hotmail.com

Luís Manuel Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es

**Resumo.** O pazo de Maíndo, de importancia social e política nas súas orixes, pasou a ser básicamente unha fonte de explotación agraria e unha casa de recreo. Os seus donos, de apelido Reino e Cisneros, foron fortalecendo economicamente os seus morgados grazas ás alianzas matrimoniais ata chegar a ser condes, pero nunca tiveron a Maíndo como centro dos seus intereses. Coa desaparición dos morgados a súa facenda vaise dividindo entre os parentes e Maíndo pasou a mans dos Puga, dos Novoa e agora dos Redondo Lissarregue.

**Abstract.** Maíndo ancestral house, originally of social and political importance, basically turned into a source of agricultural exploitation and a pleasure house. Its owners, Reino and Cisneros, were economically strengthening their entailed estates thanks to matrimonial alliances until they became counts, but they never considered Maíndo to be the focus of attention. Their possessions were transferred to the relatives when entailed estates disappeared, and Maíndo fell into Puga family hands, Novoa family and now Redondo Lissarregue family.

A Casa-forte de Maíndo ou Torre de Couso, construída dentro dun recinto amurallado, é unha pequena fortaleza que foi ampliada ao longo dos tempos. As diversas ampliacións son patentes ao observar o sistema construtivo, xa que nunhas partes domina uns ben formados perpiaños de cantería, noutras perpiaños máis irregulares e noutras a cachotería.

A nosa hipótese é de que a parte máis antiga sería unha torre, da que se conserva só a planta baixa, e á que se accedía a través da porta que ten un arco apuntado, típico en Galicia no entorno do século XIV, e que ten sobre unha doela un escudo con seis roeis en tres pales de dous e sobre eles unha figura, agora esvaecida, escudo dos Bendaña.

Detrás desta parte hai pegado un gran edificio rectangular de planta baixa e un piso, cunha porta baixo un arco de medio punto co escudo dos Bendaña na doela clave, e na parte posterior ou fachada meridional, dúas portas de acceso. Nesta fachada hai vans rectangulares e outro escudo, que nos remite ao século XVI, adorna-



Pazo Maíndo.

do con grilandas e fitas cuartelado en cruz, cuarteis 2 e 3 coas armas dos *Reino*: unha espada fixada e rodeada de seis roeis colocados en pal, tres a cada flanco; e cuarteis 1 e 4 coas armas dos *Isorna*: tres flores de lis e correas<sup>1</sup>.

O pazo de Maíndo foi vivenda habitual da familia dos Reino durante o século XVI, pero a partir de entón xa coa familia Cisneros decae a favor das vivendas de Santiago ou do pazo de Ximonde, polo que estivo en mans de mordomos ata que nos últimos tempos volveu a ser utilizada pola familia propietaria, agora de apelido Lis-sarrague.

## Os Reino

Aínda que “Maíndo xa existía anteriormente a 1393 e, ó mellor, unha centuria atrás (aínda que con distinta complexión constructiva, seguramente)”<sup>2</sup> a primeira referencia ao pazo de Maíndo está nun

1 CENDÓN FERNANDEZ, M., *El sepulcro del arzobispo D. Alvaro de Isorna en la catedral de Santiago*. <http://estudiosgallegos.revistas.csic.es/index.php/estudiosgallegos/article/viewFile/262/266>

Pero serían armas dos Mariño, segundo: PICALLO FUENTES, H. Maíndo (A Estrada-Pontevedra): “Espacio xeográfico e humano na ascendencia do condado de Ximonde”. A *ESTRADA Miscelánea Histórica e Cultural*, Museo do Pobo Estradense M.R.P. nº 5 e 6, 2002 e 2003.

2 Para completar este estudo, ver os artigos que se citan e que aquí se complementan: PICALLO FUENTES, H. o.c.

foro sobre “o paaço do Outeiro [...] na vila de Meyndo da fligresya de Sancta Mar de Couso” concedido o 21 de xaneiro de 1393 polo deán do cabido compostelán Gonzalo Rodríguez de Bendaña a **Gonzalo Rodríguez de Reino**. Pouco despois, este vai estar de casteleiro na fortaleza da Insua de Veá, posto polo bispo de Mondoñedo don Álvaro Núñez de Isorna e Bendaña.

En tempos igualmente de D. Álvaro Núñez de Isorna e Bendaña (e xa termado este o báculo metropolitano de Santiago), fai presenza outra persoa de marcado interese para as nosas metas; era el un dos seus escudeiros, chamábase García de Reino e facía proclama de ser –ao igual que o nomeado Gonzalo Rodríguez de Reino– parente deste Isorna-Bendaña<sup>3</sup>.

Dito **García de Reino**, fillo de *Nuno González* e de *Teresa Sánchez*, era orixinario, como os demais parentes, do lugar de *Reino* en Trasmonte (Ames), onde foron sepultados moitos dos seus ascendentes.

Tiña como irmáns a *Alonso González* e a *Rodrigo Suárez de Reino*, pai de *Gonzalo de Reino o mozo* e de *Sueiro Gómez*.

García de Reino finou o 24 de outubro de 1444, polo que o día 30 dese mes presentouse *Rui Suarez de Reino, vasalo do Rei*, e como testemuña o *escudeiro Gonzalo Suárez* ante Álvaro de Sampayo, xuíz de terra de Nemancos, dicindo que *seu curmán* García de Reino outorgara testamento e que pedía que se abrise.



Escudo no arco apuntado



Escudo s. XVI.

3 PICALLO FUENTES, H, o.c., boletín nº 6, páx. 175.

En efecto, García de Reino outorgara testamento<sup>4</sup> o 12 de setembro de 1440, deixando como sucesor en primeiro lugar á súa filla menor<sup>5</sup> *Leonor*, en segundo lugar a seu sobriño *Gonzalo de Reino o mozo*, e en terceiro lugar a un irmán de Gonzalo chamado Sueiro e, se estes non tivesen sucesión, deixaba ao cabido de Santiago como sucesor.

Tamén manda que a súa filla sexa atendida durante cinco anos pola muller de Ares Sánchez e que despois estivese na casa do citado Gonzalo de Reino ata que casase. Ademais cita a outra filla chamada *Teresa* e outros parentes: os sobriños Gonzalo de Albite, Rui Suárez, Alonso Guillermo de Noia, Elvira Moura e a súa curmá Teresa Sánchez.

García de Reino foi enterrado en Santa María de Trasmonte, onde xacían outros familiares, pero encarga dicir misas en moitas igrexas da cidade de Santiago.

Todos os sucesores que nomeou seguramente morreron sen descendencia porque en 1474 o cabido compostelán, como sucesor de García de Reino, dá en foro unhas terras en Pegariños, citadas no seu testamento.

Porén o 29 de marzo de 1514 preséntase ante o cabido **Martín de Reino** e reclama ditas herdades.

Dito **Martín de Reino**, que era fillo de *Teresa Sánchez* (e quizais do escudeiro cuntiense Gonzalo Méndez)<sup>6</sup> e neto do citado *García de Reino*, estaba casado con Constanza Vázquez de Veiga.

Segundo os citados artigos de Héitor Picallo, tiña como irmá a *María Suárez de Reino*, cuxa lápida estaba na igrexa de Couso (agora no pazo) co epitafio: IAZ/MA XUAREZ DE REINO MVGER QUE/FUE DE RO SVA/REZ BREMUDEZ FALECIO ANO/DE 1530. O escudo desta lápida ten as armas de: 1º cuartel. 1A). Seis bezantes en tres pales de dous, dos BENDAÑA. 1B) catro barras dos VARELA. No 2º e 3º cuartel as armas dos REINO, unha espada fixada e acostada de seis bezantes colocados en pal, tres a cada flanco. E no 4º cuartel, 4A) armas dos BENDAÑA, 4b) armas dos

4 Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia, (ARG. RA) 23227/41.

5 Varios dos seus descendentes tamén nomean como herdeira á filla menor.

6 PICALLO FUENTES, H. o.c. nº 6, páx. 217.

VARELA. Por timbre helmo empenachado.

Martín de Reino outorgo testamento<sup>7</sup> o 14 de xuño de 1526 deixando como herdeira á súa *filla menor* **María Suárez de Reino** (*que segue*) e en segundo lugar a seu sobriño *Gregorio de Reino*, a quen deixa como cumpridor, xunto coa súa muller Constanza. Deixa tamén algúns bens á súa sobriña Cristina de Reino.

Foi enterrado na igrexa de Santa María a Nova en Santiago.

**María Suárez de Reino** casou en primeiro lugar co seu curmán *Roi* ou *Rodrigo de Reino*, alférez da Capitanía do Reino de Galicia.

En efecto, Roi de Reino era fillo do mencionado *Gregorio de Reino Mariño e Soutomaior*<sup>8</sup> e de *Isabel Álvarez Bermúdez de Castro e Aldao* (ou *Suárez de Castro*)<sup>9</sup>, filla esta de Luís Bermúdez de Castro e Aldao (Xeve, 1470-1555) e de María Sisso de Ibias, donos da fortaleza de Gondar en Xeve<sup>10</sup>.

María Suárez de Reino (que non sabía asinar) e o seu home, que vivían no pazo de Maíndo e con casa tamén en Santiago, fixeron unha escritura<sup>11</sup> o 26 de marzo de 1556 ante o escribán Fernando de Ruanova pola que fundaban un vínculo e morgado e facían doazón



Lápida de María Suárez.


7 ARG. RA 23227/41.

8 De Gregorio, "xuíz das xurisdicións de Caldas de Reis, Caldas de Cuntis, Moraña e os coutos de San Isidro (tal vez de Montes) e de san Xoán de Poio [...] foi a casa-pazo das Xilgadas, sita na vila caldense, a súa habitual residencia". PICALLO FUENTES, H. o.c.

9 AHN. Registro de executorias, caixa 1182,35.

10 Cfr. BÉRTOLO, J.M.-FERRO, L., "Casa grande de Bermúdez de Castro. San Paio de Figueiroa". Rev. *Nalgures*, Asociación Cultural de Estudos Históricos de Galicia. tomo XII, 2008.

11 ARG.RA 16757/3.



Ares Fernández de Miranda.


dos seus bens a seu fillo único Rodrigo. O motivo da doazón, argallada por Roi de Reino e Frutuoso Gallos, rexedor de Santiago, era que querían casar a Rodrigo, que tiña 7 anos, con Inés Abraldes, filla de Frutuoso e Isabel Monteser, que tiña 15-16 anos. Estes, poucos días despois de morrer Rodrigo, quixeron que María ratificase e aprobase dita escritura ante o mesmo escribán.

Moi pouco despois de quedar viúva, o 4 de xuño de 1558 María entrega, para casar de novo, os seus bens dotais que tiña do seu primeiro marido a *Ares Fernández Miranda*, fillo de Rodrigo López de Villar de Miranda e de Teresa González<sup>12</sup>, veciños de Santiago pero con raíces en Miranda no concello de Pontenova na diocese de Mondoñedo<sup>13</sup>. E mes e medio máis tarde fixeron inventario e relato dos bens para a súa voda. Meses antes, Ares recibira de María un foro nas proximidades de Cuntis e mesmo actuara de procurador dela no traspaso dunha casa na rúa do Villar

Seis meses máis tarde, o 11 de decembro de 1558, María pediu aos xuíces que considerasen nula a escritura de doazón dos seus bens e fundación de vínculo porque, segundo dicía, fora feita con enganos e ameazas, “amenazas que dho su marido había hecho y eso era público y notorio”.

<sup>12</sup> ARG.RA 25425/11.

<sup>13</sup> Un fillo de Ares, chamado *Rodrigo López de Miranda*, foi dono do lugar de *Pearo*, sito na parroquia de san Xoán de Santeles, que seu pai mercou en 1578 e onde está a casa brasonada dos Miranda.



Árbore de Isabel de Ribera (parte).

En 1568 deuse carta executoria en Valladolid sobre un preito entre o cabido compostelán e María xunto co seu marido Ares, como titores do fillo de María no seu primeiro matrimonio, que se chamaba Rodrigo Suárez de Castro.

María outorgou testamento<sup>14</sup> o 4 de xuño de 1578 ante Antonio López, de Santiago, e finou o 10 de xuño de 1580. Deixaba ao seu segundo marido un quinto dos seus bens, situándoos no pazo de Couso e anexos, así como outros bens que quixese ata completar esa quinta parte. O resto quedaba para o fillo do seu primeiro matrimonio **Rodrigo Suárez de Castro** (que segue)

Pouco despois, en 1584, Ares Fernández inicia un preito –dos moitos que seguirán ao longo dos tempos– contra uns veciños que trataban de facer unha pesqueira nos seus dominios de Couso<sup>15</sup>.

**Rodrigo Suárez de Castro** (que de novo se facía chamar *Roi Gómez de Aldao*), nacido sobre 1549, non quixo casar con Isabel Abraldes senón que casou con *Isabel de Ribera*<sup>16</sup>, filla de Diego de Ribera, alguacil maior do Reino, e cuñada de Gómez Rodríguez de Sotomayor e Riobó, o señor da *casa de Preguecido*.

14 ARG.RA 23227/41.

15 Arquivo particular dos donos da casa de Maíndo.

16 Ver ascendencia en: FERRO, L.-BÉRTOLO, J.M., "O pazo de Preguecido e casa de Valiñas", *Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, 2013

Roi demandou á súa nai e aos Gallos-Monteser pois, aínda que non casou con Inés Abraldes, pedía que se cumprira o contrato, é dicir, que se validara a fundación do vínculo, no que se incluían os bens de seus pais e tamén os do seu tío Nuno Vázquez de Aldao<sup>17</sup>.

Logo, o 11 de abril de 1577 fixo unha escritura en Santo André de Veá ante Francisco Núñez, escribán das xurisdicións de Veá e Barcala na que fai doazón á súa filla Apolonia de “todos los bienes y rentas, casas, casares, heredades, soutos, devesas, molinos, ríos, riberas, a montes y a fontes que le pertenecen por escrituras que sus padres hicieron según pasó delante de Fernando Ruanova”<sup>18</sup>.

E *ao día seguinte*, dito Rodrigo aconsellado polo seu sogro Diego de Ribera chegou a unha concordia coa súa nai e co seu padrastró Ares Fernández de Miranda, estando presente o avogado da Real Audiencia Pedro Cisneros. Ares Fernández mercara unhas rendas a un comerciante chamado Francisco Correa, que as comprara a María durante o seu primeiro matrimonio. Ademais había outros bens que eran propiedade do mosteiro de Santa Clara dos que María perdera os dereitos por non pagar o canon e que agora tamén tiña dito Ares. Roi consideraba que súa nai non podía vender ditas rendas nin deixar perder os seus dereitos por ser de vínculo.

Por medio desta concordia, quedaba para María e Ares Fernández o pazo de Maíndo coas súas herdades e xurisdición anexas, a canle da Barxa e a esqueira das Reas do río Ulla, o muíño do río Veá, diversas rendas en Barcala, Couso, Sta. Cristina de Veá e Santeles, así como os bens gananciais do matrimonio. Mentres que Rodrigo quedaba con todo o demais, como as casas de Santiago, diversos padroados, a canle das Brañas (Couso), as canles e pesqueiras de Travesela, as de Furado e de Freixo en O Lapidó, os cotos e xurisdicións de Soar, de Frades, de Barcala, diversas herdades en Ortoño, Frades, San Andrés de Veá, San Breixo de Arcos, etc., así como o que lle deron de dote cando casou con Isabel de Ribera. Por outra banda María e Ares podían gozar do usufruto de diversos e importantes bens.

17 ARG.RA 16757/3.

18 ARG.RA 16757/3.

Roi Suárez de Castro.

Pero trala morte de María comezan unha serie de preitos<sup>19</sup> entre Rodrigo e Ares. Aínda que a Ares lle correspondía o usufruto do pazo de Maíndo e das casas de Santiago, Rodrigo, que era o xuíz de Baños, presentouse no pazo con soldados armados de arcabuces e lanzas e, como os criados de Ares pecharon as portas, botáronas abaixo a machadazos co fin de levar o enxoval, que segundo Rodrigo lle pertencía. Ares entón denunciou a Rodrigo e este foi preso no cárcere de Santiago. Rodrigo negou a escritura de concordia e ratificábase en que todos os bens eran de vínculo pois dicía que a súa nai non tiña dereito sobre o vínculo, polo que a concordia debía declararse nula. E di que se a súa nai revocou a escritura de vínculo, foi contra a súa vontade e a petición de Ares Fernández. E así o 25 de outubro de 1580 chegaron a outra concordia polo que Ares podía levar a metade das rendas, pero que tampouco foi respectada.

En 1580 un foreiro renunciou en Rodrigo Suárez de Castro e Reino ás pesqueiras e brañais das Reas, da Barce e da Braña<sup>20</sup>.

O 16 de maio de 1682 Rodrigo pediu e tivo efecto a posesión dos seus bens vinculares. A validez da fundación do morgado será obxecto de diversos preitos, –mesmo chegou á Chancelería de Valladolid–, nos anos 1634 por Bernaldino Cisneros, e en 1690 e 1701 polo seu neto de mesmo nome<sup>21</sup>.

19 ARG. RA 941/70, 604/41, 606/6.

20 ARG. RA. 941/70.

21 ARG. RA 16757/3.

Rodrigo finou en abril<sup>22</sup> de 1601 e foi enterrado, como a súa muller Isabel Ribera, xunto a sancristía na capela vella do convento de Santo Domingo en Santiago (logo trasladáronos á capela do Rosario).

Foron pais de:

1. **Apolonia de Castro Ribera.** (*que segue*)
2. *María de Castro.* Aparece citada polo seu pai nun preito<sup>23</sup> contra Ares Fernández de Miranda.

**Apolonia de Castro Ribera,** nacida sobre 1569, casou con *Pedro González de Cisneros*, veciño de Santiago, como vemos a continuación.

## Os Cisneros

Dito Pedro González de Cisneros era bisneto doutro **Pedro de Cisneros** (*que segue*), rexedor de Santiago, un dos primeiros da familia en vivir en Santiago.

**Pedro Cisneros,** natural da vila de Saldaña (León) foi alcalde desta vila sendo nomeado o 8 de marzo de 1490 polo Duque do Infantado. Era descendente dos señores de Campo Redondo<sup>24</sup>, polo que era fidalgo e tiña brasón e armas dos antigos Cisneros. A súa muller Leonor González era tamén de Saldaña, filla de Pedro González que foi alcalde de Saldaña durante 48 anos, e irmá de María Rodríguez Méndez, a muller de D. Carlos Enriquez, fillo doutro de igual nome, capitán xeneral do Reino de Galicia.

Sucedelle o seu fillo:

**Alonso González de Cisneros,** coñecido como o *doutor Cisneros*, pois era avogado da Real Audiencia.

Casou con *Mayor Pérez de Monreal e Moscoso*, irmá do cóengo Diego Rodríguez de Moscoso, e xuntos fixeron un vínculo<sup>25</sup> dos seus

22 ARG.RA 23227/41.

23 ARG. RA 941/70.

24 Os Cisneros descendían de María de Cisneros, señora de San Román de Hornija, filla de Gonzalo Gómez de Cisneros e de Urraca de Guzmán, señora de Vilafrechos, que casou con Pedro Téllez de Castilla ( 1370 - ¿?), I señor de Camporredondo. Este era fillo natural e lexitimado de Tello de Castilla, e polo tanto neto do rei Afonso XI de Castela.

25 ARG. RA. 1197/4. Tamén escritura pero incompleta en: ANH, Inquisición, 2033, exp. 4 (páx. 327s).

bens a 8 de abril de 1551 ante Macías Vázquez, nomeando como primeiro sucesor ao bacharel Pedro, o seu fillo maior, e segundo lugar a seu fillo Andrés, e logo ao resto dos irmáns e irmás. Os bens estaban situados en casas que tiñan xunto á praza do Campo en Santiago, outras no barrio de Santa Clara, uns casares en Ponte Albar (Trazo), en Teo e outros, ademais de dous xuros, de 11 e 12.000 marabedís de renda, un en Baiona e outro en Villalón.



Montreal. Pintado polo II conde de Ximonde.

O vinculeiro tería a obriga de dar estudos a seus irmáns, dotar ás irmás, deixarlle a casa principal a seu irmán e cóengo Antonio, pagar unhas misas na súa capela de san Ildefonso na igrexa compostelá dos franciscanos, así como engadir ao vínculo un terzo dos seus bens, tanto el como os seus sucesores.

Dita capela de san Ildefonso fora cedida en 1541 polos franciscanos aos Cisneros. Pero xa antes da cesión había unha inscrición, esculpida en pedra en medio de dous arcos onde estaban os nichos, que dicía: “Esta capilla es de doña Mencía Cisneros, hija de D<sup>a</sup> Mencía Cisneros y de Garcilaso de la Vega, casó con D. Pedro Enriquez, hijo del conde don Tello, es de los srs de Campo Redondo que están en septimo grado con el señor rey D. Alfonso que murió sobre Gibraltar”<sup>26</sup>. A capela tiña un enreixado de ferro e os nichos tiñan esculpidos os escudos dos seus señores.

O xuro de Baiona, que se baseaba sobre as rendas e alcabalas de S.M. neste pobo, tiñano mercado o 22 de xaneiro de 1550 por 330.000 marabedís ao rexedor Antonio de Salamanca e Mayor Fernández Varela, a súa esposa, cando estes quixeron dotar á súa filla

26 PEREZ COSTANTI, P. Boletín da Real Academia Galega, nº 140, páx. 286, ano 1921.

Beatriz. En 1584 Beatriz reclamou<sup>27</sup> a Pedro Cisneros o xuro, pois dicía que era de vínculo.

Alonso unha vez viúvo fíxose presbítero, polo que no seu testamento<sup>28</sup> pide ser enterrado co hábito de sacerdote e ser enterrado na capela de san Ildefonso do convento franciscano. Tamén pedía que seus fillos non levasen loito por el. Finou o 14 de decembro de 1565.

A descendencia de Alonso e Mayor foi:

1. *Pedro González Cisneros*, avogado da Real Audiencia, que casou con Violante Enriquez de Cadórniga<sup>29</sup>, filla de Rui Díaz de Cadórniga e Antonia de Maceda, veciños de Ourense, e que foi dotada, entre outros bens, cunhas rendas de viño en San Cibrán das Viñas<sup>30</sup>. Seguramente non tiveron descendencia xa que, aínda que era o maior dos irmáns, o vínculo aparece despois no seu sobriño Pedro, fillo de Andrés.
2. **Andrés González de Cisneros** (*que segue*)
3. *Antonio González de Cisneros*, cóengo. Xunto co seu irmán Francisco trata de comprar en 1580 a xurisdición de san Miguel de Sarandón e agregan os seus bens ao vínculo de seus pais. Non é citado na escritura da fundación de vínculo de seus pais, porque o vinculeiro non podía ser ni freire nin crego. En 1585 xa morrera, herdando o seu irmán Pedro.
4. *Francisco de Monreal*, aínda que en 1551 aínda non debía ser crego, xa que é citado na escritura de fundación, en 1567 aparece como cóengo da Colexiata de A Coruña e ao ano seguinte da catedral de Santiago. Foi clérigo das sinecuras de santa Uxía de Ribeira e de Santa Baia de Arca (preto de Lavacolla).

En 1580 xunto co seu irmán Antonio presentou unha petición ante S.M. para poder comprar os vasalos e freguesía de San Miguel de Sarandón<sup>31</sup>. E ao ano seguinte ambos os dous

27 ARG.RA 1197/4.

28 Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS). Protocolos de Diego Fariña, 5/12/1565.

29 Violante era irmá de Leonor, Aldonza e Alonso. AHN Registro de Executorias, Caixa 1715, 40.

30 ARG.RA 18031/32.

31 Arquivo Catedralicio de Santiago. (ACS).P 74, fol 409r-410r.

incorporan os bens que herdaron do seu tío o cóengo Diego Rodríguez de Moscoso ao vínculo fundado por este no lugar de *Ximonde* na freguesía de San Miguel de Sarandón<sup>32</sup>.

E, en *Ximonde*, Francisco de Monreal mercou outras rendas e lugares e mandou fabricar unha *torre e edificio* (consta que alí xa había unha torre), así como muros, pozos de auga e un estanque, que todo o uniu ao vínculo, que deixa por testamento a seu irmán Pedro e a seu fillo Alonso.

Outorgou testamento<sup>33</sup> o 1 de xaneiro de 1597 ante Gregorio Vázquez Giráldez deixando como testamentarios a seu irmán Pedro, a seu sobriño o arcediago Antonio Cisneros e ao freire gardián de san Francisco, e foi sepultado o día 7 dese mes e ano na capela de San Ildefonso do convento de San Francisco<sup>34</sup> onde estaban enterrados seus pais (se ben el pide que se lle faga unha sepultura nova).

Tivo polo menos un fillo que se chamou como el, Francisco Monreal. Este foi avogado e reclamou en 1613 a súa lexítima, aínda que seu pai deixara á súa alma como beneficiaria<sup>35</sup>. Porén o cóengo Monreal deixaba no testamento “a Francisco mi nieto cien ducados por una vez”.

5. *Alonso González de Cisneros*. Foi citado como posible vinculeiro na fundación de seus pais, pero logo foi crego e reitor de San Salvador de Freixo (Ourense)<sup>36</sup>. Máis tarde foi cóengo e hai constancia de que en 1594 xa finara deixando como testamentario a seu irmán Francisco.
6. 7. 8. *Felipa, María e Ángela*, que se citan na escritura de fundación de vínculo e no testamento do pai. Foron monxas as tres. Felipa e María foron dotadas co usufruto de certos bens, a primeira ante Rodrigo de Ben e a segunda ante Gonzalo Puñal. A Ángela seu pai non lle deu nada, polo que pide que o seu sucesor lle dea 3.000 maravedís anuais para alimentos.

32 ACS.P 82, fol 663r-665v.

33 AHUS Protocolos de Gregorio Vázquez Giráldez, páx. 686.

34 ACS P 157, fol 291r-293r.

35 ACS P 151, fol 672r-672v.

36 ACS. P 69, fol 564r-565r.



Escudo dos Falcón pintado polo II Conde de Ximonde.

9. *Justa Cisneros*. Estaba solteira cando testou o seu pai. Casou con *Gómez Suarez de Figueroa*, señor do castelo de Mirón e Anzobre. Gómez outorgou testamento en Armentón o 15 de xaneiro de 1608. Os seus fillos foron *Isabel de Figueroa*, (que casou en 1581 con Juan López e outorgou testamento en Sigrás o 20 de setembro de 1616 ante Francisco Miranes), *Constanza*, *Gonzalo* colexial de Osuna e *Francisco Figueroa*, que foi o sucesor. (Unha descendente desta familia únese de novo cos Cisneros en 1654).

**Andrés González de Cisneros**, avogado, casou en 1558 (ou algo despois) con *María González Falcón*<sup>37</sup> ou *de Bandín*<sup>38</sup>, filla de Gregorio de Bandín<sup>39</sup>, bacharel, veciño de Santiago, e de María González Falcón, e sobriña do bispo de Trípoli e cardeal na catedral de Santiago *Pedro Gil Falcón* (finado en 1550), de quen herdará o vínculo fundado por este o 5 de xullo de 1540 ante Juan de Casal, escribán de Santiago. Porén en setembro de 1565 reclamaron que se fixese un apeo dos bens do bispo, pois había xente intrusada neles. Os bens estaban en terras de Ribadulla, Tabeirós e Vea.

Como era avogado traballou como asesor para dona Isabel de Castro e Portugal, condesa de Altamira, cobrando 6.000 marabedís anuais<sup>40</sup>. Curiosamente un fillo da condesa, chamado Álvaro, casou sobre 1548 con *Isabel Cisneros*<sup>41</sup>, probablemente da familia de Andrés, pois tamén outros membros tiveron relación económica cos condes de Altamira.

37 ARG.RA 16757/3.

38 Era neta de Gonzalo do Cabo e de María González Falcón, e irmá de Juan de Bandín, Gregorio de Bandín, reitor de San Sebastián de Serramo, Pedro Gil Falcón (seu pai non o cita no testamento) e Constanza Gil.

39 Gregorio outorgou testamento o 16 de marzo de 1558 ante Antonio López. Parroquiano de Salomé, deixaba a casa principal á súa filla María como dote para casar.

40 ACS P 43 fol 737r.

41 ARG. RA. 3700/9, 3701/14.

A photograph of a handwritten signature in dark ink on a light-colored paper. The signature is written in a cursive, historical script. It appears to be the names of two individuals, likely Antonio and Andrés Cisneros, as indicated by the caption below. The ink is somewhat faded and the paper shows signs of age.

Firma Antonio e Andrés Cisneros. 1627.

Andrés en 1568 tiña terreos xunto a “torre de Ximonde”<sup>42</sup> e en san Xurxo de Cereixo, entre outros, polo que encargaba a seu criado Juan González de cobrar todas as rendas. En 1565 vivían nunha casa da rúa da Moeda Vella, co seu curral e laranxeiras<sup>43</sup>, que tiñan en foro da freguesía de Sta. M<sup>a</sup> Salomé.

Os seus fillos foron:

1. **Pedro González de Cisneros**, (*que segue*)
2. *Antonio de Cisneros*<sup>44</sup>, arcediago e cóengo da catedral de Santiago, finado ab intestado o 7 de xaneiro de 1635. Os seus bens herdounos o seu irmán Andrés, pois nese momento era o único dos irmáns que vivía.

Como testamento do seu tío Francisco de Monreal mandou mercar en 1618 un xuro situado sobre as alcabalas de Santiago, Lugo e Ourense, así como sobre as salinas e almacéns do sal do Reino<sup>45</sup> que se incorporarán ao vínculo dos Cisneros. Os xuros situados nestas salinas significaban 102.000 marabedís anuais<sup>46</sup>.

3. *Andrés Cisneros*, cura de san Miguel de Gándara (Oroso) e de santo André de Villarromariz. Xunto co seu irmán Antonio uniu uns bens en Santiago e Padrón e nomeou sucesor a Alonso de Cisneros, o seu sobriño, fillo maior do seu irmán Pedro de Cisneros, reservando o usufruto mentres vivise algún deles.

De maior enfermou e estaba “faltoso de xuízo” polo que foi tutorado primeiro polo seu irmán o arcediago Antonio e, tra-


42 ACS.P 42, fol 453r-454v. Porén xa hai referencias en 1544 da “torre de Ximonde”.

43 ACS.P 37, fol 546r-550v.

44 ACS. P 138 fol. 435r-435v. AHUS. Protocolos de Becerra Mosquera, ano. 1627.

45 ACS P 158 fol 76r.

46 ACS P 164 fol. 269r-269v.



Pedro Cisneros, 1580.

la morte deste, polo seu sobriño Bernaldino, vivindo na casa deste ata á súa morte. Foi sepultado o 23 de abril de 1639.

4. *María de Cisneros Moscoso*, muller de Juan Abraldes de Puga. María tamén agregou os seus bens ao vínculo de seus avós<sup>47</sup>.

**Pedro González de Cisneros**, que casou con *Apolonia de Castro Ribera*, descendente dos Reino, *como xa vimos na primeira parte*.

Apolonia nacida sobre 1569, sendo menor reclamou en 1581 contra a concordia de seu pai e Ares Fernández, pois pedía que se lle entregara o que se lle prometeu o día antes de dita concordia. Porén cando ía casar fixo renuncia ao usufruto dos bens que lle pertencían a favor de seus pais.

Pedro González Cisneros sucedeu a seu pai nos seus vínculos, nos que entraba o citado privilexio<sup>48</sup> real do ano 1585 sobre os almacéns de sal de Betanzos e salinas do reino de Galicia<sup>49</sup>.

En 1603 tivo un preito<sup>50</sup> contra o cabido de Santiago polos lugares de Pegariños e Marcomiráns en Santa María de Trasmonte (Ames). Eses lugares que o cabido aforou aos Reino foron motivo de discordia moitas veces, pois xa Ares Fernández de Miranda preiteara en 1593 e seguirán preiteando os sucesores en 1657. Este preito é interesante porque nel faise relación de cando se fixeron os foros e preséntanse o testamento de García de Reino feito o 12 de setembro

47 AHUS. Protocolos de Domingo Vázquez Sobreira, 26/2/1657.

48 AHUS. Protocolos de Domingo A. Caamaño, 1687.

49 ACS P 150 fol. 300r-300v.

50 RG. RA 23227/41.

de 1440, o de Martín de Reino, do 4 de xuño de 1526 e outros, que serven para precisar a xenealoxía dos Reino.

En 1599 sendo *señor de Ximonde e Sarandón*, como sucesor no vínculo fundado polo cóengo Diego Rodríguez de Moscoso, arrenda unhas terras en Ximonde e, curiosamente, entre as cláusulas que pon, dispón que todo o pescado que se colla alí debe ser entregado a el ou a seu fillo Alonso.

Tamén disputou contra seu tío Pedro e seu irmán Antonio, testamentarios do cóengo Monreal, pois lle reclamaba bens e froitos do vínculo de Ximonde. Chegaron a unha concordia o 23 de marzo de 1599 da man de Gómez Suárez Figueroa, pero logo en 1613 disputou con Francisco de Figueroa e Castro e o tenente correxedor de Betanzos, pois dicía que a súa actuación fora arbitraria<sup>51</sup>. A partir de agora o pazo de Maíndo pasa a ser unha residencia secundaria, xa que será Ximonde o seu lugar preferido despois de Santiago.

En 1613 presentou, en nome dos seus fillos Bernadino e Catalina como herdeiros de Apolonia de Castro e Reino, ao presbítero Andrés Cisneros do beneficio de san Martiño de Laxe, en Moraña<sup>52</sup>.

Apolonia finou o 22 de marzo de 1612 sen facer testamento, mentres que Pedro outorgou testamento o 3 de maio de 1615 ante Gabriel Romero<sup>53</sup>. Nel di que recibiu un legado de 3.000 ducados do seu tío Francisco Monreal co que mercou o lugar onde fixo as casas en que vive, ademais de mercar bens en torno á casa de Ximonde. Valora os bens mobles e prata que ten na casa en 6.000 ducados. Á súa filla déixalle 4.000 ducados, ademais das lexítimas. A Bernardino déixalle a mellora que incorpora ao vínculo que fundou o seu avó e que lle corresponde por ser primoxénito. Deixa como testamentarios, entre outros, á súa sogra Isabel Ribera e a seus irmáns Antonio e Andrés.

Pedro tivo unha filla natural chamada *Isabel Cisneros*, a quen seu pai lle deu en dote unha renda de 48 ferrados de centeo para casar con Pablo Pillado, con sucesión. Precisamente en 1699 os seus descendentes van ter un preito<sup>54</sup> por esas rendas.

51 ACS P 145 fols. 367r-368r , P 150, fol 357r-357v. e ARG.RA 24189/41.

52 ACS P 150, fol 357r-357v.

53 Archivo Histórico Nacional. (AHN) Inquisición 2003, exp.4, páx. 217ss e 331ss.

54 ARG. RA 21564/13.

Pedro e Apolonia tiveron varios fillos, chegando a adultos só tres<sup>55</sup>:

1. *Alonso Cisneros Cadorniga*, era o fillo maior nacido antes do 1 de xaneiro de 1597, xa que o cóengo Monreal lle deixa nesa data o vínculo de Ximonde. Finou o 16 de agosto de 1607.
2. **Bernardino Cisneros** (*que segue*)
3. *Catalina Ribera e Castro*, bautizada o 30 de novembro de 1604, tendo por padriños a Andrés Cisneros, clérigo, e á súa avoa María González. Para casar, seu tío e curador o arcediago Antonio Cisneros ofreceulle o 23 de outubro? de 1620 ante Pedro Díaz Valdivieso 6.000 ducados de dote, 3.000 á conta dos bens do pai e os outros 3.000 do seu peculio, coa obriga de renunciar ás lexítimas. Habíanse de pagar 4.000 ducados nos catro anos seguintes e os 2000 restantes quedaban para pagar a dispensa pontificia xa que eran curmáns. Casou con *Diego Saavedra e Cotón*, que a partir de 1628 reclamou contra seu cuñado Bernaldino facer partillas, pois dicía que os bens libres do sogro valían mais de 20.000 ducados, ademais reclamaba o pago total que se lle ofrecera a Catalina en testamento. Aínda que, segundo executoria<sup>56</sup> de 22 de xullo de 1634, non se lle recoñeceu ao dereito aos bens vinculares, Bernaldino tivo que pagar 18.081 reais pola débeda e os seus réditos<sup>57</sup>. Tiveron por fillo a *Antonio Saavedra Sotomayor*, que casará con súa curmá Aldonza.
4. *Antonio Cisneros*, bautizado o 21 de xuño de 1606 na parroquia de Salomé, tendo por madriña á súa avoa María. Finou antes que seu pai.

**Bernaldino Cisneros**, nacido seguramente sobre 1598.

Finados seus pais e sendo o señor de Ximonde, o 4 de decembro de 1618 deu poder a Alonso de Mendoza Guevara (que ía ser seu sogro) e a Diego de Palacio, mozo (coidaba os cabalos) do arcebispo de Santiago don Juan Beltrán de Guevara para casar con *Valentina de Guevara Mendoza e Moscoso*, que vivía en Badaxoz, filla de

55 ACS. P 150 fol 357r-357v.

56 AHN, Inquisición, 2033, Exp.4 – páx. 37.

57 ARG.RA 16757/3.

Alonso de Mendoza Guevara e de Aldonza de Silva, e bisobriña do arcebispo.

Os seus descendentes seguiron enlazando matrimonialmente sempre con familias adiñeiradas de xeito que, como o di o estudoso desta casa Héitor Picallo, “todas estas unións sacramentais que se foron producindo no decurso dos tempos e que ligaron principalmente aos Reino cos Ribera e Cisneros, e logo estes cos Mendoza, Figueroa e Sarmiento sempre resultaron, a cada cal mellor, favorables e favorecedoras do tronco señorial”<sup>58</sup>.

Foi alcalde e deputado por Santiago da Xunta do Reino de Galicia, cargo que terán os seus descendentes. Tamén foi familiar do Santo Oficio<sup>59</sup>.

Foi sucesor do morgado e vínculos que fundou Pedro Gil Falcón, bispo de Trípoli e cardeal na catedral de Santiago, e dos que fundaron os seus bisavós o doutor Alonso Gonzalez de Cisneros e Mayor Pérez de Monreal<sup>60</sup>.

Era señor do coto de Ximonde, onde seu tío Antonio, arcediago en Santiago, fundou e “labrou” a igrexa e a capela de N<sup>ra</sup> Sra. do Rosario no lugar de Ximonde, dotándoa de bens (a metade da sinecura de Santa Mariña de Ribela e outros) para o mantemento da capela e para pagar un capelán que dixerá dúas misas semanais nela<sup>61</sup>. Por iso seu tío nomeouno como o seguinte patrón de dita capela e tras el o que ostentase os morgados que sustentaba. A capela tiña unha confraría e os seus confrades tiñan indulxencia plenaria se visitaban a capela o día da súa festa. E como seu tío esgotou os seus caudais ao facer a capela, foi Bernardino quen pagaba os reparos e culto da capela.

Tiña na súa casa como criada a unha señora de Maíndo, á que lle deixa vivir na casa de servizo de Maíndo para que coide dela e das viñas, deixándolle a metade do seu froito. Pero en caso de que se lle quitase a labranza da casa de Couso, manda que lle dese catro cargas de pan mentres viva. Esta casa de Maíndo proporcionáballe uns mil ferrados de pan de rendas anuais.

58 PICALLO, H. Maíndo... o.c.

59 AHUS Protocolos de Juan Quintana, 1645, pax. 5.

60 AHUS Protocolos de Antonio Becerra Mosquera, ano 1627, páx. 22ss.

61 AHUS Protocolos de Antonio Becerra Mosquera, ano 1627. páx. 22ss.

A close-up photograph of a handwritten signature in dark ink on aged, slightly textured paper. The signature is written in a cursive, historical script. The name 'Don Bernardino' is clearly legible at the top, followed by 'González Cisneros' in a more stylized, overlapping fashion. The ink shows some fading and the paper has a yellowish tint.

Firma de Bernardino González Cisneros, 1623.


Como era señor de diversas xurisdicións, cando en setembro de 1651 morreu o seu parente Rodrigo López de Miranda, veciño de Frades e neto do citado Ares Fernández de Miranda, esixiu que se lle pagara a lutuosa, “la mejor presa de cuatro piés”, pero os seus fillos negáronse porque Rodrigo era veciño de Santiago e non de Frades, aínda que morrera aquí, e porque era fillodalgo, como se dicía nun documento de xaneiro de 1650 firmado polo rexedor de Santiago Antonio Alvite Ozores Sotomayor, para que non se lle incluíse nos repartimentos de tributos<sup>62</sup>.

Valentina foi sepultada na capela de san Ildefonso do convento de san Francisco o 27 de xaneiro de 1636 (parroquia de Salomé). A súa sepultura e logo a do seu marido estivo baixo o altar maior de dita capela. Polas súa obrigas con dito convento pagaba anualmente don Bernaldino 616’5 reais. Este ao quedar viúvo fíxose clérigo presbítero.

Bernardino, señor tamén da xurisdición de Soar e familiar do Sto. Oficio, sendo presbítero, outorgou testamento o 22 de novembro de 1652 ante Domingo Vázquez Sobreira<sup>63</sup> e finou uns días despois. Nel pide ser enterrado coas roupas de presbítero xunto á súa muller na capela de san Ildefonso da igrexa compostelá de san Francisco, onde tiña dúas sepulturas co seu escudo de armas, e que pide se recubra con azulexos, como a capela dos Luaces. No testamento deixa moitas misas, cartos para pobres, para *un cura que fose pobre pero honrado*, para pagar débedas como ao seu boticario Jacinto Campelo,

62 ARG. RA. 16759/18.

63 AHUS. Protocolos de Domingo Vázquez Sobreira.



Firma de Antonio e Aldonza Cisneros e Antonio Saavedra Sotomayor, 1652.

para confrarías, etc. A María Rodríguez, que tivo como criada e coiidadora de seus fillos déixalle en usufruto polos días da súa vida unha casa no barrio de Santa Clara. Tamén menciona os moitos preitos que tivo e os gastos que supuña. Deixa como testamentarios a seu fillo e a seu sobriño/xenro Antonio Saavedra Sotomayor, señor de Trasmonte, entre outros.

Os seus fillos foron:

1. **Antonio Cisneros de Mendoza** (*que segue*)
2. **Aldonza Cisneros Mendoza**, bautizada o 29 de marzo de 1626, tendo por padriños a Francisco Figueroa, mestrescola da catedral, e a Constanza de Ribera (recórdese que a bisavoa da bautizada era tamén da familia Ribera). Trala morte da súa nai, foi educada no colexio de Orfas en Santiago. Seu pai déixalle a metade dos bens libres e alfaias. Foi dotada<sup>64</sup> o 22 de decembro de 1652 polo seu irmán (acababa de morrer seu pai) para casar co seu curmán *Antonio Saavedra Sotomayor*. Como dote había de pagarlle a licenza para casar, 1.000 ducados en cartos e 2.700 ducados máis cando don Antonio puidese darllos, pois de momento ía pagarlle os réditos desa cifra en rendas que sinala. Pola súa parte Aldonza debía renunciar ás lexítimas que lle se debían.

Foron pais de Diego Saavedra Cisneros, señor de Trasmonte, que casou con Bernarda Cotón e Sarmiento, natural de Vigo, filla de Alonso Cotón e Sarmiento (parente dos marqueses de Valladares) e de María Ana Arines.

64 AHUS Protocolos de Domingo Vázquez Sobreira.

3. *María Cisneros Mendoza*, bautizada o 1 de maio de 1627. Non vivía cando seu pai fixo testamento.
4. Tamén tivo, de muller solteira, a *Cristóbal de Moscoso*, a quen recoñeceu como fillo coa disposición do nuncio para que fose eclesiástico, e pide que o arcebispo de Toledo ou o de Xaén o colla a seu servizo.

**Antonio de Cisneros Mendoza**, bautizado na parroquia de Salomé o 20 de setembro de 1622 tendo por padriños a seus avós maternos Alonso Mendoza e Aldonza de Silva.

Como seu pai, foi rexedor, capitán, alcalde e deputado por Santiago na Xunta do Reino de Galicia. Casou o 14 de setembro de 1654 con *Juana Bernarda de Figueroa e Castro*<sup>65</sup>, nacida a finais de 1634-principios de 1635, filla única de Juan Figueroa<sup>66</sup> (fillo de Francisco Figueroa<sup>67</sup> e de Luisa Bermúdez de Saavedra, filla única do rexedor de Santiago don Domingo Bermúdez de Saavedra e de María Fernández Patiño), **señor de Anzobre**, e de Jacinta de Castro Osorio<sup>68</sup> (filla do señor de Neda don Antonio Castro Osorio, bisneto da casa de Lemos<sup>69</sup>), veciños de Santiago, onde Juan era rexedor. Eran parentes en cuarto grado polo que necesitaron dispensa. Logo velaron, tamén en S. Fiz de Solivio, o 21 de xuño de 1655.

Como señor de Anzobre, os seus vasalos pagábanlle cada ano “un real de vellón” e un día de traballo por razón de vasalaxe<sup>70</sup>.

Trala morte do seu pai, unha das primeiras cousas que fixo foi outorgar poder para cobrar os réditos do xuro e privilexio real outorgado a Pedro de Cisneros das salinas de Galicia que representaban 40.316 marabedís anuais.

En 1648 renunciou ao oficio de rexedor. E en 1649 afora unhas posesións en Lestedo que tiña seu pai polo vínculo que herdou de

65 AHUS Protocolos de Juan Quintana, 1668, pax. 133.

66 Cando Juan, cabo do distrito de Bergantiños, redacta en Lugo o seu testamento, o 2 de setembro de 1634 ante Gregorio Varela, non tiña fillos pero Jacinta a súa muller estaba embarazada.

67 ARG.RA 26539/34. Tiñan terras en san Xoán de Riba (A Baña), Laracha...

68 ACS P 198, fol 251r-254v.

69 MARTINEZ BARBEITO, C. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, Diputación Provincial, 1978.

70 ARG. RA. 8529/4.

seu bisavó. As rendas que había de recibir por ese foro tiñan que pagarllo na súa granxa de Ximonde<sup>71</sup>.

En 1654 chegou a unha concordia coa súa sogra, polo que lle ía dar 500 ducados de rendas anual, se ben logo esta debía deixar todos os seus bens á súa filla única Juana Bernarda.



Sinatura de Antonio e Bernarda, 1668.

Vivían na rúa do Preguntoiro, onde Antonio outorgou<sup>72</sup> testamento en 1663 e finou o 5 de novembro de 1673, sendo enterrado na capela de san Ildefonso da igrexa de san Francisco ao día seguinte. No testamento reconece como seus fillos lexítimos a Bernardino, o vinculeiro, Mateo, Francisco, Antonio Vicente, Juan Antonio e María Brígida, e nomea como testamentarios á súa muller, á súa sogra, a seu curmán Antonio de Saavedra, señor de Trasmonte, e a outras persoas importantes. Curiosamente di que non o asina por “estar valdado de las manos”.

Bautizaron a seus fillos en San Fiz de Solovio, excepto ao primeiro:

1. *Antonio Benito Cisneros e Castro*, bautizado en Salomé o 22 de xullo de 1655, tendo como padriños a seus tíos Aldonza Cisneros e a Pedro de Castro. Seguramente morreu de neno pois o vinculeiro vai ser o seguinte.
2. **Bernaldino Bartolomé Cisneros** (*que segue*),
3. *Mateo Antonio*, bautizado o 8 de outubro de 1657 tendo por padriños a Pedro de Brinas e a súa avoa Jacinta de Castro. Foi cura de San Simón de Ons.
4. *Bernaldino Francisco Antonio*, recibiu os santos óleos e o crisma o 28 de outubro de 1658. Foi cóengo en Badaxoz e Toledo e foi promovido a bispo de Teruel pero non aceptou.
5. *M<sup>a</sup> Juana*, que recibiu as augas bautismais o 20 de outubro de 1659 tendo por padriños a Juan Abralde e Catalina Mendoza, a súa muller. Non é citada no testamento do pai, seguramente por ter finado.

71 AHUS Protocolos de Juan Quintana, 1645, pax. 361.

72 AHUS Protocolos de Domingo Bugallo Salmonte. Ano 1673, páx. 192 ss.

6. *Juan Antonio*, bautizado o 8 de novembro de 1661 tendo por madriña á súa avoa Juana de Castro. Foi cura de san Fiz de Freixeiro (Santa Comba).
7. *Antonio Vicente Anastasio*, bautizado o 31 de xaneiro de 1663 tendo por padriños ao cóengo Antonio Zaldívar e a Margarita Mendoza Abraldes e Sotomayor, a muller de Bartolomé Basadre.
8. *María Brígida*, que é mellorada polo seu pai con 1/3 e 1/5 dos seus bens libres.
9. *Francisca Gregoria*, bautizada o 18 de marzo de 1664 tendo por padriños a seu irmán Bernardino e á súa avoa Jacinta. Non se menciona no testamento do pai, pois aínda non nacera, igual que o seu seguinte irmán.
10. *Pedro Antonio Anastasio*, bautizado o 10 de maio de 1665, tendo por padriño a Antonio Saavedra, veciño de Lugo, e a Ana Chacón.

**Bernaldino Bartolomé Cisneros e Figueroa Castro**, nacido o día de san Bartolomeu, o 24 de agosto, e bautizado o 3 de setembro de 1656, tendo por padriños a José de Mera e a Jacinta Mendoza, viúva de Benito Abraldes.

Casou por poderes o 26 de xuño de 1699 en Santa María Reboreda (Redondela) con *Baltasara Sarmiento Soutomayor*<sup>73</sup>, natural de san Xurxo de Ribadetea, filla de Diego Sarmiento de Sotomayor e Abraldes<sup>74</sup>, natural de san Fiz de Margaride (Lugo) e de Antonia María Sotelo<sup>75</sup>, natural de Redondela, señores da casa de Petán.

Bernaldino tiña un xuro das memorias que fundou o licenciado José Rodríguez Cota polo que cobraba de intereses cada ano máis de 80.000 marabedís<sup>76</sup>.

Tamén era sucesor nos vínculos e morgados fundados polos seus ascendentes e, como tantos vinculeiros, tivo numerosos preitos para

73 Tiña un irmán chamado Fr. Antonio, que foi bispo de Mondoñedo.

74 Era fillo de Francisco Sarmiento Sotomayor e de Ana Abraldes Teixeira (irmá do cóengo compostelán Juan Abraldes).

75 Filla de Antonio Sotelo, cabaleiro da Orde de Alcántara, e de Francisca Suarez Moscoso, natural de Monçao, en Portugal.

76 AHUS. Protocolos de Domingo A. Caamaño, 1697, páx. 3.

poder cobrar as rendas dos foreiros e arrendatarios<sup>77</sup> ou por intrusión nos seus bens.

A 21 de agosto de 1698 iniciouse o seu expediente de información de nobreza e limpeza de sangue<sup>78</sup>. Foi deputado por Santiago na Xunta do Reino de Galicia.

Finou o 30 de maio de 1716 deixando testamento ante Andrés Quintela, no que deixa encargadas 2.000 misas pola súa alma.

Foron pais de:

1. *M<sup>a</sup> Juana Cisneros Sarmiento*, bautizada en Santiago o 24 de maio de 1700 e que casou o 19 de febreiro de 1722 en san Miguel dos Agros con *José Álvaro de Puga*, mestre de artes e colexial de Fonseca, fillo de Enrique de Puga e de Manuela Rosa Araújo, veciños de San Ciprián de Merens (OU).

Esta rama entronca de novo coa familia Cisneros no casamento do II conde de Ximonde, pois un fillo deles, Felipe Manuel de Puga Cisneros, finado en xuño de 1799, foi o pai<sup>79</sup> de Agustina Puga, que como veremos, casou con *Pedro María Ambrosio de Cisneros de Castro e Ulloa*.

2. **Antonio Ramón Cisneros de Castro e Sarmiento** (*que segue*)
3. *Francisco Jerónimo Antonio Cayetano Ramón*, bautizado o 1 de outubro de 1708, tendo por padriños a seus irmáns Antonio Ramón e M<sup>a</sup> Juana.

En 1725 Juan Sánchez Vaamonde, arcediago de Nendos, renunciou en seu favor, polo que para pagar as bulas da S.S. pediu prestados cartos a seu irmán Antonio Ramón, que este lle deu do dote da súa muller e dun préstamo que pediu á Tesourería Xeral da Cruzada (ao 8%). Foi arcediago de Mendos e cóengo en Santiago.

Acusárono de ser mal administrador tanto dos seus bens particulares como dos da igrexa, cando pelexou por ser titor do seu sobriño Joaquín de Lamas Cisneros. Tamén foi titor dos fillos do seu irmán Antonio Ramón.

77 ARG. RA. 8529/4, 8529/8, 21564/13, 21358/59, 5305/25, 16757/3, 17379/57, 5305/24, etc. AHN Inquisición, 2033, Exp.4.

78 AHUS. A.M. 507, Exp. 5.

79 Tivo por fillos tamén a Melchor, o vinculeiro, a Baltasar, a Ana, a Juana e a Javiera.

Tiña unha casa na rúa Nova e outra en Piadela (Bergondo). O 25 de xuño de 1740, estando enfermo, deu poder a Francisco Antonio Barros para facer testamento, pero este non o fai ata 1750, cando se inicia un preito<sup>80</sup> entre os irmáns do defunto e o seu sobriño Juan Antonio, fillo de Antonio Ramón, por considerar eles que morrera sen testamento.

4. *Josefa María Cisneros Sarmiento*, bautizada en Sarandón o 4 de abril de 1715 cos nomes de *Josefa María Manuela Juana Bernardina Cayetana Ramona Baltasara*.

Casou primeiro con *José Diego de Lamas Caamaño Sotomayor*<sup>81</sup>, viúvo de M<sup>a</sup> Benita Bermúdez de Castro<sup>82</sup>, señor de Nebra e que finou o 27 de abril de 1737, tendo dado poder para testar cinco días antes ante Bartolomé Fandiño a Fernando Gayoso, do *pazo de Oca* e nomeado como testamentarios a dito Fernando, ao seu cuñado o Marqués de Viance Bernardo de Oca e Prado<sup>83</sup>, a Juan Antonio Caamaño, señor de Romelle, e a Juan Bernardino Basadre, señor da xurisdición de Basadre, Outeiro e Ramil. Tiveron tres fillos, *José*, *Joaquín* e *Francisco Vicente*, se ben só o segundo chegou á idade adulta, pois os outros morreron en 1738. O marqués acusaba da súa morte a Francisco Jerónimo Cisneros, que os tiña na súa casa, porque téndolles dado unha untura contra a sarna, saíron á horta nun día de tempo calamitoso e ademais lles proporcionaba leite e outras comidas e bebidas prexudiciais. Todos os testamentarios, o seu tío Francisco Jerónimo, un irmán “natural” do defunto, así como a viúva menor de idade pero con célula real para ser titora, loitaron por exercer a titoría do herdeiro, xa que o morgado de Nebra era moi apetecible, pois excedía dos 5.000 ducados de rendas anualmente.

80 ARG.RA. 4930/20.

81 Cfr. BÉRTOLO, J.-FERRO, L., *Pazo de Oca*. Rev. Nalgures, X, 2014.

José Diego era fillo de Francisco de Lamas Carballido, señor das Casas de Lamas (Zas), Brandomil e Carballido, e de M<sup>a</sup> Tomasa Josefa de Caamaño Mosquera, señora de Nebra.

82 Cfr. *Casa grande dos Bermúdez de Castro*. o.c.

83 Antonio Bernardo de Oca era rexedor de Lugo, alférez maior, marqués de Viance, señor do coto de Outarelo e vilas de Rionegro e Momboi, e das xurisdicións de Goián, Páramo e outras, casou en san Miguel dos Agros o 26/1/1713 con Ana Francisca de Lamas, a irmá de José Diego de Lamas. Antonio Bernardo tiña un preito con José Diego pois quería quitarlle un dos vínculos e morgado.

Ao ano seguinte Josefa María casou con *Antonio Saavedra Cotón*, dono de Trasmonte, do que tivo polo menos dúas fillas, *M<sup>a</sup> Lourenza*, que vai ser a herdeira, e *Joaquina* que morreu sobre 1748. Dito Antonio morreu sobre 1742 e a viúva tivo un preito, pois pretendía que lle desembargasen todas as rendas<sup>84</sup>.

O seu fillo *Agustín de Lamas Cisneros*, que foi bautizado en Zas o 21 de xullo de 1735, foi señor de Nebra, Carballido, Guisamonde (Muxía) e outras. Casou con *M<sup>a</sup> Josefa Montenegro e Saavedra*, pero finou sen sucesión. Trala súa morte e despois dun preito os morgados pasaron a *Juan José Caamaño*, señor de Romelle (neto de Ventura Gayoso, do *pazo de Oca*).

5. *Manuela Cisneros Sarmiento*, que casou con Pedro Álvarez Monreal, sarxento maior do Rexemento de Milicias de Santiago.

**Antonio Ramón Cisneros de Castro e Sarmiento**, bautizado en Sarandón o 21 de xullo de 1702 cos nomes de *Antonio Ramón José Cayetano*, tendo por padriños a seus tíos Juan Antonio Cisneros e Constanza Sarmiento. Foi rexedor de Santiago e xefe nos terzos que vixiaban a costa galega en tempos de Felipe V.

Casou en Escuadro (Silleda) o 20 de xaneiro de 1724 (velacións en San Fiz de Solovio o 27 de outubro dese ano) con *M<sup>a</sup> Rosa de la Barrera e Sánchez Vaamonde*, filla de Blas Antonio de la Barrera<sup>85</sup>, señor de san Xoán de Vilaronte e san Martiño de Mondoñedo, e de Margarita Sánchez Vaamonde. *M<sup>a</sup> Rosa*, natural de Santiago de Foz, aportaba ao matrimonio 47.000 reais de dote.

En 1734 acusou<sup>86</sup> ao cura de Couso de picarlle e borrar o escudo que tiña sobre unha sepultura a carón da porta da igrexa. Segundo Antonio Ramón o escudo tiña os roeis dos Castro e outras armas, semellante ao que estaba no presbiterio xunto á

84 ARG. RA 14479/17.

85 Era fillo de Antonio de la Barrera Navia e Castrillón e de Mariana Ponce de León e Saavedra.

86 ARG. RA. 4987/47.

porta da sancristía. Nesas sepulturas enterrárase o mordomo de Maíndo e o seu irmán, pero non había acordanza de que se enterrara alguén da familia dos Cisneros.

Antonio Ramón finou o 31 de outubro de 1740. Deixou como titor de seus fillos, todos menores, a Francisco Antonio de la Barrera. Pero o seu tío Francisco Jerónimo Cisneros, o arcediago de Nendos, solicitou levar a tres sobriños con el, polo que o titor apartouse e entregoulle todos os bens que constaban no inventario que se fixo, tanto da casa de Ximonde como da de Anzobre. Ao parecer o arcediago non coidaba dos sobriños, aproveitábase das rendas que cobraba e arramplou con todo o que había na casa do Preguntoiro, pero Juan Antonio, que era o maior dos irmáns, non quería denunciálo porque lle prometera a prebenda a seu irmán Francisco e ademais o ameazara de queimarlle todos os papeis. E pouco antes de morrer o arcediago (1749?), este dispúñase a darlle a Juan Antonio a metade dos seus bens como dote de matrimonio e facelo herdeiro de todos os seus bens trala súa morte.

Os seus descendentes son:

1. **Juan Antonio Bernaldino Cisneros de Castro** (*que segue*)
2. *M<sup>a</sup> Antonia Francisca Benita Manuela Cayetana Cisneros de Castro*, bautizada en Santiago o 12 de xullo de 1726 tendo por padriño a seu tío Francisco Jerónimo. Estivo no mosteiro de Santa Clara, pero logo saíu. O seu irmán dáballle 640 reais, 36 ferrados de trigo e 12 de centeo anualmente.
3. *Josefa Justa Cisneros de Castro*, bautizada en Sarandón o 9 de agosto de 1727. Estivo dous anos de noviza en Santa Clara pois o seu tío o arcediago non lle pagaba o dote. Unha vez profesa, o seu irmán dáballle 100 ducados anualmente.
4. *Francisco Javier*, bautizado o 25 de xaneiro de 1729.
5. *Jorge Jacobo Benito Francisco Cisneros de Castro*, bautizado o 23 de abril de 1730. Foi cóengo na catedral de Mondoñedo.
6. *Jacobo Segundo Antonio*, bautizado o 1 de xuño de 1731.
7. *Antonio Vicente Benito Ramón Manuel Jorge Juan*, bautizado o 26 de xuño de 1732.
8. *Roque Vicente Cisneros de Castro*, bautizado o 14 de maio de 1738.

**Juan Antonio Bernaldino Cisneros de Castro, I conde de Ximonde**, nacido o 30 de maio de 1725 e bautizado ao día seguinte en San Miguel de Sarandón, casou con *D<sup>a</sup>. Manuela de Ulloa Cadórniga Losada Pardo e Ribadeneira*, señora das xurisdicións de Queirogás, Novás e Monasterio, filla de Lorenzo de Ulloa Losada e de Rosa Luísa Cádorniga e Añel (filla de Nicolás Cadórniga e Marina Añel Mondragón), señores da casa de Abertezga na Peroxa (Ourense).



Escudo dos Ximonde.

Foi cadete, polo que o 14 de setembro de 1765 iniciouse o seu expediente de información de filiación, nobreza, fidalguía e limpeza de sangue<sup>87</sup>.

Tras ser vizconde de Soar foi nomeado **conde de Ximonde** o 17 de decembro de 1765. Era tamén cabaleiro da Maestranza de Granada.

Juan Antonio ademais de rexedor e alcalde maior de Santiago, era un amante das letras e das artes, e un xenealoxista a quen o enxeñeiro Luís de Lorenzo, radicado en dita cidade, dedicou a súa obra *Tentativa de un arte español de Arquitectura*.

O seu morgado producía anualmente 4.085 ferrados de trigo, 2.039 de centeo, 804 de millo grosso, 703 de millo miúdo, 54 moios de viño e 7.628 reais en cartos<sup>88</sup>. Igual que os seus ascendentes, tivo diversos preitos para defender os seus bens vinculares, así por exemplo, cando en Lestón (Laracha) quixeron facer un muíño nun río que el consideraba de propiedade da súa casa de Anzobre<sup>89</sup>.

Manuela entregou o seu testamento<sup>90</sup> pechado o 2 de decembro de 1773 ao escribán Jacobo Ferro e faleceu o 2 de febreiro de 1782,

87 AHUS. Expedientes de información de filiación, nobreza, hidalguía e limpeza de sangue:507/45.

88 ARG.RA. 4930/20.

89 ARG. RA 18738/1.

90 AHUS. Protocolos de Pedro de la Peña, 1782, páx. 27 ss. Nel hai unha relación da cuantía dos bens.



Casa Paredes, A Coruña.

sendo enterrada no convento de san Agostiño. Juan Antonio finou tamén en Santiago o 20 de decembro de 1798.

Pais de:

1. **Pedro María Ambrosio Cisneros** (*que segue*)
2. *María del Carmen Cisneros*, bautizada en Santiago o 16 de abril de 1757, casou o 27 de marzo de 1781 con *D. Pedro Martín Cermeño García de Paredes*, nacido en Melilla o 26 de marzo de 1722, fillo do enxeñeiro e arquitecto Juan Martín Cermeño. Logo velaron no seu palacio de A Coruña catro días máis tarde. Era natural de Cidade Rodrigo, da Orde de Alcántara, enxeñeiro militar, tenente xeneral dos exércitos, Gobernador de Oran, Capitán Xeneral de Galicia e Presidente da Real Audiencia (1778-1784) e autor do proxecto das *Casas de Paredes* en A Coruña, sendo un dos maiores expoñentes do dezaioito no ámbito das arquitecturas civil e militar, grazas a seus estudos de enxeñería e arquitectura. O seu retrato xunto ao do seu pai foi colocado na galería de enxeñeiros célebres da antiga Academia de Enxeñeiros militares de Guadalaxara (Boletín do Exército de 1844).

Foron pais de Santiago Cermeño nacido sobre 1784 e que estaba incapacitado intelectualmente, polo que se lle nomeou como tutor a seu tío Manuel Cisneros.

Pedro Martín finou o 15 de decembro de 1790.

A M<sup>a</sup> del Carmen súa nai deixoulle unas xoias e 1000 ducados, ademais da lexítima. Outorgou testamento, viúva, o 7 de xuño de 1819, que entrega pechado ao escribán Pedro Sánchez Vaamonde seis meses despois, deixando como herdeiro a seu fillo, en segundo lugar a seu irmán Manuel e logo a Pedro María, e pedindo que logo se unisen eses bens ao vínculo dos Cisneros. Morreu na Coruña en marzo de 1823.

3. *Manuel Francisco Javier*, bautizado en Sarandón o 18 de xaneiro de 1763. Foi titor da súa sobriña Jacoba.
4. *Ambrosio Juan Bautista M<sup>a</sup> de la Cerca Benito M<sup>a</sup> de los Dolores Bernardino Isabel Ramon Lorenzo*, bautizado en Santiago o 6 de marzo de 1765, tendo padriño ao cura de Cuntis. O 11 de abril de 1778 iniciase o seu expediente de información de filiación, nobreza, fidalguía e limpeza de sangue<sup>91</sup>.
5. *Juana María*, nacida o 2 de xaneiro de 1769 e bautizada en Sarandón tres días despois. Tiña un defecto nunha perna, polo que súa nai deixoulle 3.000 ducados, ademais da lexítima.

O II conde de Ximonde foi o seu fillo **Pedro María Ambrosio de Cisneros de Castro e Ulloa**, nacido en San Miguel de Sarandón, o 1 de decembro de 1760 e bautizado ao día seguinte, tendo por padriños ao abade de Cuntis e á súa avoa Rosa Luisa Cadórniga.

Home ilustrado, filántropo, fundador dunha escola de debuxo inaugurada en febreiro de 1805, interesado polo progreso da agricultura, etc. Foi o mecenas do arquitecto Melchor de Prado e do seu irmán o escultor Manuel de Prado, do pintor Plácido Fernández e doutros artistas galegos da súa época.

En 1808, como era rexedor de Santiago, entrou a formar parte da Xunta Suprema de Defensa do Reino de Galicia durante a Guerra de Independencia, tamén participou na organización do exército para activar o levantamento do Reino de Galicia e para axudar

91 AHUS.



Carta do Conde de Ximonde, 1809.

á economía do Estado decidiu entregar 8.000 reais “de pronto, y perdonar la mitad de las rentas y pensiones a sus caseros que sirvan en el ejército”<sup>92</sup>. Tamén formou parte con Jovellanos e Valdés, entre outros, da comisión da Xunta Central que se encargou de preparar o Regulamento das Cortes de Cádiz.

Escribiu en febreiro de 1809 un *Reglamento de las alarmas*, para que os pobos se organizasen contra os franceses. Así no seu artigo primeiro di: “Todas las jurisdicciones que con corta diferencia lleguen a 1.200 vecinos [...] nombrarán

un Comandante o Jefe de Alarma General que sea sujeto de la mayor confianza y patriotismo...”

Foi el quen, tras comprobar a eficacia das augas termais de Cuntis, entregou uns 25-30.000 reais para construír uns baños pechados e cubertos, pois ata ese momento só había uns pozos rústicos ao aire libre. Tamén fixo melloras no *hospitalillo*, que existía desde tempo inmemorial, onde os pobres, que acudían ás augas medicinais, recibían unha cunca de caldo e cama. Ademais reconstruíu a igrexa de Cuntis, que fora destruída polos franceses. Precisamente estando en Cuntis o 25 de setembro de 1810 outorgou poder para iniciar un preito<sup>93</sup> por rendas de 47 herdades na bisbarra de A Peroxa (Ourense), preito que logo continuou en 1824 a súa viúva.

Interesouse pola xenealoxía, sendo autor dunha obra destacada sobre a materia, o *Libro de los escudos de armas*. O orixinal, que ten a primeira parte en moi mal estado, é propiedade dos actuais dono da casa de Maíndo.

Casou coa súa parente *Agustina de Puga Araújo*, filla de Felipe Puga Cisneros e Benita Araújo, da casa ourensá de Meréns.

A súa casa de Meréns está brasonada por dous escudos. Un vai timbrado con cimeira volta á destra e coas armas dos Araújo: tres

92 *La Voz de Galicia*, 16/11/1893.

93 ARG. RA. 21722/45.



Escudo en Meréns. Armas dos Araújo.

Escudo dos Condes de Ximonde,  
Meréns.

flores de lis en xefe e o castelo coa torre de homenaxe, o sol e as estrelas e un falcón devorando unha perdiz.

O outro é unha figura rectangular con orla de roleos e dobre timbre composto por cimeira volta á sinistra baixo a coroa de marqués. Esta dividido en dezaioito particións, distribuídas en seis filas de tres columnas. 1º Cuartel: Armas de Araúxo; 2º, Brazo armado dos Noguerol; 3º, Tres faixas dos Ribera. 4º, Armada; 5º, Roeis dos Castro; 6º, Seis estrelas en pau; 7º, Puga; 8º, Feixoo; 9º, Tres farallóns co-roads de ortigas ¿dos Faxardo?; 10º, Cabezas de lobo dos Mosquera; 11º, Axadrezado dos Cisneros (no centro do escudo por ser o principal); 12º, Castro; 13º, Figueroa; 14º, Cinco escudetes en sotuer; 15º, Novoa; 16º, Sarmiento; 17º, Aguia empinada a un árbore; 18º, Luaces.



Escudo na rúa Preguntoiro.

En 1795 o pai de Agustina, que era o seu titor, arrendou<sup>94</sup> por 70'50 ferrados de centeo unha morea de terras en San Nicolás de Novás (Xinzo de Limia), que lle pertencían como sucesora nos vínculos da súa nai. O centeo tiñano que levar á tulla que tiña en Xinzo, pero os arrendatarios venderon algunhas partidas, polo que pediu que fosen declaradas nulas esas vendas.

En 1845 os condes de Ximonde tiñan na súa casa do Preguntoiro secretario, axuda de cámara, criados e criadas, mozo de cabalos, axudantes de cociña, etc. E ao pé do convento de Belvís tiñan un pica-deiro para a doma de cabalos.

Esta casa está adornada cun escudo coas armas da familia Trátase dun escudo posto sobre unha cartela, sostido de tenantes, acolado coa cruz florlisada da Santa Inquisición que divide o campo en catro cuarteles. 1º, cinco follas de figueira postas en aspa dos *Figuroa*;

94 ARG.RA 330/7.

2º, seis roeis postos en pau tres e tres dos *Castro*; 3º, cuartelado en aspa, un e catro de sinople, unha banda de gules perfilada de ouro; segundo e terceiro de ouro, lenda *Ave-María* dos *Mendoza*; 4º, cabeza de lobo dos *Moscoso*. Timbrado de coroa, sumado dun escudo xaquelado de quince pezas de ouro e gules e como soportes dous cisnes, armas dos *Cisneros*.

Pedro, segundo os libros parroquiais de san Fiz de Solovio, fixo testamento o 27 de xuño de 1823 ante Francisco de Oca e finou en Santiago o 12 de xullo de 1824, sendo enterrado na igrexa de san Agostiño.

Agustina faleceu dunha pulmonía aos 79 anos o 7 de outubro de 1852 ás 12'45 h. na súa casa do Preguntoiro, tendo feito testamento<sup>95</sup> ante Domingo Manuel Romero o 1 de outubro de 1852 no que declara testamentaria e herdeira de todo á súa única filla **Jacoba Cisneros**, (*que segue*) e no que di que non quere que se lle faga panteón, senón só unha placa co seu nome, idade e data de defunción.

**Jacoba Cisneros Puga e Ulloa**, bautizada en San Miguel de Sarandón no pazo de Ximonde o 7 de xaneiro de 1813 cos nomes de *Jacoba M<sup>a</sup> del Carmen, y de la Cerca, Manuela Baltasara, Melchora, Gaspara, Agustina, Josefa, M<sup>a</sup> de los Dolores*, tendo por padriños a seus tíos Manuel e M<sup>a</sup> del Carmen Cisneros, veciños de A Coruña.

Trala morte do seu pai, foi enviada ao convento de N<sup>a</sup> Sra da Ensinanza en Santiago. Tivo como titores á súa nai e a seu tío Manuel Cisneros por dilixencia feita o 24 de xullo de 1824 ante o escribán Ángel Rodríguez e ante Joaquín Pinillos o 17 de marzo de 1825. Precisamente foron eles os que levaron un despoxo de bens, baseándose que os arrendatarios non estaban ao día nos pagos nin coidaban dos bens que Jacoba tiña na comarca de Mondoñedo, pertencentes á casa de Vilaxoán.<sup>96</sup>

Ambos titores tamén tiveron que defender en 1825 a pescaría do pazo de Maíndo que lles pertencía desde tempo inmemorial. En efecto, en 1580 un foreiro renuncia en Rodrigo Suarez de Castro e Reino ás pesqueiras e brañais das Reas, da Barce e da Braña *donde se mueren reos, lampreas y sábalos y andorinos y otros pescados, sitios*

95 AHUS. Protocolos de Manuel Domingo Romero.

96 ARG.RA 12637/8.



non pagar ou por atrasos a foreiros de Armentón, Larín, Coiro, Noicela, Razo, Sofán, Chamín, etc.

A condesa tiña un tocador estilo Luís XV, dourado, de ménsulas douradas a fogo, encaixado nos lenzos e cornixas da sala. O tocador aínda se conservaba en 1925.

Casou o 28 de agosto de 1831 cun membro da *casa de Preguecido* (véxase o.c.), *José M<sup>a</sup> Bermúdez Acevedo Pardiñas e Villardefrancos*, cabaleiro maestrante de Ronda e rexedor perpetuo de Ferrol, fillo de Pedro Bermúdez Ribadeneira Pardiñas e Vilardefrancos e de María del Carmen Acevedo e Bermúdez.

O matrimonio destacou polo seu comprometido apoio e axuda aos carlistas.

Tiveron un fillo que bautizaron co nome de *Pedro M<sup>a</sup> del Carmen Antonio Eleuterio Perfecto*, que finou o 4 de maio de 1834 e do que o 21 de febreiro de 1835 trasladaron os restos a un novo panteón que erixiron no cemiterio dos PP. Franciscanos.

Foi herdeira universal do seu curmán Jacobo Cermeño Cisneros.

Desde 1845 un parente en cuarto grado chamado José Bernardo Reino, cuñado de Baltasara Bárbara de Puga, puxo un preito<sup>100</sup> para ser declarado sucesor dos morgados da condesa. E en 1853 demanda que se nomee curador da condesa, que di que está incapaz mentalmente a partir dun ataque, que logo se repetiu, e polo que quedou hemipléxica. En marzo de 1856 fíxose valoración do seu estado no que intervéñ a súa amiga Juana de Vega, condesa de Espoz e Mina, e o seu médico Hipólito Otero (da *casa da Mota*), os que din que aínda que débil e con certas dificultades está mellorando e non está incapaz. O preito continuou o ano seguinte pero resultou en contra de José Bernardo. Este apelou, pero non continuou os trámites, polo que considerando que abandonara o preito, a quince días despois da morte da condesa, Manuel María Puga pide que se lle considere lexítimo sucesor nos morgados. En 1837 as leis sobre os morgados cambiaran, polo que o sucesor só tiña dereito á metade do vínculo, por isto tras unhas poucas transmisións os morgados desapareceron.

José María outorgou testamento, ao igual que a súa esposa, en Madrid o 20 de abril de 1853 ante Gabriel Santiso de Quevedo

100 ARG. RA 27193/194.

deixando por testamento ao avogado madrileño Juan Porto. Nel deixaba 12.000 reais anuais pagadoiros por trimestres ás súas fillas Josefa e Antonia, fillas de María Pazos Añón, veciña de A Coruña, con quen tiña unha relación amorosa desde 1848. Mesmo criaba a estas fillas na súa casa de Madrid, pois a relación coa súa esposa era nula. Porén María Pazos tería un preito porque o avogado e testamento non lles pagaba esa manda, poñendo todo tipo de trabas, e iso aínda que non esixía que as nenas fosen recoñecidas como fillas de José María.

José María morreu o 3 de abril de 1855, polo que ese ano Jacoba perdoou as rendas atrasadas ata o día da morte de José María, que lles debían en Abertezga e Xinzo de Limia, rendas que eran do morgado de Ramirás<sup>101</sup>.

Jacoba o 24 de novembro dese ano<sup>102</sup> atopándose enferma e ao coidado do seu médico Hipólito Otero fixo un codicilo ante Ruperto Suárez, modificando o testamento anterior, que entregara pechado, e no que deixaba toda a súa fortuna ao seu avogado en Madrid e asesor (e “mi protector y amigo”) don Juan do Porto, polos infinitos servizos que lle fixo como “el restablecimiento de la paz matrimonial, el arreglo de ambas casas, el anticipo de varias cantidades sin intereses de ninguna especie”, etc. No codicilo deixáballe a este avogado todos os bens mobles que hai na casa de A Coruña, incluída “la caja de fierro y cuanto en ella se contenga”.

Pero o seu avogado en febreiro de 1856 apoiou a opinión de que Jacoba debía ser declarada incapaz, polo que esta, magoada, despediu ao asesor, e fixo un novo testamento<sup>103</sup> o 16 de febreiro de 1856, no que beneficiaba a seus primos o coronel graduado Manuel e a Pedro Puga Sarmiento, que eran irmáns, así como a outros parentes.


Pero o seu último testamento<sup>104</sup> data do 22 de outubro de 1856 feito en Ximonde ante o escribán de Ponteulla Manuel Núñez Espantoso. Nel deixa importantes cantidades para centros de Beneficencia de Santiago, Coruña e Ourense, para conventos de monxas, así como para criados, pobres e parentes. Nomea como herdeiro uni-

101 Arquivo Notarial de A Coruña (ANC). Protocolos de Ruberto Suarez, 19/11/1855.

102 ANC. Protocolos de Ruberto Suarez.

103 ANC Protocolos de Ruperto Suárez.

104 AHUS Protocolos de Manuel Núñez Espantoso, 22/12/1856.



Firma da Condessa de Ximonde.

versal a Manuel María Puga Araújo, e en segundo lugar a seus fillos, se morrese antes que a testadora. E como “por ley le corresponde la mitad del vínculo al heredero que debe sucederle” (pois aínda non rematara o preito que puxo José Bernardo Reino), deixa a Manuel María a casa e vínculo de *Anzobre* e anexos, nos que está englobado a herdanza de A Coruña, que recibiu como herdeira universal do seu curmán Jacobo de Cermeño. Tamén lle deixa a metade dos bens libres de Ximonde e 500 ferrados de centeo de renda, e a metade dos bens en Xinzo de Limia e en Abertezga.

A Pedro Puga Sarmiento, irmán de Manuel María, déixalle a metade libre da casa e vínculo de Abertezga (Ourense) e 500 ferrados de renda ou o valor de 50.000 reais en bens a elección de Manuel María. Logo confirma a escritura<sup>105</sup> do 15 de marzo na que nomeaba como curadores a Manuel María, Teófilo Vamonde e Antonio Rodríguez Vamonde. Por último revoca todos os testamentos e codicilos anteriores, e asina o testamento xunto coas testemuñas, entre as que está o médico Juan Ramón de Barcia, de S. Miguel de Cora.

Morreu en Santiago a súa casa da rúa Preguntoiro<sup>106</sup> aos 47 anos a consecuencia dunha “epilipsia” o 7 de abril de 1860 sendo sepultada dous días despois. Aos seus funerais asistiron 56 sacerdotes e a escolanía da catedral, e aplicáronselle ese día 28 misas rezadas.

**Manuel María Puga Feijoo**, natural de san Verísimo de Celanova (19/5/1817- Arteixo, 4/10/1879), foi coronel graduado comandante de infantaría e “fervoroso carlista en cujas filas luchó durante máis de cinco anos hasta que, en 1839, se acogió al famoso Convenio

<sup>105</sup> ANC Protocolos de Ruperto Suárez.

<sup>106</sup> Este pazo dos Ximonde foi sé do Circulo Mercantil e logo saíu en puxa o 21 de decembro de 1906.

de Vergara siéndole revalidado su empleo de Capitán por las autoridades isabelinas”<sup>107</sup>.

Casou con *Carmen Blanco Castro e Marquina*, natural de Proente, filla de José Antonio Blanco Sarmiento, natural de Proente, e de Benita Castro Marquina, natural de Santa M<sup>a</sup> de Pau (Ourense).

En 1851 era tenente graduado de infantería e estaba en A Coruña. Nos dous últimos anos estivo estudando no colexio de Notariado, polo que pediu varios préstamos a un veciño de Ourense ata a cifra de 2.000 reais, polo que se compromete ante notario a entregar mensualmente un terzo do seu soldo ata liquidar a débeda<sup>108</sup>.

Vivindo na súa casa da rúa compostelá do Preguntoiro<sup>109</sup>, ambos esposos outorgaron un codicilo<sup>110</sup> o 4 de agosto de 1869 ante Ángel Astray Fernández, de Padrón, no que se nomean reciprocamente como testamentarios e no que se di que entregaron un testamento pechado a dito escribán. Carmen finou en Santiago o 20 de xuño de 1872, aos 64 anos.

Logo Manuel, xa viúvo, o 26 de novembro de 1875 ante Francisco Ramos Vázquez redacta outro testamento, no que deixa 2.500 pts para pobres, así como outras semellantes cantidades para diversas asociacións benéficas. Tamén reparte os bens mobles e alfaías, sobre todo os que había na casa do Preguntoiro, entre os fillos, fillos políticos e netos, e deixa a seus cinco fillos como herdeiros a partes iguais.

A 23 de outubro de 1877 Manuel María “mayor de 63 anos” dona diversos bens a seu fillo Luciano, como son, en A Coruña, unha casa na praza da Constitución e sete terreos de labradío; en Oza, unha casa e un terreo; en Arteixo, unha casa de 28x13 m. en Anzobre, outras dúas casas e máis de 20 leiras, etc. E uns días máis tarde dálle poder para vender todos os inmobles que tiña en Xinzo de Limia.

Foron os pais de:

107 BLANCO REY, M., D. “Luciano M<sup>a</sup> Puga Blanco (1842-1899): un personaje rescatado del olvido”. *Anuario Brigantino*, 1999, Betanzos.

108 ANC Protocolos de Ruperto Suárez.1851.

109 A casa, de tres pisos, estaba ricamente amoblada e adornada con esculturas, óleos, imaxes no oratorio, etc., segundo se describe no testamento de Manuel María Puga.

110 AHUS Protocolos de Angel Astray Fernández.

1. *Luciano Puga Blanco*<sup>111</sup>. Naceu en San Andrés de Proente (A Merca) o 30 de decembro de 1842 sendo bautizado catro días máis tarde. Foi avogado, alcalde de Santiago, profesor de Universidade, tres veces Deputado, dúas Senador, Gobernador do Banco Español de Cuba, Vocal da Xunta Superior de Prisións, Fiscal del Tribunal Supremo e señor de Anzobre. Seu pai deixoulle como mostra de cariño o seu reloxo de ouro con caixas de esmalte adornadas de diamantes, perlas e rubís, así como a cadea de ouro.



Manuel Puga alias *Picadillo*.

O 10 de Febreiro de 1868 contrae matrimonio en Santa María Salomé de Santiago con *Juana Parga Torreiro*.

Foi o pai do famoso *Picadillo* (Manuel M<sup>a</sup> Puga y Parga 1874 – 1918), de M<sup>a</sup> del Carmen, de Luciano e de “Mariquiña” –M<sup>a</sup> Concepción (1876-1897)–, á que Curros dedicou uns versos cando a familia ía embarcar para A Habana:

*Como ti vas para lonxe  
I eu vou para vello  
Un adiós, Mariquiña,  
Mandarche quero,  
Que a morte é o díaño  
I anda rondando as tellas  
Do meu tellado. (...)*

2. **Gumersinda Puga Blanco.** (*que segue*)
3. *Ramona Puga Blanco*. Vivía na rúa de San Francisco nunha casa que pertencía a seu pai e que logo herdará. Segundo seu pai tiña unha bondade irreflexiva, polo que podía poñer en risco a sorte dos seus fillos. Por iso seu pai manda que se lle quite un terzo e quinto do seu quiñón para que o leven directamente os fillos de Ramona, aínda que ela será usufrutuaria. Finou aos 78 anos o 13 de marzo de 1911, viúva de Ramón Belisardo Pumpido. Pais de Manuela e outros.
4. *Ermitas Puga Blanco*, natural de san Andrés de Proente, casou en Santiago o 13 de outubro de 1870 con José Pérez-Dávila

111 BLANCO REY, M., o.c.

e González, natural de Madrid, fillo do coronel de infantaría Juan Pérez Dávila, natural de Málaga, e de M<sup>a</sup> del Carmen González, natural de A Coruña.

- 5 *Elisa Puga Blanco*, natural de Proente, onde naceu en 1850, casou aos 20 anos en Santiago o 5 de xaneiro de 1871 con Perfecto Conde Fernández (Celanova, 1846-Santiago 1903), fillo de Juan e Carmen, licenciado en medicina, e máis tarde catedrático de Histoloxía da Facultade de Medicina. Vivía no primeiro piso da casa familiar da rúa do Preguntoiro, que lle quedará en herdanza. Sen sucesión, outorgou testamento o 4 de agosto de 1890 ante Jesús Fernández Suárez, deixando ao marido como único herdeiro, pero en caso de que este non lle sobrevivira, deixa os seus bens a seus irmáns.

**Gumersinda Puga Blanco**, naceu en 1845 en san Verísimo de Celanova, vivía na Rúa Nova, 26, en Santiago (parroquia de San Fiz de Solovio) onde casou o 2 de decembro de 1868 co comandante Antonio López Reguera, de 35 anos, viúvo de Dolores Valenzuela Ozores, fillo de Lorenzo López, natural de San Miguel de Monseiro (Lugo), e de Vicenta Reguera, de A Coruña. Antonio López finou o 27 de setembro de 1871. Tiveron dous fillos: *María López Puga*, que finou sendo nena despois de seu pai, e *Antonio López Puga*, que foi avogado e viviu en Arxentina<sup>112</sup>.

E en segundas nupcias casou no convento de san Francisco o 1 de agosto de 1875 con **Jesús Novoa López**, solteiro, catedrático de medicina, nacido o 17 de xuño de 1840 en Santiago, fillo de Antonio e Genoveva. Jesús aportou ao matrimonio 5.000 pts. Vivían na rúa da Conga, n<sup>o</sup> 7.

O 29 de decembro de 1877 ante Manuel Devesa, notario de A Coruña, recibiu de seu pai diversos bens, como pacto de mellora ou ben como dote. Foi ela quen herdou de seu pai o pazo de Maíndo con todo o anexo, como a cal e pesqueira do pazo “que hace de largo 380 varas castellanas y 3 varas castellanas de ancho, dando principio de Gerimbao a la parte del norte y concluyendo por el sur en el

112 Antonio recibiu a herdanza paterna ante Jesús Castro en 1891 e ratificada en 1893. E Dolores, filla do primeiro matrimonio de Antonio López Reguera, recibiu a súa parte en 1876 e ratificada en 1892 ante o notario de Vilagarcía Ramón Carril.

vivero del bosque nacional de dicho Couso, cuyo canal se aprecia en 1.500 pts” (do ano 1877).

Este matrimonio reedificou a casa do Preguntoiro (nº 19 e logo 23), gastando 97.340 reais e na finca de Couso edificou un lagar gastando 28.000 reais.

Jesús outorgou testamento a 19 de febreiro de 1895 ante Jesús de Castro e Gumersinda o 1 de xuño de 1915 ante Jesús Fernández Suárez.

Jesús finou en Santiago aos 70 anos o 14 de maio de 1911 e Gumersinda finou viúva en Santiago (parroquia de Salomé) o 26 de abril de 1920.

Jesús e Gumersinda foron os pais de:

1. *Jesusa Novoa Puga*, naceu en Santiago o 20 de marzo de 1877, e finou solteira en Maíndo o 14 de outubro de 1955. Seu pai deulle xa de nena diversas alfaias que non entraron no reparto de herdanza. Como estaba solteira, a súa nai deixoulle, ademais da lexítima, todos os bens mobles gananciais que tiña do segundo matrimonio, nos que se inclúen diversas alfaias con diamantes, esmeraldas e brillantes. Tamén mostrou o desexo de que Jesusa escollese os bens que ía herdar. Foi propietaria da casa de Maíndo ata que lla pasou a seu sobriño Salvador.
2. *Agustín Novoa Puga*. Nacido en Santiago en 1878. Aportou 3.500 pts. ao matrimonio con *Mercedes Golpe Túñez* e viviu en Coristanco. Foi médico e logo vivía na rúa compostelá de Santo Domingo. Finou no seu domicilio o 26 de novembro de 1959, deixando catro fillos: *Agustín*, *Mercedes*, *Jesús* e *Antonio Novoa Golpe*.



Casa dos condes de Ximonde. Santiago.

3. *Ramón Eleuterio Novoa Puga*, nacido el 18 de abril de 1881. Finou antes que seus pais.
4. *Manuel Zacarías Novoa Puga*, bautizado ao día seguinte de nacer na parroquia de Salomé, o 6 de novembro de 1882. Foi médico.
5. **Carmen Novoa Puga** (*que segue*)

**Carmen Novoa Puga** veu a luz o 1 de febreiro de 1884 en Santiago, onde contraeu matrimonio o 2 de xaneiro de 1909 na parroquia compostelá de Salomé co capitán do Rexemento de Zaragoza **Salvador Lissarrague Molezún**, fillo do comandante de infantaría Salvador Lissarrague e de Adelaida Molezún.

Salvador durante a Guerra Civil estivo un ano preso no cárcere de Madrid e logo no Reformatorio de adultos de Alacante. Finalmente foi rehabilitado en outubro de 1939. En decembro de 1944 por oposición foi nomeado catedrático de Filosofía do Dereito en Oviedo e logo en 1955 catedrático de Filosofía Social na Universidade Central de Madrid.

En 1965 Salvador, representando ao arceprelado de Veia na súa peregrinación a Santiago, realizou a invocación ao Apóstolo. E non era a primeira vez. En 1951 pediu autorización para a instalación dunha liña de transporte a 10.000 voltios e caseta de transformación, para o funcionamento dun grupo electro-bomba no pazo de Maíndo e subministro de enerxía eléctrica para a parroquia de Couso.

A Carme súa nai deixoulle unha pulseira de ouro coas súas iniciais, así como un piano.

Foron os pais de

1. *Jose María Lissarrague Novoa*, nacido en Santiago o 28 de xaneiro de 1913, finou en Madrid o 15 de xuño de 1986. Coronel de Artillería, casou o 29 de novembro de 1946 en Segovia con María del Pilar García-Gutiérrez Redondo, tendo por fillos a María del Pilar, Mercedes, José Ramón e Manuel Lissarrague García-Gutierrez.
2. *Alfredo Lissarrague Novoa*, nacido en Santiago o 17 de xullo de 1916, morreu en Madrid o 30 de decembro de 2000. Foi coronel de Infantaría de Marina. Casou con María Antonia Zaforteza Socías (descendente dos condes de Orgaz e paren-

te dos condes de Olocau), nacida en Palma de Mallorca. Os seus fillos son: Salvador, Mateo, Alfredo e José María Lissarrague Zaforteza

3. **M<sup>a</sup> Carmen Lissarrague Novoa** (*que segue*)

4. *Salvador Lissarrague Novoa*, nacido en Santiago o 25 de xaneiro de 1910. Foi catedrático de Filosofía do Dereito en Oviedo, inspector de Traballo, e catedrático de Filosofía Social na facultade de Ciencias Políticas en Madrid. Director do Ateneo de Madrid, foi autor de diversos libros, como *El*



Salvador Lissarrague.

*poder político en la sociedad*. Finou célibe en Madrid o 14 de marzo de 1967 e foi enterrado no cemiterio da Almudena. Era moi amigo e compañeiro de carreira de Manuel Fraga.

Nos anos 50 perdeu a propiedade sobre a pesqueira de Couso que, como xa vimos, foi motivo de preitos moitas veces<sup>113</sup>.

Propietario do pazo de Maíndo, cedullo á súa irmá Carmen.

**Carmen Lissarrague Novoa**, nacida en Santiago o 28 de decembro de 1914. Casou o 15 de abril de 1948 en Madrid con *Pelayo Redondo*, fillo de Juan José Redondo, conde de San Javier e casa Laredo, e de Carmen Piquengue. Pelayo, que foi coronel de Infantería e Cabaleiro mutilado pola Patria, finou en 1991.

Carmen, que foi propietaria de Maíndo, acudía a miúdo ao pazo coa súa familia.

113 ARG.RA 27278/56 e arquivo particular da casa de Maíndo.



Familia Redondo Lissarrague.

Finou en Madrid o 7 de xullo de 2011. Os seus fillos son *Carmen*, *María Jesús*, *Paloma* e *Pelayo Redondo Lissarrague*, actuais donos da casa de Maíndo.



# A música nas festas no Val do Ulla de 1850 a 1900: visións desde a prensa

Henrique Neira Pereira  
valdoulla@yahoo.es

**Resumo.** As celebracións festivas no Val do Ulla e a música como elemento clave delas aparecerán frecuentemente desde mediados do século XIX nos textos xornalísticos que achegan a lectoras e lectores fundamentalmente das cidades unha realidade sensiblemente diferente á súa. As descrições e crónicas das festas acadaron un certo éxito non só na prensa galega, senón tamén na prensa de Madrid e da emigración e hoxe achégannos valiosa información sobre a importancia da música na vida da época.

**Abstract.** From the middle of the 19th century, celebrations in Val do Ulla and their music as the key element often appeared in journalistic texts that brought readers, mainly from the cities, closer to a considerably different reality. Descriptions and chronicles of these festivities were quite successful not only in the Galician press, but also in Madrid and in the emigration press and, today, they give us valuable information about the importance of music in the life of the time.

Na segunda metade do século XIX atopamos na prensa ricas descrições do ambiente das celebracións festivas ullás e noutras ocasións son obxecto de exercicios literarios<sup>1</sup> e sitúanse como elementos evocadores de momentos de felicidade: frecuentemente preséntanse como unha válvula de escape para as mulleres e os homes que habitaban o Val do Ulla que a través delas esquecían por unhas horas a rutina cotiá e as preocupacións.

Mais obsérvase, conforme se achega o final do século, que a prensa galega e en particular a compostelá acostuma a ofrecer crónicas máis detalladas dalgunhas das festas e romarías máis coñecidas do Val do Ulla, publica avisos anunciando as datas das celebracións máis salientables e noticias daquelas nas que se rexistra algún episodio de violencia ou algún outro feito considerado como noticiable.

A prensa pode ser ademais unha excelente fonte para recuperar información sobre textos impresos e atopamos ás veces referencias a bailes ou á música que se interpretaba nas festas: os instrumentos

1 Véxase por exemplo: Losada, Benito. "Relembro d'aló. A festa de Gundián". En: *A Gaita Gallega*, A Habana, 18 de setembro de 1887, p. 8-9.

que se empregaban, as pezas que se tocaban ou o xeito de bailalas son algúns dos datos que nos fornecen os diarios e as revistas.

É imposible ofrecer unha relación exhaustiva porque aínda quedan moitas cabeceiras de prensa galegas por dixitalizar e indexar para facilitar a súa consulta, pero a seguir imos ofrecer en orde cronolóxica unha selección de fragmentos de textos publicados en xornais e revistas galegas e de fóra, moitos deles ben coñecidos e reproducidos logo de veren a luz por primeira vez en diversas publicacións periódicas.

### Antonio Neira de Mosquera (1853)

O escritor e xornalista Antonio Neira de Mosquera (Santiago, 1823-A Coruña 1854) publica na revista madrileña *Museo de las Familias* do 25 de xullo de 1853 un artigo titulado ‘Un valle de Galicia’ (páxinas 9 a 12), que presenta como unha parte dunha descrición topográfica e monumental do Val da Ulla Baixa, que inicia na Ponte Ulla e no que escribe logo sobre a romaría de Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla, Vedra) en setembro:

En los calurosos meses del verano, las iglesias y las ermitas de la Ulla baja multiplican sus festividades religiosas. La devocion equivale al regocijo público: á la misa del patron sucede la foliada del soto<sup>2</sup>. La misa mayor en los dias de fiesta es una funcion manual, familiar. El coro de la iglesia está vacío: se echa de menos al gaitero.

Lembra despois que:

La misa de reliquia ó de patrón es anunciada á la víspera por el gaitero, y á la mañana siguiente por el repique de campanas: tiene cohetes, procesion, y baile al medio día en el crucero mayor. Los mancebos ganan<sup>3</sup> á las mugeres, sacudiendo sus castañuelas y removiendo la arena del suelo. Las doncellas dejan sus mantillas de paño, y responden á un guiño imperceptible ó una pisada vigorosa. La flauta y la gaita se persiguen en la muyñeira<sup>4</sup>, para no lograr una reconciliación filarmónica. Los aldeanos se agrupan alrededor, sin apercebirse del calor tropical que se desploma sobre sus cabezas. A la tarde vuelven á reunirse bajo los frondosos robles del soto, siguiendo los estrechos senderos de los sembrados, grupos bulliciosos de aldeanos, riendo, cantando, saltando. Es la doble romería del valle: por la mañana al templo, por la tarde al bosque. Despues la oracion

2 Equivale en dialecto gallego á baile campestre.

3 Equivale á decir: solicitan.

4 Baile provincial de Galicia.

fervorosa la cántiga popular<sup>5</sup>. Para los habitantes del valle una fecha religiosa es un aniversario de familia. El gaitero señala á su antojo el salon del baile. Los ancianos recuerda; los jóvenes olvidan; los niños escalan los troncos de los árboles ó persiguen las varas de los cohetes apagados, que vuelven al soto. Los giros monótonos de la muyñeira se renuevan hasta el anochecer. El baile se deshace al tibio resplandor del hespero.

Na romaría de Tomonde describe «numerosas comitivas de romeros que llegan á la iglesia, cantando y bailando al son de una flauta». Logo «Pasan los gaiteros. Se apiñan los aldeanos en el átrio. Cesan las misas rezadas. Los romeros se atascan en la puerta de la iglesia. El esquilon repica, el bombo y tamborillo atruenan, los almuerzos cesan, los diálogos se interrumpen, los cantares se aplazan, las cofias se arreglan, se improvisa un altar en la puerta de la ermita, se coloca la efigie de la virgen de los Dolores debajo del alero de la iglesia. El átrio y el soto se convierten en templo, el templo se convierte en coro, detrás del altar» para a misa maior, diante da capela, na que «su orquesta es el gorjeo de los pájaros».

Unha vez que rematou a misa maior «la procesion recorre el átrio de la capilla entre el estruendo de los cohetes, el tañido de la campana y los acordes de gaitas y flautas acompañadas del bombo y el tamboril».

Non podía faltar a pólvora, e «A los fuegos artificiales sucede la baila<sup>6</sup> de la mañana; plato de entrada en la comida de los romeros».

Tras o xantar «Las canciones se cruzan sin conclusion, los gritos se suceden á menudo» e «A la tarde, los aldeanos sostiene la foliada en el átrio de la iglesia» e «bailan á las puertas del templo como los antiguos levitas al redor del arca. La romería revela la distancia á que se encuentra la aldea de la ciudad. En el átrio de la capilla se baila la muyñeira: en la cercana era la schotix y la polka-mazurca. Aquí mantelos y cofias, allí sombreros de viage y capotas de baños: en el átrio ganando las doncellas para la muyñeira: en la era los caballeros banquetas para las damas. El campo se acuerda únicamente de las que bailan; la ciudad también piensa en las que ven bailar. Como acontece en la vida social, la franqueza dura mas que la eti-

5 Cántiga en dialecto gallego y romance antiguo significa canción.

6 Baile

queta. Desfila el público de la schotix, cuando se reanima el público de la muyñeira».

Vemos que a descrición de Neira de Mosquera é completísima e contrapón a música rural coa música urbana.

### Alfredo Vicenti Rey (1875)

O xornalista (Santiago, 1850-Madrid, 1916) logo da súa estadía en Santo Estevo de Oca (A Estrada) en 1872-1873 publicou desde abril de 1875 unha serie de crónicas na prensa galega<sup>7</sup> –comezando polo xornal ourensán *El Heraldo Gallego*– tituladas ‘Perfiles gallegos. A orillas del Ulla’.

Estes textos supoñen un interesante achegamento desde o xornalismo urbano á realidade do rural galego e en concreto á comarca da Ulla ou Val do Ulla, na segunda metade do século XIX. No texto 4, ‘El primer día de sol’, (3 de xuño de 1875, páxina 4) indica referíndose ó Val do Ulla:

la generación actual se viste a lo urbano y en los momentos de buen humor entona habaneras acompañadas de aturuxos.

Conta tamén no mesmo texto (10 de xuño de 1875, páxina 4) como estando nunha casa polo Nadal chega un coro de mozos cantando coplas en castelán acompañado dun gaiteiro, para pedir o aguinaldo:

resonó a la puerta de la casa un coro de voces masculinas, acompañadas en falsete por el gaitero.

No texto 5, ‘La máscara’ (24 de xuño de 1874, páxinas 3 e 4), describe o Antroido dos Xenerais da Ulla e o seu acompañamento musical:

Dos gaitas concertadas mal o bien con otros tantos clarinetes y cornetines de pistón, rompieron en un aire sfogato del país, y al bélico sonido púsose en marcha la columna, precedida por el correo que galopaba a vanguardia y seguida por los habitantes ociosos de la aldea.

7 Están recollidas e comentadas en diversos libros, entre eles: Vicenti, Alfredo. *Galiciana básica de Alfredo Vicenti : poesía e prosa, 1868-1916*. Pontevedra-Madrid, 2001, Deputación Provincial de Pontevedra-Taller de edicións J.A. Durán.

Máis adiante no mesmo texto fala dun baile improvisado:

las gaitas escogieron los mejores aires del repertorio para que bailasen al son aquellos enmascarados que no tenían rocines que guardar ni productos de su industria que exponer.

E finalmente:

Los gaiteros rompieron a tocar la alborada, ese aire gozoso y apacible cuando suena en los campos al amanecer de un día de septiembre, pero feroz, salvaje, iracundo, cuando el músico se siente airado y produce sin intervalos ni cadencias el ritmo ascendente que lo constituye, mientras el tamboril redobla con rapidez vertiginosa.

As observacións de Alfredo Vicenti acadaron moita sona porque son a primeira descrición ampla do Antroido dos Xenerais da Ulla e ata hoxe a mellor fonte para saber como se organizaba a festa a finais do século XIX.

### **Waldo Álvarez Insua (1876 e 1878)**

O escritor e avogado Waldo Álvarez Insua (A Estrada, 1856-Madrid, 1938) é autor de varios textos de grande interese sobre as terras do Val do Ulla a finais do século XIX, publicados na prensa ou en libros. O seguinte, ‘La romería’, publicouse en dúas entregas no periódico ourensán ‘El Herald Gallego’: o 11 de marzo de 1876 na páxina 157 e o 18 de marzo nas páxinas 165 e 166. Describe unha fía que tivo lugar en San Miguel de Cora (A Estrada) e unha romaría en V..., lugar que puidera ser Vedra. As fías eran reunións para fiar –converter as fibras téxtiles en fío– e onde se cantaba, bailaba e se realizaban xogos populares. Este fragmento é da segunda entrega:

He aquí el sumum del adorno de una romería. Los viejos y los jóvenes han abandonado ya sus vegas y lavándose en la cristalina corriente de los mansos arroyuelos, en los que las bellas hijas del país ven reflejarse sus divinas facciones, toman con paso tardo y lento y entonando alguna sentida cántiga, el camino de la iglesia, á la que llegan cuando el mayordomo de la funcion, con un haz de voladores bajo el brazo y al frente de la banda de música (hoy hácia la parte del Ulla van cayendo en desuso las gaitas) entra acompañado del Sr. Cura, mas ufano y contento que un general victorioso al frente de sus ejércitos. Una vez dentro manda en jefe, se hace sitio á empellones y trastazos, dá sus órdenes con presteza y energía, arregla los preparativos para la misa solemne del dia siguiente; y el cura con el sacristan y D. Antonio el estudiante, entonan las salmodias y letanías que son de cajon en toda víspera de aldea.

Cuando se ha terminado en la casa de Dios, sálese todo el mundo al átrio y allí en confuso tropel se rodean y pisotean lo mismo la enfática señorita de la ciudad que va a allí á veranear, que la natural campesina hija de sus caseros. La música preludia la muiñeira, que los aficionados bailan con loco frenesí; las campanas repican con mayores bríos; el globo está próximo á volar, y el guardia y el ladron empiezan su vertiginosa carrera, que solo termina con dos tremendos estallidos. En estos momentos de delirio todos están fuera de sí y se oyen gritos de alegría, ardientes declaraciones, crujir de vasos y de copas, rechinar de castañuelas, cánticos de beodos, y todo en fin formando una armonía sin armonía, un coro discordante y aterrador, una música alegre y sin concierto, que hace enmudecer los gallos y los perros y huir amedrentados los zorros á sus guaridas.

Todo esto atolondra á jóvenes y viejos, enárdecense los unos y los otros, concítanse los ánimos, recuérdanse antiguos ódios y los de Vedra y Sarandon formando un temible bando, levantan sus mocas contra los de Trove y y Teo, á los cuales despues de romperle alguna cabeza y descoyuntarle las costillas, hacen huir cobardemente, quedando aquellos por reyes del campo. Estas luchas no dejan de repetirse un solo año, y jamás por muy heridos que salgan, unos ú otros, apelan á la justicia. Creen ventilarlas así mejor.

No periódico que el mesmo fundou na Habana, *Eco de Galicia*, publica Waldo Álvarez Insua no número do 8 de agosto de 1878 o artigo ‘Costumbres gallegas: a espadela’ (páxinas 3 a 5). Nel describe unha destas xuntanzas para mazar o liño, cantar e bailar unha vez rematada a tarefa. Foi en Santa María de Teo (Teo) e deste texto escollemos este fragmento:

Despues empieza otra escena más viva, más animada, más trascendental para mozos y mozas: la gaita y el tamboril, tocan desesperadamente la muiñeira, que se baila con locura hasta que la casta Féve, cansada de tanto jolgorio y tanta dicha niega su luz.

Os dous textos de Álvarez Insua permíténnos achegarnos á realidade do traballo comunitario arredor do liño, con xuntanzas como fías e espadelas que acaban converténdose en festas nas que non falta a música.

### ***El Diario de Santiago (1876)***

Un amigo do director (X.) escribe unha carta asinada en Vedra o 9 de setembro na que dá a coñecer detalles de varias romarías celebradas en Vedra e que se publica na segunda páxina de *El Diario de Santiago* do 13 de setembro.

O día 2 foi a das Dores de Vedra, na que «El Señor Cura cumpliendo rigurosamente la Pastoral de nuestro digno Prelado, no permitió que tocase en la iglesia la música de la Estrada, pero en cambio no se opuso al bombo ni á los platillos, de un trascordado gaitero, que hubiera hecho las delicias de los habitantes de la Groenlandia y asesinado á los aficionados al divino arte de Orfeo». O texto indica que houbo tamén baile.

Logo refírese á romaría da Virxe das Ermidas na capela do Burgo, celebrada os días 7 e 8 de setembro tamén en Vedra. O día 7 pola noite «las mozas de Vedra disfrutaron unas cuantas horas de la vieja y tradicional muiñeira», mentres «El ocho por la mañana la música de la Estrada, dió serenata á varios particulares y á las doce comenzó la misa». Pola tarde «y en el soto contiguo á la casa del Sr. Tarrío, se improvisó un baile de caballeros y uno de labradores, reinando entre todos la mas agradable armonía. Duró el primero hasta las diez de la noche, hora en que la lluvia vino á favorecer á las mamás y contrariar á las niñas».

As cartas de colaboradores e os textos de correspondencia son unha boa fonte para coñecer como se desenvolvían moitas festas rurais na época.

### ***Revista de Galicia (1880)***

A publicación coruñesa dirixida por Emilia Pardo Bazán publica no número do 10 de agosto de 1880 un texto que non vai asinado (se candra da autoría da propia escritora) titulado ‘Crónica de los festejos de Santiago, en el Año Santo de 1880’ (páxinas 233 a 236). No texto cóntase como uns días antes da festa do Apóstolo se celebrou unha partida de pesca ofrecida polo marqués de Santa Cruz de Ribadulla «á sus amigos, en su quinta-palacio del mismo nombre, al borde del Ulla» (é dicir, en Ortigueira, Santa Cruz de Ribadulla, Vedra). Tras a pesca con rede de troitas e escalos, celebrouse o xantar e houbo «un baile campestre improvisado allí mismo en la risueña márgen».

Nunha crónica de 1905 lemos<sup>8</sup> que se celebrou outra redada no río Ulla o 18 de xullo, festa de Santa Mariña de Ribeira (A Estrada),

8 López Carballeira, A. ‘Redada en Ribeira’. En: *Gaceta de Galicia*, 18 de agosto de 1905. Páxina 1.

á altura de Ximonde, parroquia de San Miguel de Sarandón (Vedra), así que se cadra a redada de Santa Cruz foi na mesma data. En calquera caso, de novo un traballo comunitario, a pesca con rede, que é complementado coa música e o baile.

### **Benito Losada Astray (1881 e 1887)**

O escritor (Santiago, 1824-San Gregorio-San Mamede de Ribadulla, Vedra, 1891), que pasou longas tempadas en San Gregorio, onde faleceu, seguramente coñeceu ben as romarías e festas da Ulla.

Neste trabalho focamos a nossa análise no conjunto de música para guitarra, que representa o 19% do fundo total com aproximadamente 132 obras. Com esse número, o fundo de partituras dos Valladares resulta ser, até agora, o maior e mais importante para a guitarra dos conservados na Galiza. Estas obras estão distribuídas entre o que

6 A reforma ortográfica da língua castelhana que estabeleceu os casos do emprego de j em vez de x publicou-se em 1815 na 8ª edição da *Ortografía de la lengua castellana*. Depois dessa data, ainda que continua a hesitação por um tempo, os usos vão-se normalizando conforme as novas normas.



Braço e mão de freire com flores.  
Arquivo Valladares. Pastas Vermelhas, 121r.



"Isleña de Chipre. Es toda ella muy fina".  
Caderno de desenho de J. D. Valladares.

conhecemos como Pastas Vermelhas (PV), consultadas na própria casa familiar, contêm a maior parte das partituras manuscritas, e as Folhas Soltas (FS), partituras à parte algumas das quais foram consultadas no mesmo momento que as PV e, outras, em ocasiões posteriores. Uma descrição completa poderá consultar-se nos anexos da tese *A Guitarra na Galiza*, ainda em período de redação.

O fundo de música para guitarra contém obras do final do s. XVIII e as primeiras décadas do XIX, arranjos de música operística, hinos e marchas, danças, temas variados, canções com acompanhamento de guitarra e composições próprias. As obras catalogadas classificamo-las segundo a instrumentação, separando também as obras propriamente ditas daquelas que têm um propósito didático:

	Pastas Vermelhas	Folhas Soltas	Total
Guitarra	62	2	64
Voz e guitarra	34	14	48
Outros instrumentos e guitarra	3	4	7
Duo de guitarras	3	-	3
Exercícios, escalas e teoria musical	10	-	10
<b>Total</b>	<b>112</b>	<b>20</b>	<b>132</b>

Classificação da música para guitarra do Arquivo Valladares

Das 132 peças somente as 11 pertencentes à coleção de canções andaluzas são impressas. As outras 121 são partituras manuscritas, e delas 112 estavam nas Pastas Vermelhas, que recolhem as peças mais antigas do arquivo. Podemos dizer, por isto, que uma parte das obras para guitarra pertencem ao fundo mais antigo do arquivo. Destacam as peças do Maestro Naya, os duos e estudos de Carulli, a música operística, a música de câmara com outros instrumentos, a moineira, a alvorada e o vilancico, os hinos patrióticos, as compostas por Avelina e Marcial, a música sobre os poemas de Pastor Diaz e José de Espronceda, e as canções de Saldoni, Moretti, Botella, Sobejano, Ciebra, Basili, Iradier e Carnicer.

Da música ligada aos assuntos militares há, sobretudo, marchas e hinos: dois de cada para guitarra só e algumas mais para outros instrumentos. Parece pouco em relação à quantidade total do arquivo, dada a condição militar de José D. Valladares. Entre a música vocal com acompanhamento instrumental tampouco se acham canções da Guerra do Francês. Vê-se que o senhor de Vilancosta, farto de

batalhar, preferiu dedicar o seu tempo às canções de amor, às árias italianas e à música de baile, repertório que provavelmente fosse mais apreciado na família. Isto também indica que a maior parte das canções para voz e guitarra seriam copiadas entre a segunda década e a metade do século, aproximadamente entre 1815 e 1850.

A moineira e a alvorada, postas para guitarra só, e o vilancico galego incluído no cancionero de Marcial Valladares, e posto para voz e guitarra, são três peças de sabor galego que se juntam às outras para violino, flauta e piano que também desenvolvem estilos e formas musicais galegas. Aqui, como tratamos a música relativa à guitarra, deixamos para posteriores reflexões as obras para os outros instrumentos.

É importante frisar que as partituras manuscritas do fundo musical dos Valladares apresentam muitas mãos e letras diferentes ao longo do tempo, que há música de autor, transcrições e cópias exatas de partituras publicadas, versões variadas de obras conhecidas e obras desconhecidas ou ‘novas’ sem autor. A existência de cópias exatas destaca a também existência de variações nas cópias das partituras. Estas variações não parecem erros, descuidos ou esquecimentos, mas versões diferentes as quais, entendemos, podem ter vários motivos: 1) ter feito a transcrição de cor, o copista escreve aquilo que está a lembrar e não aquilo que está a ver, 2) a vontade do copista guitarrista de imprimir o seu estilo na música copiada, 3) uma variação da anterior, a vontade do próprio compositor de mudar a sua obra, e 4) a cópia de cópias que passaram por algum dos processos anteriores.

### **A moineira, a alvorada e o vilancico**

É notável que as três peças anónimas com mais sabor galego do arquivo da família Valladares sejam três formas musicais que na música catedralícia estavam ligadas entre si e à celebração festiva do Natal. Os vilancicos de José Pacheco, Mestre de Capela em Mondonhede, começavam com uma Alvorada, que fazia as vezes do Estribilho, e acabavam com uma Moineira, que fazia as vezes de Tonadilha em Melchor López (Trillo e Villanueva, 1980, 16). Não ousamos afirmar que estas três peças guardam essa relação, posto que a sua

localização no arquivo é diversa e estão escritas por mãos diferentes. Todas três pertencem à primeira metade do século XIX mas não há dados determinantes que as liguem entre si do ponto de vista formal. Por isso tratamo-las como três peças individuais.

A do fólho 66r, em 6/8 e Lá M, é a primeira moinheira para guitarra que achamos nos fundos musicais galegos. Acha-se dentro do grupo de peças mais antigo do Arquivo Valladares e, por isso, e pelo título em castelhano (*molinera*) supomos que tenha sido copiada entre os últimos anos do século XVIII e os primeiros do XIX. Trata-se de uma melodia 'nova', esquecida nos dias de hoje, que se junta às outras aproximadamente quarenta moinheiras que contém o arquivo familiar. A sua estrutura é de duas frases, A e B, de oito compassos com repetições. A 5.<sup>a</sup> e a 6.<sup>a</sup> cordas da guitarra são empregadas ao ar para deixar maior liberdade técnica nos dedos e assim permitir a sua interpretação ao tempo próprio da moinheira. A melodia acha-se também em Sol M posta para instrumento melódico no fólho 149r. Uma versão desta moinheira, em Lá M e com acompanhamento de piano, integra o cancionero de Núñez Robres (1866). Dado que é o único exemplo de música galega nesse cancionero, supomos que a melodia lhe foi enviada por algum membro da família Valladares, provavelmente Marcial.

A alvorada do fólho 72r, em 2/4 e Lá M, é também a mais antiga que até agora conhecemos das escritas para guitarra. Aparece mais para a frente no AV, página 128r, anotada unicamente a melodia. Essa melodia foi a que, junto a uma seleção dos *Ayes de mi país*, Marcial Valladares enviou a Manuel Murguía em 1865, ou antes, para a sua colaboração na coletânea de música galega que o historiador queria incluir como apêndice à sua *Historia de Galicia*. Esta coletânea foi finalmente publicada em 1866, em Lugo, por Soto Freire (Orjais e Rei-Samartim, 2010, 51) mas sem a alvorada. Temos realizado um arranjo que unifica os três manuscritos consultados desta alvorada e foi publicado, junto de mais três danças do arquivo, em Rei-Samartim (2009).

O vilancico para voz e guitarra do fólho 106r, em 6/8 e Mi M é um exemplo claro de música de autor, provavelmente algum Mestre de Capela no s. XVIII, em Compostela, que foi recolhida pelo

povo e transformada em cantiga popular. Esta origem erudita pode entrever-se na complexidade da melodia, tanto pela longitude das frases quanto pelo seu desenvolvimento harmónico. Na época em que Marcial Valladares a incluiu no seu cancioneiro a melodia já era sentida como uma canção popular, o que resulta natural pois imita claramente o ritmo de moineira e a letra está em galego. Acharmos que a notação deste vilancico para voz e guitarra tenha sido feita muito antes da elaboração do cancioneiro, da mão do pai de Marcial. A possível origem da melodia no século XVIII e o tipo de letra com que está anotada a partitura do fólio 106r, convidam a pensar que o acompanhamento para guitarra seria copiado, e talvez composto, por José Dionisio Valladares. Em qualquer caso, Marcial teria herdado esta melodia e o seu acompanhamento dentro do fundo musical familiar. Quando foi incluída no *Ayes de mi país* era já mais uma cantiga popular. Este cancioneiro é o mais antigo dos conhecidos até agora na Galiza, as melodias e letras que conformam as diferentes secções foram cuidadosamente escolhidas pelo autor, por isso, podemos considerar que este vilancico era para Marcial Valladares muito representativo dentro das cantigas natalícias galegas.

Há uma outra versão do vilancico em Dó M, em folha solta, também para voz e guitarra. Além disso, a melodia recolheu-se posteriormente no cancioneiro de Casto Sampedro e nas anotações musicais do padre Victoriano López Felpeto (Orjais e Rei-Samartim, 2010, 253). A letra do vilancico parece-se, sem coincidir, com a letra de um outro vilancico atribuído ao capelão compostelano Marcos Parcero (final s. XVIII-primeiro terço s. XIX) que foi posta em música pelo Mestre de Capela da catedral compostelana, Melchor López (1759-1822) e interpretado no Natal de 1790 (Álvarez, 1952, II, 153-158) quando José Dionisio contava três anos de idade. A música de Melchor López foi publicada em Trillo e Villanueva (1980, 25-63) e graças a isso podemos saber que não coincide com a do nosso vilancico. Só podemos imaginar que outros vilancicos semelhantes foram compostos, interpretados e passaram ao acervo popular na mesma época e, talvez, pelo mesmo compositor. Tempo depois da sua possível composição, na primeira década do século XIX, o vilancico do Arquivo Valladares teria sido aprendido pelo

que seria mais tarde o senhor de Vilancosta, que o deixaria copiado entre os seus papéis de música, de onde o seu filho o tomaria e incluiria no cancionero que começou a elaborar por volta de 1840 (Orjais e Rei-Samartim, 2010, 28). Vinte e cinco anos depois, no momento em que a família estava arrasada pelo falecimento da irmã Jacoba (1852), da mãe (1854), do irmão Sergio (1855) e do pai (1864), e do ingresso no convento da irmã Segunda<sup>7</sup> (1864), época triste só animada pelo nascimento de Laurentino (1861), é quando Marcial dedica às suas irmãs (Avelina, Luísa, Segunda e Isabel) com data de 1865 o volume pulcramente anotado de melodias galegas com acompanhamento de piano. Por último, apresentamos a letra do vilancico, em ortografia atualizada e na original:

Da minha aldeia depressa venho  
com fortes ganas de ver o Neno.  
Meu pequeninho, a ti me achego,  
pois de servir-te gosto tenho.  
Minha joinha, como te vejo  
tudo em coirinho colhendo o fresco!  
Muito estimara dar-che um bom leiteo,  
porque se pensas passar o inverno  
nesse pesebre não leva jeito.

Da miña aldéa depresa veño  
con fortes ganas de ve-l-o Neno.  
Meu pequeniño á ti m'achego,  
pois de servirte gusto teño.  
Miña xoiña, como te vexo  
todo en coiriño collendo o fresco!  
Moito estimara darch'un bó leiteo,  
porque se pensas pasa-l-o inverno  
nese pesebre non leva xeito.

## Apontamentos sobre o Cancioneiro de Marcial Valladares

O objetivo da elaboração do cancionero valadariano era duplo: por um lado, está a vontade de conservar e ordenar o património musical popular galego. Para isso, o autor recolheu inúmeras melodias e letras para finalmente escolher as que considerou mais belas e representativas. O cancionero distribui as melodias em tipos. O primeiro tipo é o dos *alalás*, que contém desde melodias mais singelas e celulares até outras mais complexas, quase semelhantes a *cantinelas*. As cantinelas, mais numerosas e variadas, são cantigas geralmente

7 Segunda Valladares Núñez nasceu em 1830 (*Memorias de Familia* de Marcial Valladares, inédito; Ferreirós, 2018, 73) e morreu o 6 de fevereiro de 1910, segundo a notícia do *Diario de Galicia* (1910), p. 2 e esquela na p. 3. Luísa tinha nascido em 1827 e morreu o 20 de outubro de 1911 (Ferreirós, 2018, 541). Isabel Valladares Núñez (n. 1831) será a última em falecer, aos 89 anos, em 1921, segundo o jornal *El Compostelano* (1921). Estas mulheres herdaram o piano familiar que ainda se conserva hoje em Vilancosta.

compostas de duas frases musicais, divididas por sua vez em duas partes, a primeira de estrutura mais simples, a segunda, mais complexa com estribilho. Os *cantares do pandeiro*, Valladares considerou-nos dignos de tipo próprio e não quis misturá-los com as *cantinelas*. As *moinheiras* também foram colocadas à parte e em bom número, e as quatro melodias do ciclo do Natal vão ilustrando as quatro datas importantes desde o nascimento de Jesus Cristo até à vinda dos Reis Magos: a *Noite Boa*, o *Vilancico*, o *Ano Novo* e os cantares de *Reis*.

O outro objetivo do cancionero era introduzir essas melodias nos salões da música feita em família e tocada nos serões musicais habituais da época. Para isso Marcial Valladares compôs 26 acompanhamentos simples para piano todas elas. Somente três ficaram sem acompanhamento: A número XV, Cantinela 6, em castelhano que fala sobre o caminho de ferro, o Vilancico, número XXVIII, e a última, Os Reis, número XXIX ainda que em todas se deixou espaço e mesmo se traçaram as linhas dos pentagramas para escrever as duas mãos do piano. Podemos ver nesse facto um simples esquecimento, ou uma vontade explícita. Um outro repto do cancionero é o de responder às perguntas históricas feitas em chave romântica tendo em conta a perspectiva holística que vê o cancionero como uma coleção de canções a narrar uma história galega. Dentro da religiosidade dos Valladares, as cantigas ao Neno seriam a máxima expressão da nobreza popular, da sua singeleza, e um climax dentro da progressão estética elaborada desde a célula do Alalá inicial até a exaltação final dos Reis Magos.

As letras do cancionero, como as de todo o fundo musical dos Valladares, são quase todas de amor ou referentes às relações amorosas e as suas interações. Uma leitura delas em chave de coleção narrativa, ou de narração contada através das canções, admite uma interpretação novelada com alguma pincelada autobiográfica e, talvez, um desejo não explícito de mudar o próprio destino vital. Os temas das primeiras estrofes, que são as que figuram nas partituras são, por ordem: os amores primeiros, o rondar desses amores, as lutas entre namorados, as relações esporádicas consumadas ou desejadas, o estabelecimento dessas relações, a viagem através de uma cantiga em castelhano também em chave amorosa, a ironia da vida e do

desengano, a continuação das relações e dos trabalhos, o valor da fidelidade, e finalmente o matrimónio consolidado que tem um filho (Noite Boa), passa a uma nova vida (Ano Novo) e o final majestoso com três elementos que são os Reis Magos e uma família de três: pai, mãe e filho. Entre isto tudo, o autor ainda acha ocasião de fazer homenagens à emigração e ao ferrocarril, dois elementos fundamentais na sociedade galega do século XIX, e de evidenciar com traços morfológicos e sintáticos a progressiva deturpação da língua, pela que o erudito Marcial Valladares estava acreditadamente interessado e preocupado.

Seja como for, a adaptação aos salões das cantigas populares sem grandes elaborações temáticas nem estruturais respondia a uma vontade de manter as melodias próprias, ao tempo que o piano funcionava como chave de entrada em ambientes menos populares. A vontade socializadora do autor é clara. Perante umas classes médias viradas aos modelos não galegos das elites, ele tenta recuperar a beleza da Galiza que se acha instalada nas classes economicamente mais humildes. Confluem, portanto, em Marcial Valladares um conjunto de valores familiares, históricos, culturais, galeguistas e patrimoniais que foram os motores da sua atividade intelectual e se refletem na cuidada elaboração do seu cancionero.

### **As composições para guitarra de Avelina e Marcial Valladares.**

Por último, comentaremos as obras para guitarra da autoria dos membros da família Valladares. Sobre a peça intitulada *La Soledad. Dancita*, composta por Avelina Valladares (1825-1902) em data indeterminada mas possivelmente na segunda metade do século, dizer que é, até ao momento, a primeira obra documentada escrita por uma mulher galega para guitarra no século XIX. A peça foi publicada pela primeira vez em 2010, no cancionero *Ayes de mi país. O cancionero de Marcial Valladares* (Orjais e Rei-Samartim, 2010, 267). Desde a sua descoberta foi tocada em diversos cenários galegos e portugueses e, naturalmente, na apresentação do cancionero na Livraria Couceiro de Compostela (Orjais, 2010, 175).

A partitura está belamente apresentada e escrita em tinta verde com as linhas do pentagrama em cor cinza com um ligeiro tom encarnado. Adornada por um quadro que realça a partitura, a *Dancita* começa em Fá M com a segunda parte em Mi m e compasso de 2/4. Consta de duas frases de oito compassos, com repetições e com evocações arcaicas na harmonia conferidas pelo uso ao ar das cordas graves e, na primeira parte, pelo Si natural. Pelo feliz acabado da cópia, enquadrada e limpa, entendemos que era uma peça estimada pela família. As correções rítmicas que contém, e que atribuímos à própria autora, podem ser um exercício de diferentes possibilidades deixadas ao gosto do intérprete. Concretamente, trata-se da indicação de *terzina* sobre o grupo rítmico de duas *semi-colcheias* e *colcheia*, como se a autora indicasse que esse grupo deveria ser interpretado não estritamente com esse ritmo, mas quase como uma *terzina*. De ambiente bucólico, a obra lembra as jornadas de verão no calmo vale do Ulha, onde a autora imaginou, com certeza sobre o instrumento, uma harmonia cativante que se desenvolve primeiro no baixo em Fá, para depois mover-se mais livremente pelas cordas ao ar, provocando esse ambiente de eternidade temporal que evoca a solidão. A de *Avelina* pensamos que fosse uma solidão amável, procurada, consciente, pela qual ela pôde dedicar-se ao trabalho na Casa Grande e a ajudar socialmente às pessoas desfavorecidas. Esta obra é uma das joias deste trabalho e da música galega.

A peça para guitarra composta por Marcial Valladares (1821-1903) é uma deliciosa valsa em Lá m, compasso de 3/8, formada por quatro frases, A, B, C e D, de oito compassos cada uma com repetição, que provavelmente fossem interpretadas na estrutura ABCDA, fazendo um *Da Capo* sobreentendido, típico da época e da música conservada no Arquivo Valladares. A obra está também limpamente anotada num fólio à parte (112r) dentro da primeira numeração das Pastas Vermelhas provavelmente realizada por Laurentino Espinosa (1861-1936), filho de Luísa Valladares (1827-1911). A pulcritude e cuidado na cópia de todo tipo de textos eram características de Marcial Valladares em tudo quanto escrevia, que também se refletem nesta obra.



La Soledad. Dancita por Avelina Valladares. Segunda metade do s. XIX. Arquivo Valladares. Folhas Soltas.

Para finalizar, apresentamos uma relação da música assinada por membros da família Valladares a conter obras para guitarra, piano e instrumento melódico (violino ou flauta) e umas notas breves sobre a recuperação atual desta música:

Sergio: 1) *Coleccion de tocatas para flauta* [9r], 2) *Marcha para flauta* [40r].

Avelina: 1) *Dancita La Soledad* para guitarra, 2) *Melodia*, 3) *Valsa* e 4) *Mazurca a L. E.* [Laurentino Espinosa, sobrinho], as três para piano. Além disso há um rascunho de melodia assinado por A. V. Todas em folhas soltas.

Marcial: 1) *Valsa para guitarra* [112r], 2) *Schotisch-1* e 3) *Schotisch-2*, ambos os dois de 1853 [54v] para instrumento melódico, 4) três obras assinadas para piano dentro de um caderno azul com mais seis obras por outros autores (Orjais e Rei-Samartim, 2010, 21). No total fazem seis obras mais os 26 acompanhamentos às canções populares que Marcial Valladares integrou no seu cancionero. Além



Valsa para guitarra por Marcial Valladares. Segunda metade do s. XIX. Arquivo Valladares. Pastas Vermelhas, 112r.



Moinheira para guitarra. Primeira metade do s. XIX. Arquivo Valladares. Pastas Vermelhas, 66r.

disso há várias partituras para guitarra copiadas da sua mão, algumas delas assinadas como M. V. como a *Cancion de la ausencia* [111r] ou *Cancion a la Negra Nube* [112v]. E, em folha solta, um rigodão e uma mazurca com a legenda: “Á mis hermanas: como memoria q.<sup>e</sup> les deja su hermano”.

Quatro das canções do cancionero, os Alalás 1 e 2, a Cantinela 5 e a Outra Cantinela 5, foram arrançadas para voz e guitarra e interpretadas por Ugia Pedreira e Isabel Rei na tarde do 11 de julho de 2011 na Casa da Matança, em Padrão, antiga morada da família Castro-Murguia, dentro do evento comemorativo anual da poeta e música galega organizado pela *Fundación e Casa Museo Rosalia de Castro* (Rei-Samartim, 2011, 255).

Em 13 de outubro de 2012 realizou-se a primeira Valadarestiada do século XXI, na Sala da Música de Vilancosta, organizada no ciclo de música Espazos Sonoros, onde se explicou a importância do arquivo e se recuperaram várias obras para canto, violino, guitarra,



A segunda Valadarestiada aconteceu na tarde do 24 de novembro de 2015, no Paço de Tor, também dentro dos Espazos Sonoros organizados por Belén Bermejo. Várias obras novas de Sergio e Marcial Valladares e outras para guitarra de diversos fundos galegos e madeirenses foram arranjadas para machete, rajão, flauta e guitarra, e interpretadas por José Luís do Pico Orjais e Isabel Rei, junto com a gaita de Alonso Caxade e as canções na voz da cantora Helena de Alfonso.

## Referências

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X. M. (1952). *Escola de Poesia Galega*, 2 v. Vigo: Galaxia. Reedición de 2008.
- Boletín Musical*. (1917). El himno de Riego. Madrid: 16 de junho, 163-164. Recuperado de: <http://hemerotecadigital.bne.es/>.
- Diario de Galicia* (1910). Compostela: 8 de fevereiro, 2-3. Recuperado de: <https://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>.
- El Compostelano* (1921). Compostela: 30 de maio, 3. Recuperado de: <https://galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es>.
- FERNÁNDEZ SALGADO, X. A. (2002). *Marcial Valladares (1821-1903)*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega.
- FERREIRÓS ESPINOSA, C. (2018). *O legado dos Valladares de Vilancosta*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro.
- INZENGA CASTELLANOS, J. (2005). *Cantos e bailes da Galiza. Estudo e edición crítica de José Luís d. P. Orjais*. Ourense: Difusora de letras, artes e ideas.
- LUNA SANMARTÍN, X. (2000). *Ond'o sol facheaba ô amanecer: Vida e obra da cantora da Ulla Avelina Valladares Núñez*. A Estrada: Fouce.
- NÚÑEZ ROBRES, L. (1866). *La música del pueblo. Colección de cantos españoles*. Madrid: Calcografía de Echevarría. Recuperado de: <http://bdh-rd.bne.es>.
- ORJAIS, J. L. d. P. e REI-SAMARTIM, I. (2009). Música de la misa de S. Miguel de Sarandão (1861). *Etno-Folk. Revista galega de etnomusicoloxía*, 13, 9-27.
- ORJAIS, J. L. d. P. e REI-SAMARTIM, I. (2010). *Ayes de mi país. O cancionero de Marcial Valladares*. Baiona: Dos Acordes.
- ORJAIS, J. L. d. P. (2010). A “Suite rianjeira” de Isabel Rei Sanmartim”. *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, 6, 171-190. Recuperado de: <https://barbantia.es/www/cont/index.php/publicacions/>.
- REI-SAMARTIM, I. (2009). Notas sobre quatro peças para guitarra do Arquivo Valladares. *Boletim da Academia Galega da Língua Portuguesa*, 2, 191-200.
- REI-SAMARTIM, I. (2011). Um cancionero estradense. *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, 14, 251-260.

- SUÁREZ-PAJARES, J. (1995). Las generaciones guitarrísticas españolas del s. XIX. Em Casares, E. e Alonso, C. (Aut.) *La música española en el siglo XIX* (325-373). Oviedo: Universidad de Oviedo, Servicio de Publicaciones.
- VALLADARES NÚÑEZ, M. (inédito). *Memorias de Familia*. Exemplar do Museu Manuel Reimóndez Portela da Estrada.
- VALLADARES NÚÑEZ, M. (1970). *Cantigueiro Popular*. Corunha: Real Academia Galega.
- YATES, W. E. (2001). Biedermeier. Em Sadie, S. (Ed.), *The New Grove Dictionary of Music and Musicians* (2ª ed.). (Vol. 3, 557-559). New York: Oxford University Press.



# A Estrada nos séculos XIII-XVI.

## Fontes para o estudo da economía e a sociedade

Javier García Gómez

terrdefaro@hotmail.com


**Resumo.** Un dos principais retos, á hora de considerar calquera proposta de investigación histórica, é a posibilidade de atopar fontes orixinais, primarias, coas garantías de orixe, autoría e custodia debidamente acreditadas. Presentamos aquí unha recompilación de estratos documentais referidos ás distintas parroquias que conforman A Estrada entre os séculos XIII e XVI, como punto de partida para traballos de investigación sobre a economía e a sociedade no tramo final da Idade Media.

**Abstract.** One of the main challenges for any historical research proposal be considered is the possibility of finding original primary sources, with properly reliable guarantees of origin, authorship and custody. As a starting point for research work on the economy and society at the end of the Middle Ages, we present here a documentary compilation about the different parishes in A Estrada between the 13th and 16th centuries.

Como podemos deducir da propia exposición do título do traballo, aportamos unha serie de referencias documentais inscritas no marco cronolóxico comprendido entre os séculos XIII e XVI. Estes documentos abranguen algo máis de 300 anos, comezando por unha venda datada no ano 1226 durante o reinado de Alfonso IX, pasando polas derradeiras centurias da época medieval, ata rematar con outro contrato de igual natureza do ano 1546, xa en plena época Moderna baixo o reinado do herdeiro dos Reis Católicos, o monarca Carlos I.

Non é outro o obxectivo deste artigo que servir como fase preliminar, un punto de partida e, porque non, un condicionante, xa que a edición crítica de fontes, aínda que non constitúe unha investigación histórica de seu, representa un paso decisivo na elaboración e desenvolvemento dun marco teórico a partir da revisión documental, o que nos permitirá delimitar con precisión calquera obxectivo de estudo posterior.

Imos ver de seguido, mediante unha sinxela proposta metodolóxica baseada en criterios que garantan o rigor, autenticidade e



Documento máis antigo, escritura de venda datada de 1226. (PLA-04/014).

validez do proceso de investigación, diferentes aspectos da recompilación das fontes documentais primarias que nos ocupan, a súa clasificación e análise crítica, orixe e autoría, lugar e data de redación e a relación entre elas, así como a información que podemos extraer dos documentos que achegamos no corpus descriptivo.

A pesar da amplitude do marco cronolóxico (1226-1546), todos os documentos presentan certas características comúns, como un acoutamento xeográfico circunscrito ás parroquias do actual termo municipal da Estrada; a procedencia dun mesmo centro de arquivo e unha mesma afinidade temática e, aínda que se inclúe algún texto normativo de carácter xudicial público, en gran medida son escrituras notariais de natureza privada, *chartae pagenses*<sup>1</sup>.

1 MARÍN MARTÍNEZ, T. *Paleografía y Diplomática*. 2. UNED. Madrid, 2011. pág. 163. A clasificación como documento de carácter privado, ou *chartae pagenses*, baséase na categoría xurídica da persoa ou institución da que procede o documento e transcribe a acción ou feito xurídico que nel se contén, neste caso, asuntos de dereito privado e particular escritos por un notario ou escribán, dos que se derivan os correspondentes dereitos e obrigacións.

Os 38 documentos referidos forman parte dos arquivos da Fundación Penzol de Vigo, catalogados nun fondo especial composto por 287 unidades, en pergameo e papel, baixo o título de *Colección B de documentos soltos*<sup>2</sup>. Todos os documentos que se relacionan, pódense consultar mediante acceso directo on-line na Biblioteca Dixital de Galicia, *Galiciana*, ofrecendo a súa dixitalización, códigos de referencia, procedencia e outros datos de interese<sup>3</sup>.



Pintura relixiosa románica en San Miguel de Moreira.


Atendendo á súa natureza, as materias presentes nos documentos referidos ós lugares da Estrada, corresponden con escrituras de venda ou arrendamentos, tomas de posesión, declaracións testimoniais, convenios, cartas de aforamento, cartas de pago, acordos, testamentos, sentencias arbitrais e concordias. Consignamos, pois, por orde cronolóxica, os extractos documentais e a súa signatura de referencia.

**Documento 1.** Signatura PLA-04/014.

1226, setembro, 12. Escritura de venda que Diego Díaz e Xoán Díaz fan a favor de Marina Pérez de Somoza, da herdade que teñen na vila de Silva e na freguesía de Santa María de Nigoi, por trece soldos

2 FUNDACIÓN PENZOL. Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2. 36202 Vigo. Os documentos pertencentes á *Colección B de documentos soltos*, atópanse rexistrados coas signaturas comprendidas entre a PLA-04/001 e a PLA-04/287.

3 GALICIANA. Biblioteca Dixital de Galicia. Secretaría Xeral de Cultura. Xunta de Galicia. Os recursos dixitalizados pertencentes á Fundación Penzol, atópanse baixo o epígrafe xenérico ES.GA.36057.AFP <http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/busqueda.cmd>



Cruz medieval de Santa María de Frades.

leoneses. Fernando Eanes, notario público xurado de Compostela e Martín Eanes, escribán.

**Doc. 2. Sign.** PLA-04/015.

1227, xullo, 26. Escritura de venda que o cabaleiro Xoán Eanes fai a Fernán Paio, de todas as herdades que posúe en Vilar das Donas, na freguesía de Santa Cristina de Veá, por sesenta soldos leoneses. Bernardo Eanes, notario público da cidade de Compostela e Pedro Pérez, escribán.

**Doc. 3. Sign.** PLA-04/019.

1235, maio, 6. Escritura de venda que Maior Alfonso e o seu marido Domingo Eanes fan a favor do mercader da rúa do Vilar, Pedro Arias, de toda a herdade que teñen nos lugares de Distriz, Barro e en toda a freguesía de San Miguel de Cora, por dezasete libras leonesas. Martín Eanes, notario da cidade de Compostela e Xoán Fernández, escribán.

**Doc. 4. Sign.** PLA-04/046.

1277, maio, 30. Escritura de venda que María Eanes de Viso fai a Domingo Pérez e Dominga Pérez, da metade das herdades que posúen na vila de Quintas, na freguesía de San Xurxo de Cereixo, e que levaba María Fernández de Quintas, por cincuenta soldos alfonsíes. Domingo Pérez, notario xurado de Compostela e Xoán Núñez, escribán.


**Doc. 5. Sign.** PLA-04/063.

1292, marzo, 29. Escritura de venda que Fernando Pérez de Picaes fai da metade dunha herdade que posúe no lugar de Fragoso, na freguesía de Santa Cristina de Vinseiro, a Gonzalo Pérez de Silva; e a outra metade a Gonzalo Rodrigo de Vinseiro, por catrocentos soldos

alfonsíes. Pedro Nuño, notario de Caldas de Cuntis e de Moraña.

**Doc. 6. Sign.** PLA-04/123.

1347, xuño, 12. Declaración de testemuño dado a petición de García Pérez, en nome do mosteiro de Santa Clara de Santiago de Compostela, sobre a declaración feita polos irmáns Pedro Pérez e Xoán Pérez, sobre a pertenza dunha parte da vila de Riba de Ve a ao citado mosteiro, por mandado do clérigo Alfonso Pérez. Álvaro Eanes, notario xurado de Santiago e Alfonso Fernández, escribían.



Signos notariáis en documentos de 1226, 1227 e 1277.

**Doc. 7. Sign.** PLA-04/116.

1350, xaneiro, 6. Escritura de venda que Rui Fernández, morador na vila de Freixo, freguesía de San Miguel de Cora, fai ó matrimonio de Alfonso Rodríguez e a súa muller María González da metade dunha quinta parte do casal de Viñó, pertencente ás freguesías de Santo André de Illobre e Santa María de Bamonde, pola cantidade de once libras pequenas do rei don Alfonso. Pedro Afonso, notario público da cidade de Santiago e Rodrigo Afonso, escribían.

**Doc. 8. Sign.** PLA-04/156.

1393, xuño. Carta de foro do mosteiro de Santa María de Acibeiro a favor de Pedro Eanes e Sancha Fernández, con veciñanza na cidade de Santiago, do casal de Gomor, na freguesía de Santa Mariña de Agar; os casares e herdades de Figueiredo e do Outeiro, en San Pedro de Sarandón, e o lugar de Ramil, pertencente ás freguesías de Santa María de Lestedo e San Fins de Sales, todos por un tempo de vintenove anos e unha renda anual de 6 marabedís e unha oitava de pan pola medida de Toledo.

**Doc. 9. Sign.** PLA-04/158.

1394, febreiro, 9. Convenio entre o prior e mosteiro de San Xoán da Cova con Xoán da Ulla, polo que o segundo levará por toda a

súa vida o dezmo das viñas que posúe, o dezmo da viña de Fernán André, o dezmo da de Lourenzo Ferreiro da Veiga e o dezmo dos porcos, gando e castañas verdes e secas que lle corresponden pola súa casa. Tralo falecemento de Xoán da Ulla, o mosteiro levará todas as herdades que posúe en Vilancosta, freguesía de San Vicenzo de Berres, debendo pagar ós seus herdeiros unha carga anual de viño do Ulla, así como a metade do lugar de Casal da Serra mentres viva, quedando a outra metade para el e os seus herdeiros. Xoán Millares, notario da freguesía de Aguións e outras herdades en Vilancosta, e notario público xurado da terra de Tabeirós e de Ribadulla.

**Doc. 10. Sign.** PLA-04/164.

1412, outubro, 9. Sentenza arbitral e de concordia dada por Xoán Fanado, morador en Santa María de Paradela, e Domingo Vello, morador en Trasmonte, como homes bos e árbitros, na contenda mantida entre Sancha Rodríguez e Maior Pérez, sobre dez castiñeiros sitios na freguesía de Santa María de Barbude, dispoñendo que a primeira deixe libre a metade dos mesmos á segunda. Alfonso Vallo, notario público da terra de Tabeirós e de Ribadulla.

**Doc. 11. Sign.** PLA-04/168.

1418, outubro, 11. Dúas escrituras de venda no lugar de Gondomar, freguesía de San Xiao de Veá. Primeira: Gómez Núñez, veciño de Gondomar na freguesía de San Xiao de Veá, vende a Lourenzo de Gondomar e a María Eanes, súa muller e veciños do mesmo lugar, a leira chamada Altamira, do tallo ou herdade da Pena, xunto con outra herdade que chaman de Parada, no lugar de Gondomar, por cento dez morabedís de moeda vella. Segunda: Gómez Núñez vende a Lourenzo de Gondomar e a Xoán de Calvelo, veciño de Santo André de Veá, cadanseu por metade, once castiñeiros sitios no lugar de Gondomar. Gómez García, notario público xurado de Santiago.

**Doc. 12. Sign.** PLA-04/171.

1432, maio, 6 e 7. Dúas escrituras de venda e posterior toma de posesión de varias propiedades, sitas nas freguesías de Santa Baía de Matalobos e San Xiao de Veá. Primeira: En data 6 de maio, Dominga de Salmonte, veciña de Santiago de Compostela e viúva de García Martínez, vende a Lourenzo Afonso e á súa muller María Afonso,

moradores de Santa Baia de Matalobos, todas as herdades que posúe, a montes e a fontes, nas freguesías de Santa Baia de Matalobos e San Xiao de Veá. Fernán Pérez, notario público xurado pola autoridade apostólica da terra de Tabeirós e Ribadulla. Segunda: En data 7 de maio, Lourenzo Afonso toma posesión das herdades compradas a Dominga de Salmonte nas freguesías de Santa Baia de Matalobos e San Xiao de Veá. Xoán Domínguez de Armao, clérigo do arcebispado de Santiago, notario público pola autoridade apostólica.

**Doc. 13. Sign.** PLA-04/174.

1437, abril, 27. Escritura de venda que o escudeiro Gómez Núñez fai a Lourenzo de Gondomar de toda a herdade que posúe, a montes e a fontes, na voz que chaman Valino, na vila de Gondomar, freguesía de San Xiao de Veá, ademais da metade de dúas nogueiras sitas no casal de Valino, por cento vinte maravedís. Fernán Pérez, notario público xurado da terra de Tabeirós e Ribadulla.

**Doc. 14. Sign.** PLA-04/192.

1493. Carta de foro. Alfonso Rodríguez de Rioboo, en nome do conde de Altamira, afora a Pedro Rodríguez e a súa muller María, o lugar da Estrada, na freguesía de San Lourenzo de Ouzande, por unha renda anual de un real de prata. Diego Rodríguez, notario.

**Doc. 15. Sign.** PLA-04/193.

1494, agosto, 10. Manda testamentaria de Roi da Fonte, veciño do lugar de Gondomar na freguesía de San Xiao de Veá, donde lega unha cantidade de diñeiro para mercar un cáliz, pintar un crucifixo, diversas obras pías e construír un altar para a igrexa da súa parroquia. Deixa nomeado como herdeiro universal ó seu sobriño Xoán de Guendos, nomea como albaceas a dito sobriño e a Gonzalo de Matalobos, e lega as propiedades pertencentes a súa nai ós parentes máis cercanos a ela. Francisco Sánchez, notario e Francisco González, escribán.

**Doc. 16. Sign.** PLA-04/199.

1499, novembro, 7. Escritura de venda que o matrimonio formado por Pedro Rodríguez e Maior do Pedregal, veciños de San Lourenzo



Pergameo co testamento de Roi da Fonte en San Xio de Veá, 1494. (PLA-04/193).

de Ouzande, fan a favor de Xoán Rodríguez de Casdorrazos e a súa muller Urraca Pose, moradores de Santa María de Aguións, da casa da estrada que posúen á veira do camiño francés, con todas as súas herdades e devesas na dita freguesía de Ouzande, por tres mil cen pares de brancas. Fernán Bieites, notario público xurado pola autoridade apostólica e escusador de Alonso López Galos, notario da terra de Tabeirós e Ribadulla.


**Doc. 17. Sign.** PLA-04/208.

1501, novembro, 2. Escritura de venda que Pedro Rodríguez, veciño de San Lourenzo de Ouzande, fai a favor de Xoán Rodríguez de Casdorrazos, veciño do Preguecido en Santa María de Aguións, de todas as herdades a montes e a fontes, casas e casares que posúe nas terras de Veá e de Tabeirós, por mil marabedís. Martín González, notario público xurado pola autoridade apostólica.

**Doc. 18. Sign.** PLA-04/205.

1503, setembro, 15. Escritura de venda que María, filla de Pedro Vigín e muller de Martín de Saiar, fai a favor de Xoán de Guendos, veciño de Santa Baía de Matalobos, da parte que posúe nas casas e herdades do lugar de Moldes, freguesía de Matalobos; ademais da parte que posúe dunha viña en Gondomar, freguesía de San Xio de Veá, todo por un prezo de dezaioito reais de prata novos. Rui Boton, notario público xurado pola autoridade apostólica na vila de Caldas de Reis e na terra de Salnés.

Sinatura autógrafa  
do notario de  
Ribadulla e  
Tabeirós, Álvaro  
López Galos, 1506.  
(PLA-04/213).



**Doc. 19. Sign.** PLA-04/206.

1504, agosto, 19. Carta de foro que o labrador Rodrigo de Rosallo, veciño de San Xiao de Veá, fai a favor de Álvaro de Rosallo, da mesma veciñanza, de todas as propiedades a monte e a fontes que posúe na aldea de Rosallo, en San Xurxo de Veá, para el e as súas voces por unha renda anual de un real de vinte marabedís vellos e catro diñeiros. Lopo Arias de Liz, clérigo da diocese de Lugo, notario público xurado pola autoridade apostólica.

**Doc. 20. Sign.** PLA-04/203.

1505, maio, 13. Escritura de venda que Rui de Trasariz, veciño da freguesía de Santo André de Veá, fai a favor de Alfonso de Piñeiro e María Martínez, veciños de San Miguel de Cora, dun terreo no lugar de Vera, en Santo André de Veá, por un prezo de seis mil marabedís. Gómez Fernández de San Xurxo, notario escusador da terra de Tabeirós e Ribadulla.

**Doc. 21. Sign.** PLA-04/213.

1506, xaneiro, 4. Carta de pago que os fillos de Xoán Rodríguez de Casdorrazos e Tareixa Rodríguez de Preguecido, chamados Alfonso Rodríguez, Rodrigo Fernández de Preguecido, Xacome Rodríguez e María Rodríguez do Feal, dan a Xoán Rodríguez de Casdorrazos, seu irmán e curador, polas contas que presentou dos bens que lles administrou a todos eles, mentres foron menores, tras o falecemento dos seus pais. Pedro de Figueroa, notario público xurado pola autoridade apostólica; escusador de número en terra de Ribadulla e Tabeirós polo notario da Santa Igrexa de Santiago Álvaro López Galos.

**Doc. 22. Sign.** PLA-04/214.

1506, outubro, 8. Declaración testimonial xurada dada por Rodrigo de Trasarís, Alfonso de la Iglesia e Xoán de Deza a petición de Gómez Sueiro e Sueiro de Arcos, todos veciños de San Breixo de Arcos ante o notario Pedro de Figueroa, sobre os bens e demarcacións que os segundos posúen no lugar de Trasarís, freguesía de Santo André de Veá, en virtude de carta de excomuñón dada pola xustiza do arcebispo de Santiago. Pedro de Figueroa, notario público xurado pola autoridade apostólica.

**Doc. 23. Sign.** PLA-04/216.

1508, novembro, 6. Escritura de venda que o matrimonio de Maior Caldelán e Lourenzo Caldelán, fan a favor de Xoán de Guendos e Tareixa de Guendos, veciños de santa Baía de Matalobos, de todas as casas e herdades que posúen no lugar de Guendos a montes e a fontes, da dita freguesía. Pedro de Figueroa, notario público xurado pola autoridade apostólica; escusador de Afonso López Galos, notario de número na terra de Tabeirós e Ribadulla.

**Doc. 24. Sign.** PLA-04/273.

1509, xaneiro, 15. Escritura de venda que María Lourenza, veciña do couto de Codeseda, fai a favor do escudeiro Xoán Rodríguez de Casal de Reiros, veciño de Santa María de Aguións, de todos os bens mobles e semoventes que lle pertencían da herdanza de súa curmá Dominga Lourenza, falecida *ab intestato*.

**Doc. 25. Sign.** PLA-04/219.

1514, maio, 14. Sentenza arbitral de concordia dada polo xuíz árbitro Ares Pardo das Mariñas xunto con Diego de Piñeiro, peritos, a petición do escudeiro Xoán Rodríguez de Casalderrazos e Alonso Louzao, sobre a herdanza de Dominga Lourenza, filla de Lourenzo da Nogueira e súa muller Sancha Lourenzo, pola que había discordia entre os peticionarios. A sentenza é favorable ó escudeiro Xoán Rodríguez. Contén dous anexos. Primerio, dado en Santiago de Compostela o 13 de agosto de 1524 polo xuíz da audiencia da Quintana, o bachaler Alonso de Oviedo, mandando que todas as xustizas cumplan e garden a sentenza do 14 de maio de 1514. Segundo, dado nos



Documento que contém varios contratos de venda no lugar de Preguecido, Santa María de Aguións. Mistura de letra gótica tardía e procesal. 1515-1530. (PLA-04/221).

Cebados, freguesía de Santa María de Aguións, o 18 de febreiro de 1526 ante o escribán Roi Fernández, sobre a toma de posesión dos bens que pertenceran a Sancha e Dominga Lourenza, a quinta parte do lugar dos Cebados, polo cóengo Gómez.

**Doc. 26. Sign.** PLA-04/221.

1515-1530. Tres contratos de venda de diversos bens no lugar de Preguecido, na freguesía de Santa María de Aguións.

1515, marzo, 7. En San Paio de Figueroa, escritura de venda que os irmáns Xoán e Gonzalo da Hermida, veciños de Santo Estevo de Lagartóns, fan a favor de Fernando e Pedro Carbón, veciños de Santa María de Aguións; por metade, da parte dos bens que lles correspondían por representación de seus avós, das casas e herdades do lugar de Preguecido, por dous ducados de ouro.

1530, maio, 9. Escritura de venda que o matrimonio de Gómez de Albela e a súa muller María Carbón, veciños de Santa María de Aguións, ademáis de Gabriel Carbón en nome de seus irmáns como herdeiro universal de Pedro Carbón; fan a favor de Gómez Rodríguez, cóengo da Igrexa de Santiago, da parte que posuían Fernando e Pedro Carbón no lugar de Preguecido contidos na anterior escritura, por dous ducados de ouro.

1530, maio, 9. Escritura no lugar de Preguecido, pola que María Carbón outorga o seu consentimento á venda anterior. Roi Fernández, escribán público pola autoridade apostólica e lugartenente de

notario en terra de Vea e a súa xurisdición; Álvaro López Galos, notario ordinario da citada terra.

**Doc. 27. Sign.** PLA-04/223.

1516, agosto, 22. Escritura de venda que Alonso do Souto, veciño de San Pedro de Parada, fai a favor do seu fillo Xoán do Souto e súa muller Tareixa do Souto, veciños de Aguións, da herdanza da súa nai Inés do Souto consistente na parte que posúe nas casas e herdades, a montes e a fontes, no lugar de Vilagrande en Santa María de Aguións, xurisdición de Vea, por un valor de trinta e seis reais de prata e catro pares de brancas. Roi Fernández, notario da xurisdición de Vea.

**Doc. 28. Sign.** PLA-04/225.

1520, febreiro, 3. Escritura de foro de Roi Bodías, veciño de San Xurxo de Vea, outorgando en censo a perpetuidade a Gonzalo e Catalina Ferreiro, o lugar de Vixín de Baixo e o casal de Rabeáns dos Cabaleiros en San Xiao de Vea, por unha renda anual de catro celemins de pan, medio millo e medio centeo, contados pola medida da vila de Pontevedra. Roi Fernández, notario público na terra de Vea e a súa xurisdición.

**Doc. 29. Sign.** PLA-04/229.

1524, xaneiro, 23. Escritura de venda que o notario Alberte Fernández, veciño de San Miguel de Moreira, fai a favor de Urraca Ares en nome do seu fillo Gómez Rodríguez, cóengo da Igrexa de Santiago, dunha leira sita na veiga do Castro en Preguecido, freguesía de Santa María de Aguións, que lle dera o notario Roi Fernández como pago dunha débeda pola escribanía da terra de Vea, nun prezo de corenta e seis reais. Gregorio de Piñeiro, escribán.

**Doc. 30. Sign.** PLA-04/232.

1525, xaneiro, 9. Escritura de venda que Tareixa Pérez fai a favor de Roi da Arca, do lugar do Outeiro en San Martiño de Callobre, e posterior toma de posesión. Alberte Fernández, tenente de notario público en terra de Tabeirós e Vea; Alonso López Gallo, notario ordinario e arzobispo da Santa Igrexa de Santiago.





Escritura de venda en Santa María de Aguións, 1216. Pergameo con letra gótica documental misturada con procesal. (PLA-04/259).

Doc. 31. Sign. PLA-04/238.

1528-1529. Dúas escrituras nas que Gómez Rodríguez de Rioboo, cóengo da Igrexa de Santiago, compra e toma posesión dunhas casas e herdades en Santa María de Aguións.

1528, xuño, 28. Escritura de venda que Xoán do Souto, veciño de Santa María de Aguións, fai a favor de Gómez Rodríguez de Rioboo, de todos os bens raíces, casas e herdades que ten na dita freguesía que rendan a perpetuidade seis celemins de pan pola medida de Pontevedra, que lle corresponderan polo seu pai Alonso do Souto, todo por seis ducados de ouro. En Santiago de Compostela, ante



Sinatura de Pedro Lorenzo de Ben, notario escribán do Cabido de Santiago, nunha escritura de venda de 1528. (PLA-04/238).

Pedro Lorenzo de Ben, escribán de número do Ilustrísimo Cabido da cidade de Santiago.

1529, abril, 22. Escritura de toma posesión por parte de Fernán Benito Gómez Rodríguez, dos bens adquiridos a Xoán do Souto en Aguións, o 28 de xuño de 1528. En Aldea Grande, Santa María de Aguións, ante o notario Xoán González de Figueroa.

**Doc. 32. Sign.** PLA-04/239.

1529, febreiro, 17. Escritura de toma de posesión por parte do cóengo da Igrexa de Santiago, Gómez Rodríguez, dos bens que Xoán do Souto lle vendera no lugar de Aguións. Álvaro López, lugartenente de meiriño na terra de Veá; Roi Fernández, notario.

**Doc. 33. Sign.** PLA-04/240.

1529, marzo, 11. Escritura de venda que o notario Alberte Fernández, veciño de San Miguel de Moreira, fai a favor de Gómez Rodríguez, cóengo da Igrexa de Santiago, de todas as casas e herdades que posúe, a montes e a fontes, no lugar de Outeiro da dita freguesía, por un ducado e medio de ouro. Pedro Lourenzo de Ben, escribán, notario do Cabido da cidade de Santiago.


**Doc. 34. Sign.** PLA-04/241.

1529, xuño, 2. Escritura de venda que Fernando da Hermida, veciño de San Martiño de Calobre, fai a favor do cóengo da Igrexa de Santiago, Gómez Rodríguez, de todas as propiedades que posúe na aldea de Cebados, freguesía de Santa María de Aguións, polas que lle paga en renda Xoán Mancebo 40 celemíns de pan e dous pares de



Pergameo con escritura de venda en San Miguel de Moreira, 1529. (PLA-04/240).

capóns cada ano, todo por trinta ducados de ouro. Contén o condicionante da obrigatoriedade de pagar unha renda ou pensión anual de dous celemeíns de pan á freguesía de Santa María de Aguiões, e tres toledáns anuais de pan a favor da filla de Gregorio da Vila, a perpetuidade. Pedro Lourenzo de Ben, escribán e notario público xurado pola autoridade Apostólica, e un dos catro de número da cidade e Cabido de Santiago.



Escritura de venda en Santa María de Aguións. Letra cortesá, 1529. (PLA-04/241).

Doc. 35. Sign. PLA-04/242.

1529, xuño, 19. Escritura de venda que Xácome Rodríguez, veciño de San Miguel de Moreira, fai a favor do cóengo Gómez Rodríguez de todas as herdades que posúe, a montes e a fontes, no lugar do Preguecido, freguesía de Santa María de Aguións; as do lugar de Vilagude, en San Miguel de Moreira, e todos os demás bens que posúe en terra de Taberios, excepto os de Vilafuxil e Moreira Vella, en San Miguel de Moreira, e o de San Vicenzo de Berres, todo por



Pergameo con escritura de venda de varios bens en diferentes parroquias, 1529. Mistura letra gótica documental e cortesá. (PLA-04/242).

tres ducados de ouro. Alberte Fernández, escribán público da xurisdición de Tabeirós e Veá; Fructuoso Gallos, notario e arzobispo pola Santa Igrexa de Santiago.

Doc. 36. Sign. PLA-04/244.

1531, agosto, 24. Escritura de venda que Sancha de Carvea, veciña de Santa Cristina de Veá, en nome propio e de súas irmás María de Sorbías e Inés de Loseiras, fai a favor do matrimonio de Fernán de



**Doc. 37. Sign.** PLA-04/255.

1540, decembro, 9. Escritura de venda que Leonor Rodríguez, co consentimento do seu marido Tristán Patiño, veciños de Santa María de Aguións, fai a favor do cóengo Gómez Rodríguez dunha casa e herdades que posúe no lugar de Vilafruxil, ademáis da parte que posúe na freguesía de San Miguel de Moreira, e da parte que ten na aldea de Trasmonte, en San Martiño de Barbude, todo por catorce ducados de ouro. Xoán Mosqueira, escribán público de número da cidade de Santiago, escusador de Pedro Lourenzo de Ben.

**Doc. 38. Sign.** PLA-04/259.

1546, xuño, 24. Escritura de venda que Fernando de Dorelle, veciño de San Xiao de Veá, en nome propio e de seus irmáns Ambrosio e Gregorio de Vilariño, fai a favor do cóengo Gómez Rodríguez dun tercio de todas as herdades que posúen no lugar de Valcárceles, en San Xurxo de Veá, así como unha pesqueira no río Ulla, todo por cinco ducados. Alonso de Muradelo, escribán da Súa Maxestade, de número e concello da cidade de Santiago, escusando ó notario Lope de Losada.

Unha sinxela análise formal de descrición física dos soportes documentais, amosa como materia ordinaria predominante na que se tratan os signos gráficos, o pergameo. Este material, manufacturado a partir das peles de determinados animais, maceradas, raspadas e pulidas, está presente na maior parte dos documentos. A utilización do papel como sustituto do pergameo, máis económico aínda que de peor calidade, aparece únicamente en catro documentos, de 1418, 1509, 1525 e 1546.




A amplitude cronolóxica destes manuscritos orixinais corre paralela ó desenrolo da escritura latina durante a Idade Media. A letra carolina, de ampla difusión ata comezos do século XIII, só aparece nun documento de 1235. A secularización das manifestacións culturais vai impoñer a letra gótica, aparecendo desde os primeiros documentos ata o ano 1350, aínda que atopamos variantes como a gótica cursiva en 1503, a gótica tardía en 1515, a gótica documental en 1524 e 1529, ou a gótica semicursiva en 1540. Derivada da ante-

rior, aparecen exemplos de letra precortesá en 1393, 1394 e 1412. A letra cortesá vaise impondo desde 1418, alternando coa procesal, que desde comezos do século XV vai ser utilizada por notarios e escribáns de oficio. A reforma caligráfica imposta pola Casa de Austria supuxo a introdución da letra humanística, da que temos tres exemplos en 1528, 1531 e 1540. As linguas de expresión utilizadas son o latín, o galego e o castelán, algunhas das veces misturadas nun mesmo documento.

O tratamento documental sobre estas fontes primarias, facilita a súa recuperación e consulta, ofrecendo así as primeiras noticias sobre a existencia do documento orixinal e, por elo, a súa obtención e incorporación ó proceso posterior de análise da información. A gran riqueza e variedade que podemos extraer destas fontes, queda xa evidenciada nun primeiro achegamento ós documentos. Podemos así analizar numerosos datos e aspectos de contido social, administrativos, culturais, xudiciais, eclesiáticos, sobre a economía de base agrícola, ou mesmamente unhas pesqueiras no río Ulla; referidos non só ás parroquias estradenses, senón ampliable ás terras circundantes de Tabeirós-Terra de Montes, Deza ou mesmo Santiago, coas súas propias e concretas particularidades xeográficas.

Desde comezos do século XIII, coincidindo plenamente coa nosa relación documental, xurde a figura dos escribáns e notarios que representan unha auténtica institución pública, relacionada directamente coa documentación privada, apuntando legalidade para comunicar ó documento fe e autoridade propias, mantendo así o seu valor no tempo. A maioría dos estratos documentais que achegamos, amosan a suscripción ou sinatura autógrafa do autor, moitas veces trazados cos correspondentes signos de gran vistosidade, propios e particulares de cada notario e escribán. Os notarios e escribáns dos documentos anteriores, asinan como oficiais de Santiago de Compostela, Caldas de Cuntis, Moraña, Caldas de Reis ou Lugo, aínda que predominan os das xurisdicións de Tabeirós, Ribadulla e Veá.


Ó tratarse de documentos de carácter privado e vinculante, son varias as formas de pago que se van relacionando nos catro séculos que abranguen os escritos. As cartas de vendas, contratos de foros, arrendamentos ou mandas testamentarias, van referindo unha orde



Signos de escribáns e notarios de 1292, 1412 e 1432.

de diferentes moedas, como o soldo leonés, a libra leonesa, o soldo alfonsí, a libra pequena do rei don Alfonso, o marabedí, o marabedí de moeda vella, o real de prata, a branca, o real de prata novo, o diñeiro, o ducado, o real e o ducado de ouro. Outros pagamentos fanse en especie, mediante medidas de tipo tradicional propias desta contorna xeográfica, como os toledáns de pan, a carga anual de viño do Ulla, o celemín de pan, millo ou centeo, ou os pares de capóns.

A onomástica e a toponimia que amosan os documentos, poden resultar de grande interese para traballos de investigación de carácter poboacional ou xeográfico, proporcionando unha evolución das



Capitel románico de San Miguel de Moreira.

diferentes grafías no transcorrer dos séculos que conforman o final da Idade Media cara ós comezos da Moderna, tanto para os nomes de individuos como para os dos lugares, casais, aldeas, camiños, parroquias ou comarcas. Deste xeito, atopamos o topónimo *A Estrada* nunha carta de foro de 1493 (PLA-04/192). Achegamos un índice toponímico cos nomes que aparecen relacionados nos diferentes escritos do corpus documental.

- A Estrada. 14  
 Agar, Santa Mariña. 8  
 Aguións, Santa María. 9, 16, 17, 24, 25,  
 26, 27, 29, 31, 32, 34, 35, 37  
 Aldea Grande. 31  
 Altamira. 11  
 Arcos, San Breixo. 22  
 Bamonde. 7  
 Barbude, San Martiño. 37  
 Barbude, Santa María. 10  
 Barro. 3  
 Berres, San Vicenzo. 9, 35  
 Callobre, San Martiño. 30, 34  
 Camiño francés. 16  
 Casal da Serra. 9  
 Casal de Reiros. 24  
 Casalderrazos. 25  
 Casdorrazos. 16, 21  
 Cebados. 25, 34  
 Cereixo, San Xurxo. 4  
 Codeseda, couto. 24  
 Cora, San Miguel. 3, 7, 20  
 Distriz. 3  
 Figueiredo. 8  
 Figueroa, San Paio. 26  
 Fragoso. 5  
 Freixo. 7  
 Gomor. 8  
 Gondomar. 11, 13, 15, 18  
 Guendos. 23  
 Illobre, Santo André. 7  
 Lagartóns, Santo Estevo. 26  
 Lestedo, Santa María. 8  
 Matalobos, Santa Baia. 12, 18, 22  
 Moldes. 18  
 Moreira, San Miguel. 29, 33, 35, 37  
 Nigoí, Santa María. 1  
 Outeiro. 8, 30, 33  
 Ouzande, San Lourenzo. 14, 16, 17  
 Parada. 11  
 Parada, San Pedro. 27  
 Paradela, Santa María. 10  
 Preguecido. 17, 21, 26, 29, 35  
 Quintas. 4  
 Rabeáns dos Cabaleiros. 28, 36  
 Ramil. 8  
 Riba de Veá. 6  
 Rosallo. 19  
 Salnes, San Fins. 8  
 Sarandón, San Pedro. 8  
 Silva. 1  
 Tabeirós. 9, 10, 12, 13, 16, 17, 20, 21,  
 23, 30, 35, 36  
 Trasarís. 22  
 Trasmonte. 10, 37  
 Valcárceles. 38  
 Valino. 13  
 Veá, San Xiao. 11, 12, 13, 15, 18, 19,  
 28, 36, 38  
 Veá, San Xurxo. 19, 28, 38  
 Veá, Santa Cristina. 2, 36  
 Veá, Santo André. 11, 20, 22  
 Veá, xurisdición. 17, 26, 27, 28, 29, 32  
 Veiga do Castro. 29  
 Vera. 20  
 Vilafruxil. 35, 37  
 Vilagrande. 27  
 Vilagude. 35  
 Vilancosta. 9  
 Vilar das Donas. 2  
 Vinseiro, Santa Cristina. 5  
 Viñó. 7  
 Vixín. 36  
 Vixín de Baixo. 28

## Bibliografía

- FUNDACIÓN PENZOL. [#/](http://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal)
- GALICIANA. <http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/busqueda.cmd>
- MARÍN MARTÍNEZ, T. *Paleografía y Diplomática 2*. UNED. Madrid, 2011.
- PEREX AGORRETA, M. J. *Métodos y Técnicas de Investigación Histórica I*. UNED. Madrid, 2012.
- DONADO VARA, J., BAQUERO GOÑI, C. e ECHEVARRÍA ARSUAGA, A. *Historia Medieval II (siglos XIII-XV)*. E. U. Ramón Areces. Madrid, 2014.



# Concelleiros na guerra civil 1936-1939\*

Gisèle Maïssa Rodrigo  
gmaissar@gmail.com

**Resumo.** Este artigo ofrece unha visión da vida municipal no Concello da Estrada na dura etapa da Guerra Civil Española, seguindo os libros de actas do concello pleno e das comisións municipais das que temos constancia. É un recordo das persoas que foron nomeadas nesa etapa; homes que, na súa inmensa maioría, se esforzaron en facer que o Concello da Estrada funcionase, e que a vida dos estradenses, durante os anos da guerra (1936-1939), puidese transcorrer o mellor posible.

**Abstract.** This article presents a view of local life in A Estrada city council during the hard time of the Spanish Civil War, according to the minute books of the full city council and municipal committees of which we have proof. It is a memory of people who were appointed in that period; most of men who strove to make A Estrada city council work and locals have the best life possible during the war (1936-1939).

## Introdución

Non podemos, en ningún caso, situarnos nesa etapa da nosa historia coa visión da sociedade e da política que temos agora, en 2018. Temos que facer un gran esforzo para sermos capaces de entender o que ocorría no noso Concello pero coas circunstancias do momento. Hai que incrustar os distintos concellos nos seus momentos, nas súas épocas, sen esquecer que o que existiu tivo a súa importancia nesa época. Os concelleiros e o Alcalde da Estrada foron homes nomeados para exercer un traballo concreto e que o fixeron, na súa inmensa maioría, o mellor que souberon e puideron.

Tampouco podemos esquecer que os concelleiros acudían ao Concello cando era necesario pero seguramente iso lles representaba unha carga importante, pois o desprazamento á vila para aqueles

\* NOTAS E AGRADECIMENTOS: traballo escrito en galego, con respecto escrupuloso a todos os escritos redactados en castelán polos seus autores. Ofrécese un resumo das actas das sesións plenarias e das comisións municipais do Concello da Estrada neses anos. A foto do Concello procede do Fondo fotográfico do Museo Reimóndez Portela. Agradecemos á Coordinadora do Arquivo do Concello da Estrada as facilidades e axudas ofrecidas ao longo das consultas aos libros de actas.

que vivían no rural non debía ser doado e ademais moitas veces debían estar no Concello todo o día. Non é de estrañar esa gran cantidade de sesións plenarias, ordinarias ou extraordinarias que non se puideron celebrar por non existir suficiente quórum.

Non podemos deixar fóra da nosa visión do pasado a gran influencia que tiña a Igrexa Católica neses tempos, a nivel político, social, económico e incluso persoal.

Ademais de podermos coñecer os concelleiros desa etapa política, poderemos encontrar neste artigo curiosidades e detalles que formaban a vida política municipal da nosa vila.

Os libros de actas das reunións da Corporación Municipal atópanse no Arquivo Municipal; o libro que comprende o inicio da Guerra civil española comeza no mes de Agosto do 1935; é dende ese momento que imos dar razón dos concelleiros que a formaban ata o mes de xaneiro 1940.

Incluimos as anotacións das actas dos Plenos municipais, cando existan, e tamén as actas das reunións das Comisións Municipais.

Ditas actas deben ser documentos obxectivos, pero na realidade iso non sucede pois hai unha visión certamente subxectiva da persoa que as levantou, e tamén da persoa que seleccionou (a autora) aqueles pasaxes de ditas actas que lle pareceron (persoalmente) máis interesantes.

Para intentar respectar ao máximo as expresións que constan nas actas, estas transcríbense textualmente, figurando todas entre comiñas.

## **Situación política**

O domingo 12 de abril de 1931 hai eleccións municipais no país e no mes de xuño (28) hai eleccións constituíntes ao Parlamento; a idea era elaborar e aprobar unha Constitución republicana con sufraxio activo e pasivo para os cidadáns (a partires de 1933 tamén para as mulleres). Os resultados das eleccións municipais arrasaron coa política española do momento: a vitoria republicana fixo caer a monarquía. España é un réxime democrático cunha república parlamentaria dende o 14 de abril de 1931, en substitución da monarquía de Alfonso XIII, ata o 1 de abril 1939, data do final da guerra civil.



Casa consistorial de A Estrada nunha antiga fotografía.

## 1935

Reunión do 17 Agosto: Severino Vila Caramés, en función de Alcalde-Presidente; Concelleiros: Andrés Gestoso Tojo, Felipe Calvelo Lorenzo, Genaro Pena Eirín, José M<sup>a</sup> Moimenta, Pedro Varela Castro, Antonio Touceda, Manuel Cumbrão, Pascual Rozados, Manuel Nogueira, Francisco Torrado, José M<sup>a</sup> Pereiras Vidal, Manuel Carbón Mosteiro, Francisco Vaamonde, Germán Gómez Andrade, Ignacio Silva Tapia e Arturo Otero Ulloa. Secretario: Antonio Reino.

Ao longo desde ano convocáronse diversas sesións do Concello pleno, algúns meses varias; en moitos casos non se celebraron por falta de quórum.

As datas foron as seguintes: 24 agosto (non se celebra por falta de quórum); 31 agosto; 7 e 14 setembro (non se celebran por falta de concelleiros); na sesión do 16 setembro aparece o apartado de Rogos e Preguntas; 28 setembro; 5 outubro (non se celebra); 7 outubro; 12 outubro: “No ha podido celebrarse por ser este día el de la Fiesta de la Raza”; 19 outubro; 26 outubro (non se celebra); 28 outubro (supletoria da anterior); 2 novembro (non se celebra); 4 novembro; 9 novembro (non se celebra); 11 novembro: (supletoria da anterior); 16 e 23 de novembro (non se celebra); 25 novembro (supletoria da anterior); 30 novembro; 7 decembro (non se celebra); 14 decembro (sesión ordinaria e sesión extraordinaria para o orzamento de 1936); 21 decembro (non se celebra); 23 decembro (supletoria da anterior); 28 decembro (aparece o nome dun concelleiro, Leyes, por primeira vez).

## 1936

As convocatorias deste ano foron: 4 xaneiro (non se celebra); 6 xaneiro (supletoria da anterior); 11 xaneiro; 18 e 25 xaneiro (non se celebran); 27 xaneiro; 1 e 8 febreiro (non se celebran); 10 febreiro (supletoria da anterior).

O 21 febreiro:

Acta para reponer a Sres. Concejales que actuaban en 5 de octubre de 1934: (...) al objeto de reponer en sus cargos de Concejales a los Sres. que procedentes de elección popular, constituían la Corporación Municipal en 5 de octubre


de 1934, según oficio del mencionado Excmo. Sr. Gobernador, (...) por consecuencia de telegrama del Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación que dice haber acordado el Consejo de Ministros la inmediata reposición de todos los Ayuntamientos que en su totalidad o en parte se hallan suspensos gubernativamente. Al efecto penetraron en el salón los Sres. D. Manuel Sanmartín Campos, Jesús Puente Fontanes, José Gómez Rivas, Antonio Maceira González, Manuel Gontán Porto, Ramón Gambino Pazos, Juan Manuel Rodríguez Seijo, y D. Manuel Riamonde Lorenzo, a los cuales el Sr. Delegado Gubernativo pone en posesión de sus cargos. (...) La designación de Concejales que nombre el frente o la Comisión del Frente Electoral de Izquierdas; y en efecto, dicho Comité ha designado a los Sres. que acaban de posesionarse y además a D. Germán Gómez Andrade, D. José Pereiras Vidal y D. Manuel Carbón Mosteiro, quienes no han concurrido por hallarse ausentes ocasionalmente. También por designación del referido Comité se acuerda designar Presidente de esta Corporación a D. Jesús Puente Fontanes que acepta el cargo y queda posesionado del mismo, y de Alcalde de este Ayuntamiento. El Comité del Frente Popular de Izquierdas hace constar que quedan destituidos de sus cargos de Concejales, todos los Concejales anteriores que no se hallen incluidos en la precedente relación.

### No mes de marzo o Secretario fai constar no libro de actas


que desde 21 de febrero último, no ha celebrado la Corporación Municipal sesión alguna, a no ser las de reclutamientos en las secciones correspondientes para operaciones del actual reemplazo, no habiendo concurrido los Sres. Concejales a las ordinarias ni supletorias; éstas tampoco se han convocado. La Estrada veinticuatro de marzo de mil novecientos treinta y seis.

### 24 marzo:

El Sr. que viene actuando de Alcalde de este Ayuntamiento, D. Jesús Puente Fontanes, da lectura al oficio del Excmo. Sr. Gobernador Civil de esta provincia número 427, fecha 20 del actual, en el que designa Concejales interinos para reorganizar la Corporación Municipal y repone en sus cargos, con el mismo objeto, a nueve Concejales de elección popular. Verificada dicha lectura, se leyó, también de orden de la Alcaldía, comunicación del Comité del Frente Popular de Izquierdas fecha de ayer, manifestando que, enterado de la desproporcional composición de la Gestora Municipal, los partidos que lo integran, excepto Izquierda Republicana, acordaron no aceptar los puestos que se les asignaron y se ratifican en el último acuerdo recaído de tal Comité con respecto a la Gestora, del cual se envió copia al Comité Provincial para su entrega al Excmo. Sr. Gobernador Civil. Igualmente por orden del Sr. Alcalde se dio lectura a un comunicado de D. Juan Manuel Rodríguez, dirigido a la Alcaldía, manifestando en síntesis, que habiendo dudas respecto a su reposición al cargo Concejal, habrá de abstenerse de ejercitarlo en cuanto no sea ratificado en forma por la superioridad (...) intervinieron D. Manuel Campos Vázquez, D. Manuel Coto Chan; los representantes de los Partidos Socialista, Unión Republicana, Comunista, Agrario, Casa del Pueblo y Galleguista, éste para manifestar que



su Partido estaba dispuesto a cualquier sacrificio desde el primer momento, y había concurrido por disciplina, mas dado lo que ocurría, su representación, o sea D. Antonio Fraguas, renunciaba; y los demás acusando la inferioridad en que quedan todos los sectores del Frente Popular en relación con el de Izquierda Republicana, y manifestando también que muchos o casi todos los Concejales de elección popular pertenecientes al mismo Partido habían ya renunciado, y que, por todo ello, se retiraban sin posesionarse los Concejales que tienen filiación de dicho Partido y aún varios de Izquierda, cual indicaron los Sres. Gómez Rivas y Gambino y como sólo continuaban sentados nueve Sres. Concejales de Izquierda Republicana, o sea, el Sr. Juan Manuel Rodríguez Seijo, D. Manuel Riamonde, D. Francisco Luque, D. Senén Goldar, D. Perfecto Porto, D. Manuel Mato, D. José Fondevila, D. José Iglesias Coto y D. Manuel Carbón; el



público que ya se iniciara con protestas, arreció en ellas, airadamente, en forma y actitud tal, que el Sr. Alcalde considera procedente suspender el acto y dar conocimiento de lo ocurrido al Excmo. Gobernador Civil.

5 maio:

Acta para constitución de la Comisión Gestora Municipal: En la sala de sesiones de la Casa-Consistorial de La Estrada (...) D. Jesús Puente Fontanes que viene actuando como Alcalde de este Ayuntamiento, conmigo el Secretario del mismo, al objeto de dar posesión a los Sres. que ha designado el Excmo. Sr. Gobernador Civil de esta provincia para constituir la Gestora de este Ayuntamiento, (...). Circunstancias de momento, aconsejan reorganizar y normalizar la vida administrativa del Ayuntamiento de La Estrada y ha de empezarse por designar las personas que reúnen, o se presume puedan reunir las condiciones más a propósito para ello. Otra cosa sería mantener en pie el conflicto hace tiempo planteado entre los distintos elementos políticos y sociales con representación en el Ayuntamiento que, no sería difícil degenerara en cuestión de orden público. Por tanto, he acordado suspender en el ejercicio de las funciones al Ayuntamiento de La Estrada, tal como está en la actualidad constituido, y que a partir del recibo de esta comunicación se constituya una Gestora que han de integrar los Sres. D. José Fondevila Torres, Ramón Fernández, Manuel Coto Chan, Manuel Campos Vázquez, José Rodríguez, David Maceira, Jesús Puente Fontanes, Eusebio López, Manuel Nogueira, Francisco Villar, José Gómez

Rivas, Francisco Rivas y Constante Pereira. Lo que comunico a V.I. para su conocimiento e inmediata posesión de los nombrados (...) Debiendo advertir que como D. Constante Pereira comparece D. Camilo Pereira, afirmándose por algunos de los Sres. reunidos se trata de éste, siendo error material el de haber consignado el nombre de Constante, y acordando se pida al Gobierno Civil sobre ello la correspondiente aclaración.

Como todos los Sres. referidos manifiestan que aceptan los cargos de miembros de la Gestora de este Ayuntamiento, se les declara posesionados.

Seguidamente los reunidos acuerdan proceder al nombramiento de Alcalde-Presidente de la Gestora Municipal, en votación secreta. Verificada ésta, ofrece el resultado siguiente:

Para Alcalde-Presidente: D. Jesús Puente Fontanes, siete votos. D. Francisco Rivas, seis votos”

Tenientes de Alcalde respectivamente: Ramón Fernández, Manuel Coto Chan, Eusebio López, Manuel Campos Vázquez, José Rodríguez Sangiao, Francisco Rivas

Síndico 1º: Camilo Pereira. Síndico 2º: Manuel Nogueira

La Comisión Gestora acuerda, por unanimidad, celebrar sesiones ordinarias los domingos a las diez de la mañana.

### Reunións da Comisión Xestora: 10 maio; o 17 maio deciden:

Adherirse por unanimidad, a lo acordado por el Ayuntamiento de La Coruña respecto al pronto señalamiento de la fecha en que debe celebrarse el Plebiscito, (dirigirse al Comité Central del Estatuto de Galicia, para rogarle active el señalamiento de fecha en que debe realizarse el Plebiscito y vote una cantidad para los gastos del indicado Plebiscito);

### 2 xuño:

Se presentan también a la sesión los Sres. Fondevila, Rivas Besteiro y Pereira que tienen presentadas sus renuncias como gestores, con carácter irrevocable y con tal motivo se suscita, antes de entrar en el orden del día, un continuo debate sobre si han de intervenir o no dichos Sres. en la presente reunión, manifestando la presidencia deben dejar de hacerlo, oponiendo los interesados que lo hacen según citación en su poder previa convocatoria para ella. Propone el Sr. Coto se trate de la renuncia de Sres. Concejales en preferencia a todos otros asuntos...”

Finalmente a Corporación admite a renuncia aos seus cargos de José Fondevila Torres e Camilo Pereira.

### 9 xuño; 16 xuño; 23 xuño:

Convocatoria para Plebiscito del Estatuto de Galicia: Se da lectura a convocatoria publicada por el Excmo. Gobernador Civil de esta Provincia en Boletín Oficial de 16 del corriente, a fin de que los electores, en libre referéndum se pronuncien a favor o en contra del proyecto de Estatuto de Galicia, señalando

el día 28 del actual para la celebración del Plebiscito a que debe someterse con arreglo al artículo 12, apartado 4 de la Constitución de la República.

30 xuño:

Resultado del Plebiscito: Se acuerda consignar en acta la satisfacción de esta Corporación Municipal, por el resultado del Plebiscito para el Estatuto de Galicia, con la votación realizada en veintiocho del actual, favorable a la implantación de la Autonomía, según el Estatuto de referencia, con más del noventa por ciento de los electores, en este Municipio, y con más del 75% en toda la Región. Se acuerda también que una Comisión de esta Corporación Municipal, lo más nutrida posible, concurra el día del escrutinio general en Santiago de Compostela, a dicho acto.

(5 xullo)

7 xullo; 14 xullo; 26 xullo:

No se ha celebrado la sesión ordinaria correspondiente al 26 de Julio, porque detenidos y en ignorado paradero la mayoría de los componentes de la Comisión Gestora, por virtud el movimiento militar iniciado para la Salvación de España, se ha recibido en dicho día 26 oficio designando Delegado para encargarse de la Administración municipal a Don Benito Vigo Munilla, y ordenando cesar a los Sres. que venían ejerciendo cargos concejiles: habiendo renunciado D. Benito Vigo, y aunque se nombró para sustituirle a D. Manuel Graña López, quedó sin efecto esta designación, nombrándose, según oficio del Gobierno Civil fecha 28 del actual julio a D. Pedro Gil Crespo, capitán retirado de Infantería para el ejercicio de las funciones administrativas de este Ayuntamiento, quien se posesionó en el día de hoy, según diligencia en el respectivo expediente. Este Sr. fue también nombrado Delegado de Orden Público del Partido Judicial. Como no se designó Comisión Gestora no se celebran sesiones.

19 setembro:

Constitución de la Comisión Gestora: (...) Concurrieron al salón de sesiones, previo aviso, los Sres. D. José Durán Bergueiro, D. Antonio Muñiz Cruces, D. José Espinosa Cervela, D. José Mario de Silva Gómez, D. Saturio de la Calle Sáenz, D. Gumersindo Durán Esmorís, a quienes el Excmo. Sr. Gobernador Civil de la provincia ha designado vocales para integrar la Comisión Gestora (...) se confirma en el cargo de Delegado de la Autoridad y delegado de Orden Público con el nombre de Delegado Civil, encargado de presidir la administración y la referida Comisión Gestora a D. Pedro Gil Crespo, quien por lo tanto preside este acto.

Tenentes de Alcalde, respectivamente: José Durán Bergueiro, Antonio Muñiz Cruces, Saturio de la Calle Sáenz, Gumersindo Durán Esmorís, José Mario de Silva Gómez. Síndico: José Espinosa Cervela.

24 setembro; 1 outubro; 8 outubro:

Nombramiento del General Franco para Jefe del Gobierno: La Corporación hace constar haber recibido con la mayor de las satisfacciones la noticia de haber sido nombrado Jefe de Gobierno, el Excmo. Sr. D. Francisco Franco, Generalísimo del Ejército Nacional, Caudillo valeroso y eminente que honra a la región gallega, donde ha nacido y a España. Se consigna que la Presidencia ha dirigido en nombre del pueblo y Corporación el oportuno telegrama de felicitación.

15 outubro; 22 outubro: Comisión xestora municipal (22 outubro 1936 a 3 decembro 1936). Na Estrada a 22 de outubro de 1936 faise a dilixencia de apertura do libro de actas do pleno municipal polo Delegado Civil que actúa como Presidente da Comisión Xestora e actuando de secretario Antonio Reino. Reúnense no salón de sesións: Pedro Gil Crespo, Presidente de la Comisión Xestora Municipal e Delegado Civil; José Durán Bergueiro, Antonio Muñiz Cruces, J. Mario de Silva Gómez, Saturio de la Calle Sáenz e Gumersindo Durán Esmorís.

29 outubro; 5 novembro; 12 novembro; 19 novembro: aparece un novo membro: José Espinosa Cervela; 26 novembro; 3 decembro; 10 decembro:

Constitución del Ayuntamiento en régimen de Pleno y Comisión Municipal Permanente. Se hace constar, que en el día de hoy y por consecuencia de disposición del Excmo. Sr. Gobernador Civil de esta Provincia (...) disponiendo o manifestando que el Decreto de la Junta de Defensa Nacional número 140 dispone que las Comisiones Gestoras de Municipios con más de veinte mil habitantes, se organizarán bajo el régimen de Comisión Permanente y Ayuntamiento Pleno, con arreglo a lo que determina la Ley de 31 de octubre de 1935, ha quedado constituido. Según resulta de acta extendida en el libro correspondiente, el Pleno de este Ayuntamiento, con los Sres. Alcalde, Presidente y miembros de la Comisión Gestora Municipal que venían actuando y a quienes confirmó como tales Alcalde-Delegado Civil, D. Pedro Gil Crespo y Gestores, D. José Durán Bergueiro, D. Antonio Muñiz Cruces, D. José Espinosa Cervela, D. J. Mario de Silva Gómez, D. Saturio de la Calle Sáenz y D. Gumersindo Durán Esmorís y además con D. Ismael Fernández Nóvoa, D. Francisco Buján Lorenzo, D. Benjamín Valladares Salgado, D. Antonio Ferro Castro, D. Ovidio Fernández Nóvoa, D. Manuel Neira Figueira, D. Manuel Pazos Baloiira, D. Marcelino Torres López, D. Francisco Rubianes Silva, D. Maximino Barros Figueira, D. Manuel Frende Armadas y D. Felipe Catro Valladares. Como resultaron también confirmados en sus cargos de Tenientes de Alcalde los que con el Sr. Alcalde Delegado Civil constituían la Comisión Gestora Municipal,



ésta ha quedado transformada en la actual Comisión Municipal Permanente. Síndico José Espinosa.

A comisión Xestora pasa a denominarse Comisión Municipal Permanente (o que corresponde a actual Xunta de Goberno). Hai Comisións permanentes do 10 de decembro 1936 ao 28 de agosto 1937.

17 decembro; 24 decembro; 31 decembro. Nestas comisións atopamos unha serie de temas municipais recorrentes, como licenzas por obras, reclamacións económicas, obras, sumidoiros, alumeados, acometidas de auga, canos das augas, oficios, instancias, quintas, peche de solares, axudas para receitas aos pobres, contas, presupostos, construción de escolas, preitos, nomeamentos das Comisións de Avaliación do Reparto Xeral (impostos de rústica, urbana e industrial) e tamén prezos medios de toda clase de produtos: leite 0'40 pts, litro viño tinto 0'50, carro de leña 5 pesetas etc.

Debiendo advertir que para fijarlos ahora se tiene en consideración los datos y antecedentes recogidos en las ferias y mercados que se han celebrado anteriormente (...)

Nestas actas atopamos sempre a frase:

Seguidamente diose cuenta de las disposiciones contenidas en el Boletín Oficial del Estado y en el de la Provincia, acordando se cumplan oportuna y debidamente.

As instancias presentadas diante da Corporación Municipal nestes anos foron sempre asinadas por homes, non atopamos ningunha que sexa dunha muller, agás aquelas que son da “Viuda de...”

## 1937

Seguimos coas reunións das comisións municipais permanentes: 7 xaneiro; 14 xaneiro; 21 xaneiro; 28 xaneiro.

A sesión ordinaria do 4 de febreiro non puido celebrarse por non asistir os concelleiros. O 5 do mesmo mes o secretario da corporación comunica a seguinte nota do Gobernador Civil da provincia:

Al producirse la vacante por la incorporación a los servicios militares del Alcalde-Delegado Civil de ese Ayuntamiento D. Pedro Gil Crespo, y en vista de las atribuciones que me están conferidas, he acordado nombrar para que le sustituya en dichas funciones de Alcalde-Delegado Civil a D. Antonio Muñiz Cruces, cuya credencial le adjunto para entrega al interesado.

11 febreiro; 18 febreiro; 25 febreiro: No apartado de nomes de rúas asistimos a uns cambios referidos ao momento que se estaba a vivir:

La Corporación Municipal por consideraciones que están en la mente y en el corazón de todos los españoles, o de cuántos merecen el nombre de tales, porque sienten y anhelan el resurgimiento de una España Imperial Una Grande y Libre; acuerda que en lo sucesivo se dé el nombre de “Plaza del General Franco” a la Plaza Principal, que venía titulándose de la República; el de “Calle de José Calvo Sotelo” a la que hasta ahora se llamó “Porto Verdura” y el de “Plaza de José Antonio Primo de Rivera” a la que antes se llamó de 13 de septiembre y últimamente se designaba con el de 1º de Mayo. Y de igual manera y por análogas consideraciones, se acuerda dar el nombre de “Plaza de Martínez Anido” a la que se titulaba de Hermanos Valladares, mejor dicho en La Estrada, antes Avenida de la Fuente.

O 4 marzo e o 11 de marzo non se celebraron; 13 marzo foi supletoria da anterior; 18 marzo; 25 marzo: Xoves Santo e non se celebra; 27 marzo: supletoria da anterior; 1 abril: non se celebrou; 8 abril; 15

abril: non se celebrou; 22 abril; 20 maio; 3 xuño; 10 xuño; 14 xuño: sesión extraordinaria sobre a suspensión do Secretario do Concello D. Antonio Reino García:

El Sr. Alcalde Presidente da cuenta de oficio que recibió del Excmo. Sr. Gobernador Civil interino de Pontevedra, n.º 385 fecha 5 del actual que dice “Recibo del Excmo. Sr. Gobernador Militar de la Plaza y Provincia, la comunicación siguiente: “Excmo. Sr.: el Capitán Juez Instructor de esta plaza, D. Eduardo Reigosa Brea, en escrito de ayer me dice: Hallándome instruyendo causa señalada con el número 295 del año actual contra el Secretario del Ayuntamiento de La Estrada, D. Antonio Reino García, por rebelión como dimanante de la número 224/37, por disposición de la Autoridad judicial, tengo el honor de ponerlo en conocimiento de V.E. por si estima oportuno ordenar la suspensión de dicho señor en el cargo aludido. Lo que traslado a V.E. a los fines que se interesan”. Lo que traslado a V.E: para su conocimiento y efectos de la orden de suspensión del Sr. Reino García que es de incumbencia de esa Corporación de cuya resolución me dará cuenta”. En su vista la Corporación acuerda por unanimidad: queda suspendido de empleo y sueldo desde hoy, el referido secretario D. Antonio Reino García y dar cuenta de esta suspensión al Pleno en la primera sesión que se celebre.

Nesta sesión extraordinaria, e dende este momento en adiante, actuou de Secretario da Comisión Permanente o Oficial Maior do Concello en función de Secretario accidental (Sr. Espinosa).

17 xuño:

Visto oficio del Sr. Delegado Comarcal de Flechas de Vigo, pidiendo autorización para ocupar provisionalmente al Escuela Elemental del Trabajo una Colonia de altura para Flechas de Vigo. Considerando que por ahora no hay posibilidad de destinar dicha Escuela al objeto para que fue construida; y que el edificio había de conservarse mejor estando habitado que deshabitado. Considerando también que la referida Colonia de Flechas, deseosa de disfrutar nuestro saludable clima, dará, con su estancia, animación y vida al pueblo y constituirá un positivo medio de propaganda para atraer forasteros a esta villa y su término lleno de hermosísimos paisajes; la Comisión Municipal Permanente acuerda, por unanimidad, acceder a los deseos manifestados por el Sr. Delegado Comarcal en el referido oficio, a fin de que una Colonia de Altura de Flechas de Vigo ocupe, durante el actual verano, el edificio de la Escuela Elemental del Trabajo en esta villa.

24 junio e 1 xullo non se celebraron; 8 xullo; 15 xullo; 22 xullo: non se celebrou; 29 xullo; 5 agosto; 12 agosto: non se celebrou; 14 agosto: sesión supletoria; 21 agosto; 26 agosto: non se celebrou; 28 agosto: (supletoria). Levantamento da suspensión do Secretario da Corporación:

Visto oficio del Excmo. Sr. Gobernador Civil nº 570 fecha 26 del actual, comunicando, a efectos de la suspensión del Secretario del Ayuntamiento D. Antonio Reino García, acordado por esta Permanente como consecuencia de oficio también de dicha Superioridad, fecha 5 de junio último, que, según oficio del Excmo. Sr. Gobernador Militar de la provincia, fue sobreseído por Decreto auditoriado de 16 de dicho Junio la causa que se instruíra al mencionado Secretario; y, considerando que la indicada suspensión fuera decretada en sesión extraordinaria de 14 del recordado Junio, a base o por consecuencia de tal causa, que ha desaparecido por el sobreseimiento mencionado, que se decretó en 16 del mismo Junio, sin que por lo tanto haya recaído la condena prevista en la causa 3ª artículo 194 de la Ley Municipal de 31 de Octubre de 1935. La Corporación unánimemente acuerda dejar sin efecto la suspensión de referencia.

Dende o 28 de agosto 1937 ata o 30 de marzo 1939 non hai constancia da existencia de libros de actas dos Plenos da Corporación. Dada a situación política existente no noso país neses momentos, coa guerra civil, podemos pensar que non houbera sesións, ou ben se se celebraron, foi sen levantamento de actas. Outra posibilidade é que desaparecesen: en diversas actas posteriores fálase da constitución da Corporación Plenaria reflectida nunha acta do 30 de setembro 1938 que non se atopa actualmente nos arquivos do Concello.

2 setembro: Antonio Muñiz Cruces, Alcalde-Presidente e Delegado Civil do Concello; José Durán Bergueiro, Gumersindo Durán Esmorís, José Espinosa Cervela; 9 setembro: non se celebra; 11 setembro: sesión supletoria; 16 setembro: non se celebra; 18 setembro: sesión extraordinaria supletoria da anterior. Noticia de que con data do 1º de outubro vaise cerrar o Instituto Nacional de 2ª ensinanza;

La Corporación, por unanimidad acuerda comprometerse a satisfacer, a más de las cargas del personal subalterno y administrativo del local y biblioteca que actualmente aporta el municipio, la diferencia entre el importe de los haberes del profesorado y el de los ingresos por matrícula, de manera que al Estado no le suponga el sostenimiento del Instituto Nacional de La Estrada el sólo gasto de una peseta, a fin de conseguir que dicho centro continúe funcionando durante el próximo curso académico.

23 setembro: non se celebra; 25 setembro: supletoria; 30 setembro: non se celebra; 2 outubro; 7 outubro: non se celebra; 9 outubro: supletoria; 16 outubro; 21 outubro: non se celebra; 30 outubro: supletoria; 4 novembro: non se celebra; 6 novembro: supletoria; 11 novembro: non se celebra; 13 novembro: supletoria; 18 e 25 novem-

bro: non se celebran; 27 novembro: supletoria; 4 e 9 decembro: non se celebran; 11 e 18 decembro: supletorias; 27 decembro: sesión da Nova Comisión Permanente, composta por: Alcalde-Presidente do Concello: Alfonso Constenla Otero; Tenentes de Alcalde: Bernardino Sanmartín Rey, Benjamín Valladares Salgado, Jaime Aguilar Polo;

en virtud de haberse constituido de nuevo el Pleno de la Corporación Municipal, con fecha 22 del corriente para cumplir lo dispuesto en Orden de Octubre último, según consta en acta extendida en el respectivo libro, resulta ahora, en mayoría de la Comisión Permanente a la cual pertenece también D. Benito Vigo Munilla, quien no ha comparecido, sin duda porque en el acto de constitución del nuevo Ayuntamiento, manifestó renunciaba a su cargo de Gestor.

## 1938


Deste ano seguimos a ter soamente libros de actas da Comisión Permanente. O secretario segue a ser Antonio Reino. O síndico Perfecto Paseiro Andión.

3 xaneiro; 10 xaneiro; 17 xaneiro; 22 xaneiro; 29 xaneiro; 5 febreiro; 14 febreiro; 19 febreiro; 26 febreiro; 5 marzo; 14 marzo; 21 marzo; 26 marzo; 2 abril; 9 abril; 16 abril; 23 abril; 30 abril; 7 maio; 14 maio; 21 maio; 30 maio; 4 xuño; 11 xuño; 18 xuño; 25 xuño:

Ausencia de un Sr. Concejál: Se entera la Corporación y acuerda pasar al Pleno, el oficio del Concejál o Gestor Don Manuel Obelleiro Garrido, manifestando que, por asuntos de su profesión, tiene necesidad de ausentarse durante dos meses y solicita licencia para ello

2, 9, 16, 23 e 27 xullo; 1, 10, 17, 24 e 31 agosto; 7, 14, 21 e 28 setembro; 5 outubro; 13 outubro:

Fallecimiento de José Antonio Primo de Rivera. La Corporación, teniendo noticia oficial de la muerte de José Antonio Primo de Rivera, y, aún cuando el ánimo se resiste a creer en la dolorosa realidad, acatando los altos designios de Dios, que si ha permitido su desaparición de entre los vivos, fue indudablemente para que desde el Cielo contribuya con mayor eficacia al resurgimiento de España, cuya redención, revolución hacia el bien, ha iniciado con su doctrina y con su conducta; acuerda hacer constar en acta su más profundo dolor e inmensa pena por la irreparable pérdida que para la Patria, que tanto amaba, representa. Acuerda también que este Ayuntamiento contribuya a aquellos homenajes que tengan por finalidad exaltar su figura y perpetuar su memoria, limitándose



por el momento, a encargar a la Alcaldía la adquisición de un retrato al óleo del malogrado César para colocarlo en el salón de actos de esta Consistorial;

19 e 26 outubro; 2, 9, 16, 23 e 30 novembro; 7, 14, 21 decembro; 28 decembro:

Nombre de calles: La Permanente hace constar que aún cuando de hecho no existen ya los nombres de las calles de "Galán y García Hernández" y de "Pablo Iglesias" en esta villa, pues a raíz de iniciarse el Glorioso Movimiento Nacional Salvador de España, desaparecieron las placas que en tiempos de la República y por consecuencia de acuerdos de la Corporación Municipal de entonces, se

habían colocado y nadie las señala con tales nombres, sino con los que antes tenían, se acuerda consignar de manera oficial que éstos eran y son “Carretera del Ulla” y calle de la “Peregrina” respectivamente.

Agás estes comentarios políticos os temas que ditas comisións municipais tratan son: licenzas para obras, arbitrios, boletíns oficiais, correspondencia, permisos, instancias, oficios, reclamacións, camiños veciñais, contas, orzamentos, augas, sumidoiros, beneficencia, preitos, escolas, fontes, beirarrúas...

## 1939

4, 11, 18 e 25 xaneiro; 1, 8, 15 e 22 febreiro; 1 marzo; 8 marzo:

Renuncia de Concejal y Teniente de Alcalde Sr. Valladres: Se da cuenta de renuncia que D. Benjamín Valladares Salgado formula, fundada en motivos de salud, del cargo de Concejal o Gestor de este Ayuntamiento, y que además, y por consecuencia del mismo desempeña el de 3er Teniente de Alcalde. Y correspondiendo tal asunto al Pleno, se acuerda dar al mismo conocimiento de ello, no sin consignar el sentimiento que produce a la Permanente verse privado del concurso de tan valioso compañero, a pesar de haberse realizado reiteradas gestiones por si era posible disuadirle de su propósito

15 marzo; 22 marzo:

Renuncia del Concejal Sr. Paseiro: Se da cuenta de renuncia que de su cargo de Concejal presenta D. Perfecto Paseiro Andiñ, fundada en que su empleo en el Banco Pastor, Sucursal de esta Plaza, y el cargo de Delegado Sindical Local, le hacen incompatible, en el tiempo para atender a dichos cargos. Y correspondiendo tal asunto al Pleno, se acuerda dar al mismo conocimiento de ello, no sin hacer constar el sentimiento que produce a esta Corporación verse privado de tan valioso elemento.

29 marzo:

Liberación de Madrid: La Corporación acuerda hacer constar en acta, con la mayor de las satisfacciones la ferviente admiración de este pueblo, Ayuntamiento y Alcaldía, hacia el Glorioso Ejército de tierra, mar y aire, insuperablemente dirigidos por el invicto Caudillo, Generalísimo Franco (q.D.g.) gloria de España y del mundo, por la liberación de Madrid, que pone término a la cruenta lucha entablada para conseguir que España sea Una, Grande y Libre, y la redima, para siempre, de los elementos marxistas de dentro y fuera que pretendían imponerla la esclavitud más odiosa que conocieron los tiempos. Se acuerda también dirigir en tal sentido telegramas a Su Excelencia, y al Sr. Ministro de la Gobernación; que en este día y en el de mañana, se celebren manifestaciones y festejos amenizados por una banda de música, Misas y otros

actos religiosos en acción de gracias al Todopoderoso por la manifiesta protección que nos ha dispensado, y en fin todo lo demás que la Alcaldía considere conveniente para manifestar la pública alegría (que) se siente por tan fausto acontecimiento.

30 marzo: faise constar que:

